

# **INFORME DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA**

# 2021

**Maite Cancelo Márquez  
Manuel Botana Agra  
(Directores)**

**CENTRO DE ESTUDIOS COOPERATIVOS (CECOOP)  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
2022**

**XUNTA DE GALICIA**





# INFORME DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA 2021

Maite Cancelo Márquez y Manuel Botana Agra  
(Directores)

CENTRO DE ESTUDIOS COOPERATIVOS (CECOOP)  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
2022

Xunta de Galicia

### **DIRECTORES**

Maite Cancelo. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela  
Manuel Botana. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

### **EQUIPO INVESTIGADOR**

Dolores Álvarez. Universidade de Santiago de Compostela  
María Bastida. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela  
Manuel Botana. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela  
Maite Cancelo. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela  
M. Rosario Díaz-Vázquez. Universidade de Santiago de Compostela  
Pilar Expósito. Universidade de Santiago de Compostela  
Loreto Fernández Fernández. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela  
Rafael Millán. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela  
José Antonio Montero CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela  
Ana Olveira. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela  
Alberto Vaquero. GEM. Universidade de Vigo  
Emilia Vázquez Rozas. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela  
Miguel Ángel Vázquez Taín. CECOOP Universidade de Santiago de Compostela  
Alicia Villalba Sánchez. CECOOP Universidade de Santiago de Compostela

### **COLABORADOR**

Alexandre Lado Paz. Técnico de Investigación. Programa Investigo

Informe sobre a Economía Social en Galicia 2021

Directores: Maite Cancelo y Manuel Botana

Edita: CECOOP (Centro de Estudios Cooperativos de la USC)

Imprime: Campus na Nube

ISBN: 978-84-09-45826-4

DLG: C 1817-2022

Financia: Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Xunta de Galicia

# Índice

Prólogo .....	9
1. Introducción .....	11
2. A economía social en Galicia: marco xurídico e novidades lexislativas .....	13
2.1. Marco xurídico .....	13
2.2. Novidades lexislativas .....	22
2.3. Conclusións e recomendacións .....	31
3. As sociedades cooperativas galegas .....	33
3.1. Introducción .....	33
3.2. Evolución recente do emprendemento cooperativo en Galicia .....	37
3.3. Distribución das persoas socias nas novas cooperativas Galegas. ....	40
3.4. Situación do cooperativismo galego .....	44
3.5. Distribución territorial do cooperativismo .....	47
3.6. Conclusións .....	50
4. As sociedades laborais .....	51
4.1. Introducción .....	51
4.2. Concepto .....	52
4.3. Creación de Sociedades Laborais en Galicia e en España .....	53
4.4. Análise das Sociedades Laborais en Galicia e as súas provincias .....	58
4.5. Análise das Sociedades Laborais dadas de baixa no Rexistro no ano 2021 .....	62

4.6.	Resumo da comparativa das Sociedades Laborais inscritas na Seguridade Social en Galicia e España no 2º trimestre do 2020 .....	64
4.7.	Conclusións .....	70
5.	Empresas de inserción laboral .....	71
5.1.	Marco Normativo das Empresas de Inserción .....	71
5.2.	As empresas de inserción en Galicia .....	72
5.3.	Conclusións .....	79
6.	Os centros especiais de emprego .....	81
6.1.	Introdución .....	81
6.2.	Tipoloxía dos centros especiais de emprego .....	83
6.3.	Forma Xurídica .....	85
6.4.	Distribución provincial e sectores de actividade .....	86
6.5.	O emprego nos CEE .....	89
6.6.	Os contratos nos CEE .....	97
6.7.	Estrutura financeira e estrutura de ingresos .....	101
6.8.	Conclusións .....	105
6.9.	Bibliografía .....	106
7.	As confrarías de pescadores .....	107
7.1.	Introdución .....	107
7.2.	Principais datos das confrarías galegas .....	107
7.3.	A flota pesqueira en Galicia .....	116
7.4.	Permisos de marisqueo .....	119
7.5.	Venda nas lonxas galegas .....	125
7.6.	Conclusións .....	129
8.	As sociedades agrarias de transformación .....	131
8.1.	Introdución .....	131
8.2.	Concepto e características .....	132
8.3.	As Sociedades de Transformación Agraria en Galicia .....	137
8.4.	Recomendacións .....	142
8.5.	Conclusións .....	142
8.6.	Bibliografía .....	143

---

9. As comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común.....	147
9.1. Introducción.....	147
9.2. Os montes veciñais en man común .....	147
9.3. Comunidades de Montes Veciñais en Man Común.....	152
9.4. Mancomunidades de Montes Veciñais en Man Común (MMVMC).....	158
9.5. Recomendacións.....	160
9.6. Conclusións.....	162
9.7. Bibliografía .....	163
10.As mutuas de seguros e mutualidades de previsión social ....	165
10.1. Principais datos agregados.....	165
10.2. Marco legal.....	165
10.3. Identificación do sector en Galicia.....	167
10.4. Datos sociais e económicos das mutuas de seguros e mutualidades de previsión social de Galicia .....	169
10.5. Conclusións .....	173
10.6. Bibliografía.....	173
11.Aproximación ao impacto socioeconómico das Sociedades Laborais e Cooperativas en Galicia .....	175
11.1. Introducción .....	175
11.2. Sociedades Laborais.....	176
11.3. Cooperativas.....	184
11.4. Conclusións.....	187
12.Políticas públicas para o desenvolvemento da economía social e asociacionismo.....	189
12.1. Introducción.....	189
12.2. Marco europeo.....	190
12.3. Marco estatal .....	192
12.4. Marco autonómico.....	194
12.5. Recomendacións.....	199
12.6. Conclusións.....	201
12.7. Bibliografía. ....	201



13. O sector financeiro cooperativo en Galicia.....	203
13.1. O contexto actual do financiamento da Economía Social .....	203
13.2. As entidades de crédito cooperativo e o seu peso no sistema financeiro español.....	205
13.3. A actividade das cooperativas de crédito en Galicia.....	209
13.4. Entidades do sistema de finanzas éticas e solidarias.....	212
13.5. Finanzas éticas de base cooperativa en Galicia.....	215
13.6. Conclusións.....	219
13.7. Bibliografía.....	220
14. Resumo executivo .....	221
14.1. Cooperativas.....	222
14.2. Sociedades Laborais.....	222
14.3. Empresas de Inserción .....	223
14.4. Centros Especiais de Emprego.....	224
14.5. Confrarías de pescadores .....	225
14.6. As Sociedades Agrarias de transformación .....	226
14.7. As Comunidades e Mancomunidades de Montes Veciñais en Man Común....	226
14.8. As Mutuas de seguros e mutualidades de previsión social.....	227
14.9. Aproximación ao impacto socioeconómico das Sociedades Laborais e Cooperativas en Galicia .....	227
14.10. Políticas públicas para o desenvolvemento da Economía Social e o asociacionismo .....	228
14.11. O sector financeiro cooperativo en Galicia.....	229
14.12. Recomendacións xurídicas.....	230
15. Bibliografía.....	233
16. Índice de cadros, gráficos e táboas .....	243

## PRÓLOGO

Hai beneficios que transcenden a facturacións e balances. É o caso da Economía Social, que xera emprego de calidade, ten un impacto positivo na súa contorna e contribúe decisivamente ao benestar dos cidadáns. Son tres principios que non todas as actividades poden defender. Unha ganancia colectiva que un grupo de economistas galegos soubo identificar, estudar, medir e poñer en valor hai tempo. Con moitos deles compartín a celebración do vinte aniversario do Centro de Estudos Cooperativos da Universidade de Santiago (Cecoop) nun acto celebrado en Compostela, nomeada Capital Española da Economía Social. Dalgún xeito, esa honrosa representación tamén recae nas 15.151 persoas empregadas en 1.769 empresas, cooperativas e entidades que naceron e medran en Galicia incorporadas ao sistema pero cun xeito propio. Desa singularidade dan conta os traballos científicos que pouco a pouco permitiron definir con máis claridade a dimensión da Economía Social.

A Xunta de Galicia ultima unha nova Estratexia de Economía Social 2022-2026 para xerar un marco máis adaptado ao momento para a creación de novas empresas e cooperativas. Para que teñan maior capacidade de resistencia no contexto actual, atendendo á igualdade, á inclusión e á diversificación nos sectores relevantes, e apoiando a transición ecolóxica e dixital sen perder a súa esencia e valor engadido, que non é outro que a capacidade para situar no centro ás persoas por diante do capital ou da rendibilidade financeira. E todo iso sendo sustentables e xerando un forte apego ao territorio, contribuíndo á cohesión social.

Nun contexto complexo e con máis incertezas das recomendables, o compromiso da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade coa Economía Social segue intacto e vai máis alá dun forte convencemento. Pódese apreciar nos investimentos dirixidos a apoiar servizos xa existentes como a Rede Eusumo, que este ano cumpre a súa primeira década en activo co fin de mellorar a competitividade das entidades; ou o empeño por manter o dinamismo do Consello da Economía Social, que naceu ao abeiro dunha Lei específica en vigor desde o 2016 e que situou a Galicia como a primeira comunidade en adaptar a lexislación estatal ás características propias do territorio galego.

Son estudos coma este, responsables, rigorosos e con argumentos ben ancorados a Galicia os que achegan unha valiosa información para toda a sociedade e tamén para os

administradores públicos. Aínda que saibamos da súa influencia estratéxica, certificamos ano tras ano que o asesoramento, o apoio e o acompañamento ás actividades económicas de base social marcan o camiño a seguir. Que os académicos alumeen ese sendeiro axuda a avanzar con máis firmeza.

## 1. INTRODUCCIÓN

No ano 2019 publicouse o Libro Branco da Economía Social (ES) en Galicia, partindo do elaborado polo CIRIEC para a Comunidade Autónoma de Valencia e seguindo a mesma metodoloxía de traballo, introducindo dúas diferenzas: a inclusión das Comunidades de Montes e Mancomunidades de Montes en Man Común, como fórmula asociativa singular do Código Civil galego, e a análise circunscrita ás entidades produtoras de mercado da ES en Galicia.

Como xa adiantamos na presentación do Libro Branco, o maior obxectivo da elaboración do mesmo foi cuantificar, para visibilizar e determinar a súa importante contribución ao desenrolo económico galego, as distintas familias que compoñen a ES en Galicia.

Dende a administración galega e o CECOOP entendemos que ese traballo non podía fencer senón ser un punto de partida para ter unha fotografía continuamente actualizada da evolución do sector no tempo.

Isto nos levou á realización dos Informe sobre a Economía Social en Galicia coa información dos anos 2019 e 2020, e o actual, do 2021 no que actualizamos a principal información para a que se dispoñe de datos estatísticos. O esquema básico, e o mesmo que o que se estableceu para o Libro Branco no ano 2019. No seguinte informe, se engadiron dous capítulos para analizar a fiscalidade nas entidades da ES e para recoller unha experiencia de innovación docente en aprendizaxe-servizo no ámbito universitario no que a Economía Social foi a protagonista do mesmo. No informe 2020 esas dúas seccións foron substituídas por unha dedicada a análise da Lei 11/2021, de 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, e a oportunidade que supón para as entidades da Economía Social. Este informa incorpora como novidades máis salientables a depuración dos datos dos Rexistros da Xunta de Galicia das Cooperativas e Sociedades Laborais, grazas a incorporación dun técnico de investigación do Programa Investigo no CECOOP. Esta depuración danos unha cuantificación máis próxima ás sociedades realmente activas, aínda que as cifras seguen sen coincidir coas proporcionadas polo Ministerio de Trabajo y Economía Social. As outras novidades son a incorporación de un capítulo sobre o sector financeiro cooperativo en Galicia e outro onde se analiza a información de Cooperativas e Laborais de SABI.

O noso agradecemento e recoñecemento do traballo de todas as persoas que colaboraron na realización deste Informe, profesoras e profesores das Universidades de Santiago

de Compostela e Vigo, moitos membros do CECOOP, que pertencen a distintas áreas de coñecemento (dereito, economía aplicada, economía cuantitativa, economía financeira e organización de empresas) así como ao apoio de distintas Consellerías da Xunta de Galicia, en particular, á Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

O traballo estrutúrase en catorce capítulos:

No segundo capítulo, abórdase o marco xurídico, recollendo as casuísticas destas empresas ás que as unen uns principios e valores pero que, xuridicamente, vense afectadas por normativas distintas. No segundo apartado do mesmo recóllense as principais novidades legislativas sobre a ES en España e, no terceiro, preséntanse algunhas recomendacións sobre necesidades de reformas legislativas na nosa Comunidade Autónoma.

As sociedades cooperativas galegas, como primeira gran familia da ES, analízase no capítulo 3: a súa evolución, a distribución territorial, clases de cooperativas ou distribución sectorial.

O capítulo 4 dedícase ás Sociedades Laborais, onde se recollen os principais datos destas entidades, a súa distribución sectorial ou as características dos socios, analizando as diferenzas no só por tipo de socio (capitalista/traballador) senón polo xénero dos mesmos.

O capítulo 5 recolle as características das Empresas de Inserción Laborais e os principais datos destas empresas en Galicia.

No capítulo 6 analízanse os Centros Especiais de Emprego, segundo as súas tipoloxías, por provincias, sectores de actividade, emprego e a súa estrutura financeira.

O capítulo 7 recolle a principal información estatística sobre as Confrarías de pescadores pero tamén analízanse algúns datos do sector pesqueiro, os permisos de marisqueo e as vendas nas lonxas pesqueiras.

As Sociedades de Transformación Agraria en Galicia ocupan o capítulo 8. O seu concepto, características e os principais datos estatísticos son abordados nel.

O capítulo 9 dedícase as Comunidades e Mancomunidades de Montes Veciñais en Man Común.

O 10 recolle os principais datos sociais e económicos das Mutuas de seguros e Mutualidades de Previsión Social en Galicia.

O capítulo 11 dedícase a facer unha aproximación ao impacto socioeconómico das Sociedades Laborais e Cooperativas en Galicia a través das súas contas anuais dispoñibles na base de datos SABI

A revisión das políticas públicas, partindo da análise do marco europeo, se analiza o estatal para rematar coa análise das políticas galegas, recóllese no capítulo 12.

O sector financeiro cooperativo en Galicia, que é unha das novidades deste informe, analízase no capítulo 13.

Para finalizar, no capítulo 14, preséntase un resumo executivo da principal información das entidades analizadas ao longo do traballo, así como algunha recomendación que se fai ao longo do texto.

## **2. A ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA: MARCO XURÍDICO E NOVIDADES LEXISLATIVAS**

### **2.1. Marco xurídico**

A Economía Social (ES) engloba un conxunto de actividades económicas e empresariais que no ámbito privado levan a cabo entidades que perseguen, ou ben o interese colectivo das persoas que o integran, ou ben o interese xeral económico ou social, ou ambos, mostrándose día a día como un actor fundamental no desenvolvemento da sociedade actual. As empresas da Economía Social son moi variadas, e teñen diferentes estatutos xurídicos: cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego, empresas de inserción laboral, sociedades agrarias de transformación, confrarías de pescadores, outras empresas de base asociativa e, mesmo, sociedades mercantís, a condición de que respecten e réxanse polos principios da economía social.

Como dicíamos, a Economía Social xorde para atender as necesidades do colectivo que integra as diferentes entidades ou as necesidades colectivas, é dicir, o interese xeral. As empresas da economía social fundaméntase en dous eixos: por unha banda, o seu obxectivo último é a consecución dos seus fins, sendo estes a atención das mencionadas necesidades sociais, por encima da procura do capital; e, doutra banda, a primacía das persoas que ten como consecuencia a toma de decisións de forma democrática. Ambos os eixos de funcionamento levan a que os resultados do exercicio teñan como destinatario tanto o fin social como as persoas integrantes en función do traballo achegado.

A Economía Social, como se relacionou anteriormente, está constituída por unha gran pluralidade de entidades, que actúan no mercado ou fóra do mercado. Con todo, todas elas comparten principios e fundamentos que permiten outorgarlles a singularidade que as diferencia do resto de actores do mercado. Estes principios están recollidos na Carta de Principios da Economía Social, inspirada nos coñecidos Principios Cooperativos da Alianza Cooperativa Internacional (ACI) e promovida pola organización europea *Social Economy Europe* (SEE), que representa ás cooperativas, mutualidades, asociacións e fundacións, e que son os seguintes:

- Primacía da persoa e do obxecto social sobre o capital.
- Adhesión voluntaria e aberta.
- Control democrático polos seus membros (excepto para as fundacións, que non teñen socios).
- Conxunción dos intereses dos membros usuarios e do interese xeral.
- Defensa e aplicación dos principios de solidariedade e responsabilidade.
- Autonomía de xestión e independencia respecto dos poderes públicos.
- Destino da maioría dos excedentes á consecución de obxectivos, a favor do desenvolvemento sostible, da mellora dos servizos aos membros e do interese xeral.

Asemade, a Conferencia Xeral da Organización Internacional do Traballo (OIT) aprobou, na súa 110ª reunión, celebrada o 10 de xuño de 2022, a Resolución relativa ao traballo decente e á economía social e solidaria, procedeu a definila, aclarando que aglutina empresas, organizacións e outras entidades que realizan actividades económicas, sociais e medioambientais de interese colectivo ou xeral, baseándose nos principios de:

- Cooperación voluntaria e axuda mutua.
- Gobernanza democrática ou participativa.
- Autonomía e independencia.
- Primacía das persoas e da fin social sobre o capital.
- Distribución e uso dos excedentes e dos beneficios, así como dos activos.

Aclara que as devanditas entidades, susceptibles de operar en tódolos sectores da economía, aspiran á viabilidade e á sostibilidade a longo prazo, así como á transición da economía informal á economía formal. De acordo con este propósito, poñen en práctica un conxunto de valores intrínsecos ao seu funcionamento e acordos co coidado das persoas e do planeta, a igualdade e a equidade, a interdependencia, a auto gobernanza, a transparencia, a rendición de contas, o traballo decente e os medios de vida dignos.

A pesar de que todas se rexen polos principios anteriormente referenciados, que inspiraron a Lei 5/2011, do 29 de marzo, de Economía Social, así como a Lei 6/2016, do 4 de maio, de Economía Social de Galicia, a Lei 3/2022, de 13 de xuño, de Economía Social de Canarias e a Lei 9/2022, de 20 de xullo, sobre economía social e solidaria de La Rioja, a cada unha das entidades da economía social conta coa súa propia normativa. Procederemos a analizar a que resulta de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia:

## Cooperativas

Galicia regula as cooperativas que desenvolvan a súa actividade cooperativizada con carácter principal dentro do territorio da Comunidade. Aquelas cooperativas cuxa actividade cooperativizada non se desenvolva principalmente neste territorio, rexeranse pola lei autonómica que corresponda ou na súa falta, pola Lei estatal 27/1999, do 16 de xullo, de Cooperativas. As cooperativas galegas, deberán indicar esta circunstancia na súa denominación ("Sociedade Cooperativa Galega" ou "S. Coop. Galega") e rexeranse pola **Lei 5/1998, do 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia**.

Esta Lei define a cooperativa como unha sociedade de capital variable que, con estrutura e xestión democrática, en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria, desenvolve unha

empresa de propiedade conxunta, a través do exercicio de actividades socioeconómicas, para prestar servizos e satisfacer necesidades e aspiracións dos seus socios, e en interese pola comunidade, mediante a participación activa dos mesmos, distribuindo os resultados en función da actividade cooperativizada.

A Lei contén o réxime xurídico xeral da cooperativa e normas específicas para as distintas clases de cooperativas; tamén regula a cooperación entre cooperativas, o fomento destas e a relación entre a Administración pública e o cooperativismo. Outras disposicións que completan o réxime xurídico galego das cooperativas son, o **Decreto 430/2001 que aproba o Regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia**, o **Decreto 25/2001 que regula a organización e o funcionamento do Consello Galego de Cooperativas** ou e o **Decreto 248/2004 de 14 de outubro, polo que se regulan os procedementos de conciliación e arbitraje cooperativo**.

### Sociedades Laborais

As sociedades laborais son sociedades mercantís que se rexen pola Lei 44/2015, do 14 de outubro, de Sociedades Laborais e Participadas. Caracterízanse porque, polo menos, a maioría do capital social é propiedade dos traballadores que prestan servizos retribuídos na sociedade, sen que ningún dos socios sexa propietario de accións ou participacións que representen máis da terceira parte do capital social, salvo algunhas excepcións contempladas na Lei.

Ao ser as sociedades laborais sociedades mercantís, sometidas á lexislación mercantil, a súa regulación é competencia exclusiva do Estado, carecendo de competencia a Comunidade Autónoma Galega para a súa regulación, malia que sí a ostenta para a súa cualificación e rexistro administrativo (RD. 1456/1989), correspondendo estas competencias actualmente á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

As sociedades laborais réxense pola **Lei estatal 44/2015, do 14 de outubro de Sociedades Laborais e Participadas** e o seu Rexistro Administrativo polo **Real Decreto 2114/1998, do 2 de outubro**, aínda que, segundo a citada Lei, o Goberno debería aprobar un novo Real Decreto de regulación deste Rexistro antes de outubro de 2016 (Disposición final cuarta Lei 44/2015).

### Sociedades agrarias de transformación

As Sociedades Agrarias de Transformación, en diante SAT, son sociedades civís de finalidade económico-social encamiñada á produción, transformación e comercialización de produtos agrícolas, gandeiros ou forestais, á realización de melloras no medio rural, promoción e desenvolvemento agrarios e á prestación de servizos comúns que sirvan a aquela finalidade. As SAT gozarán de personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento da súa finalidade desde a súa inscrición no Rexistro Xeral de SAT.

Ao ser unha sociedade civil, a competencia para a súa regulación é exclusiva do Estado (lexislación civil) e contense no **Real Decreto 1776/1981, do 3 de agosto que aproba o Estatuto que regula as Sociedades Agrarias de Transformación** e na **Orde do 14 de setembro de 1982** que desenvolve o anterior.

Con todo, a Comunidade Autónoma Galega que ten competencias exclusivas en materia de agricultura e gandería (art. 30.1.3º EA), asumiu tamén competencias en materia de cualificación e rexistro das Sociedades Agrarias de Transformación por Real Decreto 795/1985.



O Rexistro Galego destas sociedades creouse pola **Orde do 29 de abril de 1988** e depende da Consellería do Medio Rural.

Procede tamén facer mención á **Orde 23 de outubro de 1985, pola que se aproba o regulamento do Rexistro de Sociedades Agrarias de Transformación.**

### **Confrarías de pescadores**

As confrarías de pescadores regúlanse na **Lei 3/2001 do 26 de marzo de Pesca Marítima do Estado** (arts. 45 a 51), que se considera lexislación básica de ordenación do sector pesqueiro (Disposición adicional segunda, 2 da devandita Lei) e, por tanto, aplicable en todo o Estado. Tamén, respectando a anterior, na **Lei 11/2008 do 3 de decembro de pesca de Galicia** (art. 78 a 95), na **Lei 9/1993, de 8 de xullo de confrarías de pescadores de Galicia** e, por último, polo **Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións**. As confrarías de pescadores son corporacións de dereito público, sen ánimo de lucro, representativas de intereses económicos, que actúan como órganos de consulta e colaboración das administracións competentes en materia de pesca marítima e de ordenación do sector pesqueiro. Pero as confrarías de pesca tamén poden prestar servizos aos seus membros e administrar os recursos propios do seu patrimonio. Así mesmo, o Decreto 8/2014 permite ás confrarías a realización de actividades de organización e comercialización da produción no sector pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura. As confrarías, para o cumprimento dos seus fins, integranse voluntaria e libremente polas persoas armadoras e propietarias das embarcacións de pesca, os traballadores e traballadoras do sector pesqueiro extractivo e as persoas posuidoras dun título administrativo habilitante para o exercicio do marisqueo. As confrarías da Comunidade Autónoma Galega rexeranse pola lexislación básica estatal contida na citada Lei 3/2001, polo disposto na Lei galega 11/2008, no Decreto 8/2014 naquelas que no seu desenvolvemento dite a Xunta de Galicia, e polos seus respectivos estatutos.

### **Mutuas de seguros**

As mutuas de seguros son entidades aseguradoras privadas sen ánimo de lucro, constituídas baixo os principios de solidariedade e de axuda mutua cuxo obxecto consiste na cobertura aos seus socios, persoas físicas ou xurídicas, dos riscos asegurados. Tradicionalmente, as mutuas distinguíronse segundo fosen de prima fixa ou variable. Nas primeiras, os mutualistas abonan a prima fixa ao comezo do período de risco, e, nas segundas, fundadas no principio de axuda recíproca, a derrama abónase con posterioridade aos sinistros, sendo a responsabilidade dos mutualistas mancomunada e proporcional ao importe dos respectivos capitais asegurados, pero limitada ao devandito importe. Como entidades aseguradoras, a lexislación básica que regula as mutuas de seguros é competencia exclusiva do Estado e réxense pola **Lei 20/2015, do 14 de xullo de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras**, e o **R.D. 1060/2015, do 20 de novembro**, que a desenvolve. Con todo esta Lei mantén en vigor determinados preceptos da anterior lei de ordenación e supervisión do sector (R. D. Lexislativo 6/2004) que afectan ás mutuas de seguros, mutualidades de previsión social e cooperativas de seguros, en particular os artigos: 9 (Mutuas e cooperativas a prima fixa), 10 (Mutuas e cooperativas a prima variable) e 24 (Transformación, fusión, escisión e agrupación); ata que, segundo a exposición de motivos,

“acométase unha regulación específica para as mutuas e, en particular, do seu réxime xurídico de disolución, transformación, fusión, escisión e cesión global de activo e pasivo”.

### Mutualidades de previsión

As mutualidades de previsión social son entidades aseguradoras que exercen unha modalidade aseguradora de carácter voluntario, complementaria ao sistema de Seguridade Social obrigatorio, mediante achegas dos mutualistas, persoas físicas ou xurídicas, ou doutras entidades ou persoas protectoras.

Do mesmo xeito que coas mutuas e cooperativas de seguros, o Estado é o competente para regular a normativa básica nesta materia, a cal se contén na **Lei 20/2015 e o R.D. 1060/2015** anteriormente citados, que regulan a ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras, e no **Real Decreto 1430/2002, do 27 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de mutualidades de previsión social**, cuxo contido se cualifica no seu maior parte como normativa básica (Disposición final primeira).

O Real Decreto 1642/1996, transferiu funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Mutualidades de Previsión Social non integradas na Seguridade Social.

Para ese efecto, Galicia desenvolveu normativa sobre mutualidades de previsión social aplicable neste territorio, concretamente, a **Orde do 5 de maio de 1999 pola que se crea o Rexistro Autonómico de Mutualidades de Previsión Social non integradas na Seguridade Social** e o **Decreto 277/1999, do 14 de outubro, polo que se regula a cualificación de xubilación mutual protexida**.

### Asociacións

Unha asociación é unha persoa xurídica que se constitúe mediante acordo de tres ou máis persoas físicas ou xurídicas legalmente constituídas, que se comprometen a poñer en común coñecementos, medios e actividades para conseguir unhas finalidades lícitas, comúns, de interese xeral ou particular, e que se dotan dos estatutos que rexen o seu funcionamento. A asociación pode ser unha entidade de Economía Social só cando leve a cabo unha actividade económica.

Proclamado como dereito fundamental polo artigo 22 da Constitución Española de 1978, o dereito de asociación desenvólvese na **Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación**, onde se establece que o dereito de asociación inclúe o dereito á inscrición no Rexistro de Asociacións competente, aos solos efectos de publicidade, que só poderá ser denegado cando non se reúnan os requisitos esixidos na referida lei orgánica. O Estado ten competencia exclusiva para desenvolver o dereito de asociación, tarefa que acomete mediante a referenciada lei orgánica, ao tratarse dun dereito fundamental; non habendo normativa autonómica en Galicia.

### Fundacións

Son fundacións as organizacións constituídas sen ánimo de lucro que, por vontade dos seus creadores, teñen afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral, tal e como dispón o artigo 2 da **Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións**. Estas organizacións rexeranse pola vontade dos seus creadores, os estatutos e, en todo caso, a referenciada Lei. A fundación pode ser unha entidade de Economía Social só cando desenvolve unha actividade económica.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cómpre facer mención tamén ao **Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro se aproba o regulamento das fundacións de interese galego.**

As fundacións deberán perseguir fins de interese xeral, como poden ser, entre outros: a defensa dos dereitos humanos, das vítimas do terrorismo e actos violentos, a asistencia social e inclusión social, a consecución doutros propósitos cívicos, educativos, culturais, científicos, deportivos, sanitarios, laborais, de fortalecemento institucional, de cooperación para o desenvolvemento, de promoción do voluntariado, de promoción da acción social, de defensa do medio ambiente, de fomento da economía social, de promoción e atención ás persoas en risco de exclusión por razóns físicas, sociais ou culturais, de promoción dos valores constitucionais e defensa dos principios democráticos, de fomento da tolerancia, de desenvolvemento da sociedade da información, ou de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (art. 3.1. Lei 50/2002).

A finalidade fundacional debe beneficiar a colectividades xenéricas de persoas. En ningún caso poden constituírse fundacións coa finalidade principal de destinar as súas prestacións ao fundador ou aos patróns, aos seus cónxuxes ou a persoas ligadas a eles con análoga relación de afectividade, ou aos seus parentes ata o cuarto grao inclusive, así como a persoas xurídicas singularizadas que non persigan fins de interese xeral.

Para o cumprimento dos seus fins, a fundación pode desenvolver actividades económicas, pero neste caso, os ingresos obtidos destinaranse nun 70% polo menos aos seus fins fundacionais; e en todo caso de disolución, ao haber líquido, destinarase a outras fundacións e entidades non lucrativas que persigan fins de interese xeral, atendendo á vontade do fundador.

A Constitución reconece o dereito de fundación de todos os cidadáns para fins de interese xeral (art. 34.1). O Estado regula as fundacións na **Lei 50/2002, do 26 de decembro**. No **RD. 1337/2005, do 11 de novembro, establece o seu Regulamento de desenvolvemento**, e no **RD. 1611/2007, do 7 de decembro, o Regulamento do Rexistro central de Fundacións**. Este Rexistro quedou adscrito á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado por RD. 453/2012, pero non entrou en funcionamento ata a Orde PRE/2537/2015, do 26 de novembro.

A Comunidade Autónoma Galega asumiu competencias exclusivas para regular o réxime das fundacións de interese galego (art. 27.26 EA). Estas competencias desenvolvéronse na **Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de interese galego**. Nesta lei queda regulado o réxime daquelas organizacións constituídas sen fin de lucro que, por vontade dos seus creadores, teñan afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral para Galicia e desenvolvan principalmente as súas actividades e teñan o seu domicilio no territorio da comunidade autónoma galega.

## **Empresas de inserción**

As empresas de inserción son sociedades mercantís ou cooperativas, sen ánimo de lucro, consideradas estruturas produtivas porque producen bens e servizos co obxectivo de integrar a persoas en risco de exclusión social. Supoñen un instrumento de intervención sociolaboral para facilitar a incorporación ao mercado ordinario de traballo. Teñen un marcado carácter temporal posto que a súa finalidade é, unicamente, inserir ás persoas que teñen dificultades para acceder ao mercado de traballo.

As empresas de inserción regúlanse polo lexislador estatal na **Lei 44/2007, do 13 de decembro**, amparado na súa competencia exclusiva en materia de lexislación laboral (art.

149.1.7ªCE). A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de asistencia social (art. 27.23 EA) e a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral (art. 29.1 EA). Con fundamento nas mesmas, aprobou o **Decreto 156/2007, do 19 de xullo, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral**, creándose o seu rexistro administrativo e establécense as medidas para o fomento da inserción socio-laboral.

Ademais do Rexistro administrativo de empresas de inserción, instaurado polo **Decreto 156/2007, existe outro Rexistro de empresas de inserción no Ministerio de Traballo e Economía Social, regulado polo Real Decreto 49/2010 e que ten por obxectivo coordinar e intercambiar información cos rexistros de empresas de inserción das comunidades autónomas.**

Posteriormente foi aprobada a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, onde, tras reflexar o concepto de empresa de inserción contemplado na norma estatal, abórdase a súa promoción, cualificación e rexistro.

### Centros especiais de emprego

Os centros especiais de emprego teñen como obxectivo realizar un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado, asegurando un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores con discapacidade, á vez que sexa un medio de integración do maior número de persoas con discapacidade ao réxime de traballo normal. O cadro de persoal dos centros especiais de emprego estará constituído polo maior número de persoas traballadoras con discapacidade que permita a natureza do proceso produtivo, integrando, en todo caso, o 70 por 100 de aquela. Na devandita porcentaxe non se incluírá ao persoal sen discapacidade dedicado á prestación de servizos de axuste persoal e social.

O seu marco normativo vén configurado pola **Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (arts. 43 ao 45 RD. Lexislativo 1/2013); o Real Decreto 2273/85 do 4 de decembro de 1985 polo que se aproba o Regulamento dos Centros especiais de emprego, e o Real Decreto do 17 de xullo de 1985 que regula a relación laboral de carácter especial dos discapacitados que traballan nas devanditas entidades.**

A Comunidade Autónoma de Galicia aprobou o **Decreto 200/2005, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento, polo que se regula a organización, funcionamento e as autorizacións para a inscrición no rexistro.**

### Comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común

Trátase de comunidades e mancomunidades de montes que pertencen a grupos veciñais e que se veñen aproveitando consuetudinariamente, en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, polos membros deses grupos, sendo a propiedade dos montes de natureza privada e colectiva.

O réxime xurídico aplicable a estas comunidades e mancomunidades contense basicamente na Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de execución desa Lei.

### Outras entidades da Economía Social

Tamén poderán forma parte da economía social outras entidades que realicen unha actividade económica conforme aos principios reitores das entidades de economía social e, ademais, estean incluídas no Catálogo de Entidades de Economía social nos termos legalmente previstos.

### Cadro 2.1. Escenarios xurídicos das empresas e entidades da Economía Social.

Entidades	España	Comunidade Autónoma de Galicia
Economía Social no seu conxunto	- Constitución Española de 1978	- Estatuto de Autonomía de Galicia, Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril.
	- Lei nº 5 de 29 de marzo de 2011 da Economía Social	- Lei 6/2016, de 4 de maio, da Economía Social de Galicia.
Cooperativas, mutuas e mutualidades de previsión social	- Lei 27/1999, de 16 de xullo, de cooperativas	- Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia
	- Real Decreto 136/2002, de 1 de febreiro, polo que aprobouse o Regulamento do Rexistro de Cooperativas	- Decreto 430/2001, de 18 de decembro, polo que aprobouse o Regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia.
	- Lei 20/1990, de 19 de decembro, de Réxime Fiscal das Cooperativas	
	- Real Decreto 1345/1992, de 6 de novembro, polo que dítase normas para a adaptación das disposicións que regulan a tributación sobre o beneficio consolidado aos grupos de sociedades cooperativas	
	- Lei 13/1989, de 26 de maio, de Cooperativas de Crédito	
	- Real Decreto 84/1993, de 22 de xaneiro, polo que aprobouse o Regulamento de desenvolvemento da Lei 13/1989 de 26 de maio, de Cooperativas de Crédito	
	- Real Decreto Lei 11/2017 que modifica a Lei 13/1989 de Cooperativas de Crédito	
	Normas que afectan as cooperativas de vivendas:	
	-Decreto 3114/1968, de 12 de decembro; Decreto 2028/1995, de 22 de decembro e Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación	
	Normas que afectan as cooperativas de transportistas:	
	- Lei 16/1987, de 30 de xullo, de Ordenación dos Transportes Terrestres;	
	- Decretos de 1211/1990, de 28 de setembro,; 927/1998, de 14 de maio e 1830/1999, de 3 de decembro	
	- Lei 20/2015, de 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.	
- Real Decreto 1060/2015, de 20 de novembro, que desenvolve a Lei 20/2015 - Decreto 248/2004 de 14 de outubro, polo que se regulan os procedementos de conciliación e arbitraje cooperativo		

Entidades	España	Comunidade Autónoma de Galicia
Sociedades laborais, sociedades agrarias de transformación e confrarías de pescadores	- Lei 44/2015, de 14 de outubro, de Sociedades Laborais e participadas	- Orde de 29 de abril de 1988, sobre tramitación de Sociedades Agrarias de Transformación.
	- Real Decreto 2114/1998, de 2 de outubro, que regula o Rexistro Administrativo das Sociedades Laborais	- Lei 11/2008 de 3 de decembro de pesca de Galicia.
	- Real Decreto 1776/1981, de 3 de agosto, polo que aprobase o Estatuto que regula as Sociedades Agrarias de Transformación - Orde 23 de outubro de 1985 aproba o regulamento do Rexistro de Sociedades Agrarias de Transformación	- Decreto 8/2014, de 16 de xaneiro, polo que regulase as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións.
	- Orde de 14 de setembro de 1982, que desenvolve o RD 1776/1981, de 3 de agosto	
	- Lei 3/2001, de 26 de marzo, de Pesca Marítima do Estado - Lei 9/1993, de 8 de xullo de confrarías de pescadores de Galicia	
Comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común		Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común Decreto 260/1992, do 4 de setembro, que aproba o Regulamento de execución da Lei 13/1989
Centros especiais de emprego e empresas de inserción	- Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (Real Decreto Lexislativo 1/2013)	- Decreto 156/2007, de 19 de xullo, polo que regulase o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral, crease o seu rexistro administrativo e establécense as medidas para o fomento da inserción sociolaboral.
	- Real Decreto de 17 de xullo de 1985 que regula a relación laboral de carácter especial das persoas con discapacidade que traballan nos Centros Especiais de Emprego	- Decreto 200/2005, de 7 de xullo, polo que regulase a autorización administrativa e a súa inscrición no rexistro administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento.
	- Lei 9/2017, Disp. Adicional 4ª:	
	Reserva de mercado para CEE da iniciativa social, empresas de inserción ou programas de emprego protexido	
	- Lei 9/2017, Disposición Adicional decimocuarta:	
	Regulación dos CEE de Iniciativa Social: sen ánimo de lucro e controlados en máis dun 50% por asociacións, fundacións, corporacións de dereito público, cooperativas de iniciativa social o as súas empresas dependentes	
	- Lei 44/2007, de 13 de decembro, de empresas de inserción	
- Real Decreto 49/2010 regulador do Rexistro de Empresas de Inserción - Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia		

Entidades	España	Comunidade Autónoma de Galicia
Asociacións e fundacións	- Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación	- Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de interese galego.
	- Real Decreto 1497/2003, de 28 de novembro, que desenvolve a Lei 1/2002	
	- Real Decreto 949/2015, regulador do Rexistro Nacional de Asociacións	
	- Lei 49/2002, de 23 de decembro, sobre réxime fiscal das entidades sen fines lucrativos	
	- Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que aprobábase normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade as entidades sen fines lucrativos	
	- Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións	
	- Real Decreto 1337/2005, de 11 de novembro, que establece el Regulamento de desenvolvemento da Lei 50/2002, de 26 de decembro	
	- Real Decreto 1611/2007, de 7 de decembro, que regula o Rexistro Central de Fundacións - Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro se aproba o regulamento das fundacións de interese galego	

## 2.2. Novidades lexislativas

A actividade normativa correspondente ao ano 2021 está fortemente influenciada pola irrupción da COVID-19. A pandemia deixa así unha pegada indeleble nas novidades normativas de ámbito nacional. En concreto, as tres normas abordadas (o Real Decreto-lei 2/2021, do 26 de xaneiro, de reforzo e consolidación de medidas sociais en defensa do emprego; a Lei 2/2021, de 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-1 e o Real Decreto-lei 8/2021, de 4 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes no orde sanitaria, social e xurisdiccional, a aplicar trala finalización da vixencia do estado de alarma declarado polo Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2) contemplan previsións excepcionais en virtude das cales as cooperativas poderán facer fronte ás consecuencias económicas derivadas da aplicación das medidas de contención necesarias para conter a propagación do virus SARS-CoV-2.

Unha vez abordada esta normativa estatal, procede facer fincapé na de ámbito autonómico, onde é posible diferenciar as medidas de carácter conxuntural, impulsadas pola necesidade de paliar as consecuencias económicas derivadas da COVID-19, daquelas con vocación estrutural, aprobadas para adaptar o funcionamento das sociedades cooperativas ao novo ecosistema dixital, incrementando, asemade, a axilidade e eficiencia no seu funcionamento interno.

### 2.2.1. Normativa estatal

a) **Real Decreto-lei 2/2021, de 26 de xaneiro, de reforzo e consolidación de medidas sociais en defensa do emprego.** Recoñece aos socios traballadores das cooperativas de traballo asociado que se encadraran como traballadores por conta propia no Réxime especial

de traballadores por conta propia ou autónomos, ou naquel que corresponda, por razón de actividade, o dereito á prestación extraordinaria de cesamento de actividade para os traballadores autónomos afectados por unha suspensión temporal de toda a actividade como consecuencia de resolución da autoridade competente como medida de contención da propagación do virus COVID-19 e cando reúnan os requisitos requiridos, a saber: a) estar afiliados e en alta no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos ou, no seu caso, no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, antes do 1 de xaneiro de 2021 e b) acharse ao corrente no pago das cotas á Seguridade Social. Con todo, se na data da suspensión da actividade non se cumprise este último requisito, o órgano xestor convidará o pago ao traballador autónomo para que no prazo improrrogable de trinta días naturais ingrese as cotas debidas. A regularización do descuberto producirá plenos efectos para a adquisición do dereito á protección.

Asemade, recoñécelles o dereito á prestación extraordinaria de cesamento de actividade prevista para aqueles traballadores autónomos que non puideran causar dereito á prestación ordinaria de cesamento de actividade anteriormente citada, nin á ordinaria, regulada nos arts. 327 e ss. texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro. Bastará, para percibila, con a) estar dado de alta e ao corrente no pago das cotizacións no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou no Réxime Especial de Traballadores do Mar como traballador por conta propia desde antes do 1 de abril de 2020 (se na data da presentación da solicitude non se cumprise o requisito de estar ao corrente no pago das cotizacións, o órgano xestor convidará o pago ao traballador autónomo para que no prazo improrrogable de trinta días naturais ingrese as cotas debidas. A regularización do descuberto producirá plenos efectos para a adquisición do dereito á protección); b) non ter rendementos netos computables fiscalmente procedentes da actividade por conta propia no primeiro semestre de 2021 superiores a 6.650 euros; c) acreditar no primeiro semestre do 2021 uns ingresos computables fiscalmente da actividade por conta propia inferiores aos percibidos no primeiro trimestre de 2020 (para o cálculo da redución de ingresos terase en conta o período en alta no primeiro trimestre do ano 2020 e comparárase coa parte proporcional dos ingresos do primeiro semestre de 2021 na mesma proporción).

Esta norma fai tamén extensivo aos socios traballadores das cooperativas de traballo asociado encadrados no Réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, ou naquel que corresponde, por razón de actividade, o dereito a percibir a prestación extraordinaria de cese de actividade para os traballadores de temporada, recoñecida a aqueles que: a) se achen dados de alta e cotizado durante un mínimo de catro meses e un máximo de seis de cada un dos anos 2018 e 2019, sempre que ese marco temporal abarque un mínimo de dous meses na primeira metade do ano; b) non estean en alta en situación asimilada á alta como traballador por conta allea no réxime de Seguridade Social correspondente máis de 60 días durante o primeiro semestre do ano 2021; c) non obtiveran durante a primeira metade do ano 2021 uns ingresos netos computables fiscalmente que superen os 6.650 euros e d) Se atoparan ao corrente no pago das cotas á Seguridade Social. De non cumprirse este requisito, o órgano xestor convidará o pago ao traballador autónomo para que no prazo improrrogable de trinta días naturais ingrese as cotas debidas. A regularización do descuberto producirá plenos efectos para a adquisición do dereito á protección.

Esta norma tamén modifica o art. 25 do Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, , no que se permitía aos socios traballadores das cooperativas de traballo asociado e das sociedades laborais que tivesen previsto cotizar pola continxencia de



desemprego, acollerse ás medidas extraordinarias en materia de protección por desemprego despregadas a raíz da suspensión ou redución temporal de xornada. En concreto, esíxese que o inicio da relación fose anterior á data de efectos do expediente de regulación temporal de emprego (ERTE).

Engádense tamén un apartado 4 no artigo 3 do Real Decreto-lei 34/2020, do 17 de novembro, de medidas urxentes de apoio á solvencia empresarial e ao sector enerxético, e en materia tributaria, dispoñendo, con carácter excepcional, durante o ano 2021, que, aínda que os estatutos non o previsen, as sesións dos órganos de administración das asociacións, das sociedades civís e mercantís, e do consello reitor das sociedades cooperativas poderán celebrarse por videoconferencia ou por conferencia telefónica múltiple, sempre que todos os membros do órgano dispoñan dos medios necesarios, o secretario do órgano recoñeza a súa identidade, e así o exprese na acta, que remitirá de inmediato ás direccións de correo electrónico de cada un dos concorrentes. A mesma regra será de aplicación ás comisións delegadas e ás demais comisións obrigatorias ou voluntarias que tivese constituídas. A sesión entenderase celebrada no domicilio da persoa xurídica. Tamén excepcionalmente durante o ano 2021, e aínda que os estatutos non o previsen, os acordos dos órganos de administración das asociacións, das sociedades civís e mercantís, do consello reitor das sociedades cooperativas e do padroado das fundacións poderán adoptarse mediante votación por escrito e sen sesión sempre que o decida o presidente e deberán adoptarse así cando o solicite, polo menos, dous dos membros do órgano. A mesma regra será de aplicación ás comisións delegadas e ás demais comisións obrigatorias ou voluntarias que tivese constituídas. A sesión entenderase celebrada no domicilio social. Será de aplicación a todos estes acordos o establecido no artigo 100 do Real Decreto 1784/1996, do 19 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Mercantil, aínda que non se trate de sociedades mercantís.

**b) Lei 2/2021, de 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.** A reforma introducida na Disposición Adicional Cuarta encádrase dentro das medidas extraordinarias aplicables ao funcionamento dos órganos de goberno das persoas xurídicas de dereito privado. A súa adopción obedece á necesidade de reducir o contacto social como medida destinada a conter a propagación do virus SARS-CoV-2, sen que iso provoque unha paralización temporal e xeneralizada da actividade económica. Posibilitando a celebración de sesións e a adopción de acordos en remoto, conxúganse dous obxectivos, cales son: por unha banda, brindar protección aos intervinientes, e, pola outra banda, dotar de continuidade á actividade produtiva, asegurando así o mantemento do emprego.

Se inicialmente a duración destas medidas quedaba limitada á do estado de alarma, a reforma analizada ten en conta a evolución da pandemia para estendela ata o 31 de decembro de 2020.

Asemade, propónse garantir que tódolos membros dispoñan dos medios necesarios para concorrer ás reunións, así como a autenticación da súa identidade. A tal fin, prevé que as sesións se celebren tamén por conferencia telefónica múltiple, asegurando que todos os que interveñan dispoñan dos medios necesarios para facelo e engadindo a obriga do secretario de recoñecer a súa identidade, aspecto que expresará por escrito na acta que se levante e que se remitirá de inmediato ás direccións de correo electrónico de cada un dos concorrentes.

A relevancia desta medida estriba en posibilitar a celebración das devanditas sesións en remoto, así como a adopción de acordos por escrito, sen necesidade de que esta posibilidade fose admitida polos estatutos, introducindo un réxime excepcional ao disposto na Lei

27/1999, de 16 de xullo, de Cooperativas, así como á Lei 5/1998, de 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia, as cales deixan esa decisión aos estatutos e, no caso da Lei galega, no non disposto nos mesmo, á autorregulación adoptada na primeira reunión da asemblea xeral.

En virtude desta norma, aínda que os estatutos non o previsen, durante o devandito período, as sesións dos órganos de goberno e de administración das asociacións, das sociedades civís e mercantís, do consello reitor das sociedades cooperativas e do padroado das fundacións poderán celebrarse por videoconferencia que asegure a autenticidade e a conexión bilateral ou plurilateral en tempo real con imaxe e son dos asistentes en remoto. A mesma regra será de aplicación ás comisións delegadas e ás demais comisións obrigatorias ou voluntarias que tivese constituídas. A sesión entenderase celebrada no domicilio da persoa xurídica.

Ademais, e aínda que os estatutos non o previsen, durante dito período, os acordos dos órganos de goberno e de administración das asociacións, das sociedades civís e mercantís, do consello reitor das sociedades cooperativas e do padroado das fundacións poderán adoptarse mediante votación por escrito e sen sesión sempre que o decida o presidente e deberán adoptarse así cando o solicite, polo menos, dous dos membros do órgano. A mesma regra será de aplicación ás comisións delegadas e ás demais comisións obrigatorias ou voluntarias que tivese constituídas. A sesión entenderase celebrada no domicilio social.

**c) Real Decreto-lei 8/2021, de 4 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes no orde sanitaria, social e xurisdiccional, a aplicar trala finalización da vixencia do estado de alarma declarado polo Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.** Esta norma habilita á flexibilización temporal do uso do Fondo de educación e promoción das cooperativas. Esta medida responde á finalidade de paliar os efectos económicos da COVID-19, mesmo acudindo a recursos outrora reservados a determinados fins. En concreto, permítese a aplicación do devandito fondo a unha finalidade diversa das inicialmente previstas, para dotar de liquidez á cooperativa ou para afrontar calquera actividade que mitigue os efectos da crise sanitaria sen que iso supoña a perda da condición de cooperativa fiscalmente protexida. Así, Ata o 31 de decembro de 2021, o Fondo de educación e promoción das cooperativas regulado no artigo 56 da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de Cooperativas, poderá ser destinado, total ou parcialmente, ás seguintes finalidades: a) Como recurso financeiro, para dotar de liquidez á cooperativa en caso de necesitalo para o seu funcionamento. Para estes efectos, o Fondo de educación e promoción destinado a esta finalidade, deberá ser restituído pola cooperativa con, polo menos, o 30 por cento dos resultados de libre disposición que se xeren cada ano, ata que alcance o importe que devandito Fondo tiña no momento de adopción da decisión da súa aplicación excepcional e nun prazo máximo de dez anos. b) A calquera actividade que redunde en axudar a frear a crise sanitaria do COVID-19 ou a paliar os seus efectos, ben mediante accións propias ou ben mediante doazóns a outras entidades, públicas ou privadas. Ata o 31 de decembro de 2021, o Consello Reitor poderá asumir excepcionalmente a competencia para aprobar a aplicación do Fondo de educación e promoción nos termos previstos no apartado 1, cando por falta de medios adecuados ou suficientes a Asemblea Xeral das sociedades cooperativas non poida ser convocada para a súa celebración a través de medios virtuais.

### 2.2.2. Normativa de ámbito autonómico

**a) Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas.** Esta norma reforma a Lei 5/1998, de 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia, consolidando as medidas tendentes a flexibilizar o desenvolvemento das reunións por medios telemáticos, implantadas, con carácter temporal, polo Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19. Permite, así, que se celebre a asemblea xeral de forma telemática, sen necesidade de que os estatutos o dispoñan.

En segundo lugar, admite que a asemblea xeral se desenvolva integramente por videoconferencia ou outros medios telemáticos que permitan a participación a distancia, ou de forma mixta (presencial e por medios telemáticos), sen necesidade de que o contemplen os estatutos, e sempre e cando se garanta a posibilidade de acceso a todas as persoas que deban ser convocadas. A tal efecto, vélese por aspectos como a verificación da identidade ou a acreditación da representación.

En terceiro lugar, permítese que as persoas se poidan facer representar por outras persoas socias malia que os estatutos non o contemplen. Permítese, asemade, que mesma persoa poida actuar en representación de ata dez persoas socias, no canto das dúas que podía representar anteriormente. Para o caso de que participe por medios telemáticos, a convocatoria deberá establecer a forma na que se debe acreditar a representación.

En cuarto termo, posibilitase que os estatutos permitan a celebración dunha asemblea de segundo grado sen necesidade de acreditar circunstancias que dificulten a presenza simultánea de todos os socios na asemblea xeral. Ademais, cando os estatutos non o contemplen, tamén se poderá aplicar esta modalidade cando nunha cooperativa concorran circunstancias que dificulten a presenza simultánea de todas as persoas socias na asemblea xeral.

En quinto lugar, as asembleas xerais consideraranse validamente constituídas en segunda convocatoria sen esixencia de *quórum* mínimo ata o 31 de decembro de 2021.

En sexto e último lugar, prevese que aquelas asembleas que tiveran que realizarse dende o 14 de marzo de 2020 pero cuxa celebración se vira impedida a causa da pandemia, poderán celebrarse ata o día 31 de decembro de 2021, entendéndose prorrogados os cargos sociais ata entón, sen prexuízo de prórroga ou renovación.

**b) Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.** Asegúrase a representatividade das cooperativas e das asociacións que as aglutinan nos consellos e axencias creados pola devandita norma solicitándose, asemade, a súa opinión para a elaboración do Catálogo de solos agropecuarios.

Introdúcese tamén a ponderación da forma cooperativa entre os criterios de selección dos pregos de condicións e criterios de avaliación, amén de modificarse certas deducións autonómicas na cota íntegra do imposto sobre a renda das persoas físicas. Engádesse a modificación da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, pola que se permite ás cooperativas solicitar o recoñecemento como agrupacións forestais de xestión conxunta.

**c) Decreto-lei 7/2021, de 9 de febreiro, de medidas extraordinarias en materia de cooperativas, empresas e entidades da economía social como consecuencia da crisis derivada da COVID-19 e de modificación do Decreto-lei 16/2020, de 5 de maio, de medidas urxentes complementarias en materia de transparencia, axudas de carácter social, contratación e mobilidade para facer fronte á COVID-19, de Cataluña.** O Decreto lei 47/2020, do 24 de

novembro, de medidas extraordinarias de carácter económico no sector das instalacións xuvenís, de medidas no sector das cooperativas e de modificación do Decreto-lei 39/2020, do 3 de novembro, de medidas extraordinarias de fronte carácter social para facer fronte ás consecuencias da COVID-19, e do Decreto-lei 42/2020, do 10 de novembro, de medidas urxentes de apoio a entidades do terceiro sector social, dotaron ás cooperativas dunha serie de medidas destinadas a superar as restricións derivadas da emerxencia sanitaria. Posto que a súa vixencia finalizaba o 31 de decembro de 2021, a presente norma prolongou a súa duración, con carácter xeral, ata o 31 de decembro de 2022, tendo en conta a evolución da pandemia e as previsións ao respecto. Mesmo cabe adiar a presentación do certificado no que se fagan constar as circunstancias que xustifican o non depósito en prazo das contas anuais do exercicio 2019, como máximo, ata o 31 de marzo do 2021 (así coma o nomeamento de cargos ou a celebración da asemblea).

Ademais, ata o 31 de decembro de 2022, poderase suspender total ou parcialmente a actividade cooperativizada de todas as persoas socias traballadoras, socias de traballo ou persoas traballadoras ou dunha parte delas, cando, por mor das medidas de emerxencia sanitaria, non sexa posible celebrar a asemblea de xeito presencial nin telemático, nin tampouco agardar a que teña lugar a asemblea xeral, sempre e cando: a) non sexa posible celebrar a asemblea de forma presencial nin telemática, por mor das medidas sanitarias que se deben seguir para levar a cabo reunións e da falta de medios telemáticos ou b) a urxencia da situación non permita esperar ata que teña lugar a asemblea xeral.

Para estes efectos o Consello Reitor, baixo a súa responsabilidade, debe examinar a concorrencia destes requisitos e, se procede, adoptar o correspondente acordo debidamente motivado.

Destaca, asemade, a non consideración dos anos durante os cales se prolonga a emerxencia sanitaria para aplicar a causa de disolución baseada na redución da cifra do capital social por baixo do mínimo legal ou estatutario, sempre e cando se manteña durante un ano.

Por último, e con carácter excepcional, os nomeamentos dos cargos das sociedades cooperativas e dos diferentes órganos sociais que caducasen en 2019, 2020 e, se procede, en 2021 considéranse vixentes ata a primeira asemblea que se convoque, que, en calquera caso, débese efectuar como máximo o 31 de decembro de 2022.

**d) Lei 18/2020, de 28 de decembro, de facilitación da actividade económica, de Cataluña.**

Inclúese ás cooperativas como destinatarias da batería de medidas polas cales o Goberno catalán pretende fomentar o desenvolvemento da actividade empresarial e o espírito emprendedor respectando os postulados da responsabilidade social empresarial. En concreto, nesta norma regúlase a relación entre empresa e Administración a fin de facer posible afrontar os retos da transformación dixital (p. ex. Instaurando a xanela única empresarial).

**e) Lei de Medidas Fiscais e Administrativas de Cantabria 2021.**

Trátase dunha reforma adoptada para dar cumprimento á Resolución n° 48 S- R do Parlamento de Cantabria, pola cal se insta ao Goberno de Cantabria a impulsar o Consello Cántabro da Economía Social, dando participación aos axentes económicos e sociais máis representativos de Cantabria (CEOE, CEPYME, UXT e CCOO) e ás entidades asociativas da Economía Social (Sociedades Cooperativas, Sociedades Laborais, Centros Especiais de Emprego, Empresas de Inserción) en función da súa representatividade e implantación territorial de ámbito rexional.

Asemade, modifícanse determinados artigos da Lei para incrementar a axilidade e a eficacia na actuación das cooperativas. As devanditas medidas afectan ao rexistro, á representación, ao goberno e á xestión da cooperativa,

Alúdese, en primeiro termo, á supresión da necesidade de aportar unha copia autorizada e outra simple para proceder á inscrición da Cooperativa no Rexistro de Sociedades Cooperativas (devandita esixencia persiste recollida no art. 50 do 430/2001, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia).

En segundo termo, especifícase que serán os estatutos os encargados de confiar a representación, goberno e xestión da cooperativa a un administrador único ou a dous nas cooperativas cun número de socios non superior a dez (a encomenda aos estatutos do establecemento dun administrador único nas cooperativas cun número de socios non superior a dez xa está prevista no art. 41.1 da Lei 5/1998, de 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia).

En terceiro termo, atribúense ao Presidente e Vicepresidente da cooperativa a representación legal da mesma, nos termos establecidos polos estatutos ou que se deduzan dos acordos da Asemblea Xeral ou do Consello Reitor (o 41.1 da Lei 5/1998, de 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia xa a atribúa ao Presidente do Consello Reitor, sen prexuízo de incorrer en responsabilidade se a súa actuación non se axustase aos acordos da Asemblea xeral ou do Consello Reitor).

En cuarto termo, e entre as especialidades propias das cooperativas integradas por dous socios, permítese nomear a un administrador único, mentres que, segundo o réxime anterior, ámbolos dous debían integrar un Consello Reitor (porén, consonte á Lei 5/1998, de 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia, aínda poderán constituír o seu Consello Reitor os dous membros, que necesariamente se distribuirán a presidencia e a secretaría do mesmo (art. 7bis).

En quinto termo, engádense ao Consello Cántabro da Economía Social catro vocais propostos polas organizacións empresariais e sindicatos de traballadores que, en ambos os casos, ostenten a condición de máis representativos.

**f) Orde do 5 de marzo de 2021, da Consellería de Economía, Emprego e Competitividade, pola que se habilita a legalización telemática dos libros obrigatorios das cooperativas no Rexistro de Cooperativas da Comunidade de Madrid.** A devandita norma establece o procedemento a seguir para a legalización dos libros obrigatorios das cooperativa de xeito telemático, obrigatoria para tódalas sociedades cooperativas a partir do primeiro cuadrimestre do ano 2021.

**g) Decreto-lei 11/2021, do 1 de xuño, polo que se establecen medidas extraordinarias para paliar a perda de rendas das persoas traballadoras por conta propia ou autónomas do sector de feirantes, para o apoio económico do servizo de atención infantil temperá, así como para a flexibilización de horarios comerciais dos municipios turísticos de Andalucía, e adóptanse medidas excepcionais relativas ás convocatorias e reunións dos órganos sociais das sociedades cooperativas andaluzas, de Andalucía.** Introdúcense unha serie de medidas temporais, cuxa aplicación se cingue á crise sanitaria, polas que se permite a celebración a distancia por medios electrónicos das reunión dos órganos da sociedade, malia non estar previsto nos estatutos da cooperativa, adiar a aprobación e depósito de contas ou aplicar con maior flexibilidade o Fondo de Formación.

**h) Decreto 149/2021, do 27 de abril, polo que se modifica o Decreto 123/2014, do 2 de setembro, e o Regulamento da Lei 14/2011, do 23 de decembro, de Sociedades Cooperativas Andaluzas, aprobado polo devandito decreto, de Andalucía.** O presente regulamento supón a adaptación do anterior á Lei 14/2011, do 23 de decembro, de Sociedades Cooperativas Andaluzas. Aborda materias como a regulación das seccións de crédito, as cooperativas de dúas persoas, a limitación da retribución ao capital das persoas inversoras, as garantías para que o voto electrónico sexa segredo, a actividade das sociedades cooperativas de impulso empresarial, o nomeamento dun administrador único ou a regulación do fondo destinado a asegurar o cobro de anticipos societarios. Cabe destacar, asemade, a utilización dunha linguaxe inclusiva ao longo de todo o texto.

**i) Lei 3/2021, do 29 de xullo, de Servizos Sociais da Rexión de Murcia.** Considera entidades de iniciativa social aquelas que fosen constituídas por organizacións non gobernamentais, asociacións, fundacións, organizacións de voluntariado, formalmente constituídas e dotadas de personalidade xurídica propia, e en xeral, o denominado Terceiro Sector de Acción Social, fóra das entidades públicas territoriais, que realizan actividades de servizos sociais. Ademais, considéranse entidades de iniciativa social as sociedades cooperativas cualificadas como entidades sen ánimo de lucro conforme á súa normativa específica.

**j) Lei Foral 13/2021, de 30 de xullo, de Fundacións de Navarra.** Esta norma procede a adaptar a normativa existente ás modificacións operadas pola Lei Foral 21/2019, do 4 de abril, pola que se procede á modificación e actualización da compilación do Dereito Civil Foral de Navarra (Foro Novo). Introduce novidades como a necesidade de inscrición no Rexistro de Fundacións de Navarra do acto constitutivo da fundación para que adquira personalidade xurídica ou a regulación das fundacións pendentes de inscrición. Prevese, con relación ao devandito Rexistro, a obriga de facilitar a utilización das novas tecnoloxías nas súas relacións co cidadán.

Tamén inclúe unha relación ampla e pormenorizada dos seus fins, entre os cales inclúa a igualdade entre mulleres e homes, a promoción da accesibilidade universal, a remoción dos obstáculos que dificulten a plena integración e a igualdade das persoas, o fomento do desenvolvemento tecnolóxico e a sociedade da información, o pleno emprego e a igualdade de oportunidades no eido laboral, a difusión da cultura e a defensa do patrimonio cultural, e, en xeral, a intención de dar resposta ás necesidades, inquietudes e carencias da sociedade navarra actual.

Diferénciase, asemade, entre persoas destinatarias, ás cales van dirixidas a actividades da entidade, e persoas beneficiarias, finalmente beneficiadas polas actividades da fundación, e contémpase expresamente o uso do euskera na súa denominación.

**k) Decreto 97/2021, do 28 de setembro, polo que se modifica o Decreto 99/2013, do 28 de novembro, polo que se atribúen competencias en materia de cooperativas, sociedades laborais, traballo, prevención de riscos laborais e emprego, de Castela-A Mancha.** Modifícase o art. 11 da devandita norma a fin de adecuar o seu contido á contía das sancións previstas na no artigo 40 do texto refundido da Lei de Infraccións e Sancións na Orde Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2000, do 4 de agosto, modificado pola Lei 10/2021, de 9 de xullo, de traballo a distancia. En concreto, afecta á distribución de competencias regulada nos apartados 1 e 2 os cales, en materia de traballo de seguridade e saúde laboral, respectivamente, vinculan a competencia sancionadora á contía das sancións para

impoñer; a diferenza do apartado 3, que en materia de emprego, vincula a competencia sancionadora á cualificación das infraccións como leves, graves ou moi graves.

**l) Acordo do Consello de Goberno polo que se establece a porcentaxe mínima de reserva do dereito para participar en procedementos de adxudicación de determinados contratos a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, e fíxanse as condicións mínimas para garantir o seu cumprimento, de Murcia.** Esta norma reserva a estas entidades o dereito a participar en procedementos de contratación pública que representen, como mínimo, o 8% do importe global des procedementos de adxudicación de subministracións e servizos nela previstos, porcentaxe que se incrementará ata o 10% nos catro anos de publicación deste Acordo.

**m) Lei 5/2021, de 7 outubro, de modificación da Lei 11/2019, de 20 de decembro, de Cooperativas de Euskadi.** Esta norma introduce unha serie de modificacións a fin de evitar a interposición dun recurso de inconstitucionalidade con relación ás discrepancias expostas polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital e o Ministerio de Facenda, en concreto fronte aos artigos 124.1, 125.3 e 157 da Lei 11/2019, do 20 de decembro, de Cooperativas de Euskadi. Entre outros aspectos, elimínase a posibilidade de que as mutuas de seguros, as sociedades cooperativas e as mutualidades de previsión social actuasen a prima variable ou baixo outra forma asociativa.

**n) Lei 5/2021, de 23 de decembro, de primeira modificación de la Lei 4/2010, de 29 de xuño, de Cooperativas, do Principado de Asturias.** Modifícase a Lei 4/2010, de 29 de xuño, de Cooperativas, do Principado de Asturias, co propósito de permitir a celebración a distancia das sesións dos órganos de goberno das cooperativas, como as asembleas xerais e os consellos reitores, para conseguir paliar non só as dificultades habituais de desprazamento, senón, sobre todo a imposibilidade de celebrarse as durante a situación de crise sanitaria. De acordo do exposto, será válida a celebración da asemblea xeral realizada por videoconferencia, por conferencia telefónica múltiple ou outros medios electrónicos ou aplicacións informáticas, sempre que o secretario do órgano poida recoñecer a súa identidade e así o exprese na acta. En tal caso, a asemblea entenderase celebrada no domicilio da cooperativa. Os estatutos da cooperativa tamén poderán regular a posibilidade de asistencia telemática dos socios ás asembleas xerais establecendo os requisitos específicos para iso e será válida a celebración da asemblea xeral realizada de forma mixta ou híbrida, combinando a asistencia presencial coa telemática, a condición de que o secretario do órgano recoñeza a identidade dos concorrentes. Así mesmo, será válida a celebración da reunión do consello reitor por videoconferencia ou por conferencia telefónica múltiple ou outros medios electrónicos ou aplicacións informáticas, sempre que o secretario do órgano recoñeza a súa identidade, e así o exprese na acta. A mesma regra será de aplicación ás comisións delegadas e ás demais comisións obrigatorias ou voluntarias que tivesen constituídas. A sesión entenderase celebrada no domicilio da cooperativa. Unha ulterior modificación pretende que a Consellería competente en materia de economía social poida regular o destino do fondo de educación e promoción da cooperativa a fins distintos dos establecidos na propia lei para afrontar os acontecementos excepcionais e sobrevindos que poidan ocasionarse puntualmente, pero, sobre todo, para mitigar as consecuencias negativas derivadas da aplicación de medidas adoptadas polas autoridades competentes para facer fronte á crise sanitaria.

### 2.3. Conclusións e recomendacións

I. O aproveitamento das posibilidades ofrecidas por aquelas tecnoloxías capaces de congrega-los participantes dunha xuntanza, con independencia da distancia que medie entre eles, presidiu boa parte das reformas acaecidas durante o ano 2021 en materia de economía social. A previsión legal da celebración a distancia das reunións dos órganos de goberno a administración das entidades pertencentes á economía social, sen que esta posibilidade fose contemplada nos seus estatutos, erixiuse na medida idónea encamiñada a garantir a continuidade da súa actividade económica, reducindo o contacto social en tempos de pandemia. Esta transición dixital abrupta dotounas de resiliencia perante a crise, por aquel entón, sanitaria. Adoptada con carácter temporal, semella aconsellable que esta medida debeña permanente, en previsión doutras crises, como a enerxética, derivada do actual contexto bélico internacional. Sobra engadir a súa virtualidade para afrontar a crise medioambiental, que obriga á evitación daqueles desprazamentos que impliquen a emisión de gases de efecto invernadoiro.

II. A implantación estrutural das reunións a distancia cohonéstase cos principios cooperativos contemplados na Declaración sobre a identidade cooperativa, adoptada pola Asemblea Xeral da Alianza Cooperativa Internacional en 1995, e contidos na Recomendación nº 193 da OIT, sobre promoción das cooperativas, de 2002. En concreto, promove a xestión democrática destas entidades, ao favorecer a participación dos socios, removendo os obstáculos que impiden a súa asistencia presencial que obedezan, ben á necesidade de conciliar a súa vida persoal co exercicio dos dereitos derivados da súa condición, ben á conveniencia de prescindir de desprazamentos innecesarios. Contribúe, así mesmo, a favorecer o desenvolvemento sostible das comunidades habitadas por tales socios, na medida en que poderán botar raíces nelas pese a acharse distantes do domicilio social da entidade.

III. A previsión legal da celebración de reunións e da adopción de acordos a distancia debe ir acompañada dunha regulación que ofrezca seguridade xurídica aos participantes. A identificación dos membros e a autenticación da súa identidade constitúen materias dignas de ser abordadas, así como o procedemento a seguir para a adopción dos acordos, tendo presente a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.

IV. Xunto coa regulación proposta, antóllase ineludible a previsión das medidas formativas necesarias para que os membros das entidades pertencentes á economía social sexan quen de exercer os seus dereitos, sen que o uso das novas tecnoloxías sirva para afondar a fenda dixital que hoxe en día exclúe a boa parte da poboación da participación de numerosas actividades e iniciativas. Só así se acadará unha transición dixital xuta e inclusiva na cal as entidades pertencentes á economía social estean chamadas a desempeñar un rol protagonista, tendo en conta os principios que presiden a súa actuación. Destaca, en concreto, a educación e formación que as cooperativas deben fornecer aos seus socios, representantes, directivos e empregados, de acordo co disposto na citada Declaración sobre a identidade cooperativa. Educación e formación que non poden quedar á marxe da adquisición das competencias dixitais precisas para desenvolverse ben entrada a IV Revolución Industrial.

V. A irrupción das novas tecnoloxías da información e da comunicación non só debe ser obxecto de regulación en canto atinxen ao funcionamento interno das entidades pertencentes á economía social, senón tamén ás relacións establecidas entre as Administracións Públicas e os administrados. En aras da eficacia e da eficiencia que preconiza a Exposición



de Motivos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, convén introducir as reformas precisas para consolidar unha “Administración sen papel” que, ademais de aforrar custes, resulte máis accesible á cidadanía. Nese senso, interesa reparar na adopción de medidas tales como a legalización temática dos libros obrigatorios das cooperativas. O anterior favorecería tamén a intercoñexión administrativa, desexable en prol da consecución dunha maior transparencia.

VI. Unha axeitada regulación das innovacións tecnolóxicas aplicables, tanto ao funcionamento das entidades pertencentes á economía social, como ás súas relacións coas Administracións Públicas, reconduciría ao terceiro sector iniciativas susceptibles de permanecer ocultas dentro do que se coñece como “economía informal”. Deste xeito, a construción dun marco legal axeitado para dar cabida ao cooperativismo de plataformas podería brindar unha alternativa socialmente responsable e sostible a unha economía de plataformas, escasamente compatible co respecto da normativa laboral, fiscal e administrativa vixente.

VII. No eido laboral, procede artellar procedementos que permitan detectar a constitución de “falsas cooperativas” baixo as cales se agochan actividades empresarias que pouco teñen que ver cos principios orientadores da economía social, en xeral, e polos principios cooperativos, en particular. A previsión dun réxime de encadramento no sistema de Seguridade Social “á carta”, en virtude do cal os estatutos dunha sociedade cooperativa poden decantarse, ben pola inclusión dos seus socios traballadores no Réxime xeral, ben pola súa incorporación ao Réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, non fai senón acentuar este risco. A loita contra esta “seudoidantidades”, na que fai fincapé a Resolución relativa ao traballo decente e á economía social e solidaria da OIT, debe constituír unha prioridade para os poderes públicos, coa fin de impedir, por unha banda, que a forma cooperativa encubra verdadeiro traballo asalariado, privando aos aparentes socios traballadores dos dereitos que lles corresponderían en tanto asalariados sometidos ao Estatuto dos Traballadores; e, por outra banda, que estas falsas cooperativas accedan ás axudas dispensadas ás entidades pertencentes á economía social.

VIII. Afondando na problemática inherente ao estatuto xurídico dos socios traballadores das cooperativas de traballo asociado, cómpre reconsiderar o papel dos sindicatos na defensa dos seus dereitos. A Resolución relativa ao traballo decente e á economía social e solidaria da OIT pon o acento na necesidade de velar porque os seus traballadores gocen de liberdade sindical e teñan efectivamente recoñecido o dereito á negociación colectiva. Porén, a natureza societaria que o art. 80 da Lei 27/1999, de 16 de xullo, de cooperativas, atribúe á relación mantida entre os socios traballadores e as cooperativas de traballo asociado pon en dúbida o recoñecemento dun dereito que a Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical recoñece aos traballadores, por máis que o art. 28 da Constitución española aluda ao dereito de todos a sindicarse libremente, autorizando só a exclusión dos membros das Forzas e Institutos armados e dos restantes Corpos sometidos a disciplina militar. A sentenza do Tribunal Supremo de 8 de maio de 2019 considerou, non obstante, que as exclusións contempladas no art. 28 da Constitución merecen unha interpretación restritiva, tendente a dar cabida ao recoñecemento do dereito á liberdade sindical dos socios traballadores. Un nivel axeitado de seguridade xurídica aconsellaría contemplar o recoñecemento expreso do dereito á liberdade sindical dos socios traballadores, erixindo ao sindicato como interlocutor clave entre eles e unha cooperativa cuxos intereses non son sempre concordantes cos dos seus membros. Así, poderían promover o exercicio dos dereitos dos traballadores asociados á cooperativa, como establece a Recomendación nº 193 da OIT, sobre promoción das cooperativas.

## 3. AS SOCIEDADES COOPERATIVAS GALEGAS

### 3.1. Introducción

Galicia asumiu competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, que ampliou a competencia recollida no art.28.7 do Estatuto de Autonomía. A regulación destas sociedades atópase na Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia<sup>1</sup>. A dita lei, xunto co se desenvolvemento normativo, proporcionou o marco legal para o desenvolvemento económico e empresarial das cooperativas galegas, contribuíndo á súa implantación nesta comunidade autónoma.

Entre as diferentes normas que se promulgaron ao abeiro da Lei está o Decreto de creación do Consello Galego de Cooperativas (Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro), a do Rexistro de Cooperativas (Decreto 430/2001, do 18 de decembro) e unha norma específica para os procedementos de conciliación e arbitraxe cooperativa (Decreto 248/2004, do 14 de outubro) que tamén constitúe unha novidade en relación co desenvolto polo resto de Comunidades. Ademais a comunidade, conta co Decreto 225/2012, do 15 de novembro, de creación da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e a regulación do seu funcionamento. O programa recolle axudas específicas para o desenvolvemento de proxectos no ámbito da economía social, cun catálogo específico dirixido ao ámbito rural. Esta rede, impulsada pola Consellería con competencias en Emprego e Igualdade, tenta difundir o espírito emprendedor no ámbito local, comarcal e transfronteirizo e contribuír á consolidación de emprego relacionado coa economía social. Tal e como figura na declaración de principios da Rede, tenta promover este modelo empresarial en todo o territorio e especialmente en ámbito local. A formación, a divulgación e o asesoramento son estratexias prioritarias para contribuír a este obxectivo.

---

<sup>1</sup> O texto legal foi obxecto de varias modificacións, sendo as máis importantes as producidas pola Lei 14/2011, do 16 de decembro –de modificación da Lei de Cooperativas- ; pola Lei 6/2016, do 4 de maio, da Economía Social de Galicia e as relacionadas coa Lei 5/2017, do 19 de outubro, de Fomento da Implantación de Iniciativas Empresariais en Galicia.

As cooperativas clasifícanse en distintos tipos, que se recollen no Cadro 3.1. De forma conxunta a dita clasificación, na determinación do tipo de cooperativa debe considerarse que a Lei de cooperativas introduce determinadas asimilacións. Así por exemplo, cando as persoas asociadas achegan o seu traballo persoal, a cooperativa queda baixo a regulación específica das cooperativas de traballo asociado de forma complementaria á regulación específica da clase de cooperativa de que se trate.

Cadro 3.1. Tipos de Cooperativas en Galicia.

TIPO	INTEGRANTES	OBJECTO/FIN
Agraria	Titulares de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais.	Mellora do aproveitamento das explotacións das súas persoas socias, os seus elementos ou compoñentes e a cooperativa. Mellora da poboación agraria e do desenvolvemento do medio rural. Atender calquera outro fin ou servizo que sexa propio da actividade agrícola, gandeira ou forestal ou estea relacionado directamente con elas.
Consumidores/as e usuarios/as	Persoas físicas e xurídicas e entidades ou organizacións de consumidores ou consumidoras que tivesen o carácter de destinatarios finais.	Procurar bens e servizos para o consumo das súas persoas socias e das persoas que convivan coas mesmas, producindo os bens e servizos que proporcionen ou adquiríndoos de terceiras persoas. Defensa e promoción dos dereitos dos consumidores e consumidoras, e persoas usuarias.
Ensino	Depende da modalidade: De consumidores: asocian pais e nais do alumnado ou alumnos/as. De traballo asociado: asocian profesorado e demais profesionais do ensino, así como o persoal de administración e servizos.	Actividades docentes nos seus distintos niveis e modalidades. Actividades conexas ou que faciliten o seu obxectivo principal (con carácter complementario).
Explotación comunitaria da terra	Titulares de dereitos de usos e aproveitamento de bens susceptibles de explotación agraria, que os ceden á cooperativa con independencia de traballar nela. Todos quen, sen ceder ningún dereito de goce, van prestar o seu traballo na cooperativa.	Xestionar unha única empresa ou explotación agraria, na que tamén poderán integrarse os bens que, por calquera título, posúa a cooperativa.

TIPO	INTEGRANTES	OBJECTO/FIN
Do mar	Titulares de explotacións dedicadas a actividades pesqueiras, de industrias marítimo-pesqueiras, marisqueo, acuicultura e derivadas, nas súas diferentes modalidades de mar, rías, ríos, lagos e lagoas, e a profesionais das devanditas actividades.	Prestación de subministracións e servizos. Realización de operacións encamiñadas á mellora económica e técnica das actividades profesionais ou das explotacións dos seus socios.
De servizos	Persoas físicas e/ou xurídicas titulares de actividades industriais ou de servizos, así como a profesionais e artistas que exerzan a súa actividade por conta propia.	Prestación de subministracións e servizos e/ou realización de operacións encamiñadas á mellora económica e técnica das actividades profesionais ou das explotacións dos seus socios e socias.
De servizos sociais	persoas físicas que prestan o seu traballo na cooperativa. Tamén poden participar en calidade de socio as administracións ou entidades públicas ou os axentes sociais colaboradores na prestación de servizos.	Prestación de todo tipo de actividades e servizos sociais, públicos ou privados.
De traballo asociado	Persoas naturais con capacidade legal e física para desenvolver a actividade cooperativizada.	Proporciona ás persoas socias un posto de traballo no que producen en común bens e servizos.
De transportistas	Titulares de empresas do transporte ou profesionais que poidan exercer en calquera ámbito a actividade do transporte.	Organizar e/ou prestar servizos de transporte ou ben a realización de actividades que o fagan posible.
De transportistas de traballo asociado	Persoas naturais con capacidade legal e física.	Prestarlle á cooperativa o traballo persoal das persoas socias, realizando a actividade do transporte e/ou complementarias.
De vivenda	Persoas físicas que precisan aloxamento e/ou locais para si e as persoas que convivan con elas. Tamén os entes públicos, sen ánimo de lucro mercantil e as cooperativas que precisen aloxamento para aquelas persoas dependentes dos mesmos que teñan que residir, por razón do seu traballo ou función, nos arredores dunha promoción cooperativa ou que precisen locais para o desenvolvemento das súas actividades.	Procurar vivendas, locais ou instalacións complementarias para as persoas socias.
De explotación dos recursos acuícolas	Titulares de dereitos de uso e aproveitamento de bens, relacionados co exercicio de actividades de explotación dos recursos acuícolas, presten ou non o seu traballo, así como a quen, sen ceder dereito ningún de uso, vai prestar o seu traballo nela.	Explotación de recursos acuícolas en común por parte das persoas asociadas.

TIPO	INTEGRANTES	OBXECTO/FIN
De integración social	Persoas naturais de colectivos excluídos, as súas persoas titoras e mãis o persoal de atención. Tamén poden participar como socias as administracións ou entidades públicas.	Prestación de servizos educativos, asistenciais, laborais e sanitarios ou calquera outra actividade económica coa que poidan integrarse persoas que sufran calquera tipo de exclusión social para o seu desenvolvemento laboral.
De crédito		Servir ás necesidades financeiras activas e pasivas das persoas socias e de terceiros, mediante o exercicio das actividades e dos servizos propios das entidades de crédito.
De seguros		Exercen a actividade aseguradora en calquera das súas ramas consonte a normativa ordenadora do seguro privado.
Sanitarias		Teñen por obxecto desenvolver actividades sanitarias nas súas distintas modalidades de seguros a prima fixa, de traballo asociado ou de persoas consumidoras e usuarias, e poderán realizar con carácter complementario actividades conexas ou que faciliten o seu obxecto principal.

Fonte: Lei 5/1998, de 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia, en Texto Consolidado BOE-A-1999-6940

Ademais desta clasificación xenérica, pódese destacar a existencia dalgunhas específicas. En primeiro lugar, destacan tres especialidades das cooperativas de traballo asociado e asimiladas:

- *Cooperativas xuvenís.* As ditas cooperativas son constituídas maioritariamente por persoas socias traballadoras con idades comprendidas entre 16 e 29 anos<sup>2</sup>. Pretenden proporcionar emprego e un marco estable de desenvolvemento profesional á xuventude, mediante a prestación do seu traballo persoal producindo en común bens e servizos para terceiros<sup>3</sup>.
- *Cooperativa mixta de traballo asociado.* Estas sociedades confórmanse para facilitar a captación de capital de terceiros nos proxectos cooperativos. Nestas cooperativas permítese o voto plural ponderado, debendo incluír nos seus estatutos o regulamento do exercicio de voto. A disposición adicional quinta da Lei reforza o papel das persoas socias de traballo fronte ás socias de capital<sup>4</sup>.

2 Cando as persoas socias teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, a idade máxima será de 35 anos.

3 As cooperativas xuvenís contan con vantaxes para a súa constitución, coma a redución do capital mínimo de constitución ou a non necesidade de outorgamento de escritura pública. Transcorrido o prazo marcado nos estatutos -non superior a cinco anos- deben transformarse en cooperativa ordinaria ou disolverse.

4 a) As persoas socias de capital, as cooperativas e as sociedades controladas por estas ou as entidades públicas non poderán superar un terzo dos votos sociais, e as persoas socias traballadoras non poderán ter unha


Finalmente, as cooperativas poden unirse para o desempeño de fins comúns de índole económica. A resultante será unha cooperativas de segundo grao, integrada por dúas ou máis cooperativas da mesma ou distinta clase. Ademais, as cooperativas poden asociarse para a defensa e promoción dos seus intereses en unións, federacións e confederacións de cooperativas.

Nos seguintes apartados analizaranse dúas situacións do panorama cooperativo en Galicia no ano 2021. Na primeira describirase a situación do emprendemento cooperativo dese ano atendendo ás novas cooperativas, as súas tipoloxías, distribución no territorio e persoas socias. A información deste apartado elabórase cos datos recollidos no Rexistro Galego de Cooperativas<sup>5</sup>, que inscribe e certifica os actos e negocios xurídicos das sociedades cooperativas na comunidade autónoma de Galicia. Na segunda parte do traballo analizaranse as cooperativa activas en Galicia a partir da depuración dos datos dos diferentes rexistros co fin de determinar a situación real do cooperativismo e as súas características.

### 3.2. Evolución recente do emprendemento cooperativo en Galicia

Segundo os datos dispoñibles nos diferentes Rexistros de Cooperativas, ao longo de todo o ano 2021 creáronse en Galicia un total de 135 cooperativas novas en Galicia converténdose este exercicio no de maior inscrición de entidades de toda a serie histórica mantendo unha tendencia a alza constante dende o ano 2017 e supoñendo unha variación relativa do 138% con respecto ao ano 2020 e dun 123% con respecto ao ano 2019 último exercicio prepan-démico. Estes resultados reforzan a condición do cooperativismo como modelo empresarial refuxio en momentos de dificultades económicas.

Gráfico 3.1. Cooperativas constituídas en Galicia (1990-2021)




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

A dita evolución decrecente coincide coa rexistrada no conxunto das sociedades mercantís (gráfico 3.2), coincidindo todas as sociedades mercantís nun tipo de crecemento similar.

porcentaxe inferior a un terzo dos votos sociais

5 Se combinan os datos procedentes do Rexistro Central de Cooperativas, os catro rexistros provinciais, e tamén de Rexistros externos.


Gráfico 3.2. Variación no número de Sociedades constituídas Galicia-España (2009-2021)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas e o DIRCE (INE)

Con respecto a distribución territorial, Pontevedra volve destacar como provincia con un maior pulo no que se refire a creación de cooperativas no ano 2021. De feito, algo máis da metade das novas cooperativas constituídas en Galicia nese ano atópanse nesa provincia aínda que a porcentaxe é menor que no exercicio anterior (un 56% fronte a un 52%). A Coruña segue a ser a segunda provincia con máis cooperativas creadas aumentado lixeiramente a súa aportación con respecto ao ano 2019 pero lonxe da aportación de Pontevedra (40 da primeira fronte as 70 da segunda). Lugo e Ourense seguen a moita distancia ás provincias atlánticas destacando o caso de Lugo que se sitúa como a única provincia que baixa o número de cooperativas creadas con respecto ao ano anterior.

Gráfico 3.3. Distribución das novas cooperativas por provincias (2021)




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

En canto á tipoloxía de cooperativas constituídas en Galicia no ano 2021, de xeito similar ao reflectido en informes precedentes, a fórmula de traballo asociado continúa a ser a

preferida: o 75,56 % das novas sociedades constituídas no 2021 son deste tipo, porcentaxe que aumenta ate case o 85 % se engadimos as xuvenís.

**Gráfico 3.4. Distribución das novas cooperativas por tipo de cooperativa (2021)**



*Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas*

Destaca o número de cooperativas de vivenda, dez por encima do ano anterior e situándose por encima da media da serie histórica. Así mesmo tamén é relevante a evolución da creación de cooperativas xuvenís, xa que duplicaron o seu número con respecto ao ano 2020.

Os datos de 2021 inírense nun devalar iniciado nos últimos anos, da evolución recente na creación de cooperativas (táboa 3.1), onde naceron na comunidade 946 entidades nos últimos 14 anos das que case 8 de cada dez novas cooperativas inscritas cada ano o fan baixo a modalidade de traballo asociado. Ao igual que nos últimos anos, todas as novas cooperativas conformadas en 2021 son de primeiro grao, e 11 son constituídas sen ánimo de lucro aumentando levemente a incidencia con respecto ao ano precedente e destacando esta escolla entre as cooperativas xuvenís xa que 3 das 12 creadas son desta modalidade. En canto ao sector de actividade, as referencias ao CNAE principal presentan alta variabilidade, destacando as destinadas a “construción de edificios residenciais” con 17 cooperativas nesta actividade.



Táboa 3.1. Cooperativas creadas por tipo de cooperativa (2008-2021)

																Total	
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	Nº	%	
Crédito															0		
Integración social	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0		
Traballo asociado	13	18	20	28	42	45	58	54	39	31	62	75	81	102	668	70,61%	
Consumidores e Usuarios	1	2	1	-	-	4	2	1	-	1			1	1	14	1,48%	
Vivendas	17	4	12	9	5	-	1	3	5	3	5	16	4	14	98	10,36%	
Agrarias	8	9	5	10	6	9	6	4	3	5	2	7	4	3	81	8,56%	
Explotación comun. da terra	1	2	-	-	1	1	1	1	2	-	-	2	1	2	14	1,48%	
Servicios	2	1	1	-	-	-	-	1	-	-	-	-	-	1	6	0,63%	
Mar	2	2	1	-	1	1	-	-	-	-	-	-	-	-	7	0,74%	
Transportistas	1	5	1	-	2	1	-	2	1	1	2	2	-	-	18	1,90%	
Transportistas - T. A	-	-	-	-	-	1	-	-	-	-	-	1	1	-	3	0,32%	
Seguros	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0		
Sanitarias	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0		
Servicios Sociais-T A	1	-	1	-	1	-	1	-	-	-	-	-	-	-	4	0,42%	
Ensino	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0		
Ensino-T A	2	-	-	-	-	1	-	-	-	-	1	1	-	-	5	0,53%	
Educacionais	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0		
Segundo Grao	1	-	-	1	-	1	-	1	1	-	-	-	-	-	5	0,53%	
Xuvenil de traballo	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	5	6	12	23	2,43%	
TOTAIS	49	43	42	48	58	64	69	67	51	41	72	109	98	135	946	100%	

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

### 3.3. Distribución das persoas socias nas novas cooperativas Galegas.

Segundo os datos do Rexistro Galego de Cooperativas, os datos actualizados a 31 de decembro de 2021 recollen un total de 443 socios e socias fundadoras das sociedades creadas nestes ano, 210 homes (47 %), 225 mulleres (51 %) e 8 entidades xurídicas (2 %). Este número é moi superior ao do ano anterior ao supoñer un 174 % máis ca no ano anterior. Esta diferenza tamén se manifesta no número medio de persoas socias no momento da constitución superando neste caso as 3 persoas socias. Destaca neste caso a aportación das cooperativas de vivenda pois contou cunha media por encima de 11 persoas social. Pola contra as cooperativas de traballo seguen a súa tendencia á baixa.


Táboa 3.2. Número de socios fundadores por tipo de cooperativa (2021)

	Número de persoas socias fundadoras	Media 2008-2019	Media 2020	Media 2021
Consumidores	8	46,3	10,0	8,0
Agrarias	8	34,4	5,3	2,7
Explotación comun. da terra	6	14,7	4,0	3,0
Traballo asociado	225	5,6	2,3	2,2
Servizos	4	-	-	4,0
Vivendas	161	35,4	4,5	11,5
Xuvenil TA	31	3,0	2,3	2,6
<b>TOTAL</b>	<b>443</b>	<b>24,9</b>	<b>2,6</b>	<b>3,3</b>

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

Con todo, o maior número de socios e socias fundadores de cooperativas en 2021, ao igual que nos exercicios anteriores, atópase nas de traballo asociado xa que achegan 5 de cada dez socios fundadores pero esta cifra é menor á do exercicio anterior onde a aportación era dúas persoas socias maior.

Gráfico 3.5. Participación de persoas socias das novas cooperativas galegas por tipo de cooperativa (2021)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

Os datos do Rexistro Galego de cooperativas permiten obter información do número de mulleres que figuran entre esas persoas socias fundadoras (táboa 3.3). En relación coas cooperativas constituídas en 2021, as mulleres representan un 51 % do total obtendo un resultado moito máis paritario que no exercicio precedente e mantendo a evolución positiva. Neste contexto, destaca o seu aumento en todas as tipoloxías de cooperativas con respecto aos exercicios anteriores agás no caso das cooperativas agrarias e nas de consumidores. De feito en agás nas citadas, a porcentaxe de socias fundadoras situase nunhas cifras iguais ou superiores ao 50%. Chama especialmente a atención o comportamento das cooperativas xuvenís que si ven no ano 2020 a participación de mulleres socias fundadoras apenas superaba o 14% no exercicio seguinte alcanza o 55%.

Táboa 3.3. Número de socios fundadores por tipo de cooperativa. Desagregación por sexo (2021)

	Nº cooperativas	Total Socios	Homes	Mulleres			
				N	%	2020%	% 2019
<b>Consumidores</b>	1	8	6	2	25%	50,00	45,95
<b>Agraria</b>	3	8	3	1	13%	19,05	39,69
<b>Explotación comunitaria da terra</b>	2	6	3	3	50%	50,00	37,31
<b>Traballo asociado</b>	102	225	107	118	52%	48,92	35,45
<b>Servizos</b>	1	4	0	0			
<b>Vivendas</b>	14	161	77	84	52%	33,33	35,10
<b>Xuvenil de traballo asociado</b>	12	31	14	17	55%	14,29	28,26
<b>Total</b>	135	443	210	225	51%	43,53	36,99

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

Sería convinte seguir a evolución destes resultado a fin de verificar ou no a súa consolidación no tempo atendendo, sobre todo, a que a igualdade de xénero no emprendemento cooperativo era un dos obxectivos establecidos na Estratexia Galega de Economía Social<sup>6</sup> que rematou a súa vixencia neste exercicio.

Con referencia ao capital social a táboa 3.4 informa do capital medio de constitución das sociedades cooperativas en 2021 e do ano 2020. Como se pode constatar, todas as entidades baixan lixeiramente o seu capital social agás no aso das cooperativas de explotación comunitaria de das de vivenda. As primeiras contan con un incremento moi elevado de máis de 110.000€ e no caso das segunda o investimento inicial por persoa social se duplica con respecto ao ano anterior. No que respecta as cooperativas maioritarias, as de traballo asociado, a redución de capital mínimo conta con unha escasa variación sendo o máis salientable nas xuvenís.

Táboa 3.4. Capital social medio por tipo de cooperativa (2020 - 2021)

CLASE	CM 2021	CM 2020
<b>Agraria *</b>	2.200,00 €	7.501,27 €
<b>Consumidores e usuarios</b>	3.000,00 €	3.500,00 €
<b>Explotación comunitaria da terra</b>	163.062,50 €	49.223,24 €
<b>Traballo asociado</b>	7.857,14 €	7.895,06 €
<b>Servizos</b>	4.000,00 €	-
<b>Vivendas</b>	7.857,14 €	3.525,00 €
<b>Xuvenil de traballo asociado</b>	6.616,67 €	8.716,67 €
<b>Total</b>	9.535,45 €	8.123,76 €

\*Para o ano 2021 existe unha cooperativa agraria na que non consta capital. Este é o motivo polo cal o capital medio se sitúa por debaixo do mínimo legal.


Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

Para finalizar este apartado e análise da primeira parte do capítulo que aborda o emprendemento cooperativo, o gráfico 3.6 recolle a participación relativa das sociedades

6 <https://emprego.xunta.gal/portal/portal/Emprendemento/Galego/Documentos/estratexiaeconomiasocial.pdf>

cooperativas en función do seu sector de actividade. Como nos exercicios anteriores, a maior parte destas sociedades se crean no sector servizos, en concordancia co seu peso relativo na economía galega. En concreto, preto de 8 de cada 10 cooperativas constituídas en 2021 operan neste sector, incluíndo as de servizos de transporte e construción.


Gráfico 3.6. Cooperativas por sector de actividade (2021)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

Os datos do gráfico 3.7, que reflicten as tendencias na creación de cooperativas por sector de actividade dende o ano 2009, mostran como Unha vez evolucionada a pandemia da COVID – 19 as tendencias seguen en canto ao sector servizos seguen a alza ao igual que se visualiza o punto de inflexión no sector da vivenda con respecto ao exercicio 2020.

Gráfico 3.7. Creación de cooperativas por sector de actividade. Evolución (2009-2020)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas e o Informe de Síntese das cooperativas (2013)

### 3.4. Situación do cooperativismo galego

É numerosa a bibliografía que recunca na necesidade de levar a cabo unha depuración dos datos existentes nos diferentes rexistros de cooperativas de Galicia (Babío Arcay e Jordán Rodríguez, 2008, 2010; Cancelo e Botana, 2019; Jordán Rodríguez e Babío Arcay, 2016; Jordán Rodríguez et al., 2004) atendendo ao unha problemática común de falta de baixa das entidades que non están en funcionamento. Así, tanto no libro branco de 2018 como nos posteriores informes de 2019 e 2020, os datos empregados para facer a análise do cooperativismo galego son sempre os que se extraen dos diferentes rexistros autonómicos sen ter en conta si esas entidades contan ou non con actividade ou se están en suspenso porque non remataron o proceso de liquidación e/ou disolución.

Co fin de coñecer o verdadeiro estado de situación do cooperativismo galego, neste Informe procédeuse a levar a cabo unha depuración dos datos existentes empregando para elo a información procedente de diferentes fontes e bases de datos. Metodoloxicamente óptase por levar a cabo unha triangulación tendo en conta que non é posible realizar a labor atendendo a unha única fonte. Tamén cabe sinalar que se seguiu, en todo momento, o principio de prudencia tentando chegando a ser conservadores nas decisións.

O primeiro dos pasos foi determinar as fontes ás que se acudirían para configurar a base de datos sobre a que se levaría a cabo a análise. Despois de analizar as características dos datos existentes nas diferentes fontes que cuantifican ao cooperativismo galego en diferentes ámbitos -rexistros de cooperativas, Estatísticas de ES del Ministerio de Trabajo y Economía Social, Instituto Nacional de Estadística (INE), Instituto Galego de Estadística (IGE) e Axencia tributaria- acórdase que todas elas aportan información pero esta non é comparable entre si pois non se seguen os mesmos criterios, á hora de incluír ou rexeitar parámetros ademais de non contar todas coa mesma actualización.

Diante desta situación é polo que se decide partir dos datos dos rexistros autonómicos actualizada co Inventario do Cooperativismo Galego<sup>7</sup> realizado en 2016 pola unión de cooperativas Espazocoop e actualizado posteriormente en 2019. Esta escollo susténtase principalmente na metodoloxía empregada na súa elaboración que complementa técnicas cuantitativas e cualitativas. Este método denominado triangulación (Yin, 2003) permite obter un mellor resultado ao suplir as carencias que por separado poden ter as metodoloxías.

Unha vez determinado o punto de partida, procédeuse coa súa depuración atendendo a diferentes criterios. Enténdense como activas todas as que teñan depositadas as contas no rexistro de cooperativas ou no rexistro mercantil a partires do ano 2019, teñas os cargos dos órganos de xestión actualizados ou se inscribisen nos dous últimos anos (2020 e 2021). Tamén se entenderán activas aquelas que contan con algunha actividade pública neste período. Entenderase como tal a existencia de páxina web, redes sociais ou a aparición en algún medio de comunicación. Pola contra, indicaranse como non activas aquelas que aparezan nun proceso de liquidación publicado no Diario Oficial de Galicia, non teñan presentado as contas anuais dende o ano 2019 e/ou a Axencia Tributaria lle teña retirado o número de identificación Fiscal por inactividade.

Esta combinación de fontes primarias son as que nutren unha base de datos que se remata de confeccionar en setembro de 2022 con datos actualizados a 31 de decembro de 2021 e dos que se desprende que Galicia contaba nesa data con **un total de 1.145 cooperativas activas** fronte ás 1.565 inscritas no Rexistro. Sobre este resultado realizarase o

<sup>7</sup> Base de datos configurada no ano 2016 e financiada pola convocatoria de subvencións ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e da ES convocada pola orde do 11 de febreiro de 2016.

estado de situación que non pode ter unha comparación ao non existir base equivalente comparable. O primeiro dato a destacar é que existen un total de 420 cooperativas (case un 27% do total das inscritas) que non contan con actividade e, polo tanto, serían susceptibles de comezar un proceso de liquidación se non o estivese feito.

En canto á súa tipoloxía, as cooperativas activas, tal e como se mostra na táboa 3.5, segue unha distribución semellante a que mostraban as constituídas.

Esta tendencia na tipoloxías das cooperativas activas segue a mesma tendencia que a xa anunciada no emprendemento. O 56% do tecido cooperativo galego é de traballo asociado, chegando a preto do 60 % si se suman as mixtas, de transporte, ensinanza e xuvenís de traballo. A seguinte modalidade máis presente no territorio galego serían as agrarias que representan un 22% sendo o resto das tipoloxías moito menos representativas ao atoparse todas por debaixo do 10%.

**Táboa 3.5. Cooperativas activas por tipo de cooperativa (2021)**

	2021	% respecto ao total
Mar	15	1%
Agraria	262	22%
Consumidores e usuarios	20	2%
Crédito	1	0%
Ensinanza	9	1%
Ensinanza de traballo asociado	8	1%
Explotación comunitaria da terra	44	4%
Integración social	1	0%
Mixta de traballo asociado	2	0%
Segundo grado	7	1%
Servizos	21	2%
Servizos sociais	3	0%
Traballo asociado	649	56%
Transportistas	32	3%
Transportistas de servizos	5	0%
Transportistas de traballo asociado	1	0%
Vivendas	59	5%
Xuvenil de explotación comunitaria da terra	1	0%
Xuvenil de traballo asociado	27	2%
<b>TOTAIS</b>	<b>1.167</b>	<b>100%</b>

*Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Cooperativas activas*

Se comparamos o número de entidades non activas en cada clase coas que mostra o rexistro, pódese observar que, por norma xeral, o número de cooperativas activas e non

activas está acorde á súa distribución sendo as máis numerosas as de traballo asociado seguidas polas agrarias. Así e todo, si se atende á variación entre o número de entidades inscritas e as activas as tipoloxías que conta con unha maior distorsión son as de transporte de traballo asociado seguidas polas de integración social e as de vivenda. Nos dous primeiros casos esta enorme variación (5 e 2 respectivamente) parece determinada polo escaso número de entidades, porén o caso das cooperativas de vivenda é diferente. Unha das causas desta situación pode vir determinada pola falta de necesidade da cooperativa unha vez a vivenda está construída. De feito esta situación xa está contempla a propia Lei de cooperativas de Galicia que establece a disolución destas entidades unha vez cumpra co seu obxecto social. A falta de rematar este proceso de liquidación pode ser a que dea resposta a esta situación irregular.

Táboa 3.6. Cooperativas activas e rexistradas por tipo (2021)

	Depurada	Rexistro	Variación
Crédito	1	1	1,00
Ensinanza de traballo asociado	8	8	1,00
Mixta de traballo asociado	2	2	1,00
Servizos sociais	3	3	1,00
Transportistas de servizos	5	5	1,00
Xuvenil de explotación comunitaria da terra	1	1	1,00
Ensinanza	9	10	1,11
Explotación comunitaria da terra	44	50	1,14
Consumidores e usuarios	20	23	1,15
Transportistas	32	39	1,22
Servizos	21	26	1,24
Agraria	261	333	1,28
Xuvenil de traballo asociado	23	32	1,39
Mar	15	21	1,40
Traballo asociado	633	894	1,41
Segundo grado	7	10	1,43
Vivendas	58	100	1,72
Integración social	1	2	2,00
Transportistas de traballo asociado	1	5	5,00
<b>TOTAIS</b>	<b>1.145</b>	<b>1.565</b>	<b>1,37</b>

\* Elaboración propia a partir dos datos de Cooperativas activas

A desagregación das cooperativas activas por actividade económica principal (táboa 3.7) permite observar unha alta concentración de cooperativas destinadas a actividades de agricultura, comercio, industria manufacturera, construción, actividades profesionais, e educación recollendo estas cinco activades un 76 % das cooperativas activas no ano 2021.

Táboa 3.7. Distribución de cooperativas activas por actividade económica principal (2021)

	2021
<b>A - AGRICULTURA, GANADERÍA, SILVICULTURA E PESCA</b>	337
<b>B - INDUSTRIAS EXTRACTIVAS</b>	1
<b>C - INDUSTRIA MANUFACTUREIRA</b>	113
<b>D - SUMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO</b>	1
<b>E - SUMINISTRO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN</b>	2
<b>F - CONSTRUCCIÓN</b>	100
<b>G - COMERCIO AO POR MAIOR E AO POR MENOR; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS</b>	141
<b>H - TRANSPORTE E ALMACENAMENTO</b>	52
<b>I - HOSTELERÍA</b>	38
<b>J - INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS</b>	37
<b>K - ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS</b>	2
<b>L - ACTIVIDADES INMOBILIARIAS</b>	6
<b>M - ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS</b>	90
<b>N - ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES</b>	28
<b>P - EDUCACIÓN</b>	91
<b>Q - ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS</b>	40
<b>R - ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMIENTO</b>	33
<b>S - OUTROS SERVIZOS</b>	32
<b>T - ACTIVIDADES DOS FOGARES COMA EMPLEADORES DE PERSOAL DOMÉSTICO; ACTIVIDADES DOS FOGARES COMA PRODUCTORES DE BENS E SERVIZOS PARA USO PROPIO</b>	1


Fonte: elaboración propia a partir das Cooperativas activas

### 3.5. Distribución territorial do cooperativismo

A distribución das cooperativas activas por provincias non dista do xa enunciado en informes anteriores. Así a maior concentración de cooperativas activas atópase na provincia da Coruña e Pontevedra que xuntan superan o 70 % do total destas entidades da comunidade. Pola contra Ourense segue a ser a provincia que conta con un menor número de organizacións.



Gráfico 3.8. Distribución (%) das cooperativas por provincias (2021)



Fonte: elaboración propia a partir das cooperativas activas

Esta tendencia de concentración de actividade é similar á polarización detectada nos eidos da poboación activa, o conxunto de empresas e o PIB en torno ás provincias de Coruña e Pontevedra (táboa 3.8). Con todo, séguese a observar que a concentración de sociedades cooperativas é lixeiramente inferior á do conxunto de empresas en Galicia.

Táboa 3.8. Sociedades Cooperativas activas en Galicia (Distribución territorial, 31.12.2020)

	COOPERATIVAS		Poboación Activa		Empresas		PIB <sup>(1)</sup>	
	Total	%	TOTAL	%	TOTAL	%	TOTAL	%
<b>A Coruña</b>	449	39,2	513	41,7	80.233	41,2	28.304.959	45,5
<b>Lugo</b>	181	15,8	150	12,2	24.059	12,4	7.412.296	11,9
<b>Ourense</b>	139	12,1	129	10,5	22.322	11,5	6.379.371	10,3
<b>Pontevedra</b>	376	32,8	436	35,5	68.043	35,0	20.129.229	32,3
<b>TOTAL</b>	1.145	100,0	1.228	100,0	194.657	100,0	62.225.855	100,0


(1) Datos de 2018

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Cooperativas activas

Atendendo dicotomía rural-urbano as cooperativas activas en 2021 seguen a manter o seu carácter rural pois o 60 % do tecido cooperativo galego atópase en concellos rurais<sup>8</sup>. A maior diferenza atópase na provincia de Lugo onde case o 73 % das organizacións se atopan no rural, pola contra esas diferenzas son menos acentuadas nas provincias atlánticas, Coruña e Pontevedra, onde as diferenzas non alcanzan o 57 % tendendo cara a paridade.

<sup>8</sup> Considérase concello rural aquel que non conta con ningunha zona densamente poboada a nivel de parroquia (ZDP) segundo a clasificación publicada polo Instituto Galego de Estatística.

Gráfico 3.9. Distribución territorial das cooperativas galegas. Medio urbano e rural (2021)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos das Cooperativas activas

Esta realidade explícase polas concentracións de cooperativas existentes nas urbes máis grandes destas provincias tal e como se pode observar no táboa 3.9. Así, en Vigo, concello con máis cooperativas da comunidade, teñen case o 13 % destas entidades. No caso da provincia da Coruña esta cidade xunto con Ferrol e Compostela aportan outro 17 % das cooperativas en Galicia. Pola contra a aportación que realizan as áreas urbanas de Lugo e Ourense é moi inferior e apenas supera o 4 % cada unha delas.

Táboa 3.9. Distribución territorial das cooperativas por áreas urbanas e rurais (2020)

	URBANAS		RURAIIS	
	Total	% Total	TOTAL	% Total
A Coruña	82	7,16%	255	22,27%
Ferrol	36	3,14%		
Santiago de Compostela	76	6,64%		
Lugo	49	4,28%	132	11,53%
Ourense	46	4,02%	93	8,12%
Pontevedra	16	1,40%	213	18,60%
Vigo	147	12,84%		
<b>TOTAL URBANAS</b>	452			
<b>TOTAL RURAIIS</b>	-		693	

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Cooperativas activas

### 3.6. Conclusións

A 31 de decembro de 2021 hai inscritas 1.565 cooperativas en Galicia das cales, despois de facer a correspondente depuración, atópanse activas 1.145. Isto supón que case o 27% das entidades inscritas non contan con actividade.

En Galicia, no ano 2021, un total de 135 novas cooperativas o que supón a cifra máis alta de toda a serie histórica e un 138% máis ca no ano anterior.

A distribución territorial das novas cooperativas persiste no devalar polarizado da actividade económica na comunidade galega. Así, sete de cada dez novas cooperativas localízanse nas provincias atlánticas.

O 85 % das cooperativas galegas rexistradas en 2021 o fan baixo a figura de traballo asociado a que se consolida como una das fórmulas de autoemprego na comunidade.

Mantéñese a necesidade de mellora na constitución e consolidación de cooperativas vinculadas a sectores estratéxicos da economía galega, como as cooperativas do mar, agrarias e de explotación en común da terra. Igualmente, Detéctase unha baixa incidencia dos procesos de consolidación de cooperativas, en concreto, a creación de cooperativas de segundo grao.

No que se refire ao número de persoas socias, no ano 2021 as novas cooperativas gañan dimensión con respecto ao ano anterior. Isto ven impulsado, sobre todo, polo comportamento das cooperativas de vivendas. Deste xeito as novas cooperativas pasa a ten unha media que superan as 3 persoas socias no comezo da actividade. A análise dos datos nas cooperativas que presentan desagregación por sexo do número de socios revela que a presenza feminina segue en aumento alcanzando o 51 %.

Maioritariamente as novas cooperativas sitúanse no sector servizos pero todos os sectores de actividade tiveron un aumento no número de cooperativas creadas agás no caso do sector secundario. Destaca a concentración de actividade das cooperativas en torno a cinco actividades: comercio, industria manufactureira, actividades profesionais, agricultura e educación.

As cooperativas activas en Galicia sitúanse maioritariamente nas provincias de Coruña e Pontevedra atopándose os seus domicilios en territorios rurais fronte aos urbanos. Pola contra Vigo é concello que máis empresas deste tipo aporta ao conxunto albergando case o 13 % das cooperativas da comunidade.

Por último, sería de interese establecer mecanismos que faciliten e/ou fomenten os procesos de liquidación de cooperativas co fin de instar a aquelas entidades que non teñan actividade a cursar a súa baixa no Rexistro.

## 4. AS SOCIEDADES LABORAIS

### 4.1. Introducción

Neste capítulo abordarase a análise das Sociedades Laborais galegas no ano 2021, aínda que se incorporará, nalgún dato, un maior espazo temporal para estudar a evolución deste tipo de entidades da Economía Social en Galicia.

O esquema do capítulo non coincide cos do Libro Branco e os informes publicados nos anos anteriores por dúas cuestións: a non actualización da información estatística por parte do Ministerio de Traballo e Economía Social no apartado “Sociedades Laborais inscritas na Seguridade Social” fai que o último dato de referencia para a comparativa co conxunto de España e outras CC.AA. sexa o 2º trimestre do 2020, que xa foi publicado no informe correspondente a ese ano, polo que só faremos unha pequena referencia a dita información no informe actual. Por outra banda, grazas a concesión dun contrato baixo o programa Investigo, se poido facer unha depuración das Sociedades Laborais inscritas no rexistro da Xunta de Galicia e analizar as que consideramos como probablemente activas.

Así, partindo do concepto de Sociedades Laborais, pasaremos a análise da creación das novas entidades, a partir da información que publica o Ministerio de Traballo e Economía Social e da explotación dos datos do Rexistro galego de Sociedades Laborais da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia. Nesta sección, ademais, faremos unha comparativa coa evolución no conxunto de España e coa creación no ano 2021 en outras CC.AA.

No apartado 4 analízanse os datos, para Galicia, de Sociedades Laborais activas, por sectores económicos, tipo de sociedade e por provincias.

No apartado 5 analízanse as baixas que se produciron no Rexistro galego de Sociedades Laborais no ano 2021.

No apartado 6 resumiremos a principal información dos datos dispoñibles para o ano 2020 e xa publicados no Informe anterior, para manter viva a comparativa de Galicia coas

outras comunidades autónomas, cos datos das sociedades inscritas na Seguridade Social e publicados polo Ministerio de Traballo e Economía Social.

Para finalizar, presentaremos as principais conclusións e datos relevantes deste capítulo.

## 4.2. Concepto

Como sinala a Agrupación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia (AESGAL) “unha Sociedade Laboral é aquela sociedade mercantil na que a maioría do capital social é propiedade dos traballadores que prestan nela servizos de forma retribuída, persoal e directa e cunha relación laboral por tempo indefinido.

Estas sociedades están rexidas pola Lei 44/2015 de 14 de outubro de sociedades laborais e participadas, a Lei de Sociedades de Capital e demais leis e regulamentos de aplicación.

Segundo recolle o Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, as Sociedades Laborais poden ser Sociedades Anónimas ou de Responsabilidade Limitada, que se caracterizan polos seguintes requisitos:

- 1 “Polo menos a maioría do capital social é propiedade de traballadores que prestan nelas servizos retribuídos de forma persoal e directa, en virtude dunha relación laboral por tempo indefinido.
- 2 Ningún dos socios é titular de accións ou participacións sociais que representan máis da terceira parte do capital social, salvo que:
  - A sociedade laboral constitúese inicialmente por dous socios traballadores con contrato por tempo indefinido, na que tanto o capital social como os dereitos de voto estarán distribuídos ao cincuenta por cento, coa obriga de que nun prazo máximo de 36 meses cumpran os límites legais establecidos.
  - Se trate de socios que sexan entidades públicas, de participación maioritariamente pública, entidades non lucrativas ou da economía social, nese caso a participación poderá superar o devandito límite, sen alcanzar o 50% do capital social.
- 3 O número de horas/ano traballadas polos traballadores contratados por tempo indefinido, que non sexan socios, non é superior ao 49% do cómputo global de horas-ano traballadas na sociedade laboral polo conxunto dos socios traballadores. Non computará para o cálculo deste límite o traballo realizado polos traballadores con discapacidade de calquera clase en grao igual ou superior ao 33%.”

Así, forman parte dunha Sociedade Laboral:

- Os socios de clase laboral, que prestan os seus servizos retribuídos de forma directa e persoal, son propietarios de participacións sociais, que no seu conxunto, suporán algo mais do 50% do capital social (que poden ser accións nominativas ou participacións sociais, neste caso nomeadas de igual maneira, “clase laboral”). A súa relación laboral é por tempo indefinido.
- Os socios non traballadores que poden ser persoas físicas ou xurídicas propietarios de accións ou participacións sociais e sen relación laboral coa sociedade (as accións ou participacións destes socios nomeáanse “clase general”).

Para a constitución dunha Sociedade Anónima Laboral o capital mínimo é de 60.000 euros, cunha subscrición (e desembolso) de, polo menos, o 25% de cada acción. Nas limitadas o capital mínimo é de 3.000 pero debe estar totalmente subscrito e desembolsado.

### 4.3. Creación de Sociedades Laborais en Galicia e en España

Como xa se indicou na introdución, nesta sección abórdase a análise da creación de Sociedades Laborais en Galicia e España (número de entidades e de socios es socias iniciais) utilizando os datos publicados polo Ministerio de Traballo e Economía Social, así como os procedentes do Rexistro Administrativo da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, para unha análise máis detallada do caso galego.

**Táboa 4.1. Sociedades Laborais constituídas anualmente e socios iniciais en Galicia e España. 2009-2021**

Ano	Galicia			España			% Galicia/España	
	Sociedades	Socios	Media socios	Sociedades	Socios	Media socios	Sociedades	Socios
2009	31	122	3,9	1.225	4.793	3,9	2,5	2,5
2010	47	166	3,5	1.252	4.590	3,7	3,8	3,6
2011	48	157	3,3	1.145	4.336	3,8	4,2	3,6
2012	60	263	4,4	1.006	3.895	3,9	6,0	6,8
2013	45	222	4,9	892	3.444	3,9	5,0	6,4
2014	42	146	3,5	770	2.860	3,7	5,5	5,1
2015	35	134	3,8	515	1.917	3,7	6,8	7,0
2016	29	106	3,7	417	1.398	3,4	7,0	7,6
2017	29	96	3,3	331	1.079	3,3	8,8	8,9
2018	45	138	3,1	347	1.144	3,3	13,0	12,1
2019	33	91	2,8	255	833	3,3	12,9	10,9
2020	22	54	2,5	211	621	2,9	10,4	8,7
2021	28	78	2,8	254	720	2,8	11,0	10,8
VAR 2021/2009	-3	-44	-1,1	-971	-4073	-1,1	8,5	8,3
TVA 2021/2009	-0,8	-3,7	-2,8	-12,3	-14,6	-2,7	13,0	12,8
VAR 2021/2020	6	24	0,3	43	99	-0,1	0,6	2,1
TVA 2021/2020	27,3	44,4	13,5	20,4	15,9	-3,7		

*Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Traballo e Economía Social.*

Como xa se sinalou no Libro Branco e nos Informes sobre a ES en Galicia anteriores, a constitución de sociedades laborais en Galicia non segue, exactamente o mesmo patrón que en España. Así, no período analizado (2009-2021), a media da creación destas empresas é do -0,8% de media anual, fronte ao -12,3% estatal. Galicia pasa así de representar


o 2,5% das novas sociedades laborais en España no ano 2009 ao 11% no ano 2021, presentando a maior porcentaxe no ano 2018 (13%).

No ano 2021, recupérase a creación de sociedades laborais en Galicia, despois da caída do ano anterior, na que se produciu a crise económica derivada da pandemia sanitaria provocada polo COVID-19. Así, en Galicia hai 28 novas entidades, 6 máis que o ano anterior, o que supón un crecemento do 27%. En España, hai 43 novas entidades, o que supón un 20% máis que no ano 2020.

Se analizamos o que aconteceu cos socios iniciais, no conxunto do período analizado, 2009-2021, a caída media anual foi do 3,7% no caso galego e do 14,6% no conxunto español. Así, no ano 2021, as novas sociedades galegas constitúense con 78 socios iniciais (o que supón, con relación ao ano anterior, un aumento de 24, 44%). No conxunto estatal as novas entidades teñen 720 socios iniciais, 99 máis que o ano anterior e un crecemento do 15,9%.


No ano 2021 tres comunidades autónomas representan máis do 58% da constitución de sociedades laborais en España: Madrid (91 sociedades, o 36% do total), Murcia (29 sociedades, o 11,4%) e Galicia (28 novas, o 11%). Canarias e Extremadura ao 2% das novas empresas rexistradas e hai tres comunidades nas que non se constituíu ningunha nova (Balears, Navarra e A Rioxa).

**Gráfico 4.1. Sociedades Laborais constituídas no ano 2021 nas CC.AA.**



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

**Gráfico 4.2. Socios iniciais nas Sociedades Laborais constituídas no ano 2021 por CC.AA.**



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Se analizamos os datos de socios iniciais, atopámonos coa mesma situación, o que reflicte que na constitución de novas sociedades, a media de socios por entidade sitúase entorno a 3 socios, que é o número mínimo que, con carácter xeral, marca a lexislación para a constitución deste tipo de sociedades.

No ano 2021 o sector onde se seguen a crear máis sociedades laborais é no sector servizos, tanto en Galicia (23 novas sociedades, o 82% do total) e en España (202 empresas, o 79,5%). En Galicia os sectores industriais e da construción, con dúas novas empresas creadas, representan o 7,1% do total. En España, neste ano, hai un maior dinamismo na construción, con 32 novas sociedades, o 12,6% do total, mentres que na industria créanse 17 novas empresas, o 6,7%. Na agricultura creouse unha nova empresa galega (o 3,6% do total) e en España 3 novas (o 1,2%).

**Táboa 4.2. Sociedades Laborais constituídas segundo sector en Galicia e España 2009-2021**

GALICIA														
Ano	Total		Agricultura			Industria			Construción			Servizos		
	Sociedades	Socios	Sociedades	%	Socios	Sociedades	%	Socios	Sociedades	%	Socios	Sociedades	%	Socios
2009	31	122	0	0,0	0	6	19,4	24	5	16,1	17	20	64,5	81
2010	47	166	0	0,0	0	15	31,9	57	7	14,9	20	25	53,2	89
2011	48	157	0	0,0	0	8	16,7	30	5	10,4	15	35	72,9	112
2012	60	263	1	1,7	3	19	31,7	115	3	5,0	11	37	61,7	134
2013	45	222	2	4,4	6	12	26,7	71	3	6,7	10	28	62,2	135
2014	42	146	1	2,4	3	12	28,6	47	4	9,5	15	25	59,5	81
2015	35	134	1	2,9	3	3	8,6	12	5	14,3	22	26	74,3	97
2016	29	106	0	0,0	0	4	13,8	16	1	3,4	4	24	82,8	86
2017	29	96	0	0,0	0	3	10,3	10	2	6,9	8	24	82,8	78
2018	45	138	2	4,4	6	4	8,9	12	4	8,9	16	35	77,8	104
2019	33	91	0	0,0	0	3	9,1	9	1	3,0	3	29	87,9	79
2020	22	54	2	9,1	4	3	13,6	8	2	9,1	4	15	68,2	38
2021	28	78	1	3,6	2	2	7,1	5	2	7,1	4	23	82,1	67
ESPAÑA														
Ano	Total		Agricultura			Industria			Construción			Servizos		
	Sociedades	Socios	Sociedades	%	Socios	Sociedades	%	Socios	Sociedades	%	Socios	Sociedades	%	Socios
2009	1.225	4.793	19	1,6	68	174	14,2	821	165	13,5	606	867	70,8	3.298
2010	1.252	4.590	21	1,7	72	178	14,2	674	159	12,7	549	894	71,4	3.295
2011	1.145	4.336	20	1,7	67	173	15,1	856	126	11,0	479	826	72,1	2.934
2012	1.006	3.895	18	1,8	68	153	15,2	735	95	9,4	357	740	73,6	2.735
2013	892	3.444	10	1,1	62	463	51,9	682	85	9,5	317	634	71,1	2.383
2014	770	2.860	12	1,6	41	128	16,6	522	78	10,1	299	552	71,7	1.998



GALICIA														
Ano	Total		Agricultura			Industria			Construción			Servizos		
	Sociedades	Socios	Sociedades	%	Socios	Sociedades	%	Socios	Sociedades	%	Socios	Sociedades	%	Socios
2015	515	1.917	5	1,0	20	61	11,8	298	50	9,7	174	399	77,5	1.425
2016	417	1.398	5	1,2	23	51	12,2	222	40	9,6	127	321	77,0	1.026
2017	331	1.079	5	1,5	18	47	14,2	210	33	10,0	102	246	74,3	749
2018	347	1.144	6	1,7	19	49	14,1	229	36	10,4	117	256	73,8	779
2019	255	833	1	0,4	3	37	14,5	204	19	7,5	48	198	77,6	578
2020	211	621	7	3,3	32	30	14,2	94	17	8,1	47	157	74,4	448
2021	254	720	3	1,2	8	17	6,7	66	32	12,6	88	202	79,5	558

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

A presenza das mulleres na estrutura destas sociedades acada, no ano 2021, o 100% na categoría de socios iniciais capitalistas en Galicia, sendo a porcentaxe maior que na media española (38,6%). Con relación ao informe anterior, as galegas aumentan a súa presenza nesta categoría en 33,3 puntos, mentres que en España redúcese en 2,2 puntos.

Na categoría de socios traballadores as mulleres galegas tamén teñen unha presenza lixeiramente maior nestas sociedades que no conxunto estatal, representando o 38,4% fronte o 38,1%. Con relación ao ano anterior, as mulleres reducen a súa participación tanto no caso galego (5,1 puntos), como no conxunto do estado (7 puntos).

Táboa 4.3. Tipoloxía dos socios e socias en Galicia e España 2020 e 2021

SOCIOS	ANO		Galicia	España
Total	2020	Total	54	621
		% Mulleres	35,2	32,2
	2021	Total	78	715
		% Mulleres	42,3	38,2
Socios traballadores	2020	Total	69	550
		% Mulleres	33,3	31,1
	2021	Total	73	645
		% Mulleres	38,4	38,1
Socios capitalistas	2020	Total	3	71
		% Mulleres	66,7	40,8
	2021	Total	5	70
		% Mulleres	100,0	38,6

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Táboa 4.4. Sociedades Laborais constituídas en Galicia e as súas provincias no período 2016-2021


	2016	2017	2018	2019	2020	2021
A Coruña	7	6	15	9	8	8
Lugo	1	0	3	2	0	1
Ourense	3	4	3	2	2	2
Pontevedra	18	19	24	20	13	17
GALICIA	29	29	45	33	23	28
Porcentaxe sobre o total galego						
A Coruña	24,1	20,7	33,3	27,3	34,8	28,6
Lugo	3,4	0,0	6,7	6,1	0,0	3,6
Ourense	10,3	13,8	6,7	6,1	8,7	7,1
Pontevedra	62,1	65,5	53,3	60,6	56,5	60,7
GALICIA	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Das 28 sociedades laborais constituídas en Galicia no ano 2021 o 60,7% (17) están domiciliadas na provincia de Pontevedra. A segunda provincia en dinamismo é A Coruña, que con 8 novas sociedades representa o 28,6% da creación. En Ourense rexistráronse 2 novas sociedades e 1 en Lugo. Con relación ao ano anterior, medra a creación de laborais sobre todo en Pontevedra (4 máis) e en Lugo (1).

Se analizamos o dato acumulado dos últimos catro anos (gráfico 4.3), das 187 sociedades constituídas en Galicia, 111 están na provincia de Pontevedra, 53 na Coruña, 16 en Ourense e 7 en Lugo.

Gráfico 4.3. Sociedades laborais constituídas nas provincias galegas: acumulado 2016-21



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

**Táboa 4.5. Sociedades Laborais constituídas en Galicia no período 2016-2021, segundo forma xurídica, media de socios e de capital social**

		2016	2017	2018	2019	2020	2021
Total	Número	29	29	45	33	23	28
Media socios e socias	Número	3,7	3,4	3	3	2,5	3
Socias	Porcentaxe	21,6	26,5	33,3	33,3	33,3	38,2
Media K-Social persoas físicas (euros e porcentaxe)	clase laboral	31.221	19.725	18.773	53.598	15.061	21.427
	clase xeral	6.993	2.541	2.857	21.699	1.043	1.385
	% clase laboral	81,7	88,6	86,8	71,2	93,5	93,9

*Fonte: Elaboración propia a partir do Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Xunta de Galicia*

*Nota: A media do capital social recollida na táboa é a media das 27 SLL constituídas.*

Todas as sociedades laborais constituídas no período 2016-2020 presentan a forma xurídica de Sociedade Laboral Limitada (SLL). No ano 2021 constituíuse unha Sociedade Anónima Laboral (SAL) de clase laboral, con 310.000 euros de capital social. Nas restantes 27 empresas constituídas (SLL) a media do capital social incrementouse con relación ao ano anterior en máis de 6 mil euros nas de clase laboral, sendo o incremento do capital medio de 342 no caso das de clase xeral. A porcentaxe de socias iniciais, no conxunto das laborais creadas, incrementouse ata o 38,2% (preto de 5 puntos máis que no ano anterior e 16,6 puntos máis que no ano 2016).

#### 4.4. Análise das Sociedades Laborais en Galicia e as súas provincias

A diferenza entre o número de Sociedades Laborais que constan como inscritas na Seguridade Social, segundo os datos do Ministerio de Traballo e Economía Social, e grazas a incorporación dun técnico de investigación baixo o programa Investigo, levounos a facer unha primeira depuración da base de datos, eliminando as entidades que, aínda que están rexistradas por que non se deron de baixa no Rexistro, aparentemente, non teñen actividade económica.

Metodoloxía empregada: procura de información a partir de diversas fontes empresariais como: SABI, InfoEmpresa, Ministerio de Economía e Facenda, Axencia Estatal de Administración, Datos CIF, páxina web da empresa o Cámaras de Comercio.

Resultados desta primeira depuración (xullo 2022):

- Do total de sociedades laborais inscritas no Rexistro, o 46% están activas.
- O motivo principal da inactividade das sociedades reside no peche da folla rexistral ou pola revogación do número de identificación fiscal.
- Hai 26 empresas das que non se atopa o seu estado actual

A análise da base de datos depurada do Rexistro autonómico da Xunta de Galicia mostran a presenza de 656 sociedades laborais na nosa comunidade, das cales o 3,8% son SAL (25)

e o 96,2% son SLL (631), continuando a tendencia de maior presenza das segundas fronte ás primeiras.

A provincia na que están domiciliadas a maior porcentaxe segue a ser Pontevedra (41,8%), seguida da Coruña (31,9%), Ourense (14,8%) e Lugo (11,6%). Segundo a súa forma xurídica, as SAL presentan a súa maior representación en A Coruña (64%) seguida de Pontevedra (28%). A representación destas sociedades nas provincias de Ourense e Lugo non chega ao 5% do total.

**Táboa 4.6. Número de Sociedades Laborais en Galicia e provincias segundo a súa forma xurídica. 2021**

	SAL			SLL			TOTAL
	Número	% s/total	% s/ Galicia	Número	% s/total	% s/ Galicia	
A Coruña	16	7,7	64,0	193	92,3	30,6	209
Lugo	1	1,3	4,0	75	98,7	11,9	76
Ourense	1	1,0	4,0	96	99,0	15,2	97
Pontevedra	7	2,6	28,0	267	97,4	42,3	274
GALICIA	25	3,8	100,0	631	96,2	100,0	656

*Fonte: Elaboración propia a partir da depuración dos datos do Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Xunta de Galicia*

**Táboa 4.7. Número de Sociedades Laborais en Galicia e provincias por grandes sectores. 2021.**

GRANDES SECTORES	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
Agricultura	7	1	1	7	16
Industria	36	12	12	31	91
Construción	21	8	18	34	81
Servizos	145	55	66	202	468
TOTAL	209	76	97	274	656
Porcentaxe sobre o total por provincia					
Agricultura	3,3	1,3	1,0	2,6	2,4
Industria	17,2	15,8	12,4	11,3	13,9
Construción	10,0	10,5	18,6	12,4	12,3
Servizos	69,4	72,4	68,0	73,7	71,3
TOTAL	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
Porcentaxe sobre o total galego					
Agricultura	43,8	6,3	6,3	43,8	100,0
Industria	39,6	13,2	13,2	34,1	100,0
Construción	25,9	9,9	22,2	42,0	100,0
Servizos	31,0	11,8	14,1	43,2	100,0
TOTAL	31,9	11,6	14,8	41,8	100,0

*Fonte: Elaboración propia a partir da depuración dos datos do Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Xunta de Galicia*

A maioría das sociedades laborais galegas exercen a súa actividade no sector servizos (71,3%), seguido pola industria (13,9%), construción (12,3%) e na agricultura (2,4%).

A Coruña e Pontevedra lideran a maior porcentaxe en todos os sectores de actividade, destacando o seu peso na agricultura (43,8%). No sector servizos e a construción, Pontevedra é a provincia con maior peso no conxunto galego (43,2% e 42%), sendo A Coruña a que maior porcentaxe representa no caso da industria (39,6%). Por outra banda, en Ourense destaca, despois dos servizos, na porcentaxe destas sociedades no sector da construción (18,6%), pero o seu peso no conxunto galego só é do 22,2%.

As diferenzas dos resultados co informe anterior parecen apuntar que hai un maior porcentaxe de Sociedades Laborais inactivas na provincia de Lugo.

Se analizamos os subsectores dentro dos servizos, 170 sociedades laborais operan no grupo de comercio e reparación de vehículos (36,3%). O segundo grupo máis relevante pola presenza destas entidades é o de hostalería, onde temos 92 sociedades que representan o 19,7% do total. En Lugo, esta porcentaxe elévase de forma importante, acadando o 25,5% das entidades nesta provincia.

O terceiro grupo en importancia é o de actividades profesionais, científicas e técnicas no que operan 62 sociedades laborais, representando o 13,2% do total en Galicia. A Coruña presenta a maior representación neste grupo (15,2%).


**Táboa 4.8. Número de Sociedades Laborais en Galicia e provincias: desagregación do sector servizos. 2021**

Número de sociedades laborais nos grupos do sector servizos					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
Comercio e reparación de vehículos	52	17	24	77	170
Transporte e almacenamento	5	5	8	4	22
Hostelería	21	14	13	44	92
Información e comunicacións	6	3	3	9	21
Actividades financeiras e de seguros	2	0	1	1	4
Actividades inmobiliarias	2	1	0	1	4
Activ. Profesionais, científicas e técnicas	22	6	8	26	62
Activ. administrativas e servizos auxiliares	7	0	0	7	14
Educación	10	2	0	5	17
Activ. Sanitarias e de servizos sociais	3	2	4	3	12
Activ. Artísticas, recreativas e entretememento	6	3	1	6	16
Outros sevizos	9	2	4	19	34
<b>TOTAL SERVICIOS</b>	<b>145</b>	<b>55</b>	<b>66</b>	<b>202</b>	<b>468</b>

Porcentaxes sobre o total do sector servizos					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
Comercio e reparación de vehículos	35,9	30,9	36,4	38,1	36,3
Transporte e almacenamento	3,4	9,1	12,1	2,0	4,7
Hostelería	14,5	25,5	19,7	21,8	19,7
Información e comunicacións	4,1	5,5	4,5	4,5	4,5
Actividades financeiras e de seguros	1,4	0,0	1,5	0,5	0,9
Actividades inmobiliarias	1,4	1,8	0,0	0,5	0,9
Activ. Profesionais, científicas e técnicas	15,2	10,9	12,1	12,9	13,2
Activ. administrativas e servizos auxiliares	4,8	0,0	0,0	3,5	3,0
Educación	6,9	3,6	0,0	2,5	3,6
Activ. Sanitarias e de servizos sociais	2,1	3,6	6,1	1,5	2,6
Activ. Artísticas, recreativas e entretenemento	4,1	5,5	1,5	3,0	3,4
Outros sevizos	6,2	3,6	6,1	9,4	7,3
TOTAL SERVICIOS	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir da depuración dos datos do Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Xunta de Galicia

Gráfico 4.4. Antigüidade media das Sociedades Laborais nas provincias galegas, segundo a súa forma xurídica. 2021



Fonte: Elaboración propia a partir da depuración dos datos do Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Xunta de Galicia

Se analizamos a antigüidade media das sociedades laborais galegas claramente é superior no caso das SLL, situándose no 15,1 anos de media en Galicia fronte ao 9,4% das SAL. As sociedades laborais máis lonxevas as atopamos na provincia de Lugo, cunha antigüidade media de 22 anos no caso das SAL e de 17,5 no caso das SLL.

**Táboa 4.9. Antigüidade media das Sociedades Laborais en Galicia e as súas provincias por grandes sectores de actividade. 2021**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
Agricultura	16,0	22,0	8,0	8,7	12,7
Industria	14,3	20,4	17,4	15,3	15,9
Construcción	16,4	18,0	17,6	15,1	16,3
Servizos	15,0	16,8	16,7	13,0	14,6
TOTAL	15,1	17,6	16,9	13,4	15,0

*Fonte: Elaboración propia a partir da depuración dos datos do Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Xunta de Galicia*

As sociedades laborais galegas máis antigas as atopamos no sector da industria, cunha antigüidade media de 15,9 anos, sendo neste sector as lucenses as que superan claramente esta idade (20,4 anos). No resto dos sectores a media de idade destas entidades está ao redor dos 15-16 anos, coa excepción da agricultura onde a media galega está en 12,7 anos, pola maior xuventude destas empresas en Ourense e Pontevedra (8 e 8,7 anos).

#### 4.5. Análise das Sociedades Laborais dadas de baixa no Rexistro no ano 2021

En Galicia no ano 2020 déronse de baixa voluntaria no Rexistro da Xunta de Galicia 43 sociedades das que 2 son SAL (4,7%) e 41 SLL (95,3%). O conxunto de baixas de SAL producíronse na provincia de Pontevedra. No caso das SLL, Pontevedra volve a liderar as baixas, 19, fronte as 13 da Coruña, 6 de Lugo e 3 de Ourense.

**Táboa 4.10. Sociedades Laborais dadas de baixa no ano 2021 en Galicia e as súas provincias, segundo a súa forma xurídica**

	SAL	SLL	TOTAL
A Coruña	0	13	13
Lugo	0	6	6
Ourense	0	3	3
Pontevedra	2	19	21
GALICIA	2	41	43

*Fonte: Elaboración propia a partir do Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Xunta de Galicia*

Por grandes sectores, o maior número de baixas o atopamos nos servizos, 28 no conxunto galego (65,1% do total), 16 en Pontevedra, 8 en A Coruña. e 2 en Ourense e Lugo. Asemade, Pontevedra é a provincia que presenta a maior porcentaxe de baixas neste sector no total de baixas (o 76,2%). O segundo sector co maior número de baixas é o industrial (8, que representa o 18,6%). Neste sector o maior número de desaparicións o atopamos na Coruña (4) seguida de Pontevedra (3) e Lugo (1). En Lugo a maior porcentaxe de baixas prodúcense na construción (3, o 50%).

**Táboa 4.11. Sociedades Laborais dadas de baixa no ano 2021 en Galicia e as súas provincias, por grandes sectores de actividade**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
Agricultura	0	0	0	1	1
Industria	4	1	0	3	8
Construcción	1	3	1	1	6
Servizos	8	2	2	16	28
TOTAL	13	6	3	21	43
Porcentaxe sobre o total					
Agricultura	0,0	0,0	0,0	4,8	2,3
Industria	30,8	16,7	0,0	14,3	18,6
Construcción	7,7	50,0	33,3	4,8	14,0
Servizos	61,5	33,3	66,7	76,2	65,1
TOTAL	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

*Fonte: Elaboración propia a partir do Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Xunta de Galicia*

Se analizamos a antigüidade das sociedades dadas de baixa no ano 2021 en Galicia, a media é de 10 anos sendo moi superior as das SAL (18) que as das SLL (9,6). Con relación ao informe anterior diminúe a antigüidade media das sociedades que se dan de baixa. Por provincias as máis antigas atópanse en Pontevedra (que a única provincia onde temos baixas nas SAL). No caso das SLL as máis antigas as atopamos en Lugo (14 anos de media) e as máis novas en Ourense (3,3 anos).

**Táboa 4.12. Antigüidade das Sociedades Laborais dadas de baixa no ano 2021 en Galicia e as súas provincias, segundo a súa forma xurídica**

	SAL	SLL	TOTAL
A Coruña		8,5	8,5
Lugo		14,0	14,0
Ourense		3,3	3,3
Pontevedra	18,0	10,0	10,8




GALICIA	18	9,6	10,0
---------	----	-----	------

Fonte: Elaboración propia a partir do Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Xunta de Galicia

Por sector de actividade, as sociedades dadas de baixa máis antigas as atopamos na agricultura (18 anos), seguidas polas que operan no sector da construción (11,7) sendo as máis novas as sociedades que se deron de baixa no sector dos servizos (8,3).

**Gráfico 4.5. Antigüidade das Sociedades Laborais dadas de baixa no ano 2021 en Galicia, por grandes sectores de actividade**



Fonte: Elaboración propia a partir do Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Xunta de Galicia

#### **4.6. Resumo da comparativa das Sociedades Laborais inscritas na Seguridade Social en Galicia e España no 2º trimestre do 2020**

A non actualización, por parte do Ministerio de Traballo e Economía Social, da información do número de sociedades laborais inscritas na Seguridade Social e os empregos nas mesmas, fai imposible unha comparativa da situación das mesmas de Galicia con España e outras Comunidades Autónomas, polo que, nesta sección, limitámonos a reproducir os principais datos recolleitos no informe anterior, relativos a xuño do 2020.

En xaneiro de 2020 en Galicia había 442 sociedades laborais inscritas na Seguridade Social. Ao longo do ano se rexistraron 22 novas e, ata o 30 de xuño, déronse de baixa 47 o que nos arroxa un saldo neto de -25 sociedades, dato inicialmente mellor que o do ano anterior, que hai que matizar xa que non estamos a analizar o mesmo espazo temporal. A porcentaxe de creación neta de sociedades en Galicia neste ano foi de -5,7% o que nos sitúa por debaixo da media española neste indicador (-4,4%). A evolución ao longo do período da

creación neta no conxunto do estado e en Galicia é moi similar, con diferenzas nalgúns dos anos da serie.

Táboa 4.13. Creación neta de Sociedades Laborais en Galicia e España. 2009-2020


GALICIA						
Ano	Sociedades activas 01/01	Novas sociedades rexistradas	Sociedades activas 31/12	Sociedades dadas de baixa	Creación neta de sociedades	% Creación neta de sociedades
2009	971	31	856	146	-115	-11,8
2010	856	47	791	112	-65	-7,6
2011	791	48	709	130	-82	-10,4
2012	709	60	669	100	-40	-5,6
2013	669	45	618	96	-51	-7,6
2014	618	42	582	78	-36	-5,8
2015	582	35	539	78	-43	-7,4
2016	539	29	519	49	-20	-3,7
2017	519	29	481	67	-38	-7,3
2018	481	45	473	53	-8	-1,7
2019	473	33	442	64	-31	-6,6
2020	442	22	417	47	-25	-5,7

ESPAÑA						
Ano	Sociedades activas 01/01	Novas sociedades rexistradas	Sociedades activas 31/12	Sociedades dadas de baixa	Creación neta de sociedades	% Creación neta de sociedades
2009	17.651	1.225	15.679	3.197	-1.972	-11,2
2010	15.679	1252	14.574	2.357	-1.105	-7,0
2011	14.574	1.145	13.465	2.254	-1.109	-7,6
2012	13.465	1006	12.294	2.177	-1.171	-8,7
2013	12.294	892	11.322	1.864	-972	-7,9
2014	11.322	770	10.828	1.264	-494	-4,4
2015	10.828	515	10.313	1.030	-515	-4,8
2016	10.313	417	9.787	943	-526	-5,1
2017	9.787	331	9.234	884	-553	-5,7
2018	9.234	347	8.725	856	-509	-5,5
2019	8.725	255	8.160	820	-565	-6,5
2020	8.160	211	7.801	570	-359	-4,4

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Gráfico 4.6. Evolución número de sociedades Galicia y España 2009-2020




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

A evolución das sociedades laborais en Galicia, continua a senda decrecente que xa se puxo de manifesto no Libro Branco da Economía Social de Galicia no ano 2019. Así, a 30/06 do ano 2020 había 417 sociedades inscritas na Seguridade Social (S.S.), sendo 439 menos das que había no ano 2009, cunha taxa de variación media anual do -6,3 %, moi similar á media española (-6,1 %), tal e como se pode apreciar no gráfico anterior. No último ano, a variación foi do -5,7% no caso galego, sendo superior a caída que na media estatal (-4,3%). O que resulta de interese é que estas caídas do número de entidades non foran maiores, dada a crise económica provocada pola pandemia sanitaria a causa da COVID-19, sendo, incluso, menores que a media do período completo.


No número de traballadores a situación é dunha maior caída no caso galego que perde 1.920 empregos no conxunto do período, cunha variación media anual do -5,6% fronte ao -4,2% da media estatal. Con todo, no último ano en Galicia perdéronse 123 empregos, o que supón unha caída do -5,4%, sendo esta moi inferior á media de España (-8,8%).

**Gráfico 4.7. Evolución número de traballadores nas Sociedades Laborais en Galicia e España 2009-2020**



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

**Gráfico 4.8. Número de Sociedades laborais inscritas na Seguridade Social por CC.AA. 2020**




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

A Comunidade Autónoma que ten o maior número de sociedades laborais é Andalucía que con 1.702 representaría o 21,8% do total das 7.796 españolas (sen incluír a Ceuta e Melilla) e que supón máis de dos puntos que o seu peso no PIB de España (19,3%)<sup>1</sup>. Madrid, Castela- A Mancha, Cataluña e a Comunidade Valenciana séguenlle de cerca pero nestas comunidades o peso das sociedades laborais é inferior a súa achega ao PIB de España. Galicia é a novena CC.AA. segundo o seu peso nas Sociedades Laborais en España, representando o 5,3% do total, o que supón unha porcentaxe lixeiramente superior ao seu peso no PIB (5,2%).

<sup>1</sup> Dato de Contabilidade Rexional de España do INE

No número de empregos, Andalucía, con 10.496 segue a ser a CC.AA. con maior presenza (o 19% do total, 54.903 que suman as comunidades analizadas). En cambio, se analizamos o cociente empregos/sociedades a CC.AA. con maior valor do mesmo é País Vasco con 11,9, seguida de Navarra e Cantabria, co 9,6 e o 9,4%, respectivamente. Galicia, con 2.162 empregos, representaría o 3,9% do total (polo que a súa representación é claramente inferior á que víamos co número de sociedades e a ratio de emprego por número de sociedades, de 5,2, está moi afastada da media, que se sitúa en 7,0, e só supera as comunidades de Castela- A Mancha, Castela e León e Aragón.

**Gráfico 4.9. Número empregos nas Sociedades laborais inscritas na Seguridade Social por CC.AA. 2020**



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

**Táboa 4.14. Sociedades Laborais inscritas na Seguridade Social en 2020 por CC.AA.: porcentaxe sobre o total de España no número de sociedades e empregos e media do emprego**

	Sociedades % s/ total	Emprego s/ total	Media emprego
ANDALUCIA	21,8	19,1	6,2
ARAGON	3,6	2,4	4,7
ASTURIAS	3,7	3,8	7,2
BALEARES	1,0	0,9	6,1
CANARIAS	2,6	2,1	5,7
CANTABRIA	1,3	1,8	9,4
CASTILLA-LA MANCHA	8,9	6,4	5,1
CASTILLA Y LEON	5,9	4,1	4,9
CATALUÑA	8,1	10,5	9,1
COM. VALENCIANA	7,5	7,9	7,4

	Sociedades % s/ total	Emprego s/ total	Media emprego
EXTREMADURA	2,9	3,0	7,5
GALICIA	5,3	3,9	5,2
MADRID	11,4	11,9	7,3
MURCIA	6,2	6,8	7,8
NAVARRA	2,8	3,9	9,6
PAIS VASCO	6,5	11,1	11,9
RIOJA (LA)	0,4	0,3	5,5
<b>TOTAL</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>7,0</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Se atendemos á forma xurídica, no ano 2020 tiñamos 27 Sociedades Anónimas Laborais (SAL) que daban emprego a 346 persoas, polo que son 3 sociedade menos que no ano anterior (-6,9%) e 31 empregos menos (-10,3%). En España a tendencia é a mesma que en Galicia, pero cunha menor caída das SAL e do emprego (-4,1% e -8,4%, respectivamente).

A evolución das Sociedades Limitadas Laborais (SLL) é similar. En Galicia no ano 2020 había 390 entidades que daban emprego a 1.816 persoas o que supoñen 22 menos que no ano anterior (-5,3%) e unha perda de 92 empregos (-4,8%). A caída do número de sociedades é lixeiramente menor en España (-4,1%) e a perda de empregos é sensiblemente superior (-8,4%).

Para analizar a distribución por grandes sectores das sociedades temos que acudir aos datos por Centros de Cotización. A referencia temporal é a mesma, os datos do 2020 están referidos a 30 de xuño.

No ano 2020 o 4,8% das sociedades laborais españolas do sector agrario están en Galicia (7), as cales representan o 1,6% do total destas entidades na CC.AA. O sector no que atopamos máis empresas é no de Servizos, 305 en Galicia que representan o 67,6% do total, porcentaxe lixeiramente superior que o peso deste sector na media española (64,9%). Na industria galega hai 77 entidades deste grupo da ES que supoñen o 17,1% do total, porcentaxe inferior do que presentan no conxunto do Estado (19,2%). Por último, na construción atopámonos con 62 sociedades laborais en Galicia (o 5,3% do total español e o 14,1% do galego).

Táboa 4.15. Distribución sectorial por Centros de Cotización en Galicia e España. 2020

	CENTROS			TRABALLADORES			Media traballadores	
	GALICIA	ESPAÑA	% GA/ES	GALICIA	ESPAÑA	%GA/ES	GALICIA	ESPAÑA
Agricultura	7	147	4,8	18	965	1,9	2,6	6,6
Industria	77	1.593	4,8	702	15.106	4,6	9,1	9,5
Construción	62	1.169	5,3	252	7.496	3,4	4,1	6,4
Servizos	305	5.375	5,7	1.300	31.387	4,1	4,3	5,8
<b>TOTAL</b>	<b>451</b>	<b>8.284</b>	<b>5,4</b>	<b>2.272</b>	<b>54.954</b>	<b>4,1</b>	<b>5,0</b>	<b>6,6</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Con respecto ao número de traballadores, o maior cociente con relación ao número de centros de cotización a atopamos no sector industrial, con 9,1 en Galicia porcentaxe lixeiramente inferior que a media española (9,5). No lado oposto atopamos ao sector da agricultura, que presenta 2,6 traballadores por centro de cotización en Galicia e, o algo máis do dobre (6,6) en España. Nos sectores de construción e servizos, este cociente está entorno ao 4,2 en Galicia e, algo superior (sobre 6) en España.

#### 4.7. Conclusións

As Sociedades Laborais son unha fórmula de auto emprego que xurdiron para dar saída a empresas que estaban en situación e crise, aínda que se constata que moitas das constituídas son de nova creación. Son sociedades mercantís nas que a maioría do capital social é propiedade dos traballadores que prestan servizos de forma retribuída, persoal e directa cunha relación laboral por tempo indefinido.

No ano 2021 constituíronse 28 novas sociedades laborais en Galicia, 23 no sector servizos, 2 na industria e na construción e 1 na agricultura. Son 6 máis que no ano anterior, cunha variación do 27%, situándose por encima do crecemento medio español (20,4%).

Por provincias, A maior creación prodúcese en Pontevedra, co 60,7% das sociedades constituídas seguida de A Coruña, que representa o 28,6%. Ourense diminúe a súa participación con relación ao ano anterior (7,1% fronte ao 8,7%) mentres que Lugo auméntaa (do 0% ao 3,6%).

Por comunidades autónomas, hai tres que representan máis do 58% da constitución de sociedades laborais en España: Madrid (91 sociedades, o 36% do total), Murcia (29 sociedades, o 11,4%) e Galicia (28 novas, o 11%).

A presenza das mulleres na estrutura destas sociedades acadada, no ano 2021, o 100% na categoría de socios iniciais capitalistas en Galicia, sendo a porcentaxe maior que na media española (38,6%). Con relación ao informe anterior, as galegas aumentan a súa presenza nesta categoría en 33,3 puntos, mentres que en España redúcese en 2,2 puntos.

A partir da depuración da información do Rexistro de Sociedades Laborais da Xunta de Galicia, no ano 2021 habería 656 sociedades activas na nosa comunidade, atopándose a maioría as provincias de Pontevedra (274) e A Coruña (209). A maioría exercen a súa actividade nos servizos (71,3%), seguida pola industria (13,9%), construción (12,3%) e agricultura (2,4%). A súa antigüidade media é de 15 anos. As sociedades con máis idade as atopamos en Lugo, 17,6 anos, sobre todo na agricultura (22 anos) e na industria (20,4)

A evolución destas sociedades, en Galicia e España, segundo os datos publicados polo ministerio, é decrecente no tempo. No último ano, a data de 30 de xuño do 2020, hai 417 sociedades galegas inscritas na Seguridade Social, sendo 439 menos que as que había no ano 2009, cunha caída media anual similar á media española (-6,3%).

Nese ano, perdéronse 123 empregos nestas sociedades en Galicia, -5,4%, caída moi inferior á media española (-8,8%).

A presenza das mulleres na estrutura destas sociedades en Galicia acadou o 66,7% no ano 2020 na categoría de socios capitalistas e o 33,3% nos traballadores, sendo ambas porcentaxes superiores ás da media española (40,8% e 31,1%). Con relación ao informe anterior, aumenta o peso feminino na categoría de socios capitalistas aínda que diminúe nos traballadores. No conxunto, as mulleres representan o 35,2% dos socios, reducindo a súa participación con relación ao ano anterior (42,9%).

## 5. EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL

### 5.1. Marco Normativo das Empresas de Inserción

A regulación das empresas de inserción a nivel estatal réxese pola Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime de empresas de inserción, modificada pola Lei 27/2009, do 30 de decembro, de medidas urxentes para o mantemento e o fomento do emprego e a protección de persoas desempregadas. No seu Artigo 4, defínese a empresa de inserción como “aquela sociedade mercantil ou sociedade cooperativa legalmente constituída que, debidamente cualificada polos organismos autonómicos competentes na materia, realice calquera actividade económica de produción de bens e servizos, cuxo obxecto social teña como fin a integración e formación sociolaboral de persoas en situación de exclusión social como tránsito ao emprego ordinario”. Ademais de proporcionar un traballo remunerado e formación específica, as empresas de inserción deberán ter servizos de intervención o acompañamento para facilitar a posterior incorporación ao mercado de traballo ordinario.

Segundo a Lei 44/2007, as empresas de inserción deben cumprir, ademais dos relativos ao rexistro e ás entidades promotoras, os seguintes requisitos:

- Estar promovidas e participadas por entidades sen ánimo de lucro. Esta participación será, como mínimo, o 51% en sociedades mercantís.
- Manter, en cómputo anual, a lo menos un 30% de traballadores en proceso de inserción durante os primeiros tres anos de actividade e de a lo menos o 50% a partir do cuarto.
- Non realizar actividades económicas diferentes ás do seu obxecto social
- Dedicar a lo menos un 80% dos resultados ou excedentes do exercicio á mellora das estruturas produtivas e de inserción
- Presentar anualmente un Balance Social da actividade da empresa
- Dispoñer dos medios necesarios para cumprir cos compromisos derivados dos itinerarios de inserción sociolaboral



Atendendo ao disposto na Lei 31/2015, de 9 de setembro, pola que se modifica e actualiza a normativa en materia de autoemprego e se adoptan medidas de fomento e promoción do traballo autónomo e da economía social, as EIL adquiren a consideración de entidades prestadoras de servizos de interese económico xeral.

A esta medida engádese a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, que entrou en vigor en marzo do 2018, que favorece o desenvolvemento do sector ao incorporar novas oportunidades de contratación para as empresas de inserción. Entre outras, que as administracións públicas deberán reservar a participación en determinadas licitacións a empresas de inserción; que dividiranse os contratos en lotes, podendo reservarse tamén lotes a empresas de inserción e que se dará prioridade ás ofertas con mellor calidade/prezo, fronte ás máis baratas, debendo terse en consideración criterios sociais ou ambientais para avaliar a calidade.

No que respecta a Galicia, a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia (DOG núm. 249, do 31 de decembro) regula as empresas de inserción no capítulo II do seu título IV.

Atendendo ao artigo 62 de dita Lei, a Xunta de Galicia promoverá as empresas de inserción como recurso para facilitar a incorporación ao mercado laboral ordinario das persoas en situación ou risco de exclusión social, cualificación esta que será acreditada polo Sistema galego de servizos sociais.

O Decreto 156/2007, do 19 de xullo, regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral, crea o seu rexistro administrativo e establece as medidas para o fomento da inserción sociolaboral. A Orde do 29 de decembro de 2008, pola que se regula o procedemento de cualificación das empresas de inserción laboral e a organización e funcionamento do seu rexistro, desenvolve o antedito decreto.


As empresas de inserción teñen como trazo característico o requisito de aplicación dun itinerario de inserción, que debe ser aceptado pola persoa en situación de exclusión social contratada. As accións de intervención consistirán nun conxunto de servizos, prestacións, acción de orientación, tutoría e procesos personalizados e asistidos de traballo remunerado, formación no posto de traballo ou habituación laboral e social, encamiñados a satisfacer ou resolver problemáticas específicas derivadas da situación de exclusión.

## 5.2. As empresas de inserción en Galicia

Descubrimos a continuación os trazos característicos das Empresas de Inserción Laboral (EIL) en Galicia. Empregaremos a información que nos proporciona a Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, os datos dispoñibles na base de datos SABI e tamén datos proporcionados pola Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (AEIGA). Presentaremos os datos básicos como son o número de EIL en Galicia, a actividade que desenvolven, algúns datos financeiros e outros datos relativos ao emprego que xeran.

Desde o comezo do rexistro en Galicia no 2008 ata o 2021, rexistráronse 25 EIL, das cales dúas tiñan actividade no sector primario, tres na industria, unha na construción e o resto no sector servizos. A cifra de EIL (gráfico 5.1) foi crescendo ata o 2011, cando acadou o seu máximo da serie con 15 empresas rexistradas; descende posteriormente ata o 9 no 2013; mantívose entre 10 e 11 ata o 2018, ano a partir do cal volve a comezar unha senda ascendente ata as 13 entidades do 2020 e 2021.

Gráfico 5.1. Evolución do número de EIL en Galicia (2008-2021)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos proporcionados pola Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

En decembro de 2021 hai 13 empresas de inserción activas e rexistradas na Xunta de Galicia. A máis nova rexistrouse nese mesmo ano e a que leva máis tempo o fixo no 2008 (cadro 5.1). Todas teñen a forma xurídica de sociedade limitada.


Cadro 5.1. EIL en Galicia 2021. Ano de rexistro e forma xurídica

Nome da empresa	Ano de rexistro	Forma xurídica
PRIMICIAS RAIÑA, SLU	2021	Sociedade limitada
VIVIR DO TRABALLO EIL, SLU	2020	Sociedade limitada
AHORTAS EIL, SLU	2019	Sociedade limitada
SERVICIOS COMERCIALES DE INSERCIÓN LABORAL EIL, SLU	2019	Sociedade limitada
TROCO SOLIDARIO SLU	2017	Sociedade limitada
ARROUPA SANTIAGO EIL, SLU	2015	Sociedade limitada
FEITO PONTEVEDRA EIL, SLU	2014	Sociedade limitada
COROCEIRO EIL, SLU	2012	Sociedade limitada
PROPERDIS EIL, SLU	2011	Sociedade limitada
COMPOSTELA INSERTA EIL, SLU	2010	Sociedade limitada
EIL GRUPO DILL, SLU	2010	Sociedade limitada
EIL INSERGAL, SLU	2009	Sociedade limitada
EIL CORMO INTEGRAL, SLU	2008	Sociedade limitada

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos proporcionados pola Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.


Por provincias, a maioría, 7, teñen a sede na provincia de A Coruña, 4 en Pontevedra e 2 en Lugo (gráfico 5.2). En canto ás actividades desenvolvidas por estas empresas, nove delas clasifícanse no sector servizos, dúas no sector primario, unha na industria e outra na construción (gráfico 5.3). No cadro 5.2, incluimos o detalle da actividade principal que desenrola cada unha delas atendendo ao código CNAE-2009 de catro díxitos.

**Gráfico 5.2. EIL en Galicia 2021. Distribución por provincias**



*Fonte: Elaboración propia a partir dos datos proporcionados pola Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.*

**Gráfico 5.3. EIL en Galicia 2021. Distribución por sectores**



*Fonte: Elaboración propia a partir dos datos proporcionados pola Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.*

## Cadro 5.2. EIL en Galicia 2021. Actividade por código CNAE-2009

EMPRESA	CNAE	Actividade	Sector
PRIMICIA RAÍÑA, SLU	161	Agricultura ecolóxica (producción e comercialización)	Agricultura
VIVIR DO TRABALLO EIL, SLU	3831	Separación e clasificación de materiais	Industria
AHORTAS EIL, SLU	4631	Comercio por xunto de froitas e hortalizas	Servizos
SERVICIOS COMERCIALES DE INSERCIÓN LABORAL EIL, SLU	4779	Comercio polo miúdo de artigos de segunda man.	Servizos
TROCO SOLIDARIO, SLU	9499	Outras actividades asociativas n.c.o.p.	Servizos
ARROUPA SANTIAGO EIL, SLU	4690	Comercio ao por maior non especializado	Servizos
FEITO PONTEVEDRA EIL, SLU	8130	Actividades de xardinería	Servizos
COROCEIRO EIL, SLU	142	Explotación de outro gando bovino e búfalos	Agricultura
PROPERDIS EIL, SLU	4121	Construción de edificios residenciais	Construción
COMPOSTELA INSERTA EIL, SLU	8121	Limpeza xeral de edificios	Servizos
EIL GRUPO DILL, SLU	4791	Comercio polo miúdo por correspondencia ou Internet	Servizos
EIL INSERGAL, SLU	5621	Provisión de comidas preparadas para eventos	Servizos
EIL CORMO INTEGRAL, SLU	7830	Outra provisión de recursos humanos	Servizos

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos proporcionados pola Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

Se atendemos á evolución da facturación do conxunto das EIL desde 2012 (táboa 5.1), observamos que acada a cifra máis alta do período no 2019 (o último ano do que dispoñemos de datos na base SABI é o 2020), se ben é certo que ese ano compútanse a cifra máis alta de empresas (12). Para o cálculo da facturación, tomouse o valor do importe neto da cifra de vendas das empresas para as que hai datos dispoñibles na SABI (excepto no caso da empresa Troco Solidario S.L. onde empregamos o dato dos Ingresos de explotación; para esta empresa, no 2020 tomouse o dato do 2019 ao non estar actualizado no momento do peche de este traballo).

**Táboa 5.1. Facturación (importe neto cifra de ventas\*) das EIL\*\* en Galicia 2012-2020**

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Nº empresas	5	6	7	6	8	10	10	12	11
Facturación (euros)	1.135.328	1.252.913	1.267.860	981.148	1.276.060	1.613.829	1.721.649	2.256.915	2.200.019

(\*) Para a empresa TROCO SOLIDARIO S.L. tomouse o dato dos Ingresos de explotación.

(\*\*) Só se consideran aquelas que teñen datos en SABI. No caso de TROCO SOLIDARIO S.L. tomouse o dato do 2019 ao non estar actualizado ao 2020 no momento do peche deste traballo.

Fonte: Elaboración propia con datos de SABI

Agora ben, dado que o número de empresas non é o mesmo todos os anos, resulta máis ilustrativo o dato da facturación por traballador (táboa 5.2), resultante de distribuír o total da facturación entre o total de empregados (empregados medios, isto é, calculados a tempo completo). Neste caso só podemos considerar para o cálculo as EIL que teñen o dato de número de empregados na base SABI. Obsérvase desde o 2014 unha diminución da facturación por traballador, aínda que supera todos os anos do período os 25.000 euros e mesmo chega a superar os 45.000 no 2014. Entre o 2019 e o 2020 obsérvase un incremento importante do número de traballadores (de 74 a 84), a pesar de que o número de empresas considerado é menor.

As cifras da facturación por traballador nas EIL galegas garanten que estas empresas compren coa combinación de obxectivos deste tipo de iniciativas empresariais: a viabilidade empresarial e o desenvolvemento de metodoloxías que fagan posible a inserción laboral das persoas en, ou en risco de, exclusión.

**Táboa 5.2. Nº empregados e facturación por traballador (euros) nas EIL\* en Galicia 2012-2020**

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Nº empresas*	4	5	7	6	6	9	10	12	11
Empregados (medios)	32	43	28	27	33	49	55	74	84
Facturación por empregado	35.099	28.791	45.281	36.339	31.232	29.034	31.303	30.499	26.191

(\*) Só se consideran aquelas que teñen datos do número de traballadores na base SABI. Para a empresa TROCO SOLIDARIO S.L. tomouse o dato do 2019 ao non estar actualizado ao 2020 no momento do peche deste traballo.

Fonte: Elaboración propia con datos de SABI

Co obxecto de poder obter algunha información adicional sobre a actividade das EIL en Galicia, empregamos agora os datos ofrecidos pola Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (AEIGA). O número de empresas pertencentes a dita Asociación foi aumentando desde 3 en 2015 ás 9 do ano 2021.

Atendendo aos datos dispoñibles ao peche de este traballo (de oito das nove empresas pertencentes a AEIGA), no 2021 hai contratadas un total de 182 persoas (táboa 5.3), das que o 60% son mulleres (110 mulleres). Das 182 persoas contratadas, 153 o estaban na modalidade de inserción. O 81% das mulleres (89 mulleres) e o 89% dos homes (64 homes) estaba en inserción (gráfico 5.4). Estas cifras amosan un crecemento importante da

contratación de mulleres en inserción (de 17 en 2019 a 89 no 2021), que pasan a superar ao número de homes. Do total de persoas contratadas, 78 eran receptoras da RISGA e 114 eran persoal en inserción subvencionado. Durante o ano 2021, 11 persoas puideron inserirse no mercado laboral ordinario.


**Táboa 5.3. Persoas contratadas nas EIL de AEIGA total e por sexo, 2019-2021**

	Nº de empresas	TOTAL persoas contratadas	Total Homes	Total Mulleres
2019	8	87	61	26
2020	8	140	74	66
2021	8	182	72	110
			40%	60%

*Nota: Dispoñemos do dato de 8 das 9 empresas de AEIGA.*

*Fonte: Información proporcionada por AEIGA*

**Gráfico 5.4. Persoas contratadas en inserción nas EIL de AEIGA por sexo.**



*Nota: Dispoñemos do dato de 8 das 9 empresas de AEIGA.*

*Fonte: Información proporcionada por AEIGA*

Ademais dos ingresos por facturación e das axudas públicas ás que pode optar calquera outra empresa, hai axudas e subvencións específicas para as EIL. En concreto en Galicia, a Consellería de Emprego e Igualdade (anteriormente Consellería de Economía, Emprego e Industria) convoca anualmente axudas para fomentar tanto a creación como o mantemento deste tipo de empresas. Ditas axudas permiten cubrir unha parte do custo salarial das persoas vulnerables e tamén do custo adicional que se deriva do emprego deste tipo de traballadores.

En concreto, na Orde de 27 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás empresas de inserción laboral (EIL) e ás súas entidades promotoras, e procédese a súa convocatoria para o ano 2022, especificáanse dous programas de axudas:

- a) Programa I: axudas ao mantemento do custo salarial das persoas traballadoras en risco ou situación de exclusión social.
- b) Programa II: axudas para compensar os custos adicionais do emprego de persoas en risco ou situación de exclusión social.

Neste segundo programa dispóñense axudas para:

- asistencia técnica para a creación mellora e diversificación de EIL;
- inicio e posta en marcha da actividade;
- creación e ampliación de novos postos de traballo para persoas en inserción;
- contratación de xerentes ou persoas técnicas;
- contratación de persoal técnico en orientación e acompañamento á inserción;
- formación para as persoas en proceso de inserción e
- realización de labores de mediación laboral.

Nalgunha destas subvencións o incentivo base poderá incrementarse en certas porcentaxes (acumulables entre si) cando a persoa contratada é unha muller, cando a persoa contratada é maior de 45 anos e cando o centro de traballo está nun concello rural.

As partidas orzamentarias dirixidas a estes programas de incentivos previstas para o 2022 ascenden inicialmente a un total de 1.000.000 euros, polo que se mantén a liña ascendente que se traza claramente se tomamos como punto de partida os 378.790 euros do ano 2018, como pode verse na táboa 5.4. Como se observa nela, o crédito aprobado inicialmente nas bases reguladoras dos anos 2019, 2020 e 2021 veuse ampliado posteriormente.

**Táboa 5.4. Contía das subvencións da Xunta de Galicia (Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade\*) ás EIL en Galicia 2017-2021 (euros)**

ORDEN	ORZAMENTO	PROG I	PROG II	AMPLIACIÓN	PROG I	PROG II	AMPLIACIÓN	PROG I	PROG II	TOTAL
2017	378.790									378.790
2018	378.790									378.790
2019	380.000	900.000	80.000	157.241	154.241	3.000				537.241
2020	400.000	330.000	70.000	257.568	240.000	17.568	100.000	80.000	20.000	757.568
2021	800.000	675.000	125.000	125.000	125.000					925.000

*Nota 2021: reasignación crédito -20.000 Prog. I a Prog II*

*(\*) Anteriormente Consellería de Economía, Emprego e Industria*

*Fonte: Información proporcionada por AEIGA*

Ademais da importante aportación que a integración no mercado laboral de persoas en exclusión supón para a cohesión social, a actividade das EIL proporciona tamén un retorno económico para as administracións públicas, fundamentalmente vía impostos. Tamén supón un aforro para as administracións públicas dado que unha parte importante das persoas traballadoras en inserción deixan de percibir a renda de integración social (en Galicia a RISGA). Segundo datos das Memorias Sociais de FAEDEI, ata o 2020 a suma do retorno económico e do aforro para as administracións públicas supera as axudas públicas recibidas polas EIL consideradas. Á hora de pechar este traballo, non dispoñemos dese dato para o 2021.

### 5.3. Conclusións

As empresas de inserción teñen como obxecto a mellora da empregabilidade e a incorporación ao mercado laboral ordinario das persoas en situación ou risco de exclusión social. Con tal fin, deséñase un itinerario de inserción individualizado, dun máximo de tres anos de duración, que debe ser aceptado pola persoa en situación de exclusión social contratada.

O ano 2021 a situación socio-económica sigue a vir marcada pola pandemia do COVID-19. Ata as 00:00 horas do día 9 de maio de 2021, mantívose en vigor o estado de alarma en virtude do Real Decreto 956/2020, de 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado no Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro. Aínda que as limitacións á mobilidade e á actividade foron menores que as declaradas no 2020, as empresas e os fogares seguiron moi condicionadas pola evolución da pandemia.

Nese contexto, no 2021 o número de empresas de inserción en Galicia mantívose en 13. Delas, nove clasifícanse no sector servicios, dúas no sector primario, unha na industria e outra na construción. Por provincias, a maioría, 7, teñen a sede na provincia de A Coruña, 4 en Pontevedra e 2 en Lugo. Todas teñen a forma xurídica de sociedade limitada.

No referente ao número de persoas contratadas e a facturación por traballador, os datos dispoñibles na base SABI só chegan ao ano 2020, polo que só permiten coñecer o impacto do primeiro ano da pandemia sobre estas variables. O que se observa é o crecemento continuado do número de persoas empregadas en empresas de inserción en Galicia (empregados medios), que chegan a 84 no 2020. En canto á facturación por traballador diminúe de 30.499 euros no 2018 a 26.191 euros no 2020, polo que se percibe nesa caída o impacto da pandemia.

Por outra banda, se atendemos ás cifras proporcionadas por AEIGA sobre 8 das 9 empresas pertencentes á asociación, elevouse considerablemente o número de persoas contratadas: de 87 no 2019 a 182 no 2021, das cales 153 o estaban na modalidade de inserción. O incremento obsérvase especialmente no caso das mulleres en inserción: de 17 mulleres contratadas nesta modalidade no 2019 a 89 no 2021, pasando a superar o número de homes (64). Durante o ano 2021, 11 persoas puideron inserirse no mercado laboral ordinario.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (anteriormente Consellería de Economía, Emprego e Industria) convoca anualmente axudas para fomentar tanto a creación como o mantemento deste tipo de empresas. Estas permiten cubrir unha parte do custo salarial das persoas vulnerables e tamén do custo adicional que se deriva do emprego deste tipo de traballadores. As partidas orzamentarias dirixidas a estes programas de incentivos foron incrementándose considerablemente nos últimos anos, desde os 378.790 euros do ano 2018 ata o 1.000.000 euros aprobado para 2022.

As empresas de inserción constitúen unha importante aportación para a cohesión social ao facilitar a integración no mercado laboral de persoas en exclusión. Pero, ademais, supoñen un retorno económico para as AA.PP., fundamentalmente vía impostos, e un aforro para as mesmas, dado que unha parte importante das persoas traballadoras en inserción deixan de percibir a renda de integración social (coma o RISGA). Nos datos dispoñibles nos anos anteriores para as empresas da AEIGA, a suma do retorno económico e do aforro para as AA.PP. superaba as axudas públicas recibidas por estas empresas. Á hora de pechar este traballo, non dispoñemos dese dato para o 2021.

En síntese, a actividade das empresas de inserción galegas ao longo dos dous anos de pandemia levou asociado un incremento considerable na contratación de persoas en inserción, especialmente mulleres, que veu da man dun aumento, tamén importante, das



axudas outorgadas desde a Xunta de Galicia. Isto implica que as EIL puideron seguir desenvolvendo a súa función principal, a inserción, nunha situación socio-económica especialmente crítica. Por outra banda, se atendemos ás cifras de produción por traballador medio dispoñibles para o 2020, ese incremento da contratación veuse acompañado dunha redución da facturación por traballador, o que é explicable dado o colapso xeral da actividade económica sufrida nese primeiro ano de pandemia.

## 6. OS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

### 6.1. Introducción

A día de hoxe, as persoas con discapacidade sofren limitacións no uso e desfrute dos dereitos sociais e económicos, especialmente en canto á participación no mercado de traballo. Os dereitos laborais das persoas con discapacidade, ao igual que os de todos os cidadáns, están recoñecidos en España polo artigo 35.1 da Constitución.

Coa definición establecida pola OMS (Organización Mundial da Saúde) no ano 2001, a discapacidade pasa a ser un fenómeno complexo que non contempla ao individuo de forma illada, senón na súa interacción coa sociedade na que vive. Esta definición recoñece, por primeira vez, o contexto social como factor determinante na discapacidade dunha persoa. Estamos a falar de que en torno ao 15% da poboación mundial ten algún tipo de discapacidade (OMS, decembro 2020).

Por outra banda os Dereitos Fundamentais das persoas con discapacidade experimentaron un renovado impulso tras a aprobación da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade (ONU, 2006).

Este colectivo tamén está no punto de mira da “Estrategia de las Naciones Unidas para la Inclusión de la Discapacidad (UNDIS), 2019”, e na Agenda 2030 para el Desarrollo Sostenible.

A Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos estableceu as bases das políticas públicas de discapacidade e supuxo un innegable avance no recoñecemento de dereitos e na inclusión social das persoas con discapacidade. Segundo o artigo 43 os Centros Especiais de Emprego (CEE):

- i) son aqueles cuxo obxectivo principal é o de realizar unha actividade produtiva de bens ou de servizos, participando regularmente nas operacións do mercado, e teñen como finalidade o asegurar un emprego remunerado para as persoas con discapacidade; á vez que son un medio de inclusión do maior número destas persoas no réxime de emprego ordinario. Debendo prestar os servizos de axuste

- persoal e social que requiran as persoas traballadoras con discapacidade, segundo as súas circunstancias e conforme ao que se determine regulamentariamente.
- ii) o persoal dos CEE estará constituída polo maior número de persoas traballadoras con discapacidade que permita a natureza do proceso produtivo e, en todo caso, polo 70 por 100 daquela.
  - iii) a relación laboral dos traballadores con discapacidade que presten os seus servizos nos centros especiais de emprego é de carácter especial, conforme ao artigo 2.1. g) de Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, e réxese pola súa normativa específica.

Os CEE son unha das entidades que configuran a Economía Social, e queda reflexado tanto na Lei estatal de Economía Social (Lei 5/2011, do 29 de marzo), como máis tarde no ordenamento xurídico galego na Lei 6/2016, do 4 de maio, da Economía Social de Galicia.

Os Centros Especiais de Emprego, partícipes da Economía Social, son xeradores de oportunidades de emprego para as persoas con discapacidade; constituíndo así unha saída para que este colectivo poida exercer o seu dereito ao traballo.

Na actualidade hai dúas posibilidades de integración laboral das persoas con discapacidade. Dun lado, a integración directa no mercado aberto ordinario de traballo e doutro a integración no mercado protexido a través de Centros Especiais de Emprego.

### *Normativa*

Na lei estatal 13/1982, do 7 de abril prodúcese un punto de inflexión coa aprobación da Ley de Integración Social del Minusválido, hoxe chamada Ley General de la Discapacidad («BOE» núm. 289, de 03/12/2013), que reconece os dereitos das persoas con discapacidade e establece, por primeira vez, a obrigatoriedade de incorporar unha porcentaxe non inferior ao 2% de traballadores con discapacidade nas empresas de máis de 50 traballadores (artigo 42). E ademais configurou os centros especiais de emprego como unidades produtivas que, participando regularmente no mercado, teñen como finalidade primordial a integración laboral das persoas con discapacidade, así como a prestación dos servizos de axuste persoal e social que estes traballadores requiran. Establece que as persoas con discapacidade teñen dereito ao traballo, en condicións que garantan a aplicación dos principios de igualdade de trato e non discriminación (artigo 35). E sinala os tipos de emprego das persoas con discapacidade (artigo 37.2): a) Emprego ordinario, nas empresas e nas administracións públicas, incluído os servizos de emprego con apoio. b) Emprego protexido, en centros especiais de emprego e en enclaves laborais. c) Emprego autónomo. No artigo 43 da citada lei, defínense os centros especiais de emprego para a inclusión laboral das persoas con discapacidade (obxectivo, plantilla, relación laboral e engádense os CEE de iniciativa social -apartado 4, con efectos de 9 de marzo de 2018, pola disposición final 14 da Lei 9/2017, de 8 de novembro. Ref. BOE-A-2017-12902-.

O artigo 27 da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade (CDPD), (13/12/2006, ONU) reconece o dereito das persoas con discapacidade a traballar. En España, ratifícase o 23/11/2007 e publícase no BOE de 21/4/2008.

No ano 2011 apróbase a Lei 5/2011, do 29 de marzo, de Economía Social, (complementada coa Lei 31/2015, do 9 de setembro) e no artigo 5 cita de maneira explícita aos Centros Especiais de Emprego (CEE) como unha das entidades que forman parte da Economía Social.

En virtude das competencias que con carácter exclusivo ten asumidas a Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 27.2 3º do seu Estatuto de autonomía en materia de asistencia social, aprobouse a Lei autonómica 4/1993, do 14 de abril, que veu ordenar e estruturar o sistema integrado de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, englobando os Centros Especiais de Emprego como equipamentos propios dos servizos de atención especializada dirixidos a persoas con discapacidade. Doutra banda, a citada norma estatal está desenvolvida por medio do Real decreto 2273/1985, do 4 de decembro, que establece, entre outros aspectos, que a creación destes centros esixe a súa inscrición nun rexistro administrativo dependente da Administración xeral do Estado ou da correspondente comunidade autónoma, segundo o ámbito competencial, e o artigo 32.3º da Lei 4/1993, do 14 de abril, tamén prescribe de que todas as entidades prestatarias de servizos sociais terán que estar rexistradas, con carácter previo ao comezo das súas actividades nun rexistro administrativo creado para o efecto.

Por medio do Real decreto 1928/1984, do 12 de setembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia da Unidade Administradora do Fondo Nacional de Protección ao Traballo, transferíronse á nosa comunidade autónoma as funcións e servizos inherentes ás competencias estatutariamente asumidas en materia de centros especiais de emprego, atribuíndoselle o seu exercicio á consellería competente en materia de traballo polo Decreto 168/1984, do 15 de novembro. Posteriormente xurdiu a necesidade de complementar mediante unha norma a regulación e funcionamento do Rexistro Administrativo dos CEE de Galicia, e nace así o Decreto 200/2005 do 7 de xullo.

A Lei 6/2016, de 4 de maio, da Economía Social de Galicia («DOG» núm. 93, de 18/05/2016, «BOE» núm. 147, de 18/06/2016), no artigo 6 constata aos Centros Especiais de Emprego como unha das 10 entidades que forman parte da economía social de Galicia.

## 6.2. Tipoloxía dos centros especiais de emprego

Os CEE poden ser de carácter público ou privado, con ou sen ánimo de lucro. Isto significa que poden ser creados polas Administracións Públicas directamente ou en colaboración con outros organismos, por entidades, por persoas físicas, xurídicas ou comunidades de bens coa única esixencia de que teñan capacidade xurídica e de obrar para ser empresarios.

Na disposición final décimo cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público engádesse un apartado 4 ao artigo 43 do texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, no que define aos Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social (CEEIS) como:

- Aqueles promovidos e participados en máis dun 50%, directa ou indirectamente, por unha ou varias entidades, xa sexan públicas ou privadas, que non teñan ánimo de lucro ou que teñan recoñecido o seu carácter social nos seus Estatutos, xa sexan asociacións, fundacións, corporacións de dereito público, cooperativas de iniciativa social ou outras entidades da economía social.
- Aqueles cuxa titularidade corresponda a sociedades mercantís nas que a maioría do seu capital social sexa propiedade dalgunha das entidades sinaladas anteriormente, xa sexa de forma directa ou ben indirecta a través do concepto de sociedade dominante regulado no art. 42 do Código de Comercio.

- En todos os casos, os estatutos ou acordo social deben obrigar á reinversión íntegra dos beneficios para a creación de oportunidades de emprego para persoas con discapacidade e a mellora continua da súa competitividade e da súa actividade de economía social, tendo en todo caso a facultade de optar por reinvestilos no propio centro especial de emprego ou noutros centros especiais de emprego de iniciativa social.

En definitiva, os CEE, son unha realidade que favorece a xeración de emprego para as persoas con discapacidade, á vez que contribúen a xerar unha sociedade mellor, onde as persoas sitúanse no centro das decisións.

Un estudo realizado por CIRIEC- España (Monzón et al. 2014) clasifica os CEE da economía española en CEE da Economía Social (CEE ES) e CEE da Economía Capitalista (CEE EC) centrándose na análise do seu comportamento, prescindindo de criterios xurídicos e administrativos. Devandita análise derívase dos seus obxectivos principais (ben ter un impacto social ou ben ter un beneficio para os seus propietarios e accionistas) e da diferente titularidade da empresa pública ou privada. O seguinte cadro recolle a clasificación dos CEE realizada neste estudo.

**Cadro 6.1. Tipoloxía dos CEE en función das súas características socioeconómicas**

CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO (CEE)	Obxectivo principal	Titularidade
CEE da Economía Social	Obtención dun impacto social	Privada
CEE da Economía Pública	Obtención dun impacto social	Pública
CEE da Economía Capitalista	Obtención de beneficios para os seus propietarios ou accionistas	Privada
a) con personalidade xurídica		
b) sin personalidade xurídica (persoas físicas)		

Fonte: Monzón, J.L., Antuñano, I. & Murgui, S. (2014)

Segundo os datos do Rexistro de CEE da Xunta de Galicia correspondentes ao ano 2021 existían un total de 117 CEE, 58 pertencentes á Economía Social e 59 pertencentes á economía capitalista. Na seguinte táboa observamos unha traxectoria ascendente que estaba estancada no ano 2020, pero que se activa ao ano seguinte creando un total de 10 novos CEE (8 deles de iniciativa privada) fronte a 4 baixas producidas.

**Táboa 6.1. CEE por tipoloxía de Centro**

CEE			
	Total	Iniciativa Social	Iniciativa Capitalista
2017	106	56	50
2018	109	56	53
2019	111	57	54
2020	111	57	54
2021	117	58	59

Fonte: Rexistro CEE Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade


### 6.3. Forma Xurídica

Os CEE adoptan na súa maioría a forma xurídica de Sociedade Limitada. Segundo os datos proporcionados por CIRIEC-España, en 2017 o 67.74% dos CEE ES e o 76.79% dos CEE EC eran Sociedades Limitadas. Esta tendencia non só é a predominante no ano 2021 senón que se ve incrementada, superando un 81% de media. En menor medida temos Asociacións e Sociedades Anónimas (S.A.) nos CEE ES, mentres que nos CEE EC adoptan a forma de S.A. ou de persoa física.

**Táboa 6.2. Porcentaxes de CEE (ES, EC) segundo forma xurídica. Galicia, 2021(%)**

	Economía Social	Economía Capitalista	Total CEE
Asociación	15,5	0,0	7,7
Sociedade Anónima	8,6	6,8	7,7
Sociedade Limitada	75,9	86,4	81,2
Persoa Física	0,0	6,8	3,4

Fonte: Rexistro CEE Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

**Gráfico 6.1. Número de CEE (ES, EC) por forma xurídica. Galicia. 2021**

Fonte: Rexistro CEE Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

#### 6.4. Distribución provincial e sectores de actividade

Nesta sección preséntase a distribución provincial e os sectores de actividade nos que están presentes os CEE de GALICIA seguindo a tipoloxía de centros de CIRIEC-España e a información proporcionada polo Rexistro de CEE da Xunta de Galicia.


Na seguinte táboa mostramos o número de CEE a nivel provincial tendo en conta como foron creados, segundo iniciativa social e iniciativa empresarial. Podemos observar que na provincia de Coruña ten maior presenza de CEE da Economía Social fronte aos de Economía Capitalista, mentres que en Pontevedra e Lugo ocorre o contrario. A provincia de Ourense, que conta co menor número de CEE rexistra 4 CEE da Economía Social fronte a 1 de iniciativa privada.

**Táboa 6.3. Número de CEE a nivel provincial. Ano 2021**

	Economía Social	Economía Capitalista	Total
Coruña	40	34	74
Lugo	3	6	9
Ourense	4	1	5
Pontevedra	11	18	29
<b>Galicia</b>	<b>58</b>	<b>59</b>	<b>117</b>

Fonte: Rexistro CEE Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Gráfico 6.2. Distribución provincial CEE (%), Galicia, Ano 2021



Fonte: Elaboración propia a partir do Rexistro CEE-Xunta de Galicia.

En relación aos sectores de actividade nos que están presentes os CEE da Comunidade Galega no ano 2021, podemos afirmar que case a metade corresponden ao sector servizos, e logo destacan a industria, o comercio e o transporte; tendencia que se mantén desde o ano 2017.

A presenza dos CEE de iniciativa social no sector servizos é superior a dos de iniciativa empresarial. Pola contra os CEE de economía capitalista, despois dos servizos, son protagonistas na industria, no transporte no comercio.


Táboa 6.4. CEE por tipoloxía e sector de actividade, Galicia, ano 2021

	Economía Social	Economía Capitalista	Total CEE	Total CEE (%)
Agricultura	8	0	8	6,8
Industria	9	13	22	18,8
Construción	0	1	1	0,9
Comercio	8	8	16	13,7
Transporte	3	12	15	12,8
Hostalaría	0	1	1	0,9
Servizos	30	24	54	46,2
<b>TOTAL</b>	<b>58</b>	<b>59</b>	<b>117</b>	<b>100,0</b>

Fonte: Rexistro CEE Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.



Gráfico 6.3. CEE por tipoloxía (ES, EC) e sectores de actividade, Galicia, 2021 (%)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro CEE da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Si nos centramos nas actividades dos CEE no sector servizos, podemos afirmar que se concentran nos grupos N maior medida, e M e Q da clasificación CNAE (2009). As actividades administrativas e de servizos auxiliares representan **más da metade** do total do sector servizos (o 66,6%), e as actividades profesionais ocupan o segundo lugar cun 11,17% seguidas por actividades sanitarias e de servizos sociais co 9,2%. Os CEE tanto de Economía Social como de Economía Capitalista protagonizan as actividades administrativas e servizos auxiliares (N).

Afondando na clasificación, vemos como as persoas empregadas dedícanse principalmente á limpeza xeral de edificios e as actividades de xardinería, con relación ao total do grupo N).

Os CEE de iniciativa capitalista dedícanse maiormente á limpeza xeral de edificios, mentres que os de ES destacan as actividades de xardinería.

Podemos constatar que esta tendencia é similar nos últimos anos.

Táboa 6.5 Actividades dos CEE no sector servizos, Galicia, 2021

	Economía Social	Economía Capitalista	Total
J-Información e Comunicacións	0	1	1
M-Actividades profesionais, científicas e técnicas	3	3	6
N-Actividades administrativas e servizos auxiliares	17	19	36
O-Administración pública e defensa	1	0	1
P-Educación	0	1	1
Q-Actividades sanitarias e de servizos sociais	5	0	5
R- Actividades artísticas, recreativas, e de entretemento	2	0	2
S-Outros servizos	2	0	2
<b>Total</b>	<b>30</b>	<b>24</b>	<b>54</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do Rexistro CEE Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Táboa 6.6 Distribución do número de traballadores nos CEE, Galicia, 2021

	Economía Social	Economía Capitalista	Total
Total traballadores	1269	744	2013
Homes	760	437	1197
Mulleres	509	307	816
Total traballadores con discapacidade	1138	670	1808
Homes	693	398	1091
Mulleres	445	272	717
Total traballadores sen discapacidade	131	74	205
Homes	67	39	106
Mulleres	64	35	99

Fonte: Elaboración propia a partir do Rexistro CEE Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

En canto as persoas empregadas nos CEE galegos no ano 2021 podemos destacar que o 40 % do total son mulleres, proporción que se mantén tanto nos Centros de Iniciativa Social como da Capitalista. Case o 90% do persoal empregado presenta algún tipo de discapacidade. Dentro do colectivo de persoas con discapacidade as mulleres representan o 40%, sen embargo esta cifra chega case ao 50% no caso do colectivo sen discapacidade. Por outra banda podemos resaltar que os CEE de iniciativa social albergan a máis do 60% do total dos traballadores. En canto ao xénero non se aprecian diferenzas entre os Centros da Economía Social e da Capitalista. En canto ao tipo de discapacidade, en primeiro lugar están as persoas con discapacidade física (ES= 65%; EC=71%), seguido da psíquica (ES=22%; EC= 15%) e por último a sensorial (ES= 11%; EC= 10%). No que se refire aos contratos levados a cabo polos CEE da economía social o 62.6% son indefinidos, realizándose o 91,3% a persoas con discapacidade, sendo na súa maioría homes (60,7%). Por contrapartida os contratos temporais, son firmados por persoas con discapacidade nun 87%, sendo os homes o 61.2%. No caso dos CEE de iniciativa privada a metade dos contratos son indefinidos, a persoas con discapacidade (87.5%), sendo o 60% homes; por outra banda no caso dos contratos temporais, o 92.6% realízanse a persoas con discapacidade acadando os homes o 58.5%.

## 6.5. O emprego nos CEE

As persoas con discapacidade enfróntanse a maiores dificultades e barreiras que o resto da poboación no ámbito da inserción laboral, o cal as conduce a maiores taxas de pobreza e de exclusión social. Por esta razón, a integración laboral das persoas con discapacidade (PCD) é unha condición necesaria para garantir os seus dereitos.

No ano 2020 en Galicia rexistráronse 99.800 persoas con certificado de discapacidade en idade de traballar, cunha maior presenza de homes (54,3%) e persoas con idades comprendidas entre os 45 e os 64 anos (70,4%). O 68,2% das discapacidades rexistradas son de tipo físico e predominan aquelas con porcentaxes comprendidas entre o 33% e o 44%.

Observamos que dende o ano 2014 aumenta considerablemente o número de persoas con certificado de discapacidade, sen embargo a proporción entre homes e mulleres mantense (sobre o 54% e o 45%).

**Táboa 6.7. Persoas con certificado de discapacidade. Galicia, 2014-2020 (miles)**

	Homes	Mulleres	% Homes	% Mulleres
2014	30,4	26	53,9	46,1
2015	29	24,6	54,1	45,9
2016	44,1	36,3	54,9	45,1
2017	51,9	43	54,7	45,3
2018	52,8	44	54,5	45,5
2019	53,3	44,7	54,4	45,6
2020	54,1	45,7	54,3	45,8

Fonte: INE. *El empleo de las personas con discapacidad*

Se sumamos o total de persoas con incapacidade recoñecida o volume de persoas con discapacidade en Galicia ascende a 129,9 mil, para unha taxa de prevalencia do 7,8% entre a poboación en idade de traballar (case o 8% da forza de traballo de 16 a 64 anos está representada polo colectivo de persoas con discapacidade).

**Táboa 6.8. O emprego das persoas con e sen discapacidade, Galicia e España. 2020. Miles**

	PCD (con discapacidade)		PSD (sen discapacidade)	
	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA
Total	129,9	1933,4	1535,6	28668,0
Activos	39,7	663,9	1163,8	21810,8
Inactivos	90,2	1269,4	371,7	6857,3


Fonte: INE. *El empleo de las personas con discapacidad*

Unha característica moi significativa deste colectivo con respecto á súa situación laboral é a menor presenza no mercado laboral, as cifras reflexan un 30,5 % de activos no caso de Galicia; de maneira que a maioría son inactivos, aspecto que aumenta notablemente coa idade e co grao de discapacidade recoñecido.

No ano 2020 había en Galicia 129.900 persoas con discapacidade en idade de traballar (de 16 a 64 anos), o que supuxo o 7,8% da poboación total en idade de traballar nese ano.


No conxunto do Estado Español no ano 2020 había 1.933.400 persoas con discapacidade en idade de traballar (de 16 a 64 anos), o que supuxo o 6,3% da poboación total en idade laboral, sendo a porcentaxe de activos do 34,3%.

No seguinte gráfico observamos a evolución das PCD no mercado laboral constatando como a maior porcentaxe corresponde ao grupo de inactivos, aínda que tende a descender lixeiramente en Galicia nos últimos anos.

**Gráfico 6.4. Porcentaxe de persoas con discapacidade segundo a relación coa actividade. 2014-2020**

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade

No ano 2020, dentro do colectivo das Persoas Con Discapacidade os homes representan o 58% fronte as mulleres (42%). Superan ás mulleres en case 12 puntos en canto a poboación inactiva. Hai máis homes traballando (54,4%), e sen embargo menos mulleres paradas (40,8%).

**Gráfico 6.5. Persoas Con Discapacidade segundo actividade e sexo. Galicia. 2020 (%)**

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade; INE. El empleo de las personas con discapacidad

Ao comparar as taxas de actividade da poboación con e sen discapacidade, destaca a baixa taxa de actividade das persoas con discapacidade no mercado laboral galego.

A taxa de actividade para as Persoas Con Discapacidade é do 30,5%, 45,3 puntos por debaixo da do colectivo de PSD. Ademais é maior no caso das mulleres 32,5% fronte a 29,15% dos homes, situación que muda se falamos das persoas sen discapacidade (80,7% homes e 71,1% mulleres). A evolución da taxa de actividade da poboación con discapacidade de Galicia en 2020 foi positiva xa que creceu 0,8 puntos respecto á do ano 2019. Si levamos a cabo a comparativa a nivel rexional, as taxas de actividade máis elevadas á marxe de Ceuta

e Melilla, atopámolos en Aragón e Castela A Mancha. Pola contra, Canarias e Andalucía atópanse moi por baixo da media mesmo por baixo do 30% de actividade.

A *taxa de emprego* das Persoas Con Discapacidade foi do 24,4%, distanciándose 42,4 puntos por debaixo da taxa correspondente ás PSD. Isto supón que aínda non ben unha de cada 4 persoas con discapacidade en Galicia ten emprego. O colectivo feminino das PCD supera ao masculino en canto a ocupación (2,3 puntos), ao contrario do que ocorre no grupo das persoas sen discapacidade cunha diferenza de 10,2 puntos. A súa evolución tamén foi positiva, crecendo en 1,4 puntos en relación ao ano anterior.

E a *taxa de paro* é considerablemente superior para as PCD, 20% fronte a 11,9% no caso da poboación sen discapacidade. A comparativa é vantaxosa para o colectivo de homes con discapacidade, posto que é 1,3 inferior á feminina, esta distancia mantense en relación ao ano anterior. A taxa diminuíu entre 2020 e 2019 en 2,7 puntos.

**Táboa 6.9. Taxas de actividade, emprego e paro da poboación con e sen discapacidade, e sexo. Galicia e España. Ano 2020, (%)**

	Persoas sen discapacidade						Persoas con discapacidade					
	Galicia			España			Galicia			España		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Taxa de actividade	80,7	71,1	75,8	81,6	70,7	76,1	29,1	32,5	30,5	34,1	34,6	34,3
Taxa de emprego	72,0	61,8	66,8	70,4	58,4	64,3	23,5	25,8	24,4	26,6	26,9	26,7
Taxa de paro	10,8	13,1	11,9	13,7	17,4	15,4	19,4	20,7	20,0	22,1	22,4	22,2

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade; INE. El empleo de las personas con discapacidad

No contexto español, o máis destacable do colectivo de persoas con discapacidade é a súa baixa participación no mercado laboral ao igual que sucede no caso galego.

En 2020 a súa *taxa de actividade* foi do 34,3% (0,3 puntos máis que en 2020), é dicir, case 42 puntos inferior á da poboación sen discapacidade. Do mesmo xeito que sucede para a poboación xeral, as mulleres con discapacidade tiñan menos presenza activa no mercado laboral. As mulleres mostran unha taxa de actividade maior á dos homes con discapacidade (0,5 puntos) no


caso das mulleres sen discapacidade a súa taxa é 10,9 menor que a dos homes.

En 2020, a *taxa de emprego* das PCD en España foi do 26,7%, o que supón 2,4 veces menos que a taxa de persoas sen discapacidade (64,3%).

As mulleres mostran unha taxa de emprego superior (26,9% fronte a 26,6% dos homes), aínda que este é un fenómeno que difire entre as persoas sen discapacidade acadando maiores diferenzas (12 puntos menos para a taxa feminina). Dita taxa aumentou en 0,8 puntos respecto ao ano 2019.

Pola súa banda, o 22,2% da poboación activa con discapacidade atopábase en situación de *desemprego*. A diferenza coa poboación sen discapacidade é de 6,8 puntos (22,2% fronte a 15,4%). A taxa de paro das mulleres é superior a dos homes en ambos colectivos, pero sen embargo a brecha non é tan grande entre as PCD (0,3 puntos) como no grupo das PSD (3,7 puntos). Respecto ao ano 2019, a taxa de paro reduciuse un 1,3 puntos.


**Gráfico 6.6. Taxas de actividade, emprego e paro da poboación con e sen discapacidade, e sexo. Galicia. Ano 2020, (%)**



Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade

O seguinte gráfico mostra a evolución positiva da taxa de emprego (de 14,3% a 24,4%), e a baixada na taxa de paro (de 35,1% a 20%) nos últimos sete anos (2014-2020).

**Gráfico 6.7 . Evolución da taxa de emprego e de paro das persoas con discapacidade. Galicia. 2014-2020 (%)**




Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade

A participación no mercado laboral da poboación con discapacidade ven determinada polo grao e o tipo de discapacidade que padeza a persoa. Así, das 39.700 persoas con discapacidade que formaban parte da poboación activa en 2020, a meirande parte (o 54,7%) tiña un grao de discapacidade de entre o 33% e o 44%.

Outras características desta poboación son que as discapacidades sensorial e a física levan asociadas unha maior taxa de emprego. Pola contra as taxas de actividade cando as limitacións son intelectuais e mentais non se traducen en emprego.

A taxa de emprego das PCD dende o ano 2014 incrementouse en 8,8 puntos, este aumento prodúcese en todos os tipos de discapacidade, sendo de case 10 puntos na física (19,9% a 28,5%).

**Gráfico 6.8. Taxas de actividade e emprego das PCD segundo o tipo de discapacidade. Galicia. 2020 (%)**



Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade

Uns 117.400 fogares en Galicia no ano 2020 contaban entre os seus membros con algunha persoa en idade de traballar con discapacidade, isto supón o 10,6% dos fogares galegos.


O 68% destes fogares contaba con algunha persoa en activo entre os seus membros e no 31,9% restante todos os seus membros eran persoas inactivas.

**Táboa 6.10. Fogares con algunha persoa entre os 16 e 64 anos con discapacidade, e relación coa actividade. Galicia. Miles**

Relación	2017	2018	2019	2020
Total	115,4	118,9	116,6	117,4
Con algún membro activo	76,9	79,7	78,4	79,8
-con todos os membros ocupados	53,2	58,3	59,4	61,3
-con todos os membros parados	11,8	11	9,9	8,8
-con ocupados e parados	12	10,5	9,1	9,8
Con todos os membros inactivos	38,5	39,2	38,2	37,5

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade

**Gráfico 6.9. .Distribución dos fogares (persoas 16-64 anos) con discapacidade en relación coa actividade. Galicia, 2020 (%)**



Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade

O nivel educativo das persoas con discapacidade en idade activa, é notablemente inferior ao das persoas sen discapacidade. As PCD teñen estudos na súa maioría secundarios (70,2%), destacando a porcentaxe de mulleres con estudos superiores (18,5%), 6 puntos por encima dos homes.

**Táboa 6.11. Porcentaxe de poboación con discapacidade segundo nivel de estudos e sexo. Galicia, 2020 (%)**


	Total	Homes	Mulleres
Poboación analfabeta e estudos primarios	14,9	15,7	13,9
Secundaria e programas de formación e inserción laboral	70,2	72,2	67,5
Superiores	14,9	12,1	18,5

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade

A evolución nestes 7 anos mostra como ambos colectivos experimentaron ganancias na formación tanto na educación secundaria como na superior, salientando nos homes un incremento nos estudos de secundaria e programas de formación e inserción laboral (64,1% a 72,2%). Podemos observar como as PCD avanza cara a unha maior formación, descendendo a porcentaxe que tan só ten estudos de primaria.



Gráfico 6.10. Poboación con discapacidade segundo nivel de estudos e sexo Galicia, 2014-2020 (%).



Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade

### Salarios

No que se refire ao salario das persoas con discapacidade creceu un 0,10%, mentres que para as persoas sen discapacidade a cifra elévase ata o 7,3%, segundo os últimos datos dispoñibles recollidos por Odismet e que fan referencia ao período comprendido entre 2010 e 2019; e sinalan ademais que en 2020 o 39,5% das persoas con discapacidade en idade laboral atopábanse en risco de pobreza ou exclusión social.

### Políticas de creación de emprego

As axudas para “Integración Laboral de persoas con discapacidade” teñen como destinatarios os Centros Especiais de Emprego, e os centros ordinarios de traballo. No primeiro caso, teñen por obxecto promover proxectos xeradores de emprego de carácter innovador para traballadores con discapacidade desempregados, axudar ao mantemento de postos de traballo mediante a concesión de subvencións e axudas para estes fins, e financiar os custos derivados da contratación de unidades de apoio.

Do total das axudas de apoio á creación de emprego no ano 2020 en España o 71,6% foron destinadas á integración laboral de persoas con discapacidade, e os CEE son os principais beneficiarios co 98,1%, dirixidas na súa gran maioría ao mantemento de postos de traballo.

En Galicia no mesmo ano, o 75,6% do total das axudas de apoio á creación de emprego foron destinadas á integración laboral das persoas con discapacidade. As provincias máis beneficiadas foron A Coruña con máis da metade (53,8%), seguida de Pontevedra (33,8%). Os CEE recibiron o 92% das axudas, destinadas principalmente ao mantemento de postos de traballo (91,5%). Con estas axudas, creáronse 30 postos de traballo (a maioría en Coruña e Pontevedra), mantívose o emprego das 3394 persoas con discapacidade e as unidades de apoio axudaron a 539 persoas (a gran maioría na Coruña seguida de Pontevedra).

**Táboa 6.12. Axudas para a integración laboral de persoas con discapacidade.Galicia e España. Ano 2020. Euros**

AXUDAS TOTAIS		CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO						
		AXUDAS TOTAIS EN CEE	Proxectos xeneradores de emprego		Mantemento de postos de traballo		Unidades de apoio	
			Postos creados	Importe	Persoas con discapacidade	Importe	Persoas que reciben apoio	Importe
Coruña	10.643.908,9	9.850.108,0	15	372.600,0	1.930	8.936.669,0	285	540.839,0
Lugo	820.566,2	716.816,2	0	0,0	131	711.189,0	3	5.627,2
Ourense	1.680.821,9	1.552.621,9	3	45.000,0	236	1.435.621,9	30	72.000,0
Pontevedra	6.770.777,4	6.194.283,5	12	155.771,4	1.097	5.673.006,5	221	365.505,6
GALICIA	19.916.074,5	18.313.829,6	30	573.371,4	3.394	16.756.486,3	539	983.971,9
ESPAÑA	412.482.600,2	404.622.147,8	877	9.447.935,4	79.459	374.520.903,1	20.057	20.653.309,3


Fonte: Ministerio de Trabajo e Seguridade Social. Estadísticas. <https://www.mites.gob.es/es/estadisticas/anuarios/2020/index.htm>

## 6.6. Os contratos nos CEE

Analizamos o volume total de contratos específicos a persoas con discapacidade realizados tanto en empresa ordinaria como en centros especiais de emprego. Por contratos específicos enténdese aqueles que están dirixidos de forma exclusiva a persoas con discapacidade, de acordo coa estatística recollida polo Servizo Público de Emprego, SEPE; é dicir, os contratos a persoas cuxa discapacidade foi declarada no mesmo.

En Galicia no ano 2021 leváronse a cabo 5.994 contratos específicos a PCD, dos cales 3.760 foron en CEE. Isto supón unha recuperación do 31,4% no primeiro caso, e do 30,6% no segundo; trala caída producida no ano anterior por mor da Covid-19 e retomando así a senda crecente que se viña producindo dende o ano 2013.

Gráfico 6.11 . Contratos Específicos a PCD, Galicia, 2006-2021 (Miles).




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE: Estadísticas de contratos

No ano 2021 en España realizáronse un total de 114.315 contratacións específicas a PCD, que supoñen unha taxa do 17,2% en relación co total da poboación activa con discapacidade. Desta cifra, os CEE sumaron 85.902 contratacións, o que equivale ao 12,9% da poboación activa e o 75,1% de todos os contratos específicos realizados durante o ano ás persoas con discapacidade.

As contratacións en CEE oscilaron dende os 890 na Rioxa ata os 15.922 en Andalucía. Para o último exercicio o número de contratos específicos ás persoas con discapacidade creceu nun 31,8%, rompendo o esborralle producido por efecto da pandemia

Gráfico 6.12. Contratos Específicos A PCD, España, 2006-2021 (Miles)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE: Estadísticas de contratos

Segundo os datos do SEPE, dende o ano 2013 para Galicia e o 2008 para España, máis da metade dos contratos específicos a PCD realizáronse en CEE. A evolución é máis positiva no caso español acadando o 75,1% no ano 2021, onde 6 de cada 8 contratos leváronse a


cabo en CEE; mentres que nos CEE galegos foi do 62,7% o que representa a 3 de cada 5 contratos.

**Gráfico 6.13. Contratos Específicos a PCD en CEE, Galicia (% do total), 2006-2021**



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE: Estadísticas de contratos

**Gráfico 6.14. Contratos Específicos a PCD en CEE, España (% do total), 2006-2021**



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE: Estadísticas de contratos

Con relación ao tipo de contrato, os contratos temporais superan case o 60% do total de contratos específicos realizados a PCD en Galicia en todos os anos analizados, chegando a alcanzar o 80% no ano 2016. Pola contra a nivel nacional, a temporalidade é máis acentuada xa que supera case o 65% no período de estudo, acadando a cifra do 84,3% no ano 2015. No ano 2021 as cifras sitúanse no 79,1% para Galicia, e no 79,9% para o conxunto nacional.

Esta situación empeora de xeito considerable si falamos dos CEE, porque tan só 1 de cada 10 contratos son de carácter indefinido tanto en Galicia como en España no ano 2021. Polo tanto consolídase a temporalidade no emprego deste colectivo.

**Táboa 6.13. Contratos específicos realizados a PCD en Galicia en función do tipo de contrato (%), 2006-2021**

	Totais (Inclue CEE)		En CEE	
	Indefinidos(%)	Temporais (%)	Indefinidos(%)	Temporais (%)
2006	42,5	57,5	19,9	80,2
2007	40,6	59,4	21,1	78,9
2008	37,7	62,3	16,6	83,4
2009	37,3	62,7	12,9	87,1
2010	30,7	69,3	10,9	89,1
2011	27,9	72,1	4,4	95,6
2012	26,7	73,4	6,3	93,7
2013	20,9	79,1	7,3	92,7
2014	18,6	81,4	6,5	93,5
2015	18,9	81,1	6,4	93,6
2016	19,9	80,1	6,8	93,2
2017	20,7	79,3	6,4	93,6
2018	22,4	77,6	9,1	90,9
2019	22,0	78,0	11,1	88,9
2020	22,3	77,7	10,2	89,8
2021	20,9	79,1	10,2	89,8

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE: Estadísticas de contratos

**Táboa 6.14. Contratos específicos realizados a PCD en España en función do tipo de contrato (%), 2006-2021**

	Totais (Inclue CEE)		En CEE	
	Indefinidos(%)	Temporais(%)	Indefinidos(%)	Temporais(%)
2006	36,8	63,2	10,0	90,0
2007	36,0	64,0	11,2	88,8
2008	33,3	66,7	11,3	88,8
2009	28,3	71,7	9,0	91,0
2010	26,5	73,5	7,0	93,0
2011	23,9	76,1	5,6	94,4
2012	19,6	80,4	3,6	96,4
2013	16,7	83,3	7,2	92,8
2014	16,3	83,7	7,1	92,9
2015	15,7	84,3	6,1	93,9
2016	19,0	81,0	8,2	91,8
2017	19,1	81,0	8,8	91,2
2018	20,2	79,8	10,2	89,8
2019	19,0	81,0	8,7	91,3
2020	18,7	81,3	9,9	90,1
2021	20,1	79,9	12,2	87,8

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE: Estadísticas de contratos

Debemos sinalar que o índice de rotación nas PCD en España no ano 2021 foi do 2,11 o que supón que cada unha destas persoas asinou, máis ou menos en torno a dous contratos distintos ao longo do ano, aínda así este indicador empeora no caso do colectivo das PSD (2,73%); e ademais 6 de cada 10 corresponden ao colectivo masculino.

## 6.7. Estrutura financeira e estrutura de ingresos

Neste apartado analízanse os datos da estrutura financeira e a estrutura de ingresos dos CEE de Galicia para os anos 2013, 2017, 2019 e 2020 último ano dispoñible a partir da información dos balances e contas de resultados ofrecidos na base de datos SABI e das listaxes nominais dos centros que dispón a Xunta de Galicia. Disponse de datos no último ano para 42 CEE de economía social, e 45 de economía capitalista, número que supón o 80% do total de CEE de economía social e o 88% de economía capitalista. Os datos mais relevantes do ano 2020 preséntanse na táboa 6.7.

Táboa 6.15 Recursos financeiros dos CEE 2020 (miles de euros)

	Social	Capitalista	Total
Patrimonio neto	151.837	71.943	223.780
Fondos propios	143.075	67.226	210.301
Capital	49.176	7.688	56.864
Reservas	78.432	50.279	128.711
Subv+legados	8.743	3.404	12.148
Pasivo no corrente	53.774	24.614	78.388
Pasivo Corriente	65.331	35.570	100.901
Total patrimonio neto y pasivo	270.942	132.127	403.069
Importe neto de la cifra de negocios	202.969	238.759	441.727
Otros ingresos de explotación	48.207	14.371	62.579
Ingresos financieros	965	404	1.369
Total ingresos	252.141	253.534	505.675

Fonte: Elaboración propia a partir da Xunta de Galicia e SABI. Nota: datos de 2019 en 3 CEE social, e de 2021 en un CEE social e en 4 capitalista

Os recursos financeiros dos CEE, do mesmo xeito que os do resto de empresas sociais, están formados por unha mestura de recursos propios e alleos, entre os cales os ingresos obtidos da actividade comercial representan unha parte significativa. Estes recursos financeiros poden proceder de: (i) o desenvolvemento da súa actividade, a través da reinversión de beneficios; (ii) das achegas dos titulares dos CEE en forma de accións, participacións ou calquera outra achega conforme ao tipo de sociedade na que se constituíu o centro, e (iii) de recursos alleos como créditos bancarios, doazóns, axudas da administración pública, etc.

A seguinte táboa presenta a estrutura financeira dos CEE de Galicia para os anos de estudo.


**Táboa 6.16 Estrutura financeira CEE de Galicia por tipoloxía de centro (%). Anos 2013, 2017, 2019 e 2020**

	Economía Social				Economía Capitalista				Total			
	2013	2017	2019	2020	2013	2017	2019	2020	2013	2017	2019	2020
Total patrimonio (neto +pasivo)	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
Reservas	22,3	23,7	28,0	28,9	25,2	29,4	34,9	38,1	22,8	25,4	30,1	31,9
Capital	23,9	21,4	19,8	18,1	15,7	6,2	6,7	5,8	22,5	16,9	15,7	14,1
Total fondos propios	60,1	57,7	60,2	52,8	47,8	43,2	48,6	50,9	57,9	53,4	56,6	52,2
Subv. doazóns e legados	4,3	3,5	3,1	3,2	2,0	2,1	1,7	2,6	3,9	3,1	2,7	3,0
Total patrimonio neto	64,3	61,1	63,3	56,0	49,8	45,3	50,3	54,5	61,7	56,4	59,3	55,5
Pasivo non corrente	13,7	15,8	11,6	19,8	13,0	26,8	24,9	18,6	13,6	19,1	15,7	19,4
Pasivo corrente	22,0	23,1	25,1	24,1	37,3	27,9	29,9	26,9	24,7	24,5	26,6	25,0
Total pasivo	35,7	38,9	36,7	44,0	50,3	54,7	54,8	45,5	38,3	43,6	42,3	44,5

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro da Xunta de Galicia e SABI.

Nota: datos de 2019 en 3 CEE social, e de 2021 en un CEE social e en 4 capitalista

**Gráfico 6.15 Patrimonio dos CEE de Galicia por tipoloxía de Centro 2020 (%)**



Fonte: Elaboración propia a partir da Xunta de Galicia e SABI. Nota: datos de 2019 en 3 CEE social, e de 2021 en un CEE social e en 4 capitalista

A estrutura porcentual dos recursos financeiros nos anos de estudo sinala un peso importante dos fondos propios nos CEE da economía social, que estaba ao redor do 60% ata o último ano no que este peso diminúe ao 52%. Nos CEE da economía capitalista o peso dos fondos propios é menor, aínda que aumentou no último ano, pasando do 48% ao 50% entre 2019 e 2020. Algunhas das vantaxes de dispoñer dun importante volume de fondos propios é a maior garantía fronte a terceiros, a non existencia de restricións nin obrigacións de amortización sobre eses recursos e, ademais, que os investidores externos á organización non exercen ningún control sobre os devanditos recursos. Con todo, cabe sinalar que o nivel óptimo de fondos propios pode depender do tipo de actividade que realice cada centro, podendo existir unha elevada diversidade.

Nos catro anos de referencia a principal fonte de financiación dos CEE da economía social foi o patrimonio neto, representando os fondos propios o 60% do total do patrimonio neto e pasivo en 2019, e o 52,8% en 2020. Pola contra, no caso dos CEE de iniciativa empresarial ou capitalista destaca a importancia do pasivo, que acada o 51% en 2019 e un 45,5% en 2020, cun peso do pasivo corrente do 27%. As subvencións, doazóns e legados representan unha maior porcentaxe nos CEE da ES, sendo no último ano do 3,2% fronte ao 2,6% dos CEE da economía capitalista.

Con relación aos ingresos, obsérvase unha evolución positiva entre 2013 e 2020, con unha taxa anual de crecemento para o total dos CEE do 10,7%, que no caso dos CEE da economía capitalista acada o 20%, sendo a taxa para os CEE da economía social do 5,1%.

Na seguinte táboa amosamos a evolución da estrutura de ingresos dos CEE da comunidade galega, na que se destaca a caída do peso da cifra de negocio no total de ingresos dos CEE, especialmente no caso dos CEE de economía social.

**Táboa 6.17 . Estrutura de ingresos CEE Galicia por tipoloxía de Centro (%).**

	Economía Social				Economía Capitalista				Total			
	2013	2017	2019	2020	2013	2017	2019	2020	2013	2017	2019	2020
Importe neto cifra negocios	87,8	88,0	83,9	80,5	95,4	95,1	93,2	94,2	90,0	90,7	87,5	87,4
Outros ingresos de explotación	11,9	11,7	15,9	19,1	4,2	4,8	6,4	5,7	9,7	9,1	12,2	12,4
Ingresos financeiros	0,3	0,3	0,2	0,4	0,3	0,1	0,3	0,2	0,3	0,2	0,2	0,3
Total ingresos	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100


*Fonte: Elaboración propia a partir da Xunta de Galicia e SABI. Nota: datos de 2019 en 3 CEE social, e de 2021 en un CEE social e en 4 capitalista*

No gráfico 6.16 amosase a estrutura de ingresos dos CEE da comunidade galega cos datos dispoñibles do ano 2020. Os CEE son produtores de mercado segundo os criterios da Contabilidade Nacional, e polo tanto, máis do 50% dos seus ingresos proceden das súas vendas no mercado. O peso da cifra de negocios é superior no caso dos CEE de economía capitalista, nos que supérase o 93% nos anos de estudo. Para o ano 2020 o 80,5% dos ingresos dos CEE da economía social procedía das súas vendas, sendo esa porcentaxe maior



no caso dos centros da economía capitalista (94,2%). O peso doutros ingresos de explotación, fundamentalmente debido as subvencións de explotación incluídas nesta partida, é claramente superior nos CEE da economía social (19,1% no último ano) que nos CEE da economía capitalista (5,7%).

**Gráfico 6.16. Estrutura de ingresos CEE Galicia por tipoloxía de Centro 2020 (%)**



*Fonte: Elaboración propia a partir da Xunta de Galicia e SABI. Nota: datos de 2019 en 3 CEE social, e de 2021 en un CEE social e en 4 capitalista*

## 6.8. Conclusións

Os Centros Especiais de Emprego, partícipes da Economía Social, son xeradores de oportunidades de emprego para as persoas con discapacidade. En función da súa finalidade, temos CEE da Economía Social que buscan ter un impacto social, e os CEE da Economía Capitalista que perseguen un beneficio para os seus propietarios e accionistas.

No ano 2021:

Segundo os datos do Rexistro de CEE da Xunta de Galicia correspondentes ao ano 2021 existían un total de 117 CEE, 58 pertencentes á Economía Social e 59 pertencentes á economía capitalista. Retómase a traxectoria ascendente que estaba estancada no ano 2022, creándose un total de 10 novos CEE.

En torno ao 81% dos CEE adoptan a forma xurídica e Sociedade Limitada (75,9% ES; 86,4% EC).

Case a metade dos CEE centran as súas actividades no sector servizos (46,2%), levando a cabo principalmente actividades de limpeza xeral de edificios e de xardinería.

No ano 2020:

Case o 8% da forza de traballo de 16 a 64 anos está representada polo colectivo de persoas con discapacidade en Galicia no ano 2020. O 68,2% das discapacidades rexistradas son de tipo físico e predominan aquelas con porcentaxes comprendidas entre o 33% e o 44%.

A menor presenza no mercado laboral reflexa unha taxa de actividade tan só dun 30,5 %, o que supón 45,3 puntos por debaixo da do colectivo de persoas sen discapacidade. A

taxa de emprego foi do 24,4%, a 42,4 puntos de distancia do grupo de persoas sen discapacidade. Por outra banda, o 20% da poboación activa con discapacidade atopábase en situación de *desemprego*, fronte a 11,9% para poboación sen discapacidade. En relación ao ano 2019 todas as taxas experimentaron un aumento, excepto a de paro que diminúe.

E nos tres casos a taxa feminina supera á masculina na poboación con discapacidade, mentres que no resto da poboación isto so ocorre no caso da taxa de paro.

Mais da metade da poboación activa das PCD tiña un grao de discapacidade de entre o 33% e o 44%. As discapacidades sensorial e a física levan asociadas unha maior taxa de emprego. Pola contra as taxas de actividade cando as limitacións son intelectuais e mentais non se traducen en emprego.

As PCD teñen estudos, na súa maioría secundarios (70,2%), aínda que o 14,9% alcanzaron estudos de nivel superior.

O 10,6% dos fogares galegos no ano 2020 contaban entre os seus membros con algunha persoa en idade de traballar con discapacidade.

O salario das persoas con discapacidade creceu un 0,10%, no período 2010-19 mentres que para as persoas sen discapacidade a cifra elévase ata o 7,3%. Unha persoa da poboación con discapacidade no ano 2019 cobra de media en Galicia 2.359,1 euros menos que unha sen discapacidade.

En Galicia no ano 2020, o 75,6% do total das axudas de apoio á creación de emprego foron destinadas á integración laboral das persoas con discapacidade. As provincias máis beneficiadas foron A Coruña con máis da metade (53,8%), seguida de Pontevedra (33,8%). Os CEE recibiron o 92% das axudas, destinadas principalmente ao mantemento de postos de traballo (91,5%).

Ano 2021:

As cifras de contratación constatan a recuperación tras a crise sanitaria producida pola Covid-19 na contratación das PCD, e tanto en Galicia como en España. En Galicia no ano 2021 os contratos específicos a PCD experimentaron un crecemento do 31,4%, e de 30,6% no caso dos CEE.

Tan só 1 de cada 10 contratos nos CEE son de carácter indefinido tanto en Galicia como en España no ano 2021, consolidándose así a temporalidade no emprego deste colectivo.

Dende o ano 2013 para Galicia e o 2008 para España, máis da metade dos contratos específicos a Persoas Con Discapacidade realizáronse en CEE. No caso galego de cada 5 contratos, 3 realizáronse nun CEE no ano 2021.

## 6.9. Bibliografía

- CANCELO, M; BOTANA, M. (Directores) (2021). Informe sobre a economía social en Galicia 2019. Universidade de Santiago de Compostela. Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP).
- CEGASAL (Asociación Galega de Centros Especiais de Emprego Sen Ánimo de Lucro). Os centros especiais de emprego en Galicia (2020). [http://www.eusumo.gal/sites/default/files/Informe%20CEE%20en%20Galicia\\_2020%20%281%29.pdf](http://www.eusumo.gal/sites/default/files/Informe%20CEE%20en%20Galicia_2020%20%281%29.pdf)
- CERMI (Comité Español de Representantes de Personas con Discapacidad). <https://www.cermi.es/>
- CHAVES ÁVILA, R. JULIÁ IGUAL, J.F. Y MONZÓN CAMPOS, J.L. Dirs. (2019). Libro Blanco del cooperativismo y la economía social valenciana. CIRIEC-España, Centro Internacional

- de Investigación e Información sobre la Economía Pública, Social y Cooperativa. ISBN-13: 978-8494948381.
- INE. INEbase / Mercado laboral / Actividad, ocupación y paro / El empleo de las personas con discapacidad / Resultados
- IGE. IGE - Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade
- LÓPEZ PENABAD, M. C., MASIDE SANFIZ, J. M., & TORRELLES MANENT, J. (2019). Análisis económico y social de los centros especiales de empleo: un estudio en Galicia. REVESCO. Revista De Estudios Cooperativos, 132, 169-194. <https://doi.org/10.5209/reve.64305>
- MONZÓN, J.L., ANTUÑANO, I. & MURGUI, S. (2014): Informe sobre el impacto económico y social de los Centros Especiales de Empleo en España, Resumen ejecutivo, Fundación ONCE.
- MONZÓN, J.L.; CUÑAT, R.J. Y HERRERO, M. (2019). Las empresas sociales en la Comunitat Valenciana: tipología, perfiles e impacto. CIRIEC España.
- MONZÓN-CAMPOS, J. L. Y HERRERO-MONTAGUD, M. (2016) Identificación y análisis de las características identitarias de la empresa social europea: aplicación a la realidad de los Centros Especiales de Empleo de la economía española. CIRIEC-España, Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa, N° 87, pp. 295-326.
- ODISMET (Observatorio sobre discapacidad y mercado de trabajo en España). <https://www.odismet.es/> ; <https://www.odismet.es/banco-de-datos/1integracion-laboral-y-tendencias-del-mercado-de-trabajo>
- ODISMET. INFORME 6 DEL OBSERVATORIO SOBRE DISCAPACIDAD Y MERCADO DE TRABAJO DE LA FUNDACIÓN ONCE. [https://www.odismet.es/sites/default/files/2021-04/INFORME%206%20ODISMET\\_0.pdf](https://www.odismet.es/sites/default/files/2021-04/INFORME%206%20ODISMET_0.pdf)
- ODISMET. ESTUDIO EFECTOS Y CONSECUENCIAS DE LA CRISIS DE LA COVID-19 ENTRE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDAD. [https://www.odismet.es/sites/default/files/2020-07/Informe\\_EstudioCOVID\\_19\\_v3\\_0.pdf](https://www.odismet.es/sites/default/files/2020-07/Informe_EstudioCOVID_19_v3_0.pdf)
- OMS (Organización Mundial de la Salud). <https://www.who.int/es/>; <https://www.who.int/topics/disabilities/es/>
- ONU 2006. Convention on the Rights of Persons with Disabilities. New York. <https://www.un.org/disabilities/documents/convention/convoptprot-e.pdf>
- SEPE. <https://www.sepe.es/HomeSepe/que-es-el-sepe/estadisticas/empleo.html>
- TORRES MARTÍNEZ, J. (2018). "La contribución de la economía social a la inserción"; en Fajardo García, G. (coord.) La promoción del emprendimiento y la inserción social desde la economía social. Centro Internacional de Investigación e Información sobre la Economía Pública, Social y Cooperativa, CIRIEC-España. ISBN: 9788494948312
- WORLD BANK. <https://www.bancomundial.org/es/topic/disability>

### **Legislación:**

- ESPAÑA. Ley 13/1982, de 7 de abril, de integración social de los minusválidos.
- ESPAÑA. Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de noviembre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley General de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social.
- GALICIA. Decreto 200/2005, de 7 de julio, por el que se regula la autorización administrativa y la inscripción en el Registro administrativo de Centros Especiales de Empleo de Galicia, y su organización y funcionamiento.

## 7. AS CONFRARIAS DE PESCADORES

### 7.1. Introducción

As confrarías de pescadores en Galicia están reguladas pola Lei 11/2008 de 3 de decembro de pesca de Galicia (art. 78 ao 95) e polo Decreto 8/2014 de 2014 de 16 de xaneiro<sup>1</sup>, que as definen como corporacións de dereito público, sen ánimo de lucro, representativas de intereses económicos dos seus asociados (armadores de buques de pesca e traballadores do sector extractivo) e que actúan como órganos de consulta e colaboración coas administracións competentes en materia de pesca marítima e de ordenación do sector pesqueiro.

Son entidades asociativas que levan adiante proxectos para desenvolver programas de mellora para o sector, co obxecto de satisfacer as necesidades e intereses dos seus socios contribuíndo ao desenrolo local, a cohesión social e a sustentabilidade no ámbito da pesca e da extracción.

Recoñécense como entidades de Economía Social na Lei 5/2011 de Economía Social de España e na Lei 6/2016 de Economía Social de Galicia, ao cumprir os requisitos fixados pola Lei (Botana e Millán, 2017): a realización de actividades económicas, a primacía das persoas e do fin social sobre o capital, a promoción da solidariedade interna e coa sociedade, a aplicación dos resultados en función do traballo ou servizo aportado e independencia respecto aos poderes públicos.

### 7.2. Principais datos das confrarías galegas

A exposición e primeira venda dos produtos pesqueiros frescos comercialízanse nas lonxas, maioritariamente xestionadas polas confrarías de pescadores. Segundo o último dato publicado pola confederación Empresarial Española da Economía Social (CEPES)<sup>2</sup> en España,

<sup>1</sup> Aínda que a lexislación básica de ordenación do sector pesqueiro corresponde á Lei estatal 3/2001 de 26 de marzo de Pesca Marítima del Estado, que regulan as confrarías nos art. 45 a 51.


<sup>2</sup> [https://www.cepes.es/social/entidades\\_cofradias\\_pescadores](https://www.cepes.es/social/entidades_cofradias_pescadores)

no ano 2019, había 133 lonxas xestionadas por confrarías que facturaron 4.646,8 millóns de euros<sup>3</sup>.

Con relación as confrarías por CC.AA., a distribución das mesmas, recóllese no seguinte gráfico, no que se pode observar que Galicia é a comunidade con maior número (63) representando o 31,8% do total español. A seguinte rexión con maior peso é Cataluña, que con 30 confrarías representa o 15,2% do Estado. As seguen Canarias e a Comunidade Valenciana, con 25 e 22 confrarías.

As confrarías en España organízanse en 22 federacións das cales 18 son provinciais e 4 interprovinciais. En Galicia, hai 3 federacións, que se corresponden con as 3 provincias costeiras e conforman a "Federación galega de confrarías de pescadores". A nivel estatal, a gran agrupación a constitúe a "Federación Nacional de Cofradías de Pescadores

Gráfico 7.1. Número de confrarías por CC.AA.



Fonte: Federación Nacional de Confrarías de Pescadores (<https://www.fncp.eu/relacion-de-cofradias>). Data de consulta 17/05/2022

Das confrarías galegas 6 se atopan na provincia de Lugo, 35 na provincia de A Coruña e 22 na de Pontevedra. No ano 2021 en Galicia había 11.494 afiliados as Confrarías de pescadores (4 menos que no ano anterior. Por provincias, en Pontevedra atopamos o maior número de afiliacións, 5.765, cunha caída de -114 con relación ao ano anterior (-1,9%). Coruña é a segunda federación en importancia, 5.119 afiliacións, é un aumento de 115 (2,3%). En Lugo temos 610 afiliacións, sendo a perda de -5. Con relación ao informe anterior, destacar que en A Coruña aumentan o número de afiliacións e que en Pontevedra e Lugo a caída é moito menor.

3 Este dato no ha sido actualizado por CEPES


Táboa 7.1. Afiliados nas confrarías de Galicia por provincia.

FEDERACIÓN					
		A CORUÑA	LUGO	PONTEVEDRA	GALICIA
Empresas	2020	1.730	118	2.073	3.921
	2021	1.816	120	2.065	4.001
Traballadores/as	2020	3.274	497	3.806	7.577
	2021	3.303	490	3.700	7.493
Afiliados/as	2020	5.004	615	5.879	11.498
	2021	5.119	610	5.765	11.494
Comparativa 2021/2020					
Empresas	Número	86	2	-8	80
	TVA %	4,97	1,69	-0,39	2,04
Traballadores/as	Número	29	-7	-106	-84
	TVA %	0,89	-1,41	-2,79	-1,11
Afiliados/as	Número	115	-5	-114	-4
	TVA %	2,30	-0,81	-1,94	-0,03

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro de Confrarías proporcionados pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia

No ano 2021 as afiliacións caen, tanto no que respecta as empresas como aos traballadores e traballadoras só na federación de A Coruña (115 novas afiliacións, cun incremento do 2,3%, que é especialmente importante nas de empresa, 86 novas e un aumento de case un 5%). En Lugo atopamos un aumento de dúas afiliacións no caso das empresas, pero unha lixeira caída (-7) no caso dos traballadores. En Pontevedra temos 8 afiliacións menos no caso de empresas e 106 menos no caso de persoas traballadoras. No conxunto galego, por mor da mellora que se produciu na Coruña, as afiliacións so medran no caso das empresas, 80 máis que no ano 2020 (2 %), o que indica a recuperación tras a crise da COVID-19.


Gráfico 7.2. Distribución provincial do total de afiliados/as nas confrarías galegas.2021



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro de Confrarías proporcionados pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia

Como xa se adiantou, é como reflicte o gráfico anterior o 50,2 % das afiliacións nas confrarías galegas atópanse na federación de Pontevedra (porcentaxe lixeiramente inferior que no informe anterior), o 44,5 % na coruñesa (aumentando 1 punto) e, por último, o 5,3 % das afiliacións están na federación lucense (que mantén a súa participación no total).

Gráfico 7.3. Peso dos traballadores/as afiliados nas confrarías galegas. 2021



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro de Confrarías proporcionados pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia

A maior parte das afiliacións corresponden aos traballadores (65,2%), atopando a maior diferenza na , federación lucense onde a porcentaxe se eleva ao 79,7 % do total, Na federación coruñesa esta porcentaxe é do 66%.

As persoas traballadoras seguen representando a maior porcentaxe das afiliacións galegas, pero volven a reducir o seu peso, neste ano en -0,7 punto, polo que a recuperación está sendo máis lenta que no caso das empresas afiliadas. Por federacións, Lugo segue a ser a que presenta unha porcentaxe moi por encima da media galega, o 79,7 % reducindo lixeiramente o peso con relación ao ano 2020 (que era do 80,8 %).

Táboa 7.2. Distribución das empresas afiliadas nas confrarías galegas segundo a súa forma xurídica.


		FEDERACIÓN			
		A CORUÑA	LUGO	PONTEVEDRA	GALICIA
Persoas Físicas	2020	1.529	41	1.924	3.494
	2021	1.623	40	1.917	3.580
Persoas Xurídicas	2020	146	57	71	274
	2021	90	60	71	221
Outros	2020	55	20	78	153
	2021	103	20	77	200
Total	2020	1.730	118	2.073	3.921
	2021	1.816	120	2.065	4.001

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro de Confrarías proporcionados pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia

Segundo a súa fórmula xurídica, a maioría das empresas afiliadas nas confrarías galegas son persoas físicas, 3.580, que representan o 89,5% do total, sendo 86 máis que no ano 2020, polo que se volve a recuperar a tendencia de crecemento que atopábamnos antes do ano 2019. Por provincias, atopamos un aumento do peso das persoas físicas na provincia de A Coruña, onde aumentan en 94 as afiliacións e pasan a representar o 89,4% do total. En Lugo e Pontevedra hai lixeiras reducións desta afiliación, -1 e -7, representando o 33,3% das afiliacións lucenses e o 92,8% das pontevedresas.

As persoas xurídicas afiliadas en Galicia acadan un valor de 221 no ano 2021, polo que hai 53 menos que no ano anterior (na cal xa se producise una diminución de 18 afiliacións). A maior afiliación atópase na federación de A Coruña, que con 90, diminúe en 56 con relación ao ano anterior, descendendo o seu peso no total ata o 5% (máis de 3 puntos). En Lugo estas afiliacións aumentan lixeiramente (3) e pasan a ser dun total de 90 (o 50%) e en Pontevedra non hai variacións destas afiliacións, con lo que se manteñen as 71 do ano 2020, e representan o 3,4% do total.


Gráfico 7.4. Peso das empresas afiliadas nas confrarías galegas segundo a súa forma xurídica. 2021



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro de Confrarías proporcionados pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia




**Gráfico 7.5. Peso das persoas físicas e xurídicas afiliadas nas confrarías galegas por provincias no ano 2021**



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro de Confrarías proporcionados pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia

No conxunto galego, a maior representatividade da muller dentro dos afiliados nas confrarías de pescadores prodúcese no colectivo de persoas traballadoras, acadando un total de 2.860 afiliacións (dúas máis que no ano anterior) e representando o 38,2% do total (o 85% das mulleres afiliadas). Esta cifra incrementouse en 56, ata as 495 afiliacións femininas no caso das empresas, representando o 12,4% deste colectivo (e soamente o 15% das afiliacións femininas).

**Gráfico 7.6. Peso das persoas físicas e xurídicas afiliadas nas confrarías galegas por provincias no ano 2021**



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro de Confrarías proporcionados pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia

Táboa 7.3. Distribución por sexo dos empresarios/as e dos traballadores/as.

			A CORUÑA	LUGO	PONTEVEDRA	GALICIA
Empresarios/as	Home	2020	1.398	40	1.617	3.055
		2021	1.642	109	1.755	3.506
	Muller	2020	131	1	307	439
		2021	174	11	310	495
Traballadores/as	Home	2020	2.358	477	1.884	4.719
		2021	2.340	470	1.823	4.633
	Muller	2020	916	20	1.922	2.858
		2021	963	20	1.877	2.860
TOTAL	Home	2020	3.756	517	3.501	7.774
		2021	3.982	579	3.578	8.139
	Muller	2020	1.047	21	2.229	3.297
		2021	1.137	31	2.187	3.355
<b>Comparativa 2021/2020</b>						
Empresarios/as	Home	Absoluto	244	69	138	451
		TV (%)	17,5	172,5	8,5	14,8
	Muller	Absoluto	43	10	3	56
		TV (%)	32,8	1000,0	1,0	12,8
Traballadores/as	Home	Absoluto	-18	-7	-61	-86
		TV (%)	-0,8	-1,5	-3,2	-1,8
	Muller	Absoluto	47	0	-45	2
		TV (%)	5,1	0,0	-2,3	0,1
TOTAL	Home	Absoluto	226	62	77	365
		TV (%)	6,0	12,0	2,2	4,7
	Muller	Absoluto	90	10	-42	58
		TV (%)	8,6	47,6	-1,9	1,8

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro de Confrarías proporcionados pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia

Por provincias hai grandes variacións na representatividade feminina nas confrarías. Dentro das persoas traballadoras temos a maior representación feminina en Pontevedra onde 1.877 das afiliacións son mulleres, o que supón o 50,7% do total destas afiliacións, aínda que se reducen en 45 con relación ao ano anterior. En Lugo, pola contra, temos 20 afiliadas traballadoras, que non chegan ao 4% do total.


No caso da representatividade empresarial, a maior presenza feminina a atopamos novamente na provincia de Pontevedra, que con 310 afiliacións (3 máis que o ano anterior) supoñen o 15% do total deste grupo. A provincia onde atopamos a menor presenza feminina neste grupo é novamente en Lugo, que con 11 empresarias (10 máis que no ano anterior) representa o 9,2% do total da federación.

Con relación ao total de afiliacións, a maior presenza feminina a atopamos, como era previsible, na provincia de Pontevedra cun 37,9%, seguida de A Coruña, cun 22,2% e, por último, Lugo, cun escaso 5,1%.

Con relación ao ano anterior, aumenta a presenza feminina nas afiliacións galegas, 58, o 1,8, debido ao aumento de 56 no caso das empresarias (un 12,8%) e dúas máis no caso das traballadoras. Deste xeito o 29,2% das afiliacións nas confrarías galegas son mulleres.

Con relación ao ano anterior, prodúcense aumentos nas afiliacións de empresarias en todas as federacións, 43 no caso de A Coruña, 10 en Lugo e 3 en Pontevedra. No caso das traballadoras, so medran na provincia de A Coruña (47). En Lugo estas afiliacións mantéñense iguais e baixan en 45 e Pontevedra, sendo o saldo final en Galicia dun aumento de dúas. O balance final e dun lixeiro aumento da presenza feminina nas confrarías galegas, ao pasar do 28,2% ao 29,2%.

**Gráfico 7.7. Peso das confrarías galegas por sectores de produción no ano 2021.**



*Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro de Confrarías proporcionados pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia*

No ano 2021 das 4.001 afiliacións empresariais nas confrarías o 39% (1.560) atópanse no sector de marisqueo dende embarcación (aumentando o seu peso con relación ao informe anterior) sendo a segunda actividade en importancia á pesca de baixura (frota de artes menores) que con 1.325 afiliacións, representan o 33,1% do total. Máis afastado, en canto ao seu peso, temos as confrarías que traballan noutros sectores (como os de as bateas) que con 552 afiliacións representan o 13,8% do total.

**Táboa 7.4. Datos de afiliación nas confrarías galegas por federacións segundo sector de produción**

Sector de produción	Ano	A CORUÑA	LUGO	PONTEVEDRA	GALICIA
Pesca de baixura: frota de artes menores	2021	41,0	41,7	25,7	33,1
Recursos específicos	2021	9,1	5,0	7,8	8,3
Pesca de baixura: frota do cerco	2021	4,1	7,5	2,4	3,3
Pesca de arrastre do litoral	2021	0,7	10,0	0,3	0,7

Sector de produción	Ano	A CORUÑA	LUGO	PONTEVEDRA	GALICIA
Pesca de altura e grande altura	2021	0,7	35,0	0,7	1,7
Marisqueo desde embarcación	2021	39,4	0,0	40,9	39,0
Outros (bateas..)	2021	5,1	0,8	22,2	13,8
TOTAL	2021	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro de Confrarías proporcionados pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia

Nas provincias de A Coruña e Lugo o sector onde teñen a súa actividade a maior porcentaxe de confrarías é o de Pesca de baixura, acadando o 41% e o 41,7% das afiliacións totais (745 e 50, respectivamente). Na provincia de Pontevedra nos atopamos a maior representación no marisqueo desde embarcación (844 que representa o 39% do total).

Táboa 7.5. Variacións nas afiliacións segundo o sector de produción 2021/2020

Comparativa 2021/2020					
Sector de produción		A CORUÑA	LUGO	PONTEVEDRA	GALICIA
Pesca de baixura: frota de artes menores	Var abs	-14	1	-6	-19
	TV (%)	-1,8	2,0	-1,1	-1,4
Recursos específicos	Var abs	-2	0	2	0
	TV (%)	-1,2	0,0	1,3	0,0
Pesca de baixura: frota do cerco	Var abs	-7	1	-1	-7
	TV (%)	-8,6	12,5	-2,0	-5,0
Pesca de arrastre do litoral	Var abs	-2	0	1	-1
	TV (%)	-14,3	0,0	20,0	-3,2
Pesca de altura e grande altura	Var abs	1	0	-2	-1
	TV (%)	9,1	0,0	-12,5	-1,4
Marisqueo desde embarcación	Var abs	112	0	-6	106
	TV (%)	18,5	0,0	-0,7	7,3
Outros (bateas..)	Var abs	-2	0	4	2
	TV (%)	-2,1	0,0	0,9	0,4
TOTAL	Var abs	86	2	-8	80
	TV (%)	5,0	1,7	-0,4	2,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro de Confrarías proporcionados pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia

Con relación ao ano anterior, no conxunto galego atopamos a maior caída relativa no sector de pesca de baixura (frota do cerco), do -5%, debido á caída do 8,6% que se produciu

na federación de A Coruña que non se compensa co incremento do 12,5% en Lugo, ao caer tamén en Pontevedra, nun 2%.

No sector que máis pesa no total (marisqueo desde embarcación) prodúcese o maior crecemento, un 7,3% no conxunto galego, debido ao aumento na provincia de A Coruña, 112 afiliacións e unha variación anual do 18,5%.

No terceiro sector en importancia, Outros (que inclúe as bateas) hai un lixeiro aumento das afiliacións, ao compensarse as catro novas afiliación en Pontevedra, coa caída de dúas en A Coruña.

### 7.3. A flota pesqueira en Galicia

A pesca é un sector estratéxico para Galicia, non só polo seu peso económico senón pola súa dimensión social xa que contribúe á fixación de poboación nas zonas costeiras menos desenvoltoas. O sector da pesca inclúe toda a actividade económica procedente da extracción, acuicultura, piscicultura, marisqueo e todo o procesado dos produtos destas modalidades. Como xa se adiantou, as confrarías de pescadores son as principais organizacións asociativas no ámbito da pesca e, para tratar de cuantificar a súa importancia, analizaremos varios indicadores tanto dende o punto de vista dos recursos (buques, permisos de marisqueo) como dos resultados (capturas de peixes e vendas nas lonxas). Neste apartado recolleemos a principal información para definir e cuantificar a flota pesqueira galega.

Na táboa 7.6 recóllese o número de buques pesqueiros, antigüidade, arqueo e eslora media da flota nas Comunidades Autónomas españolas, onde se pode ver a importancia da galega no total español, pois no ano 2020 representaba o 49% do total de buques e case o 42% do arqueo. Sen embargo, a antigüidade da flota galega é de 37 anos, tres por riba da media española, só igualada por Baleares e superada por Ceuta, e os buques teñen unha eslora total media menor, con 9 metros respecto aos 11 da media nacional. Cabe destacar o caso do País Vasco, que con tan só o 2,3% do total de buques de España, ocupa o segundo lugar en arqueo co 27,5%, ao contar cos buques de maior eslora (31 metros) e menor antigüidade (21 anos). Sinalar que o dato do total de Galicia non coincide co que recolleemos na táboa 7.7, que obtivemos directamente das *webs* das federacións de confrarías provinciais galegas.

**Táboa 7.6. Número de buques pesqueiros, arqueo (GT), antigüidade e eslora media da flota por C. A. do porto base. 2021**

CCAA PUERTO BASE	Total buques	Antigüedad Media	Arqueo (GT)	Eslora total promedio
GALICIA	4.276	37	136.546	8,9
PRINCIPADO DE ASTURIAS	257	23	4.949	10,9
CANTABRIA	132	23	6.513	16,6
PAIS VASCO	199	21	89.990	30,7
CATALUÑA	650	33	16.892	13,8
C. VALENCIANA	535	28	17.969	15,2
BALEARES	313	37	2.721	9,5
ANDALUCIA	1.423	30	28.697	12,0

CCAA PUERTO BASE	Total buques	Antigüedad Media	Arqueo (GT)	Eslora total promedio
MURCIA	181	36	3.456	11,2
CEUTA	15	45	121	10,5
MELILLA	0	0	0	0,0
CANARIAS	751	42	18.993	9,8
Total buques	8.732	34	326.846	11,0

Fonte: Datos do Censo de Flota Pesquera operativa a 31 de decembro de cada ano. Estadísticas Pesqueras. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

Na táboa 7.7 preséntanse os datos publicados nas páxinas *web* das federacións provinciais de confrarías galegas. Dos 4.437 buques das confrarías galegas, case o 51% son de A Coruña, o 45% de Pontevedra e o 4% de Lugo. Sen embargo, se analizamos a capacidade da flota, Pontevedra tería o 55%, Coruña descende ao 28 % e Lugo incrementa fortemente a súa importancia, co 17% das GT's, polo que a flota lucense tería unha capacidade media máis elevada co resto (138 GT por buque), situándose a media galega en 32 GT por buque. A Coruña ten unha capacidade media de tan só 17,6, mentres que Pontevedra é de 39,1.

Táboa 7.7. Flota pesqueira nas confrarías galegas

FEDERACION	Buques		Arqueo		Potencia	
	(Número)	%	(GT)	%	(CV)	%
A CORUÑA	2.261	50,96	39.861	28,00	137.454	37,12
LUGO	176	3,97	24.349	17,10	51.026	13,78
PONTEVEDRA	2.000	45,08	78.164	54,90	181.853	49,11
<b>TOTAL</b>	4.437	100	142.374	100	370.333	100

Fonte: Federacións de confrarías de A Coruña, Lugo e Pontevedra. Data de consulta: 05/07/2022

Na táboa 7.8 recóllese a evolución da flota pesqueira en Galicia entre os anos 2015 e 2021, desagregada en función do tipo de pesca: internacional (gran altura), comunitaria (altura) e nacional (Cantábrico-Noroeste).

A maior parte da nosa flota pesqueira opera nos caladoiros nacionais (Cantábrico/Noroeste) 4.088 buques no ano 2021, que supoñen o 96% do total, unha porcentaxe similar ao longo dos anos de estudo.

O número de buques pesqueiros está a descender en Galicia entre os anos 2015 e 2021, pasando de 4.438 a 4.260 cunha taxa de variación anual media negativa do 0,5%, o que supón 178 buques menos (58 no último ano), dos que a maior parte son do caladoiro nacional, 173, mentres que hai 6 menos na pesca de gran altura. No ano 2021 incrementábase en un o número de buques de pesca comunitaria, un máis que en 2015. En termos de taxas anuais de variación, atopamos taxas negativas do na pesqueira internacional (-0,45%) e os caladoiros internacionais (-0,98).

Táboa 7.8. Buques pesqueiros en Galicia: 2015-2021

Buques pesqueiros									
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	Variación 2021/15	T.V.A. (%) 2021/15
Total	4.438	4.430	4.419	4.371	4.335	4.318	4.260	-178	-0,46
Pesquería internacional. Gran altura	105	104	100	97	97	99	99	-6	-0,98
Pesquería comunitaria. Altura	72	69	68	70	69	72	73	1	0,00
Caladoiro Nacional. Cantábrico / Noroeste	4.261	4.257	4.251	4.204	4.169	4.147	4.088	-173	-0,45
Arqueo GT									
Total	142.155	143.567	139.710	126.451	124.511	129.169	127.812	-14.343	-1,58
Pesquería internacional. Gran altura	75.851	78.989	75.884	62.880	62.889	66.815	65.426	-10.425	-2,09
Pesquería comunitaria. Altura	20.902	19.685	19.402	19.905	19.565	20.492	20.699	-203	-0,33
Caladoiro Nacional. Cantábrico / Noroeste	45.402	44.893	44.424	43.666	42.057	41.862	41.687	-3.715	-1,34
Potencia C.V.									
Total	366.356	371.743	365.916	342.163	338.478	349.539	351.211	-15.145	-0,78
Pesquería internacional. Gran altura	121.029	124.824	119.442	97.909	97.909	104.426	103.348	-17.681	-2,43
Pesquería comunitaria. Altura	40.262	38.293	39.107	40.028	39.049	42.766	45.278	5.016	1,01
Caladoiro Nacional. Cantábrico / Noroeste	205.064	208.626	207.366	204.226	201.519	202.348	202.585	-2.479	-0,22

Fonte: IGE a partir dos datos da Consellería do Mar. Rexistro de Buques pesqueiros. Datos a 31 de decembro de cada ano.

Con relación ao arqueo da flota, detéctase unha diminución do mesmo, pasando de 142.155 GT's do ano 2015 aos 127.812 no ano 2021, por debaixo das cifras de 2020, ano no que se recuperara lixeiramente. Entre 2015 e 2021 houbo unha redución de 14.343 GT's, e unha taxa de variación media anual negativa do 1,6%. Por caladoiros, a maior capacidade preséntase nos buques que operan na pesqueira internacional, seguida dos que operan no nacional e, por último temos os que traballan no caladoiro comunitario. A maior redución de arqueo entre os anos 2015 e 2021 prodúcese na pesca de gran altura (-2% de variación media anual), seguida da de caladoiro nacional (-1,3%), sendo a menor caída relativa no caladoiro de altura (-0,3%).

No último ano, entre 2020 e 2021, o arqueo total reduciuse en 1.357 CT's, debido á diminución na pesqueira internacional, de 1.389 e no caladoiro nacional de 175, pois aumentou a pesqueira comunitaria en 207 GT's.

Resultados similares se presentan se analizamos os datos de potencia dos buques, con taxas anuais negativas entre 2015 e 2021 do 0,8%, que son do 2,4% para a pesca de gran altura e do 0,2% para a nacional, mentres que as taxa para a pesqueira comunitaria é positiva (1%). Entre 2020 e 2021 aumentou a potencia no total dos buques pesqueiros, debido ao incremento na pesqueira comunitaria e no caladoiro nacional, pois veuse reducida na de gran altura.

#### 7.4. Permisos de marisqueo

O marisqueo consiste no exercicio da actividade extractiva, a pé ou dende embarcación, de varias especies de moluscos, crustáceos e outras especies. A súa regulación está recollida na Lei 11/2008 de 3 de decembro de Pesca de Galicia, que clasifica as zonas de explotación marisqueira e regula a forma de outorgar as autorizacións ou concesións, que corresponde na actualidade á Consellería do Mar da Xunta de Galicia.

Como se pode observar na táboa 7.9, no ano 2021 en Galicia había un total de 3.676 permisos para o marisqueo, 48 menos que o ano anterior e 150 menos que no ano 2015. Esta redución prodúcese fundamentalmente nos marisqueos asignados ás mulleres, que pasaron dos 2.980 no ano 2015 aos 2.731 no ano 2021, son, polo, tanto 249 permisos menos. No caso dos homes, entre 2015 e 2020 aumentou o número en 99 permisos.

Entre 2019 e 2020 recuperárase o número de permisos en mulleres en 130, pero no ano 2021 volveu a reducirse en 32 permisos. No caso dos homes, segue diminuindo o número de permisos, no 2020 en 183 e no 2021 en 48. Como pode verse na táboa 7.9 as taxas anuais foron ato o ano 2019 negativas para as mulleres e positivas para os homes, pasando a cambiar o signo no ano 2020, e sendo negativas para os dous grupos no último ano.

Táboa 7.9. Permisos de marisqueo a pé en Galicia 2015-2021

	Número			Taxas de variación (%)	
	Total	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
2015	3.826	846	2.980		
2016	3.799	961	2838	13,59	-4,77
2017	3797	990	2807	3,02	-1,09
2018	3.792	1.070	2.722	8,08	-3,03
2019	3.777	1.144	2.633	6,92	-3,27
2020	3.724	961	2.763	-16,00	4,94
2021	3.676	945	2.731	-1,66	-1,16

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE obtidos da Consellería do Mar.



Táboa 7.10. Permisos de marisqueo segundo idade e sexo, 2015 e 2021

	2015				2021			
	Número de permisos		% sobre o total		Número de permisos		% sobre o total	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Total	846	2.980	100,00	100,00	945	2.731	100,00	100,00
Ata 30 anos	110	84	13,00	2,82	68	50	7,20	1,83
De 31 a 40 anos	271	352	32,03	11,81	219	261	23,17	9,56
De 41 a 50 anos	284	841	33,57	28,22	353	966	37,35	35,37
De 51 a 60 anos	156	1.210	18,44	40,60	252	1.026	26,67	37,57
Máis de 60 anos	25	493	2,96	16,54	53	428	5,61	15,67

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE obtidos da Consellería do Mar.

No caso das mulleres, a maior porcentaxe de permisos, no ano 2021, concéntranse no tramo de idade comprendido entre os 51 e os 60 anos (37,6%), seguido das mulleres entre 41 e 50 anos (35,4%), as maiores de 60 anos (15,6%), as que teñen entre 31 e 40 anos (9,6%) e, a menor porcentaxe atópase no grupo de mulleres menores de 31 anos (1,8%). A distribución indica que se vai aumentando o peso das mulleres de entre 41 e 50 anos, ao tempo que diminúe o peso das de menor idade, en comparación coa distribución de 2015.

No caso dos homes, a maior porcentaxe de permisos atopámola nos que teñen unha idade comprendida entre os 41 e os 50 anos (37,4%), seguida dos comprendidos entre 51 e 60 anos (26,7%), os que teñen entre 31 e 40 anos (23,1%), os menores de 31 anos (7,2%) e, por último, os que teñen máis de 60 anos (5,6%). En comparación co ano 2015 vese unha redución dos permisos nos primeiros tramos de idade e un aumento nos últimos tramos.

En calquera caso, esta distribución indica que as mulleres mariscadoras teñen unha idade media máis elevada ca dos homes, aínda que para eles, parece que se está a elevar a idade media tamén, o que se terá que ir analizando nos próximos anos.

Como se recolle na táboa 7.11, o aumento dos permisos de marisqueo asinados aos homes prodúcese nos tramos de idade comprendidos entre 41 e 50 anos, cun aumento de 69 permisos, e unha taxa de variación anual media de case o 3,7%, no tramo de 51 a 60 anos, cun aumento de 96 permisos (taxa de variación anual do 8,3%), e no tramo de máis de 60 anos con 28 permisos (taxa variación anual do 13,3%). Esta situación é similar á do ano anterior no que se percibía un incremento para os tres grupos de idade por enriba dos 41 anos.

No caso das mulleres, tan só aumenta o número de permisos no tramo de idade comprendido entre os 41 e 50 anos, con 125 permisos máis en 2021 respecto a 2015, o que representa unha taxa anual positiva do 2,3%. No resto de tramos, redúcense o número de permisos asignados, sendo as maiores reducións as que se producen nos tramos de idade comprendidos entre os 51 e 60 anos (cunha perda de 184 permisos, e unha taxa de variación anual media do -2,3%) e as de idade entre 31 e 40 anos (onde se perden 91 permisos, cunha taxa de variación anual media do -4,9%). Os datos dispoñibles en 2019 indicaban taxas negativas para todos os grupos de idade, observando no ano 2020 datos similares aos de 2021.

Táboa 7.11. Variación dos permisos de marisqueo 2015-2021 por tramos de idade e sexo

	Absoluta (número)		T.V.A. media (%)	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Total	99	-249	1,86	-1,44
Ata 30 anos	-42	-34	-7,70	-8,28
De 31 a 40 anos	-52	-91	-3,49	-4,86
De 41 a 50 anos	69	125	3,69	2,34
De 51 a 60 anos	96	-184	8,32	-2,71
Máis de 60 anos	28	-65	13,34	-2,33

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE obtidos da Consellería do Mar.

En relación á distribución de permisos entre homes e mulleres, por idades, no ano 2021, as mulleres teñen a maior porcentaxe de permisos en todas as idades agás no primeiro tramo (ata 30 anos). Así, representan o 74,3% do total, o 54,3% das persoas comprendidas entre 31 e 40 anos, o 73,2% das comprendidas entre 41 e 50 anos, o 80,2% das que teñen entre 51 e 60 anos e case o 89% das maiores de 60 anos. Como dicíamos, os homes só superan as mulleres no primeiro tramo (ata 30 anos) representando o 57,6% dos permisos de marisqueo.

Táboa 7.12. Distribución dos permisos de marisqueo entre homes e mulleres, 2015 e 2021

	2015		2021	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Total	22,11	77,89	25,71	74,29
Ata 30 anos	56,70	43,30	57,63	42,37
De 31 a 40 anos	43,50	56,50	45,63	54,38
De 41 a 50 anos	25,24	74,76	26,76	73,24
De 51 a 60 anos	11,42	88,58	19,72	80,28
Máis de 60 anos	4,83	95,17	11,02	88,98

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE obtidos da Consellería do Mar.

Nas seguintes táboas (7.13 e 7.14) recóllese o reparto dos permisos de marisqueo a pé, segundo sexo e confrarías (ou agrupación de mariscadores), así como as variacións entre os anos 2015 e 2021.

As confrarías que teñen un número de permisos inferior ou igual a 15 (en 2020) agrúpanse por provincia. En A Coruña suman 12, das que 10 son confrarías, 1 é unha cooperativa do mar e 1 é unha agrupación. En Lugo agregáronse 6, das que 5 son confrarías e 1 é unha asociación de mariscadoras. Por último, na provincia de Pontevedra agregáronse os datos de 4 confrarías.

Con relación ao ano 2015, no ano 2021 en Galicia diminúe lixeiramente o número de permisos, a unha taxa anual do -0,66%, o que supón 150 permisos menos. Aínda así, mentres que no ano 2019 detectábase unha evolución negativa en todas as provincias e na maioría das agrupacións e confrarías, o ano 2021 segue a senda de 2020, pois atópanse confrarías

con aumentos destacables, como as de Cabo de Cruz, O Pindo (Carnota) e Miño con 23, 21 e 19 permisos máis respectivamente, ou os 22 e 18 das confrarías de Vilanova e Pontevedra.

O maior número de permisos de marisqueo a pé concéntrase na provincia de Pontevedra (o 56,7% do total), cun total de 2.083 permisos no ano 2021, que son xestionados por un total de 18 confrarías e unha O.P.P. (Organizacións de Produtores de Pesca). Na provincia os permisos están concentrados en poucas de asociacións ou confrarías en 2021, habendo varias confrarías que teñen máis de 200 permisos (o que non acontece nas outras dúas provincias marítimas galegas, a excepción da Confraría de Noia). Destacan en Pontevedra a Confraría de O Grove (375 permisos que representan o 18% da provincia), Pontevedra (245, 12%), Vilanova (250, 12%) e Cambados (212, 10%). A O.P.P. A Illa de Arousa está a xestionar 205 permisos.

A provincia que segue, polo seu peso no total dos permisos galegos é A Coruña, con 1.560, que representan o 42,4% do total, e que son xestionados por 31 confrarías, 2 agrupacións do mar e 1 cooperativa do mar. No caso da provincia de A Coruña é moi distinto ao pontevedrés xa que case hai o duplo de asociacións xestionando os permisos, que son de contía inferior, polo que hai unha maior dispersión dos permisos na provincia, na que só a confraría de Noia con 394 permisos representa o 25% do total provincial, e supera os 200 que son xestionados por varias agrupacións pontevedresas. Das outras confrarías da provincia destacan a de Cabo de Cruz (Boiro) con 196 representa o 12,6%, e Rianxo (143, 9,2%).

Na provincia de Lugo obsérvase unha menor actividade marisqueira, que con 33 permisos representa menos do 1% do total. A confraría con maior número de permisos é a de Ribadeo (15), e as outras 4 confrarías e 1 asociación de mariscadores repártense os 18 permisos restantes.

**Táboa 7.13. Permisos de marisqueo a pé por confrarías ou agrupacións de mariscadores (número) 2015, 2021**

	Total		Homes		Mulleres	
	2015	2021	2015	2021	2015	2021
Total	3826	3676	846	945	2980	2731
<b>A Coruña</b>	<b>1614</b>	<b>1560</b>	<b>468</b>	<b>554</b>	<b>1146</b>	<b>1006</b>
Agrupación mariscadores Río Anllóns	30	27	4	5	26	22
Confraría de A Coruña	92	59	50	31	42	28
Confraría de A Pobra do Caramiñal	113	98	29	37	84	61
Confraría de Barallobre (Fene)	56	43	23	13	33	30
Confraría de Cabo de Cruz (Boiro)	173	196	43	69	130	127
Confraría de Camariñas	65	56	6	5	59	51
Confraría de Cariño	14	15	4	5	10	10
Confraría de Cedeira	30	19	10	4	20	15
Confraría de Corcubión	12	19	1	4	11	15
Confraría de Corme (Ponteceso)	32	18	14	14	18	4
Confraría de Espasante	18	15	9	4	9	11
Confraría de Ferrol	44	32	41	31	3	1

	Total		Homes		Mulleres	
	2015	2021	2015	2021	2015	2021
Confraría de Fisterra	15	10	12	5	3	5
Confraría de Lira (Carnota)	16	29	1	8	15	21
Confraría de Malpica	29	46	17	28	12	18
Confraría de Miño	16	35	1	24	15	11
Confraría de Mugardos	62	59	26	33	36	26
Confraría de Muros	81	77	21	20	60	57
Confraría de Muxía	52	40	40	27	12	13
Confraría de Noia	390	394	44	81	346	313
Confraría de O Pindo (Carnota)	28	49	10	31	18	18
Confraría de Pontedeume	20	19	6	5	14	14
Confraría de Rianxo	142	143	16	45	126	98
de menos de 15 permisos en 2021(sumaa)	99	72	52	30	47	42
<b>Lugo</b>	<b>42</b>	<b>33</b>	<b>19</b>	<b>19</b>	<b>23</b>	<b>14</b>
Confraría de Ribadeo	19	15	12	12	7	3
de menos de 15 permisos en 2021(sumaa)	23	18	7	7	16	11
<b>Pontevedra</b>	<b>2170</b>	<b>2083</b>	<b>359</b>	<b>372</b>	<b>1811</b>	<b>1711</b>
Confraría de A Guarda	52	50	19	19	33	31
Confraría de Arcade (Soutomaior)	101	88	17	12	84	76
Confraría de Baiona	70	41	14	15	56	26
Confraría de Cambados	202	212	10	15	192	197
Confraría de Carril (Vilagarcía)	83	84	10	21	73	63
Confraría de Lourizán (Pontevedra)	151	161	60	54	91	107
Confraría de Moaña	72	57	0	3	72	54
Confraría de O Grove	411	375	61	92	350	283
Confraría de Pontevedra	227	245	69	59	158	186
Confraría de Raxó (Poio)	43	54	22	17	21	37
Confraría de Redondela	130	110	34	7	96	103
Confraría de Vilaboa	65	65	4	3	61	62
Confraría de Vilanova	228	250	18	32	210	218
Confraría de Vilaxoán (Vilagarcía)	59	68	7	13	52	55
O.P.P. 20 - A Illa de Arousa	253	205	2	2	251	203
de menos de 15 permisos en 2021(suma)	23	18	12	8	11	10

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE obtidos da Consellería do Mar.

**Táboa 7.14. Variación nos permisos de marisqueo 2015-21, peso das confrarías e outras organizacións, e peso da muller**

	T.V.A. 2021/15			% S/ total	% Mulleres 2021
	Total	Homes	Mulleres		
Total	-0,66	1,86	-1,44	100,00	74,29
<b>A Coruña</b>	<b>-0,57</b>	<b>2,85</b>	<b>-2,15</b>	<b>42,44</b>	<b>64,49</b>
Agrupación mariscadores Río Anllóns	-1,74	3,79	-2,75	0,73	81,48
Confraría de A Coruña	-7,14	-7,66	-6,53	1,61	47,46
Confraría de A Pobra do Caramiñal	-2,35	4,14	-5,19	2,67	62,24
Confraría de Barallobre (Fene)	-4,31	-9,07	-1,58	1,17	69,77
Confraría de Cabo de Cruz (Boiro)	2,10	8,20	-0,39	5,33	64,80
Confraría de Camariñas	-2,45	-2,99	-2,40	1,52	91,07
Confraría de Cariño	1,16	3,79	0,00	0,41	66,67
Confraría de Cedeira	-7,33	-14,16	-4,68	0,52	78,95
Confraría de Corcubión	7,96	25,99	5,31	0,52	78,95
Confraría de Corme (Ponteceso)	-9,14	0,00	-22,17	0,49	22,22
Confraría de Espasante	-2,99	-12,64	3,40	0,41	73,33
Confraría de Ferrol	-5,17	-4,55	-16,73	0,87	3,13
Confraría de Fisterra	-6,53	-13,58	8,89	0,27	50,00
Confraría de Lira (Carnota)	10,42	41,42	5,77	0,79	72,41
Confraría de Malpica	7,99	8,67	6,99	1,25	39,13
Confraría de Miño	13,94	69,84	-5,04	0,95	31,43
Confraría de Mugarδος	-0,82	4,05	-5,28	1,61	44,07
Confraría de Muros	-0,84	-0,81	-0,85	2,09	74,03
Confraría de Muxía	-4,28	-6,34	1,34	1,09	32,50
Confraría de Noia	0,17	10,71	-1,66	10,72	79,44
Confraría de O Pindo (Carnota)	9,78	20,75	0,00	1,33	36,73
Confraría de Pontedeume	-0,85	-2,99	0,00	0,52	73,68
Confraría de Rianxo	0,12	18,81	-4,10	3,89	68,53
de menos de 15 permisos en 2021	-5,17	-8,76	-1,86	1,96	58,33
<b>Lugo</b>	<b>-3,94</b>	<b>0,00</b>	<b>-7,94</b>	<b>0,90</b>	<b>42,42</b>
Confraría de Ribadeo	-3,86	0,00	-13,17	0,41	20,00
de menos de 15 permisos en 2021	-4,00	0,00	-6,05	0,49	61,11
<b>Pontevedra</b>	<b>-0,68</b>	<b>0,59</b>	<b>-0,94</b>	<b>56,66</b>	<b>82,14</b>
Confraría de A Guarda	-0,65	0,00	-1,04	1,36	62,00
Confraría de Arcade (Soutomaior)	-2,27	-5,64	-1,65	2,39	86,36

	T.V.A. 2021/15			% S/ total	% Mulleres 2021
	Total	Homes	Mulleres		
Confraría de Baiona	-8,53	1,16	-12,00	1,12	63,41
Confraría de Cambados	0,81	6,99	0,43	5,77	92,92
Confraría de Carril (Vilagarcía)	0,20	13,16	-2,43	2,29	75,00
Confraría de Lourizán (Pontevedra)	1,07	-1,74	2,74	4,38	66,46
Confraría de Moaña	-3,82		-4,68	1,55	94,74
Confraría de O Grove	-1,52	7,09	-3,48	10,20	75,47
Confraría de Pontevedra	1,28	-2,58	2,76	6,66	75,92
Confraría de Raxó (Poio)	3,87	-4,21	9,90	1,47	68,52
Confraría de Redondela	-2,75	-23,16	1,18	2,99	93,64
Confraría de Vilaboa	0,00	-4,68	0,27	1,77	95,38
Confraría de Vilanova	1,55	10,06	0,63	6,80	87,20
Confraría de Vilaxoán (Vilagarcía)	2,39	10,87	0,94	1,85	80,88
O.P.P. 20 - A Illa de Arousa	-3,45	0,00	-3,48	5,58	99,02
de menos de 15 permisos en 2021	-4,00	-6,53	-1,58	0,49	55,56

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE obtidos da Consellería do Mar.

En relación á evolución dende o ano 2015, a provincia de Lugo é a que presenta a maior caída na taxa de variación anual media no número de permisos (-3.9%), seguida de Pontevedra (-0,7%) e A Coruña (-0,6%).

En termos absolutos, perdéronse entre 2015 e 2021 un total de 150 permisos de marisqueo, resultado da perda de 249 permisos das mulleres e o aumento de 99 permisos dos homes. Ao igual que acontece co total galego, os permisos asignados a homes están a medrar en todas as provincias (excepto Lugo que non varía) mentres que decrecen os das mulleres.

A maior porcentaxe de permisos son asignados ás mulleres no ano 2021, sendo en Pontevedra onde representan unha porcentaxe maior, co 82,1% do total, seguido de A Coruña (64,5%) e, por último Lugo, onde só o 42,4% dos permisos están asignados a mulleres. Só en 9 confrarías a porcentaxe de mulleres é menor do 50%. O peso da muller no marisqueo vai dende o escaso 3% na de Ferrol ao 99% na de Illa de Arousa.

## 7.5. Venda nas lonxas galegas

As lonxas son as instalacións nas que se realiza a primeira venda dos produtos da pesca e do marisqueo, sendo o control do desembarque e a primeira venda responsabilidade dos titulares da concesión da mesma (Xunta de Galicia, PescadeRías). Creáronse nos anos 40 do pasado século para concentrar a oferta dos produtos pesqueiros nos diferentes portos (García Allut, 2003).

A maior parte do peixe que se vende nas lonxas (46 en Galicia (Xunta de Galicia, PescadeRías)<sup>4</sup> é xestionado polas confrarías de pescadores, con algunhas excepcións: a asociación de armadores de Burela, a Autoridade Portuaria de Vigo, algunha cooperativa, una asociación de marisqueiras, unha Organización de Produtores Pesqueiros e un par de sociedades (venta de algas).

A importancia do sector e a busca continua da mellora no mesmo leva a que no ano 2008 dende a Consellería do Mar da Xunta de Galicia, cree a marca "PescadeRías" como "selo de identidade para a promoción e defensa dos pescados e marisco procedente da flota artesanal" na que están asociadas as lonxas galegas, entre outros centros e empresas de distribución ou transformación. Na súa páxina *web* atópase a información relativa as lonxas da nosa CC.AA.

Na táboa 7.15 recóllese información sobre a pesca capturada nos portos de titularidade estatal e das comunidades autónomas co obxectivo de establecer o peso relativo de Galicia no conxunto do Estado.

**Táboa 7.15. Pesca capturada nos portos de titularidade estatal e das comunidades autónomas**

	Pesca total (toneladas)			TVA 2020/19 (%)	TVA 2020/15 (%)	% en 2020
	2015	2019	2020			
España: total portos	454.279	586.353	519.920	-11,33	2,74	100,00
España: portos da Admón. do Estado	220.130	205.394	163.356	-20,47	-5,79	31,42
España: portos das CCAA	234.149	380.959	356.564	-6,40	8,77	68,58
Galicia: total portos	229.965	322.186	252.184	-21,73	1,86	48,50
Galicia: portos da Admón. do Estado	123.666	117.599	72.167	-38,63	-10,21	13,88
A Coruña	43.739	35.924	33.299	-7,31	-5,31	6,40
Ferrol - San Cibrao	268	147	177	20,41	-7,96	0,03
Marín - Pontevedra	1.796	1.725	1.895	9,86	1,08	0,36
Vigo	77.863	79.803	36.796	-53,89	-13,92	7,08
Portos da Comunidade Autónoma	106.299	204.587	180.017	-12,01	11,11	34,62

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE con datos do anuario estatístico de Portos do Estado

No conxunto dos portos galegos no ano 2020 desembarcáronse 252.184 toneladas de peixe, representando o 48,5% do conxunto de portos de España. A maior parte deste peixe, 180.017 toneladas desembarcou en portos galegos de titularidade da Comunidade Autónoma (71%) mentres que nos portos da Administración do Estado desembarcáronse 72.167 toneladas (o 29% restante).

A importancia da pesca galega no conxunto español é, independentemente da titularidade do porto, moi elevada. Así, pódese afirmar que representa máis do 48% do total da pesca española, e case o 44% cando se trata de portos da Administración do Estado, e máis

<sup>4</sup> Lonxas e centros de primeira venda autorizada | PescadeRías (xunta.gal) data consulta 20-07-2022

do 50% da pesca dos portos españois de titularidade das CC.AA. Estas porcentaxes foron similares nos últimos anos.

No último ano, no que a crise derivada da pandemia do COVID-19 fíxose notar, obsérvase un descenso importante na pesca capturada, que acada o 21,7% para o total de portos de Galicia, o que supón unha diminución da pesca total de máis de 70 mil toneladas. Tan só nos portos de Ferrol e Marín se se observan crecementos pero que en termos absolutos representan pequenas cantidades.

Con relación ao ano 2015 a captura de peixe en Galicia presenta unha taxa anual de variación do 1.8%, por debaixo do conxunto de España (2,7%). En Galicia, nos portos de titularidade estatal as capturas decrecen un 10,2%, mentres que nos galegos aumenta un 11,1%.

En total, no ano 2021 vendéronse nas lonxas galegas 132.783 toneladas de produtos procedentes da pesca fresca, que xeraron un valor de case 424 millóns de euros (táboa 7.16).

Na táboa 7.16 analizamos os datos publicados pola Consellería do Mar, no seu Anuario de Pesca, no que se recolle a información segundo as lonxas con maior produción, a Lonxa de A Coruña cun volume de vendas de 28,1 mil toneladas representa o 21% do total, en termos monetarios as vendas acadan un valor de 64,5 millóns de euros, representando o 15,2% do total. A de Vigo é a segunda en importancia, cun volume de máis de 25,2 mil toneladas (19% do total) e un valor económico de case 88 millóns de euros (o 20,7% do total). As seguintes lonxas en importancia, segundo o volume de peixe son: Ribeira (16,9%), Burela (14,3 %) e Celeiro (10,1%).

Os datos de 2021 supoñen un retroceso respecto aos de 2020 de 17.473 toneladas, pois pasa de 150.256 ás 132.783 toneladas, que no total representa unha caída do 11,6%, que acada na lonxa de A Coruña unha porcentaxe do 16,7% de descenso e 5.665 toneladas menos. Nas lonxas de Ribeira e de Vigo obsérvase tamén un descenso no volume de vendas do 19% (5.235 Tm) e 25% (8.424 Tm) respectivamente, mentres que nas lonxas de Burela e Celeiro as taxas en ese ano son positivas, do 8,6% e 1,9%, aínda que o aumento en volume é sensiblemente inferior (1.507 e 249 Tm respectivamente).

A pesar da caída no volume de vendas, obsérvase para o total das lonxas un incremento do 2,9% no valor das vendas, aumentando en case 12 millóns de euros. Esta cifra é o resultado do aumento nas lonxas de menor nivel de produción (véxase Resto na táboa 16), e da lonxa de Burela, mentres que cae o valor das vendas nas lonxas de maior tamaño. Así, pérdense máis de 17 millóns na lonxa de Vigo, 4,5 millóns na de A Coruña, 2,8 na de Ribeira e 1,6 na de Celeiro. En termos relativos, as taxas de descenso do valor das vendas son inferiores ás taxas en cantidades, polo que pódese dicir que o comportamento dos prezos foi favorable.

Con relación ao 2015, nestas lonxas diminúe a cantidade de peixe desembarcada a unha taxa de variación media anual do 5% e tamén o valor monetario da mesma (-1,2%). Estas caídas prodúcense en todas as lonxas, tan só na lonxa de Ribeira atópase unha taxa positiva (2,3%).



**Táboa 7.16. Venda de produtos pesqueiros nas lonxas galegas segundo lonxa. Cantidadade (toneladas) e valor (miles de euros)**

	Toneladas			TVA 2021/15 (%)	% s/ total 2021	Miles de euros			TVA 2021/15 (%)	% s/ total 2021
	2015	2020	2021			2015	2020	2021		
Total	180.464	150.256	132.783	-5,0	100,0	458.195	412.960	424.955	-1,2	100,0
Burela	24.791	17.518	19.025	-4,3	14,3	74.591	63.715	66.996	-1,8	15,8
Celeiro	15.940	13.154	13.403	-2,8	10,1	52.336	44.892	43.252	-3,1	10,2
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	39.650	33.780	28.125	-5,6	21,2	78.234	69.136	64.553	-3,2	15,2
Ribeira	27.708	27.639	22.404	-3,5	16,9	32.954	40.512	37.738	2,3	8,9
Vigo	32.138	33.664	25.240	-3,9	19,0	103.369	105.047	87.996	-2,6	20,7
Resto	40.236	24.501	24.586	-7,9	18,5	116.712	89.658	124.420	1,1	29,3

*Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE, procedentes da Consellaría do Mar. Anuario de Pesca. Nota: noméanse as lonxas con maior nivel de produción*

Na táboa 7.17 recóllese a venda de produtos segundo a especie nos anos 2015, 2020 e 2021. Así, en 2021, o peixe é a especie máis relevante xa que supón o 87% da venda en volume e o 68% en valor monetario, aínda que entre os anos 2015 e 2021 en ambos casos, hai unha redución tanto en volume, como no valor de venda.

No ano 2020 diminuíran as vendas de case a totalidade dos produtos pesqueiros, incluída a comercialización de peixes, que é a principal especie comercializada nas lonxas galegas, e que diminuíu en torno a un 2,4% en volume e un 6,0% en importe entre 2019 e 2020. No ano 2021 segue a redución de vendas destes produtos, caendo en 22,4 mil toneladas (un 16% menos) e en 12,6 millóns de euros (-4,2%).

Por outra parte prodúcese un crecemento no resto das especies entre 2020 e 2021, destacando os cefalópodos (que representan o 5,3% do total en volume e un 17,4% do total en valor) cun incremento de máis de 3.800 toneladas e 11,5 millóns de euros o que supón incrementos non último ano do 121% e 65,4% respectivamente. Destaca tamén a evolución positiva nese ano dos bivalvos (son o 5,3% do total en cantidade e o 6,8% en valor), que cun incremento de 607 toneladas (taxa do 9%) aumenta as súas vendas en 7.539 miles de euros (taxa do 11,3%)

O resto das especies máis relevantes son: crustáceos, equinodermos e algas. Se analizamos o seu peso en termos económicos, salvo as algas, todos acadan un maior peso no valor que cando medimos en volume, destacando os crustáceos que representan o 5,4% do valor total das vendas e o 1,1% do volume.

**Táboa 7.17. Venda de produtos pesqueiros nas lonxas galegas segundo especie. Cantidad (toneladas) e valor (miles de euros)**

	Toneladas			TVA 2021/15 (%)	% s/ total 2021	Miles de euros			TVA 2021/15 (%)	% s/ total 2021
	2015	2020	2021			2015	2020	2021		
Total	180.464	150.256	132.783	-5,0	100,0	458.195	412.960	424.955	-1,2	100,0
Algas	450	432	599	4,9	0,5	304	337	421	5,6	0,1
Bivalvos	7.777	6.481	7.088	-1,5	5,3	64.058	66.529	74.068	2,4	17,4
Cefalópodos	5.067	3.185	7.031	5,6	5,3	18.983	17.589	29.098	7,4	6,8
Crustáceos	980	1.210	1.431	6,5	1,1	16.371	19.312	22.958	5,8	5,4
Equinodermos	641	723	857	5,0	0,6	2.505	5.511	7.142	19,1	1,7
Gasterópodos	3	2	2	-6,5	0,0	9	19	32	23,5	0,0
Peixes	165.149	138.006	115.559	-5,8	87,0	354.791	302.732	290.056	-3,3	68,3
Poliquetos	5	4	4	-3,7	0,0	250	209	246	-0,3	0,1
Resto de descargas	393	213	213	-9,7	0,2	923	722	935	0,2	0,2

*Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE, procedentes da Consellaría do Mar. Anuario de Pesca. Nota: noméanse as especies con maior nivel de produción.*

## 7.6. Conclusións

No ano 2021 hai 63 confrarías de pescadores, que representan o 31,8% do total das españolas (198), organizadas en 3 federacións e que conforman a Federación Galega de Confrarías de Pescadores. En Lugo atopamos 6 confrarías, 35 en A Coruña e 22 en Pontevedra.

Das 11.494 afiliacións ás confrarías galegas, o 65,2 % son traballadores e traballadoras (7.493) e 4.001 corresponden a empresas.

Por federacións, Pontevedra representa a maior porcentaxe de afiliacións (o 50,2%), seguida de A Coruña (44,5 %) e Lugo (5,3 %), manténdose esta representación tanto no caso de empresas como de traballadores/as, que supoñen o 65% das afiliacións galegas, é suben ao 79,7% en Lugo.

No ano 2021 detéctase unha nova caída no número de afiliacións nas confrarías de pescadores (aínda que moi lixeira), tanto de empresas como de traballadores/as, agás na

federación de A Coruña, onde hai 115 máis, das cales 86 son de empresas (cun aumento do 5%). As maiores caídas do número de afiliados prodúcense en Pontevedra (pola maior redución das persoas traballadoras, 106 menos, o que supón unha caída do 2,8%). En Lugo aumentan en 2 as empresas afiliadas (1,7%) pero hai unha lixeira caída do número de persoas traballadoras afiliadas (-7, un -1,4%).

As mulleres teñen unha maior representación dentro do colectivo de persoas traballadoras, 2.860 (dúas máis que no ano anterior), o 38% do total e o 85% das afiliacións femininas. As afiliacións, no caso das empresarias, aumenta en 58 con relación ao 2020, son en total 495 e representan o 12,4% do total.

Por sectores, a maior caída relativa das afiliacións a atopamos no sector de baixura (frota do cerco), -5% de variación, debido a caída na federación de A Coruña (-8,6%). Pola contra, o maior aumento relativo o atopamos no marisqueo desde embarcación (106 novas afiliacións, 7,3%).

Por sector de actividade, nas provincias de A Coruña e Lugo as confrarías teñen a maior presenza no de pesca de baixura (frota de artes menores), co 41 e 41,7% das afiliacións, mentres que en Pontevedra, a maior porcentaxe a atopamos no marisqueo desde embarcación (40,9%).

No ano 2021 en Galicia había un total de 3.676 permisos para o marisqueo, 48 menos que no ano anterior e 1502 menos que no 2015, polo que continua a tendencia de anos anteriores. Esta redución prodúcese fundamentalmente nos marisqueos asignados ás mulleres, que pasaron dos 2.980 no ano 2015 aos 2.731 no ano 2021, son, polo, tanto 249 permisos menos, aínda que a maior parte deste permisos, o 74% segue sendo para mariscadoras.

A distribución de permisos, por xénero, indica que as mulleres mariscadoras teñen unha idade media máis elevada ca dos homes, aínda que para eles, parece que se está a elevar a idade media tamén, o que se terá que ir analizando nos próximos anos.

O total de pesca desembarcada nos portos galegos no ano 2020 foi de 252.184 toneladas, o que supón un 1,86% máis que no ano anterior, e que representa o 48,5% da pescada desembarcada no conxunto de portos de España.

En total, no ano 2021 vendéronse nas lonxas galegas 132.783 de toneladas de produtos procedentes da pesca fresca, que xeraron un valor de 425 millóns de euros. A maior porcentaxe, en cantidade, vendeuse na "Lonja Coruña, S.A." (o 21%), pero en valor, o maior o atopamos na de Vigo (o 20,7%).

## 8. AS SOCIEDADES AGRARIAS DE TRANSFORMACIÓN

### 8.1. Introducción

Nos últimos anos, e en parte pola melloras das comunicacións, tanto físicas como dixitais, e tamén polo cambio de concepción da actividade do sector primario, comprobábase un maior interese en potenciar a produción agrícola, gandeira e forestal na nosa Comunidade Autónoma. O anterior persigue alo menos tres obxectivos: (i) a revitalización do eido rural, o que sen dubida favorecerá a repoboación para combater o problema da “España vaciada” (Vaquero e Losa, 2020; Vaquero, 2021); (ii) acadar unha explotación responsable, seguindo as directrices marcadas polos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) das Nacións Unidas NU), dentro dunha contorna que garanta un maior aproveitamento dos recursos locais tan presentes nas actividades agrícolas, gandeiras e forestais e (iii) conseguir unha economía sostible e respectuosa como medio natural na Unión Europea, tal e como se sinala no Pacto Verde Europeo<sup>1</sup>.

Un exemplo deste tipo de actuacións son as Sociedades Agrarias de Transformación (SAT). O anterior presenta unha maior importancia cando a presenza cuantitativa e cualitativa do sector primario é elevado, como ocorre en Galicia. Na nosa CA, o peso do sector agrario no Valor Engadido Bruto (VAB) e no emprego representa o 3,4 % e o 3,8 % respectivamente (López-Iglesias, 2019). Esta porcentaxe sería do 6,9 % se consideramos o sector agroalimentario. Asemade, o sector primario resulta vital para mitigar o proceso de despoboamento da Galicia interior e frear a polarización económica cara a Galicia do litoral; ao anterior hai que engadir do papel que pode exercer para a conservación do medio natural (Informe Ardán, 2020, 2021).

<sup>1</sup> En concreto un dos piares nos que se basea o Pacto Verde Europeo é acadar unha alimentación saudable e xusta en circuitos curtos. O obxectivo é alimentar a poboación sen destruír os recursos, xa que unha produción irracional de alimentos dana a biodiversidade, contamina a auga e o solo, e fomenta o despilfarro (Pacto Verde Europeo, 2019). Dende a Comisión Europea se é consciente desta necesidade e para acadar este obxectivo dotouse dun investimento de 7.500 millóns de euros no Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural. O que se persegue é impulsar os cambios estruturais necesarios que se requiren para aplicar o Pacto Verde Europeo. Asemade, a iniciativa *Horizon Europe* destinará 5.000 millóns de euros para reforzar o financiamento da investigación nos obxectivos prioritarios, principalmente para abordar cambios estruturais nas zonas rurais.

En consecuencia, comprende o papel das SAT en Galicia como entidades da Economía Social (ES). Para iso, o esquema que seguirá será o seguinte. Tras esta introdución, o segundo apartado aborda o concepto e características destas entidades. A continuación, realízase a través dunha análise comparada, o estudo das SAT en Galicia. Posteriormente se sinalan un conxunto de recomendacións. Finaliza este estudo cunha serie de conclusións.

## 8.2. Concepto e características

As SAT e as cooperativas agrarias son as dúas figuras asociativas con maior presenza no sector agrario da ES. Se ben estas dúas entidades potencian o asociacionismo para o desenvolvemento da ES, cada unha presentan a súas características propias, de aí a necesidade de limitar o seu campo de actuación.

As SAT configúranse como sociedades civís cunha finalidade económico-social en relación á produción, transformación e comercialización de produtos agrícolas, gandeiros ou forestais. Asemade, o desenvolvemento das SAT posibilita a realización de melloras na contorna rural, promoción e desenvolvemento agrario, así como outros servizos vinculados a estas actividades. Polo tanto, este tipo de entidades desenvolven un papel económico e social, nunha contorna de sociedade civil e personalista, e con elementos mercantís (Vidal et al., 2001).

A diferenza das cooperativas agrarias, as SAT permiten unha maior flexibilidade nos seus estatutos, unha cuestión moi relevante, pero que ao mesmo tempo xera unha maior heteroxeneidade e complexidade á hora de estudalas. Así, o funcionamento das cooperativas basease na regra de un socio, un voto, pero no caso das SAT é frecuente utilizar o voto proporcional á participación individual do capital social subscrito. En segundo lugar, as cooperativas agrarias teñen un maior grao de esixencia para a súa constitución, mentres que as SAT pódense constituír sen un capital social mínimo e tampouco precisan dotar reservas ou fondos específicos obrigatorios. En terceiro lugar, as cooperativas agrarias non poden realizar operacións con terceiros non asociados, algo que si é moi frecuente para as SAT (Juliá e Server, 2003).

En resumo, a creación e a xestión das SAT é moito máis flexible que para as cooperativas agrarias (Bel, 1995). Asemade, esta ampla liberdade provoca a existencia de múltiples variantes dentro desta figura, algunhas máis preto do modelo cooperativista, outras máis próximas as sociedades de capital ou de outra forma. Para algúns autores (Mauleón e Genovart, 2018; Arroyo et al., 2018) o anterior converte as SAT en "entidades híbridas".

Para entender o actual funcionamento das SAT convén analizar os seus orixes. A referencia seminal das SAT foron os Grupos Sindicais de Colonización (GSC), unha formula asociativa dos anos 40 do pasado século, regulada pola Lei de Colonización de Interese Local, de 25 de novembro de 1946 (Román, 2008). Os GSC eran entes intermedios entre agricultores e o Estado, creados coma unha entidade semipública e consorcial, co obxecto de mellorar a situación económica e social do medio rural. Coa chegada da década dos anos 80, comeza a creación das SAT, modernizando a estrutura dos GSC.

O marco normativo estatal da SAT a nivel estatal é o seguinte: o Real Decreto 1776/1981, de 3 de agosto, polo que se aproba o estatuto que regula as SAT, a Orde de 14 de setembro de 1982, que desenvolve e o Real Decreto 1773/1681, de 3 de agosto, polo que se aproba o Estatuto que regula as SAT e a Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas, ademais da Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social. Asemade, as Comunidades Autónomas (CC.AA), a partires de 1982, ven aprobando

a súa propia normativa. A primeira Comunidade Autónoma (C.A) en regular as SAT foi o País Vasco, a través do Real Decreto 3177/1982, de 15 de outubro. En Galicia foi co Real Decreto 795/1985, de 30 de abril, sobre traspaso de funcións da Administración do Estado, só tres anos despois da norma vasca. Isto permite sinalar a relevancia deste sector e das SAT para a nosa C.A. Asemade, en Galicia contase coa Lei 6/2016, de 4 de maio de economía social de Galicia.

En resumo, as SAT serían sociedades civís de finalidade económico e social no ámbito da produción, transformación, comercialización de produtos agrícolas, gandeiros e forestais, a realización de melloras no medio rural, promoción e desenvolvemento agrario e a prestación de servizos, ademais da prestación de servizos comúns relacionados con estas actividades. A partires da definición anterior pódese indicar que coas SAT se posibilita a creación de sociedades para un mellor desenvolvemento do sector primario, có obxecto de garantir unha maior capacidade de competir nun mercado cada vez máis globalizado. Grazas as SAT se conseguen tres obxectivos: (i) mellorar a produción, transformación e comercialización de produtos agrícolas, gandeiros e forestais; (ii) potenciar a reagrupación de superficies e explotacións, a modernización de explotacións agrarias e (iii) a realización de melloras no medio rural, a prestación de servizos á comunidade rural, a promoción e o desenvolvemento agrario.

As SAT posibilitan unha fórmula societaria para potenciar o fenómeno asociativo e se acadada un maior papel en todo o proceso por parte dos produtores, ademais de garantir unha maior transparencia na toma de decisións sobre transformación e comercialización dos produtos (elementos todos presentes na ES). Coas SAT acadase que as actividades se atopan moito máis ligadas ao medio rural, o que pode ser un importante aliciente para mellorar a estrutura demográfica, económica e social das zonas rurais, que dende hai varias décadas enfróntanse a importantes desafíos para garantir a súa supervivencia (Vaquero e Losa, 2020; Vaquero, 2021), ademais de potenciar os recursos endóxenos da zona. Asemade, grazas a este tipo de asociacionismo agrario mellorase a competitividade, xa que as SAT posibilitan unha concentración e ordenación da oferta, un mellor acceso e aproveitamento dos recursos e unha clara aposta pola formación no sector agrícola. En resumo, unha mellor posición do sector agrícola e gandeiro no mercado, o que garante maiores doses de competencia nun mercado cada vez máis globalizado.

Asemade, non podemos esquecer a relevancia que tivo o sector primario durante a pandemia da COVID-19, que permitiu abastecer de produtos básicos a toda a poboación, incluso na período de confinamento máis estrito. O anterior, que é importante para todas as CC. AA., cobra maior relevancia en Galicia, xa que tal e como se indicou, o sector primario ten unha presenza relativa moi relevante no resto da economía respecto a media nacional. Finalmente, as SAT poden xogar un papel moi importante no obxectivo de acadar unha alimentación saudable e xusta en circuitos cortos. No ADN das SAT está a utilización respectuosa dos recursos e polo tanto, son o vehículo ideal para apostar pola estratexia "da granxa á mesa", a redución do uso de plaguicidas e fertilizantes en agricultura, a redución do uso de antimicrobianos en gandeiría e acuicultura e, finalmente, para mellorar a utilización de terras agrícolas dedicadas a agricultura ecolóxica.

As SAT teñen personalidade xurídica propia, polo que é necesario a súa inscrición no Rexistro correspondente: Rexistro Xeneral de SAT do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) ou Rexistro das SAT de cada Comunidade Autónoma, se o seu ámbito de actuación é estatal ou autonómico, respectivamente. Asemade, as SAT tamén poden asociarse, ou integrarse entre si, o que posibilita un desenvolvemento a maior escala das súas actividades, o que sen dubida reforza a súa competitividade.

As SAT deben ter como mínimo 3 socios, pero ningún deles con máis dun terzo do capital social. Asemade, se posibilita que as persoas xurídicas tamén poidan ser titulares ata o 50 % do capital social. Para ser socio dunha SAT é necesario cumprir cunha serie de requisitos: (i) ser titular (coma propietario ou arrendatario) dunha explotación agraria ou forestal; (ii) ser traballador autónomo (ben por conta allea ou propia do Réxime Especial Agrario da Seguridade Social) e (iii) ser titular dunha explotación gandeira e ser persoa xurídica con fins agrarios ou ser titular dunha explotación agraria.

Con respecto ás débedas sociais contraídas coa SAT, primeiro responderá o patrimonio social e, en segundo lugar, os socios de forma mancomunada, salvo que nos Estatutos da SAT se estableza a súa limitación de responsabilidade.

As SAT deberá contar co Libro Rexistro de socios, o Libro de Actas Xeral, Xunta Reitora e do resto de órganos de goberno aprobados nos seus Estatutos e os libros de contabilidade de natureza obrigatoria (Diario, Inventario e Balances). Nas SAT é a Asemblea Xeral a que aproba con plena autonomía os estatutos polos que vai rexerse o seu funcionamento. O funcionamento das SAT é personalista, posto que o importante é o socio por riba da achega económica realizada; isto obriga a que a súa substitución só sexa posible se o candidato reúne as características esixidas á persoa que vai a reemplazar, sendo necesario que a Asemblea Xeral aprrobe o cambio (Vargas, 2010, 2012). Polo tanto, o factor humano, tal e como ocorre con outras entidades que conforman a ES é fundamental no seu funcionamento.

O tratamento fiscal das SAT atópase establecido na Disposición Transitoria Primeira da Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal de Cooperativas. Establécese que para as SAT será de aplicación o réxime tributario xeneral, estando suxeitas ao Imposto sobre Sociedades. A súa tributación é lixeiramente diferente ás cooperativas, xa que esas últimas farano a un tipo reducido (20 %), salvo as cooperativas de crédito (25 %) que precisamente farano igual que as SAT. O anterior, que beneficia claramente as cooperativas agrarias, fronte as SAT, pode implicar un incentivo á transformación de SAT a cooperativas, posto que as remite ao réxime fiscal xeral (Julia e Server, 2003). Asemade, resulta curioso que o réxime fiscal da SAT este recollido na Lei de Réxime Fiscal de Cooperativas.

A normativa fiscal contempla dous importantes beneficios para este tipo de entidades (Server e Marín, 2004). En primeiro lugar, a exención total no Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados para os actos de constitución e ampliación de capital<sup>2</sup>. É por outra banda, unha bonificación do 95 % no Imposto sobre Actividades Económicas. Asemade, se a SAT ten a consideración de explotación asociativa prioritaria, poderá beneficiarse do establecido na Lei 19/1995, de 4 de xullo, de Modernización de Explotacións Agrarias<sup>3</sup>. A Táboa 8.1 resume toda esta información.

2 Na actualidade esta exención aplícase a todo tipo de entidades, polo que non é unha vantaxe fiscal para as SAT. Así, o Real Decreto-Lei 13/2010, de 3 de decembro, establece unha exención a todas as operacións societarias relativas á constitución de sociedades, o aumento de capital, as achegas que efectúen os socios que non supoñan aumento de capital e o traslado a España da sé de dirección efectiva ou do domicilio social dunha sociedade cando nin unha nin outro estivesen previamente situados nun estado membro da UE.

3 En concreto o artigo 6 da Lei 19/1995, de modernización das explotacións agrarias, establece que as explotacións asociativas prioritarias poderán adoptar a forma de SAT, posibilitando un trato preferente nos seguintes casos: "*adjudicación de superficies agrarias realizadas polas Administracións Públicas, nas contratacións de seguros agrarios subvencionadas con fondos públicos, no acceso ás actividades formativas organizadas ou financiadas polas Administracións Públicas para mellorar a cualificación profesional dos agricultores, na concesión das axudas establecidas para a mellora das estruturas agrarias de produción, sen prexuízo do disposto pola normativa comunitaria. Para estes efectos poderanse establecer criterios de modulación en función da dedicación e a renda dos titulares, así como da localización das explotacións, nas axudas incluídas nos programas de ordenación de producións agrarias ou de ámbito territorial específico, sempre que iso sexa compatible coas finalidades dos devanditos programas e na asignación das cotas ou dereitos integrados nas reservas nacionais, constituídas en aplicación ou desenvolvemento da*

Táboa 8.1. Características básicas das SAT

Definición	Sociedades civís de finalidade económico-social dedicadas á produción, transformación e comercialización de produtos agrícolas, gandeiros e forestais.
Capital social mínimo	O mínimo fixarano os socios, debendo estar desembolsado, polo menos, o 25 %.
Número de socios	Mínimo de tres persoas (físicas, xurídicas ou comunidades de bens).
Personalidade	Xurídica propia, independente da personalidade dos seus membros.
Responsabilidade	Ilimitada, salvo que se limite polos Estatutos da SAT.
Denominación social	Será libre, debendo incluír a denominación "Sociedade Agraria de Transformación", ou "SAT" e o número que lle corresponda no Rexistro Xeneral, con expresión da clase de responsabilidade da mesma fronte a terceiros, por exemplo SAT de responsabilidade limitada.
Constitución	Estatutos Sociais. Inscripción no Rexistro Xeneral de SAT do MAPA ou na Consellería Autonómica correspondente, en función do territorio en que se implante.
Rexistro mercantil	Non é obrigatoria.
Réxime fiscal	Lei do Imposto de Sociedades, réxime xeral (tipo impositivo do 25%) e no disposto na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal de Cooperativas.
Órganos de administración	Asemblea xeral: órgano supremo de expresión da vontade dos socios, no que participarán todos os socios, con competencia exclusiva na elección dos membros da Xunta Reitora e da comisión de liquidación. Xunta Reitora: órgano de goberno, representación e administración ordinaria da SAT. Con todo, a Asemblea Xeral poder asumir, se así se indica nos estatutos as funcións da Xunta Reitora cando a SAT teña menos de 10 socios. Presidencia: órgano unipersoal coas facultades estatutarias que se establezan, que incluírá necesariamente a representación da SAT, sen prexuízo das conferidas á Xunta Reitora. Asemade, nos estatutos se contempla a existencia de outros órganos de xestión, asesoramento e control.

*Fonte: Elaboración propia a partir da Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas (Disposición adicional primeira); Real Decreto 1776/1981, de 3 de agosto, que regula as Sociedades Agrarias de Transformación e a Orde de 14 de setembro de 1982 que desenvolve o Real Decreto 1776/1981, de 3 de agosto, que regula as Sociedades Agrarias de Transformación*

É posible sinalar un conxunto de vantaxes para as SAT, a maior parte son as mesmas que para unha sociedade civil. Primeira, a responsabilidade patrimonial no ten que ser ilimitada,

---

*normativa reguladora das correspondentes organizacións comúns de mercado, sempre en concordancia coas condicións establecidas, para o efecto, nas devanditas normas?*



xa que pode limitarse á achega que realiza cada socio, o que posibilita que o patrimonio individual dos socios quede á marxe da sociedade, sendo necesario que quede expresamente sinalado nos estatutos da SAT<sup>4</sup>. Segunda, permite mellorar a rendibilidade da explotación agraria, posibilitando a introdución de novos sistemas de produción con menores custos, pola existencia de economías de escala, e ao mesmo tempo con técnicas sostibles e compatibles co respecto ao medio ambiente. Terceira, garante un ambiente moito máis motivador para traballar para os partícipes, posto que eles son os donos da sociedade e polo tanto, o seu grao de implicación e compromiso será maior. Cuarta, garante importantes facilidades para acceder a axudas e subvencións das diferentes administracións públicas, tanto estatais como autonómicas, tal e como establece, por exemplo, a Lei 19/1995, de 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias. Quinta, ao ter personalidade xurídica propia, aumentan as posibilidades de mellorar a súa capacidade para obter financiación, moi por riba do que se pode obter de forma individual, xa que ten maior capacidade para devolver os préstamos solicitados, polo tanto co aumento do tamaño tamén se incrementa a solvencia financeira e, polo tanto, tamén se mellora a súa capacidade crediticia.

Con todo, as SAT tamén presenta un conxunto de limitacións, que convén indicar. Primeira, ao tratarse dunha sociedade de duración determinada, nalgún momento ten que abordarse a tarefa da disolución, de aí da importancia da comisión de liquidación previamente mencionada. Segundo, como o voto é ponderado en función de capital social aportado, pode resultar complicado a toma de decisións, xa que non todos os votos valen o mesmo e unha pequena parte dos integrantes da SAT, pero cun peso económico importante, poden decidir pola maioría dos socios. Terceiro, as SAT esixen un maior número de trámites e maiores dificultades no seu funcionamento que o resto de sociedades civís, pola maior regulación sobre este tipo de entidades, debido a súa pertencencia a ES, o cal pode provocar certo desinterese cara a súa creación. Finalmente compre destacar que existe unha falta de detalle no establecemento de algúns elementos xurídicos e económicos en este tipo de sociedades, o que provoca unha ampla heteroxeneidade dos estatutos que regulan as SAT e polo tanto una importante casuística (Mauleón e Genovart, 2018).

Asemade, convén sinalar que SAT veñen cumprindo un importante papel no proceso de modernización da ES agraria en España (Román, 2008). Debese indica que este tipo de entidades garanten un modelo de organización social diferente e, ao mesmo tempo, posibilitan unha maior conexión co mercado, unha mellora das explotacións, un aumento da produción o que repercute nunha mellora económica e social para os partícipes na SAT e ao mesmo tempo é moito máis permeable á introdución de elementos de desenvolvemento sostible que as sociedades mercantís.

Con todo, compre indicar que os estudos sobre as SAT son escasos, a diferenza do que existe, por exemplo coas cooperativas, incluso das agrarias. A atención dende o punto de vista académico e profesional é moi reducido en relación a súa importancia histórica e presente. Tamén é necesario mellorar notablemente en relación a información estatística das SAT. Precisamente ata 1992, os datos publicados polo MAPA resultaba moi exhaustivos, pero co comezo da transferencia de competencias das SAT cara as CC.AA. comeza a notarse unha falta de información. De feito resulta moi complicado obter unha descrición pormenorizadas da súa distribución a nivel nacional (Román, 2008), mais alo duns indicadores básicos que son os que presentaremos para Galicia neste capítulo.

En efecto, dende fai moitos anos o MAPA publica anualmente un breve informe con información estatística sobre as SAT a nivel estatal, con certa desagregación provincial. Esta

4 Polo tanto, si os socios desexan limitar a súa responsabilidade, deberán recoller nos estatutos sociais esta limitación. De optar por esta vía, deberán indicalo na súa denominación social.

información resulta moi básica posto que só inclúe o número total das SAT, considerando o número de socios e o total do capital social, recollendo, ademais, o desglose polo obxecto social a sociedade. Esta información publícase tamén a nivel provincial. Con todo, somos da opinión que é netamente mellorable. Por exemplo, sería recomendable contar coa facturación das SAT, coñecer a súa relevancia cuantitativa no sector agroalimentario e da ES, as principais características das SAT, algún tipo de clasificación das mesmas ou o número de empregados. Polo tanto, dende o MAPA (a nivel estatal), como dende a Consellería de Medio Rural (Xunta de Galicia), sería recomendable que se ampliase a información pública das SAT, xa que resulta escasa nos portais webs. Non ter esta información dispoñible- aínda que algunhas CC.AA. a facilitan baixo petición- pode ser unha das causas do escaso número de traballos e investigacións sobre este tipo de entidades. Esta realidade resulta contraditoria co peso das SAT, xa que hai traballos que indican que se ben as cooperativas son as principais entidades da ES no ámbito agrario, a cota de mercado das SAT se sitúa entre o 10 % e 25 % do total (Julia e Server, 2003).

En segundo lugar, creemos necesaria una actualización da normativa estatal da SAT, xa que é de 1981 e 1982, o cal supón un claro desfase en relación á realidade económica tan cambiante, en especial nos últimos anos. Con todo, esta normativa non actualizada segue sendo válida pola súa flexibilidade de tipo social e polo escasa imposición de obrigacións económicas e financeiras respecto as sociedades cooperativas agrarias (Vargas, 2010, 2012), con todo, o anterior non debe ser unha excusa para non actualizar o seu contido. O anterior ven sendo unha demanda que ano tras anos indicamos neste Libro Blanco da ES, pero que ata o momento non acadou unha resposta que permitise mellorar a limitación exposta.

### 8.3. As Sociedades de Transformación Agraria en Galicia

Galicia conta co seu propio rexistro autonómico das SAT (Xunta de Galicia, 2022b). O seu ámbito de aplicación se atopa a aquelas SAT, Federacións ou Asociacións cuxos socios, titulares de explotacións agrarias, teñan radicadas as mesmas no ámbito territorial na nosa CA.

A **Táboa 8.2** recolle, para o período 2016-2021, o número, socios e o capital social (en millóns de euros) das SAT. Do seu estudo pódese sinalar como diminúe o número de entidades que se acollen a esta modalidade, chegando a supoñer 12.145 a nivel nacional en 2021 (unha lixeira redución de 76 SAT respecto a 2020). Polo que respecta ao número de socios é lixeiramente superior aos 304.400, cunha redución de 2.428 respecto a 2020. Estes resultados se deben ao proceso de concentración das entidades, como indica o importante aumento do capital social, que pasa dos 669 en 2016 aos 1.207 millóns de euros en 2021, consolidando a tendencia que xa se se viña amosando dende 2017. Polo tanto, a agrupación das SAT é unha realidade a nivel nacional, o anterior permite sen dubida que este tipo de entidades compita en mellores condicións.

**Táboa 8.2. SAT inscritas segundo domicilio social, incluídas as de ámbito supra autonómico (2016-2021) (a 31 de decembro de cada ano)**

	2016	2017	2018	2019	2020	2021
SAT inscritas	12.479	12.438	13.379	12.317	12.221	12.145
Número de socios	312.115	301.240	300.209	306.989	304.839	302.411
Capital social (en millóns de euros)	669	1.211	1.054	1.034	1.031	1.207

Fonte: Informe Anual de Sociedades Agrarias de Transformación, MAPA (varios anos).

A **Táboa 8.3** reflicte o número de entidades, socios e capital social das SAT por CC.AA. A **Táboa 8.4** realiza o mesmo exercicio, pero en base a porcentaxes. Constátase a forte presenza deste tipo de entidades en varias CCAA: Andalucía (1.909), Castela-A Mancha (1.645), Comunidade Valenciana (1.560), Castela e León (1.186), Cataluña (1.157) e Galicia (1.072). Todas elas, salvo o caso de Cataluña, que pode responder a outras cuestións relativas á cultura organizativa propia desa CA, son rexións cunha forte presenza económica do sector primario. Este sería sobre todo o caso de Andalucía (15,7 % de todas as SAT a nivel nacional), Castela-A Mancha (13,5 %) ou Comunidade Valenciana (12,8 %). En Galicia a porcentaxe situase no 8,8 % do total nacional, ocupando a posición 6 de 17. O importante peso relativo do agricultura e gandería na nosa CA explica este resultado.

Polo que respecta ao número de socios, a maior parte concéntranse na Comunidade Valenciana (24,3 %) e Andalucía (20,7%), xa que entres estes dous territorios recollen o 45 % dos socios das SAT. Galicia ten unha menor importancia relativa, co 3,4% dos socios das SAT a nivel nacional, ocupando unha posición máis baixa (8 de 17) que a obtida polo número de entidades, o que permite sinalar a menor dimensión polo número de socios das SAT na nosa CA. Finalmente, polo que respecta ao grao de concentración do capital social das SAT, destaca Andalucía (19,1 % do total nacional), Extremadura (17,6 %) e Cataluña (14,1 %). Galicia (5,8 %) sitúase, novamente na posición 8 de 17.

**Táboa 8.3. SAT inscritas por CC. AA. segundo domicilio social, incluídas as de ámbito supra autonómico (a 31 de decembro de 2021)**

	Número de SAT	Número de socios	Capital social (en millóns de euros)
Andalucía	1.909	62.742	196,8
Aragón	667	17.632	39,8
Asturias	149	1.840	8,8
Illas Baleares	150	1.321	5,9
Illas Canarias	432	6.513	10,7
Cantabria	292	2.274	4,5
Castela e León	1.186	16.179	60,0
Castela-A Mancha	1.645	33.818	103,1
Cataluña	1.157	33.216	144,7
Comunidade Valenciana	1.560	73.598	100,1

	Número de SAT	Número de socios	Capital social (en millóns de euros)
Estremadura	509	6.358	180,3
Galicia	<b>1.072</b>	<b>10.193</b>	<b>59,4</b>
Madrid	158	5.696	7,9
Murcia	508	20.701	69,0
Navarra	513	5.701	18,4
País Vasco	136	1.237	4,1
A Rioxa	102	3.162	16,1
Total	<b>12.145</b>	<b>302.411</b>	<b>1.027,5</b>

Fonte: Informe Anual de Sociedades Agrarias de Transformación. MAPA (2022).

Táboa 8.4. SAT inscritas por CC. AA. segundo domicilio social, incluídas as de ámbito supra autonómico, en porcentaxe (a 31 de decembro de 2021)

	Número de SAT	Número de socios	Capital social
Andalucía	15,7%	20,7%	19,1%
Aragón	5,5%	5,8%	3,9%
Asturias	1,2%	0,6%	0,9%
Illas Baleares	1,2%	0,4%	0,6%
Illas Canarias	3,6%	2,2%	1,0%
Cantabria	2,4%	0,8%	0,4%
Castela e León	9,8%	5,4%	5,8%
Castela-A Mancha	13,5%	11,2%	10,0%
Cataluña	9,5%	11,0%	14,1%
Comunidade Valenciana	12,8%	24,3%	9,7%
Estremadura	4,2%	2,1%	17,6%
Galicia	<b>8,8%</b>	<b>3,4%</b>	<b>5,8%</b>
Madrid	1,3%	1,9%	0,8%
Murcia	4,2%	6,8%	6,7%
Navarra	4,2%	1,9%	1,8%
País Vasco	1,1%	0,4%	0,4%
A Rioxa	0,8%	1,0%	1,6%
Total	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>

Fonte: Informe Anual de Sociedades Agrarias de Transformación. MAPA (2022).

A Táboa 8.5 recolle o número medio de socios e o capital social medio por socio, o que permite unha comparanza moito máis homoxénea. Constátase como en Galicia o número medio de socios por SAT é dos máis reducidos a nivel nacional (9,5) sendo a media nacional (24,9) case tres veces superior ao resultado para Galicia. A Comunidade Valenciana (47,2)

é a que presenta unha ratio maior. Polo que respecta ao capital social por socio das SAT, Galicia ten 5.828 euros, un resultado que contrasta cos 28.365 de Estremadura ou os 1.359 da Comunidade Valenciana. Ámbolos dous resultados responden a maior/menor peso relativo do sector primario nestas CC. AA.

**Táboa 8.5. Número medio de socios por SAT e capital social por socio por SAT (a 31 de decembro de 2021)**

	Número medio de socios por SAT	Capital social por socio por SAT (en euros)
Andalucía	32,9	3.136
Aragón	26,4	2.256
Asturias	12,3	4.785
Illas Baleares	8,8	4.436
Illas Canarias	15,1	1.639
Cantabria	7,8	1.987
Castela e León	13,6	3.709
Castela-A Mancha	20,6	3.049
Cataluña	28,7	4.358
Comunidade Valenciana	47,2	1.359
Estremadura	12,5	28.365
Galicia	<b>9,5</b>	<b>5.828</b>
Madrid	36,1	1.393
Murcia	40,8	3.334
Navarra	11,1	3.232
País Vasco	9,1	3.343
A Rioja	31,0	5.084
Total	<b>24,9</b>	<b>3.398</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do Informe Anual de Sociedades Agrarias de Transformación. MAPA (2022).

A **Táboa 8.6** recolle, para as catro provincias galegas as SAT inscritas, o número de socios e o importe do capital social en millóns de euros para 2021. A **Táboa 8.7** establece as porcentaxes a nivel provincial respecto ao total autonómico. Son as provincias de A Coruña (49,7 %) e Lugo (27,1 %) as que máis SAT rexistran (284 en total). A porcentaxe de socios é maior nas provincias de A Coruña (45,7 %) e Pontevedra (25,6 %) e os capitais sociais máis elevado dáse nas SAT das provincias de A Coruña (42,4 %) e Lugo (38,4 %), con 48 millóns de euros en total.

**Táboa 8.6. SAT inscritas en Galicia segundo domicilio social, incluídas as de ámbito supra autonómico (a 31 de decembro de 2021)**

	Número de SAT	Número de socios	Capital social (en millóns de euros)
A Coruña	533	4661	25,2
Lugo	291	1940	22,8
Ourense	106	958	2,3
Pontevedra	142	2634	9,1
<b>Galicia</b>	<b>1.072</b>	<b>10.193</b>	<b>59,4</b>

Fonte: Informe Anual de Sociedades Agrarias de Transformación. MAPA (2022).

**Táboa 8.7: SAT inscritas en Galicia segundo domicilio social, incluídas as de ámbito supra autonómico, en porcentaxe (a 31 de decembro de 2021)**

	Número de SAT	Número de socios	Capital social
A Coruña	49,7%	45,7%	42,4%
Lugo	27,1%	19,5%	38,4%
Ourense	9,9%	9,3%	3,9%
Pontevedra	13,2%	25,6%	15,3%
<b>Galicia</b>	<b>100,0%</b>	<b>100,0%</b>	<b>100,0%</b>

Fonte: Informe Anual de Sociedades Agrarias de Transformación. MAPA (2022).

Unha cuestión que merece destacar, que xa foi indicado en Cancelo e Vaquero (2019, 2020, 2021) son as axudas públicas que se adoitan conceder para favorecer o asociacionismo agrario, e que debido aos elementos que configuran as SAT, permiten que este tipo de entidades sexan unhas das grandes beneficiarias, algo que tamén foi analizado neste capítulo. Para iso hai que ter presente a convocatoria que realiza anualmente o MAPA para o fomento da integración de entidades asociativas agroalimentarias de ámbito supraautonómico. Estas axudas recóllense no marco do Programa Nacional de Desenvolvemento Rural 2014-2020, para actuacións a realizar ata 2023.

Asemade, en Galicia, dende a Consellería de Medio Rural estableceuse unha serie de axudas destinadas ao fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común en réxime asociativo, cofinanciadas co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia.<sup>5</sup> O obxectivo destas axudas é acadar un uso máis racional dos factores de produción e a introdución de novas tecnoloxías no rural.

<sup>5</sup> No PDR para Galicia estableceuse en seis prioridades de desenvolvemento atendendo aos obxectivos transversais de innovación, medio ambiente, redución do cambio climático e adaptación ao mesmo: fomentar a transferencia do coñecemento e innovación nos sectores agrarios e forestal e nas zonas rurais; mellorar a viabilidade das explotacións agrarias e a competitividade; potenciar a organización da cadea alimentaria, restaurar, preservar e mellorar os ecosistemas relacionados coa agricultura e silvicultura; promover a eficiencia dos recursos e potenciar o paso a unha economía baixa en carbono e, finalmente, favorecer a inclusión social, a redución da pobreza e o desenvolvemento económico das zonas rurais (Xunta de Galicia, 2022b).

#### 8.4. Recomendacións

Resulta necesario afondar máis no estudo das SAT, polo importante peso deste tipo de entidades sobre o sector agro-industrial (Román, 2008), en especial en aquelas CCAA onde o peso do sector primario sigue tendo un papel significativo, como ocorre en Galicia, onde a agricultura e ganadería representa o 3,8 % do emprego e o 3,4 % do Valor Engadido Bruto en 2025 (Iglesias, 2019), porcentaxes que permite sinalar como na nosa mantén certa especialización no sector agrario. En efecto, cando se trata de sinalar o seu impacto hai moi poucas investigacións que poñen en valor as SAT; e as que tratan esta parte da ES, o fan dende unha perspectiva puramente descritiva. O anterior pode ser unha rémora para acadar un maior desenvolvemento das mesmas, xa que non permite poñer en valor a súa relevancia económica e social.

En segundo lugar, comprobouse como a información dispoñible das SAT é netamente mellorable, xa que resulta moi escasa, o que sen dúbida é unha rémora para afondar no papel que poden desenvolver este tipo de entidades (Román et al., 2020; Cancelo e Vaquero, 2020, 2021). A pouca información dispoñible está nas páxinas *web* das administracións públicas con competencias na materia. A única fonte con datos homoxéneos é o Informe Anual de SAT do MAPA, un pequeno informe de catro páxinas de estatísticas moi básicas. Tanto é así que non hai información sobre a facturación das SAT, a súa importancia cuantitativa dentro do sector agro alimentario ou mesmo sobre a ES. Tampouco atopase información sobre as características das SAT ou o seu número de empregados. En consecuencia, un ano mais dende esta publicación demandamos a necesidade de contar cun rexistro central onde figure toda a información dispoñible das CC.AA e relación as SAT.

#### 8.5. Conclusións

As SAT son un tipo de entidades que contribúen ao beneficio do colectivo fronte ao individual, potenciando o desenvolvemento das persoas e o medio rural. As SAT en Galicia ten unha significativa importancia como instrumento asociativo no sector primario. Unha cuestión moi a ter en conta si consideramos o aínda relevante peso destas actividades sobre o Produto Interior Bruto Rexional e o nivel de emprego asociado a elas.

Asemade, grazas as SAT se posibilita o asociacionismo como resposta do sector agrícola aos cambios producidos na economía e sociedades, unha estrutura que posibilita aos socios reter o control dos procesos produtivos (Román, 2008).

En Galicia, en 2021, había 1.072 entidades baixo esta forma societaria, onde participan 10.193 socios, cun capital social de 59,3 millóns de euros. Unhas cifras que permiten situar a Galicia como a sexta Comunidade Autónoma por número de SAT e a oitava por número de socios e capital social. O peso do sector primario sobre os indicadores económicos e laborais en Galicia permiten xustificar esta conclusión, de forma parecida ao que sucede co resto de CCAA cun importante peso relativo do sector agrario, gandeiro e forestal, como sucede en Andalucía, Extremadura, Castela e León e Castela-A Mancha.

En Galicia, son as provincias da Coruña e Lugo as que teñen un maior número de SAT, algo similar obtense a partir do estudo do número de socios e o importe de capital social. Asemade, da análise efectuada pódese comprobar como Galicia presenta, en 2021, un reducido número medio de socios por SAT (9,5) en relación ao indicador a nivel nacional (24,9), aínda que a dotación media por socio en Galicia (5.828 euros) é superior ao resultado obtido a nivel nacional (3.398 euros).

Sen dúbida toda esta información debe permitir reflexionar sobre a achega das SAT para a transformación do sector agrario en Galicia, pero tamén para mellorar a situación demográfica, económica e social do medio rural na nosa Comunidade Autónoma.

## 8.6. Bibliografía

- ARROYO, A., BARRIO, A., BERCOVITZ, R. e BERCOVITZ, A. (2018): "Sociedades Agrarias de Transformación", en BERCOVITZ, A (Dir.), *Sociedades Mercantiles*, Aranzadi, 2ª edición, Navarra.
- BEL, P. (1995). Similitudes y diferencias entre las sociedades cooperativas agrarias y las sociedades agrarias de transformación a la luz de los principios cooperativos tras el Congreso de Manchester, *Revesco: revista de estudios cooperativos*, 61, pp. 107-126.
- CANCELO, M. & VAQUERO, A. (2019). As sociedades agrarias de Transformación en CANCELO, M e BOTANA, M.J. (Dir.) *Libro Branco da Economía Social en Galicia 2019*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudos Cooperativos, Santiago de Compostela.
- CANCELO, M. & VAQUERO, A. (2020). As sociedades agrarias de Transformación en CANCELO, M. e BOTANA, M.J. (Dir.) *Libro Branco da Economía Social en Galicia 2019*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudos Cooperativos, Santiago de Compostela.
- CANCELO, M. & VAQUERO, A. (2021). As sociedades agrarias de Transformación en CANCELO, M. e BOTANA, M.J. (Dir.) *Libro Branco da Economía Social en Galicia 2019*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudos Cooperativos, Santiago de Compostela.
- ESPAÑA. Real Decreto 1776/1981, de 3 de agosto, que regula as Sociedades Agrarias de Transformación.
- ESPAÑA. Orde de 14 de setembro de 1982 que desenvolve o el Real Decreto 1776/1981, de 3 de agosto, que regula as Sociedades Agrarias de Transformación.
- ESPAÑA. Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas (Disposición adicional primeira).
- ESPAÑA. Lei 19/1995, de 4 de xullo, de Modernización de Explotacións Agrarias.
- ESPAÑA. Real Decreto 1056/2021, do 30 de novembro, polo que se modifican o Real Decreto 1009/2015, do 6 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas ao fomento da integración de entidades asociativas agroalimentarias de ámbito supraautonómico,
- ESPAÑA. Real Decreto 1010/2015, do 6 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas a investimentos materiais ou inmateriais en transformación, comercialización e desenvolvemento de produtos agrarios no marco do Programa Nacional de Desenvolvemento Rural 2014-2020 para o fomento da integración de entidades asociativas agroalimentarias de carácter supraautonómico.
- GALICIA. Lei de 6/2016, de 4 de maio, de economía social de Galicia.
- GALICIA. Real Decreto 795/1985, de 30 de abril, sobre traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Sociedades Agrarias de Transformación.
- GALICIA. Orde do 3 de setembro de 2021, pola que establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo en Galicia, financiadas co instrumento de recuperación da Unión Europea (EUR1) no



- marco do Programa de desenvolvemento rural (PD) de Galicia 2014-2020 e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento MR351A).
- GOBERNO DE ESPAÑA. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (Varios anos): *Informe Anual de Sociedades Agrarias de Transformación*, <https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/industriaagroalimentaria/sociedades-agrarias-de-transformacion/>
- INFORME ARDÁN (2021). *Informe ARDÁN Galicia 2021*, ARDÁN Información Empresarial | CZFV
- INFORME ARDÁN (2022). *Informe ARDÁN Galicia 2022*, ARDÁN Información Empresarial | CZFV
- JULIA, J.F. & SERVER, R.J. (2003). "Social Economy Companies in the Spanish Agricultural Sector: Delimitation and Situation in the Context of the European Union", *Annals of Public and Cooperative Economics*, 74 (3), pp. 465-488.
- LÓPEZ, E. (2019). "El sector agrario y agroalimentario en Galicia; balance de las transformaciones desde la integración europea, 1986-2016, *Revista Galega de Economía*, 28(3), pp. 1-20.
- MAULEÓN, e. (2015). "La sociedad agraria de transformación a la luz de los principios cooperativos de la ACI y de la Ley de Economía Social", *CIRIEC España- Revista Jurídica*, 27, pp. 459-494.
- MAULEÓN, E. & GENOVART, J.I (2018). "La inclusión de la sociedad agraria de transformación en la Ley de Economía Social. Pretensión del legislador o realidad en la praxis empresarial", *CIRIEC-España.Revista Jurídica*, 29, pp. 1-38.
- COMISIÓN EUROPEA (2019). Pacto Verde Europeo, [https://ec.europa.eu/info/strategy/priorities-2019-2024/european-green-deal\\_es](https://ec.europa.eu/info/strategy/priorities-2019-2024/european-green-deal_es)
- ROMÁN, C. (2008). "Las Sociedades Agrarias de Transformación en España: un análisis histórico", *Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa*, 63, pp. 65-87.
- ROMÁN, C., GUZMÁN, B., MENDOZA, J. & PÉREZ, M<sup>a</sup>. V. (2020). "La sostenibilidad social de las SATs. Una propuesta de indicadores para su evaluación, *Revesco- Revista de Estudios Cooperativos*, 133, pp. 71-80.
- SERVER IZQUIERDO, R.J. & MARÍN, M. (2004). "Fiscalidad de las empresas de economía social", *Mediterráneo Económico*, Editorial Cajamar Caja Rural de crédito, núm. 6, pp. 223-237.
- VAQUERO, A. & LOSA, V. (2020). "Actuaciones desde la administración pública para evitar la despoblación del medio rural ¿Qué se puede hacer desde los ayuntamientos y diputaciones?" *Revista Gallega de Economía*, 29 (2).
- VAQUERO, A. (2021). Actuaciones presupuestarias y fiscales de las administraciones locales para evitar el despoblamiento del medio rural: situación actual y líneas de mejora, *Presupuesto y gasto público*, 102, pp. 151-166.
- VARGAS, C. (2010). "Las sociedades agrarias de transformación. Aproximación crítica a su régimen legal", *Revista de derecho de sociedades*, 35, pp.159-180.
- VARGAS, C. (2012). *Las sociedades agrarias de transformación*. Editorial Dykinson.
- VIDAL, F., SEGURA, B. & RAYOS, J.A. (2001). "Situación económico-financiera de las Sociedades Agrarias de Transformación (SAT) de comercialización hortofrutícola de la provincia de Alicante", *Investigación Agraria, Producción y Protección Vegetales*, 16(1), pp.71-86.
- XUNTA DE GALICIA (2022a). Oficina virtual do Medio Rural. Rexistro de Sociedades Agrarias de Transformación, <https://ovmediorural.xunta.gal/gl/tramites/sats>

XUNTA DE GALICIA (2022b). Programa de desenvolvemento rural 2014-2020 de Galicia,  
<https://pdr-mediourural.xunta.gal/es/pdr/el-programa>



## **9. AS COMUNIDADES E MANCOMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN**

### **9.1. Introducción**

A Lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social, permitiu establecer a nivel estatal os principios orientadores deste eido da economía, contribuíndo á súa visibilidade e recoñecemento. Posteriormente, algunhas Comunidades Autónomas (CC. AA.) foron aprobando a súa propia normativa. Este foi o caso de Galicia, que coa Lei 6/2016, do 4 de maio, de economía social, adapta a norma estatal á nosa realidade autonómica (Bastida et al., 2019; Vaquero e Bastida, 2021). En concreto, no seu segundo capítulo permite identificar as entidades que conforman a Economía Social (ES) e no artigo 6 incorpora as comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común. Ao anterior compre engadir a normativa específica en esta materia, tanto a nivel estatal coma para Galicia: a Lei 55/1980, de 11 de novembro, de montes veciñais en man común e a Lei 13/1989 de 10 de outubro, de montes veciñais en man común, respectivamente (Bastida e Vaquero, 2019; 2020; 2021; Vaquero e Bastida, 2021).

No presente capítulo tratárase de describir a situación en Galicia das comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común como parte do tecido da ES. A continuación, analízase a situación dos montes veciñais de man común (MVMC), para posteriormente afondar no estudo das comunidades de montes veciñais de man común (CMVMC). O cuarto apartado sitúa a análise nas mancomunidades de montes veciñais de man común (MMVMC). O capítulo remata cunha serie de recomendacións e conclusións.

### **9.2. Os montes veciñais en man común**

O 97,3 % da superficie forestal en Galicia é privada -preto de 2 millóns de hectáreas- o que representa o 66 % do territorio galego, mentres unicamente un 2 % está xestionado pola Administración Pública (Bastida et al., 2021). Preto de 700.000 hectáreas de territorio

galego -case o 25 % do total- corresponde a MVMC. O monte é un elemento de creación de emprego e xeración de riqueza, polo que a cifra anterior suxire o importante valor no só económico, senón socioambiental deste tipo de recursos. En consecuencia, os MVMC configúranse como un dos principais motores de emprego a nivel local no medio rural, xa que as comunidades e as mancomunidades de montes veciñais teñen a posibilidade de aproveitar estes recursos máis alo da mera función extractiva, aportando un maior valor engadido. Asemade, este aproveitamento é, polo xeral, moi respectuoso co medio ambiente, en liña co establecido no Pacto Verde Europeo (2019).

É coñecido que o monte galego permite a realización de múltiples actividades e polo tanto, é un activo multifuncional. Dentro das actuacións directas estaría, por exemplo, a mellora da explotación forestal, a través do xeración de madeira ou o aproveitamento da biomasa coma combustible. Asemade, o desenvolvemento destas actividades son compatibles con outros usos, como o aproveitamento gandeiro, produción de cogomelos, castañas, noces, resinas ou plantas aromáticas e medicinais. Dentro de actuacións indirectas pódese citar a potenciación de rutas recreativas ou programas de conservación do medio ambiente<sup>1</sup>. Todo isto facilita a fixación da poboación no medio rural, nunha situación de clara perda de poboación nesta contorna. Asemade, o monte galego ten capacidade para introducir novas actividades, que se ben non sempre teñen unha grande rendibilidade económica, tamén implican unha función social e medioambiental (Foro Económico de Galicia, 2019; Bastida et al., 2021). Ademais, coa crise provocada pola COVID-19, a utilización racional dos recursos forestais cobra unha maior importancia como alternativa económica á produción tradicional e pode ser unha saída para corrixir a endémica perda poboacional do medio rural (Vaquero e Losa, 2020; Vaquero e Bastida, 2021, Vaquero, 2021).

As MVMC son unha forma de propiedade comunal propia de Galicia. A competencia sobre o réxime xurídico destas institucións é exclusiva da nosa Comunidade Autónoma, tal e como sinala o artigo 27.11 do Estatuto de Autonomía. Os MVMC están regulados pola Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais e o Decreto 260/1992, de 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989 de 10 de outubro. Trátase de aqueles de titularidade de diferentes agrupacións veciñais, entendidas como grupos sociais, non coma entidades administrativas. O seu aproveitamento é en réxime de comunidade, sen asignación de cotas por parte dos seus partícipes, que o son por cuestións de veciñanza. Polo tanto, son espazos privados que pertencen ás comunidades veciñais titulares do devandito dereito colectivo (Bastida et al., 2020). Tal e como sinalan Bastida e Vaquero (2019) e Bastida, Vaquero e Cancelo (2020), os MVMC teñen diferentes características diferenciais, entre as que destacan a súa indivisibilidade (non son susceptibles de reparto entre a veciñanza); son inalienables (non están suxeitos a compravenda), son inembargables, e están suxeitos a xestión democrática no seu funcionamento.

Os montes veciñais contan cun conxunto de características propias que permiten a utilización de prácticas relacionadas co ben común e a colectividade. Xunto coas actividades forestais, que son as tradicionais para este tipo de explotacións, nos últimos anos estase a desenvolver outro tipo de iniciativas. Son experiencias que procuran a utilización sostible dos recursos locais, posibilitando a creación de actividade económica e riqueza, apostando polo crecemento endógeno e rexional. A modo de exemplo, algúns montes comunais apostan pola explotación de cogomelos, froitos do bosque, ou da carne de bovino con razas autóctonas de Galicia.

1 Por exemplo, un espazo forestal debidamente coidado reduce a incidencia dos incendios forestais, o que sen dúbida redonda nunha clara mellora para o medio ambiente.

A superficie forestal en Galicia é, fundamentalmente, de titularidade privada. En 2020, hai unicamente 235 montes públicos, cunha superficie total de 53.636 hectáreas (ha). A meirande parte de propiedade é dos concellos e entidades locais menores (50,2 %). O 36,2 % son montes de utilidade pública, mentres que o 13,6 % restante pertence ao Estado ou a Comunidade Autónoma (Táboa 9.1). A distribución de superficie non segue a mesma orde. Así, o 41,7 % da superficie son montes de utilidade pública, mentres que o 39,5 % están en mans de concellos ou entidades locais menores, e o 18,8 % son do Estado ou Comunidade Autónoma.

Táboa 9.1. Número e superficie segundo o tipo de montes públicos, por distrito, 2021

DISTRITO	Catálogo UP		Patrimonial (Estado ou CC.AA.)		Patrimonial (Concello ou E.L.M.)		Total	
	Nº Montes	Superficie	Nº Montes	Superficie	Nº Montes	Superficie	Nº Montes	Superficie
Ferrol	13	4.199	12	2.435	8	2.305	33	8.940
Bergantiños - Mariñas Coruñesas	15	1.543	5	249	14	1.176	34	2.968
Santiago - Meseta Interior	6	588	2	22	15	3.936	23	4.546
Barbanza	13	923	0	0	11	4.951	24	5.874
Fisterra	16	3.111	0	0	15	1.954	31	5.065
A Mariña Lucense	2	315	0	0	3	1.581	5	1.896
A Fonsagrada - Os Ancares	1	150	1	15	29	1.851	31	2.015
Terra de Lemos	0	0	0	0	9	2.474	9	2.474
Lugo - Sarria	0	0	2	0	1	24	3	24
Terra Chá	0	0	0	0	4	554	4	554
O Ribeiro - Arenteiro	1	601	0	0	0	0	1	601
Miño - A Arnoia	0	0	1	0	2	105	3	105
Valdeorras - Trives	2	7.121	0	0	0	0	2	7.121
Verín - Viana	0	0	5	6.866	0	0	5	6.866
A Limia	5	924	1	10	4	102	10	1.036
Deza - Tabeirós	0	0	1	5	2	148	3	153
O Condado - A Paradanta	2	68	0	0	1	37	3	105
Vigo - Baixo Miño	7	2.430	0	0	0	0	7	2.430
Caldas - O Salnés	2	367	2	496	0	0	4	863
<b>Galicia</b>	<b>85</b>	<b>22.340</b>	<b>32</b>	<b>10.098</b>	<b>118</b>	<b>21.198</b>	<b>235</b>	<b>53.636</b>
	36,2%	41,7%	13,6%	18,8%	50,2%	39,5%	100,0%	100,0%

Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2021, Xunta de Galicia (2022)

A provincia de A Coruña posuía, en 2021, o maior número de montes e superficie de natureza pública (61,7 % e 51,1 %, respectivamente) con independencia da clasificación. Porén, a provincia de Pontevedra destaca polo escaso número (7,2 %) e superficie de montes de utilidade pública (6,6 %). Na provincia de Lugo a superficie relativa é tamén reducida (13,0 %) (Táboa 9.2).

**Táboa 9.2 Número e superficie segundo o tipo de montes públicos, por provincia en porcentaxe, 2021**

DISTRITO	Catálogo UP		Patrimonial (Estado ou CC.AA.)		Patrimonial (Concello ou E.L.M.)		Total	
	Nº Montes	Superficie	Nº Montes	Superficie	Nº Montes	Superficie	Nº Montes	Superficie
A Coruña	74,1%	46,4%	59,4%	26,8%	53,4%	67,6%	61,7%	51,1%
Lugo	3,5%	2,1%	9,4%	0,1%	39,0%	30,6%	22,1%	13,0%
Ourense	9,4%	38,7%	21,9%	68,1%	5,1%	1,0%	8,9%	29,3%
Pontevedra	12,9%	12,8%	9,4%	5,0%	2,5%	0,9%	7,2%	6,6%
Galicia	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2021, Xunta de Galicia (2022)

En 2021 Galicia rexistra 3.016 MVMC, cunha superficie de 662.512 has. (Táboa 9.3). O tamaño medio é de 220 ha, oscilando entre as 105 ha do distrito Miño-A Arnoia e as 463 ha do de Verín-Viana. Este distrito, ademais, é o que rexistra a maior superficie total, case 93.572 ha. Este tamaño medio configura superficies que suxiren a potencialidade na súa utilización, pola importante dimensión media, o que sen dubida, permitiría una maior desenvolvemento dos MVMC.

**Táboa 9.3. Número e superficie dos montes veciñais en man común por distrito, 2021**

DISTRITO	Total		
	Nº Montes	Superficie (ha)	Superficie media (ha)
Ferrol	14	4.953	354
Bergantiños - Mariñas Coruñesas	22	3.146	143
Santiago - Meseta Interior	15	3.922	261
Barbanza	152	24.703	163
Fisterra	76	11.350	149
A Mariña Lucense	55	19.801	360
A Fonsagrada - Os Ancares	277	45.687	165
Terra de Lemos	203	62.010	305
Lugo - Sarria	287	45.493	159
Terra Chá	94	28.648	305

DISTRITO	Total		
	Nº Montes	Superficie (ha)	Superficie media (ha)
O Ribeiro - Arenteiro	247	29.372	119
Miño - A Arnoia	288	30.150	105
Valdeorras - Trives	199	66.197	333
Verín - Viana	202	93.572	463
A Limia	217	58.247	268
Deza - Tabeirós	125	16.185	129
O Condado - A Paradanta	118	30.961	262
Vigo - Baixo Miño	138	37.735	273
Caldas - O Salnés	287	50.381	176
<b>Galicia</b>	<b>3.016</b>	<b>662.512</b>	<b>220</b>

Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2021, Xunta de Galicia (2022)

A distribución provincial dos MVMC é moi desigual a nivel provincial (**Táboa 9.4**), destacando Ourense, que achega o 38,3 % destas entidades e o 41,9 % da súa superficie total. A continuación estaría a provincia de Lugo, con participacións do 27,5 % e o 30,4 % para o número de MVMC e superficie, respectivamente. A Coruña é a provincia con menor representación desta propiedade, con 48.074 ha (7,3 % da superficie total).


**Táboa 9.4. Número e superficie dos montes veciñais en man común por provincia, 2021**

	Total %				
	Nº Montes	Superficie (ha)	Superficie media (ha)	Nº Montes	Superficie (ha)
A Coruña	297	48.074	162	8,9%	7,3%
Lugo	923	201.639	218	27,5%	30,4%
Ourense	1.283	277.537	216	38,3%	41,9%
Pontevedra	850	135.262	159	25,4%	20,4%
<b>Galicia</b>	<b>3.353</b>	<b>662.512</b>	<b>198</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>

Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2021, Xunta de Galicia (2022)

O tamaño medio da superficie dos MVMC en 2021 era moi similar na provincias de Ourense (216 ha) e Lugo (218 ha), ámbolos dous casos por riba da media galega (198 ha), cuestión que pon en evidencia a importancia do medio agrario nestes dúas provincias. Tamén se rexistran tamaños medios próximos nas outras dúas provincias, sendo A Coruña a que presenta un menor valor medio de superficie por MVMC con 162 ha, mentres que para a provincia de Pontevedra é de 159 (**Gráfico 9.1**).




**Gráfico 9.1. Superficie media dos montes veciñais de man común por provincia, 2021**

Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2021, Xunta de Galicia (2022).

A continuación abórdase a situación das comunidades de montes veciñais de man común (CMVMC) e as mancomunidades de montes veciñais de man común (CMVMC). Como se sinalou, ámbalas dúas pertencen a agrupacións veciñais que se aproveitan consuetudinariamente do monte en réxime de comunidade, sen ter que asignar cotas aos seus membros pola súa condición de veciños.

### 9.3. Comunidades de Montes Veciñais en Man Común.

As CMVMC son as entidades que xestionan os MVMC. A súa participación está moi ligada ao lugar onde se localiza o monte veciñal. En 2021 había 3.013 CMVMC. Ourense, con 1.153 agrupacións, é a provincia con maior presenza destas unidades (38,3 %), mentres que A Coruña presenta a menor achega ao total con 8,9 % (**Gráfico 9.2**).

**Gráfico 9.2. Número de CMVMC por provincia, 2021**

Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2021, Xunta de Galicia (2022)

**Táboa 9.5. Número de comunidades de montes veciñais en man común e comuneiros por distrito, 2021**

DISTRITO	Nº CMVMC	Media nº comuneiros	Nº total de comuneiros	% do total de comuneiros
Ferrol	14	84	1.179	1,0%
Bergantiños - Mariñas Coruñesas	22	65	1.433	1,2%
Santiago - Meseta Interior	15	40	606	0,5%
Barbanza	152	54	8.217	6,9%
Fisterra	76	44	3.318	2,8%
A Mariña Lucense	55	56	3.066	2,6%
A Fonsagrada - Os Ancares	277	6	1.765	1,5%
Terra de Lemos	203	22	4.432	3,7%
Lugo - Sarria	287	23	6.506	5,5%
Terra Chá	94	49	4.624	3,9%
O Ribeiro - Arenteiro	247	28	6.921	5,8%
Miño - A Arnoia	288	28	8.084	6,8%
Valdeorras - Trives	199	19	3.835	3,2%
Verín - Viana	202	34	6.910	5,8%
A Limia	217	29	6.213	5,2%
Deza - Tabeirós	125	21	2.608	2,2%
O Condado - A Paradanta	118	68	7.974	6,7%
Vigo - Baixo Miño	138	137	18.896	15,8%
Caldas - O Salnés	287	79	22.722	19,0%
<b>Galicia</b>	<b>3.016</b>	<b>47</b>	<b>119.309</b>	<b>100%</b>

Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2021, Xunta de Galicia (2022)


As CMVMC teñen carácter aberto e inclusivo, e as persoas que as constitúen poden variar no tempo. A participación nestas entidades está vinculada á residencia ao espazo onde se atopa a propiedade do monte. Segundo se recolle na Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia, os comuneiros son as persoas titulares de unidades económicas, produtivas ou de consumo, con casa aberta e residencia habitual independente dentro da área xeográfica sobre a que se asente o grupo social ao que tradicionalmente estivese adscrito o aproveitamento do monte.

En 2021 en Galicia había 119.309 comuneiros. A meirande parte están na provincia de Pontevedra (43,8 %), seguida de Ourense (26,8 %). Pola contra, menos dun 30 % dos comuneiros se atopan nas provincias de A Coruña e Lugo. Na análise por distritos, destacan as porcentaxes de comuneiros de Caldas-O Salnés (19,0 %) e Vigo-Baixo Miño (15,8 %). Porén, o distrito de Ferrol supón o 1 % dos comuneiros (**Táboa 9.5**).

En Galicia a media de comuneiros en 2021 era de 47, oscilando entre un mínimo de 6 no distrito de A Fonsagrada-Os Ancares e 137 do distrito de Vigo-Baixo Miño. Na análise do número medio de comuneiros por provincia, destaca con claridade e provincia de

Pontevedra (78), que case duplica o número medio na comunidade galega (**Gráfico 9.3**). Pola contra, o número medio de comuneiros nas provincias de Ourense (28) e Lugo (22) é relativamente menor.


**Gráfico 9.3. Número medio de comuneiros por provincia, 2021**



Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2021, Xunta de Galicia (2022).

A análise conxunta do número de CMVMC e comuneiros por provincias revela que as respectivas achegas non se corresponden exactamente. Así, para 2021, Pontevedra presenta a maior concentración de comuneiros (43,8%), sendo a terceira provincia en función da presenza relativa de CMVMC (22,1%). Isto pode suxerir que a atomización da propiedade nesta provincia é superior a do resto. A situación máis equilibrada se atopa na provincia de A Coruña, co 9,3% das CMVMC e o 12,4% dos comuneiros (**Gráfico 9.4**).

**Gráfico 9.4. CMVMC e comuneiros, 2021 (%)**



Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2021, Xunta de Galicia (2022).

As CMVMC deben cumprir unha serie de requirimentos de tipo administrativo, pero non todas elas acadan o mesmo grao de cumprimento. A **Táboa 9.6** recolle a relación de CMVMC de cada distrito para 2021, indicando a porcentaxe de comunidades que cumpre coas obrigas administrativas segundo os datos rexistrados pola Consellería de Medio Rural

(Xunta de Galicia). Compre indicar que os datos para este ano deben tomarse coas debidas precaucións, por que debido á pandemia as asembleas das CMVMC non se puideron reunir, de aí os resultados das contas económicas sen aprobar ou xunta reitoras caducadas. É de esperar que ao longo do ano 2022 as cifras se normalizarán, volvendo a indicadores pre-pandemia.<sup>2</sup> Este mesmo resultado debe indicarse para a **Táboa 9.7** que recolle o grao de cumprimento/incumprimento (e as causas) por provincia.

**Táboa 9.6. Comunidades de montes veciñais en man común segundo a súa situación administrativa, 2021**

DISTRITO	Cumplen coas obrigas administrativas	Non cumpren coas obrigas administrativas	
		Falta de comunicación anual de reinvestimentos (*)	Outras causas**
Ferrol	---	92,9%	7,1%
Bergantiños - Mariñas Coruñesas	---	68,2%	31,8%
Santiago - Meseta Interior	---	73,3%	26,7%
Barbanza	---	95,4%	4,6%
Fistera	---	89,5%	10,5%
A Mariña Lucense	---	89,1%	10,9%
A Fonsagrada - Os Ancares	---	70,0%	30,0%
Terra de Lemos	---	80,8%	19,2%
Lugo - Sarria	---	76,3%	23,7%
Terra Chá	---	89,4%	10,6%
O Ribeiro - Arenteiro	---	66,0%	34,0%
Miño - A Arnoia	---	52,8%	47,2%
Valdeorras - Trives	---	64,8%	35,2%
Verín - Viana	---	86,6%	13,4%
A Limia	---	85,7%	14,3%
Deza - Tabeirós	---	90,4%	9,6%
O Condado - A Paradanta	---	95,8%	4,2%
Vigo - Baixo Miño	---	96,4%	3,6%
Caldas - O Salnés	0,4%	92,3%	7,3%

(\*) *Falta de comunicación anual de investimento (art. 125 da Lei 7/2012, de montes de Galicia*

(\*\*) *Outras causas: xunta reitora sen renovar, falta de comunicación do censo actualizado de comuneiros...*

Fonte: *Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2021, Xunta de Galicia (2022)*

<sup>2</sup> A modo de exemplo, no capítulo relativo ao ano 2020 se indicaba como un 10,4 % das CMVMC cumprían coas súas obrigas administrativas.

Táboa 9.7. CMVMC segundo a súa situación administrativa por provincias, 2021

Provincia	Cumprén coas obrigas administrativas	Non cumpren coas obrigas administrativas	
		Falta de comunicación anual de reinvestimentos *	Outras causas**
Coruña, A	0,0%	90,3%	9,7%
Lugo	0,0%	77,5%	22,5%
Ourense	0,0%	69,9%	30,2%
Pontevedra	0,2%	93,4%	6,4%

**Notas:**

(\*) *Falta de comunicación anual de investimento (art. 125 da Lei 7/2012, de montes de Galicia*

(\*\*) *Outras causas: xunta reitora sen renovar, falta de comunicación do censo actualizado de comuneiros..*

Fonte: *Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2021, Xunta de Galicia (2022)*

A análise da evolución dos ingresos medios das CMVMC entre os anos 2015 e 2021 (Táboa 9.8) revela un descenso continuado do 11,9 % por termo medio no conxunto de CMVMC galegas, aínda que recolle un aumento do 35,6% e 23,7% nas provincias de Lugo e Ourense, respectivamente. En investimento tamén se recollen un descenso do 9,4 %, sendo as provincias de A Coruña (-37,3%) e Pontevedra (-23,0%) as que recollen unha forte caída durante o período analizado.

Táboa 9.8. Ingresos e investimentos medios das CMVMC (€), 2015-2021


	2015		2017		2020		2021		Evolución	
	Ingreso	Investimento	Ingreso	Investimento	Ingreso	Investimento	Ingreso	Investimento	Ingreso	Investimento
A Coruña	29.027	18.785	25.980	16.293	25.286	14.009	22.736	11.778	-21,7%	-37,3%
Lugo	31.942	16.210	29.316	12.075	34.572	14.664	43.325	17.096	35,6%	5,5%
Ourense	35.277	19.889	27.679	16.854	35.021	22.307	43.648	22.450	23,7%	12,9%
Pontevedra	81.809	32.129	39.748	24.931	43.786	24.624	47.906	24.744	-41,4%	-23,0%
Galicia	49.496	23.112	31.984	18.368	36.572	20.041	43.608	20.929	-11,9%	-9,4%

Fonte: *Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2021, Xunta de Galicia (2022).*

O Gráfico 9.5 permite comprobar a evolución dos ingresos e investimentos medios das CMVMC no período de análise por provincias. A Coruña é a provincia con menores ingresos e investimentos. O Gráfico 9.6 mide a rendibilidade aproximada a partir do cociente entre


ingresos e investimentos medios. A provincia de Lugo é a que presenta un maior ratio, mais de 50 puntos porcentuais por riba que o resto de provincias.

**Gráfico 9.5. Ingresos e investimentos medios das CMVMC por provincia (2015-2021)**



Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2021, Xunta de Galicia (2022).

Gráfico 9.6. Relación Ingresos/Investimentos medios das CMVMC (2015-2021)



Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2021, Xunta de Galicia (2022).

#### 9.4. Mancomunidades de Montes Veciñais en Man Común (MMVMC).

A Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia tamén inclúe no catálogo de entidades de aplicación as mancomunidades de montes veciñais en man común (MMVMC). No ano 2021 había 36 entidades deste tipo rexistradas en Galicia (Táboa 9.9).

Cadro 9.1. Mancomunidades rexistradas en Galicia, 2021

NOME	CONCELLO	DISTRITO	PROVINCIA
ORGANIZACIÓN GALEGA DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN	Varios Galicia	Varios Galicia	Varias
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DAS RÍAS DE AROUSA E NOIA-MUROS	Boiro	Barbanza	A Coruña
MANCOMUNIDADE DE ARDELEIROS E ZARAMAGOSO	Lousame	Barbanza	A Coruña
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN LOUSAME	Lousame	Barbanza	A Coruña
MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA	O Porto do Son	Barbanza	A Coruña
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN BARBANZA SUR	Ribeira	Barbanza	A Coruña
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE CARNOTA	Carnota	Fisterra	A Coruña
MANCOMUNIDADE SERRA DE RAÑADOIRO	Baralla	A Fonsagrada - Os Ancares	Lugo
MANCOMUNIDADE SERRA DE PICATO	Baralla	A Fonsagrada - Os Ancares	Lugo

NOME	CONCELLO	DISTRITO	PROVINCIA
MANCOMUNIDADE VAL DE RAO	Navia de Suarna	A Fonsagrada - Os Ancares	Lugo
MANCOMUNIDADE CARQUEIXA	Negueira de Muñiz	A Fonsagrada - Os Ancares	Lugo
MANCOMUNIDADE PASO DO CERVO	Folgozo do Courel	Terra de Lemos	Lugo
MANCOMUNIDADE LUGO SUR	Monforte de Lemos	Terra de Lemos	Lugo
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN TERRA CHÁ	Guitiriz	Terra Chá	Lugo
MANCOMUNIDADE DE AVIÓN	Avión	O Ribeiro - Arenteiro	Ourense
MANCOMUNIDADE DE MMVVMC DA COMARCA DE MONTERREI	Monterrei	Verín - Viana	Ourense
MANCOMUNIDADES DE MMVVMC DA SERRA DO XURES	Baltar	A Limia	Ourense
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DO CONCELLO DE CERCEO	Cerdedo	Deza - Tabeirós	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE MVMC A PARADANTA	A Cañiza	O Condado - A Paradanta	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO COVELO-A CAÑIZA	O Covelo	O Condado - A Paradanta	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE OIA	Oia	Vigo - Baixo Miño	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE REDONDELA	Redondela	Vigo - Baixo Miño	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE SALCEDA DE CASELAS	Salceda de Caselas	Vigo - Baixo Miño	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE VIGO	Vigo	Vigo - Baixo Miño	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO ACIBAL	Barro	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE FRAGAS	Campo Lameiro	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE COTOBADE	Cotobade	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO ACIBAL	Moraña	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE PONTECALDELAS	Pontecaldelas	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE CARITEL	Pontecaldelas	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE PONTEVEDRA	Pontevedra	Caldas - O Salnés	Pontevedra




NOME	CONCELLO	DISTRITO	PROVINCIA
MANCOMUNIDADE DE VILAGARCÍA DE AROUSA	Vilagarcía de Arousa	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO MORRAZO	Varios Pontevedra	Varios Pontevedra	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO VAL MIÑOR	Varios Pontevedra	Varios Pontevedra	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO NOROESTE DE PONTEVEDRA	Varios Pontevedra	Varios Pontevedra	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO PEDROSO	Varios Pontevedra	Varios Pontevedra	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE PRODUTORES DE BIOMASA FORESTAL PRIMARIA DO SUR DE GALICIA	Varios Pontevedra	Varios Pontevedra	Pontevedra

Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2021, Xunta de Galicia (2022).

Máis da metade destas entidades está na provincia de Pontevedra (55,6 %), mentres que Ourense (8,3 %) aporta a menor porcentaxe de mancomunidades. Por outra banda, o 40,0 % das que se atopan na provincia pontevedresa están no distrito de Caldas-O Salnés, que en conxunto achega o 22,2 % das MMVMC de Galicia (Gráfico 9.7).

Gráfico 9.7. Mancomunidades de MVMC por provincia, 2021



Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2021, Xunta de Galicia (2022).

## 9.5. Recomendacións

Os MVMC son unha figura específica na nosa Comunidade Autónoma, onde a titularidade corresponde as agrupacións veciñais, que non contemplan a súa divisibilidade. A superficie media destas unidades acada en 2021 as 220 ha, o que debería garantir un maior aproveitamento (Bastida et al., 2020; Bastida et al., 2021).

Con todo, detéctanse unha serie de limitacións que deben ser corrixidas (Bastida et al., 2021). Tres son as máis importantes: unha xestión e explotación non cualificada, un baixo nivel de interese e compromiso por parte dos comuneiros e unha excesiva pivotación da actividade económica na explotación forestal. As CMVMC, que son entidades que xestionan

os MVMC non sempre garanten unha boa xestión profesional, un axeitado compromiso por parte dos partícipes, xa que non existe tradición nin cultura de asociacionismo e, por lo xeral, teñen unha capacidade moi limitada para aplicar innovacións e/ou diversificar actividades. Asemade, esta falta de interese debe tamén considerarse á luz do seu papel na potencial capacidade que ten os integrantes da ES nas decisións que se toman dende a Xunta de Galicia, en especial, a través do Consello Social de Galicia. Resulta complicado entender como só 34 entidades deste tipo están adheridas ao devandito organismo, cando a Lei 6/2016, de 4 de maio, da economía social de Galicia, inclúe a estas organizacións como parte da Economía Social na nosa Comunidade Autónoma.

Este conxunto de ineficacias pode por en perigo as oportunidades forestais comúns que posibiliten converter a estas entidades en actividades económicas sostibles. A súa corrección é necesaria para evitar limitacións sobre o seu potencial como verdadeiro motor de desenvolvemento e cohesión territorial. Nestes momentos, as zonas rurais no son capaces de ofertar á poboación unha opción económica atractiva.

Polo tanto, é necesario potenciar a utilización e aproveitamento dos montes galegos, se realmente se queren obter beneficios socioeconómicos. Os primeiros pasos parecen que se están a dar. En concreto a Lei 3/2018, de 28 de decembro de medidas fiscais e administrativas da Xunta de Galicia introduce un conxunto de actuacións, entre as que destacan a nova regulación do arrendamento dos montes que busca garantir unha explotación rendible e unha ampla batería de medidas para evitar os riscos do abandono das parcelas forestais. Asemade, o Decreto 32/2016 no relativo a ordenación e xestión de montes en Galicia, se esixe que estas entidades vaian máis aló da extracción do recursos, debendo investir parte de eses beneficios no mantemento e mellora do monte.

Asemade, en marzo de 2022 a Xunta de Galicia anunciou que sometía a consulta a futura Lei de MVMC, para que se transforme en una ferramenta útil contra o abandono do medio rural e a infrautilización do monte. Dende a Xunta de Galicia estase a procurar un cambio na xestión forestal privada e que mellore a gobernanza nos órganos de decisión e representación das CMVMC. En efecto, o abandono do rural e a infrautilización dos recursos forestais debe ser un motivo xustificado para introducir cambios, pero sen penalizar a actual situación dos comuneiros.

Con esta iniciativa lexislativa se busca actualizar a Lei 13/1989. Se ben é certo que dende entón se fixeron cambios puntuais para tratar de adaptala ao marco lexislativo e as necesidades en cada momento, despois de tres décadas creemos que é un tempo dabondo para unha revisión completa<sup>3</sup>.

No texto do que se están a recoller valoracións mudase cambia o concepto de comuneiro, de forma que se permite que entren como tales as persoas físicas ou xurídicas que teñan relación co monte veciñal. Esta proposta, que pode dinamizar a actividade económica do monte, polo menos en aqueles que están subexplotados ou si tan sequera están en explotación, no esta exenta de problemas, posto que a xestión deses MVMC poden verse condicionado por intereses de empresas. Polo tanto, é necesario encaixar este tipo

3 Entre outros cambios previos a este novo proxecto de Lei, en decembro de 2021, na Lei 18/2021, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas aprobáronse un conxunto de modificacións en esta materia. Máis concretamente o capítulo III aborda diversas medidas en materia de medio rural, modificando a Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común, que pretende completar a regulación aplicable á declaración dos MCMC en estado de grave abandono ou degradación. Asemade, introdúcese, determinadas precisións entre a regulación da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, e a Lei 11/2021, de 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. En concreto modificouse as actuacións a levar a cabo en caso de que o monte se atope en estado de abandono, ou sexa, cando a CMVMC non pode xestionar o monte. Nesta caso, a Xunta de Galicia pasaría a xestionar publicamente o mesmo, e asemade, establececese a posibilidade de alugar esta superficie a por un tempo máximo de 50 anos á empresas interesadas.

de explotación máis ligada a unha actividade mercantilista co tratamento xermánico dos MVMC.

Asemade, e tal e como indicamos en anteriores edicións deste Libro Branco, somos da opinión da necesidade de continuar e mellorar o catálogo de incentivos fiscais que fomenten o aproveitamento do monte e de continuar coa política de subvencións para favorecer o aproveitamento produtivo dos nosos montes, por todos os beneficios –non só económicos– que supón este tipo de actividades. Finalmente, creemos necesario que as CMVMC e as MMVMC realicen un esforzo de planificación produtiva do seus recursos co obxecto de avaliar todo o seu potencial. Ademais creemos na necesidade de garantir un maior control fiscalizador e actuacións internas sobre as CMVMC.

Finalmente, queremos sinalar que na nosa Comunidade Autónoma temos un amplo espazo cun enorme potencial económico nunha parte importante das zonas rurais, pero esta infraexplotada e sufrindo un intenso proceso de perda económica e demográfica (Bastida, Vaquero e Vázquez, 2021).

## 9.6. Conclusións

As conclusións que se poden sinalar van na liña do exposto na edicións anteriores do Libro Branco da ES de Galicia, consolidando a nosa valoración que a persistencia no tempo das comunidades de montes veciñais amosan que os sistemas de produción comunitarios poden desenvolver institucións autónomas, algo que resulta de gran interese na nosa Comunidade Autónoma polo importante peso económico do sector primario. As cifras expostas neste capítulo indican que os MVMC supoñen un recurso produtivo importante, pero que non sempre se utilizan adecuadamente. Polo tanto, pode darse a contradición de contar cun recursos de grandes potencialidades económicas subexplotadas, pero ao mesmo tempo algunhas das áreas rurais con este recurso esta sufrindo un grave problema demográfico e un deterioro económico.

En consecuencia, hai que afondar en mellorar as actuacións xa sinaladas, para que este recurso exclusivo de Galicia, poda acadar o papel que lle corresponde no desenvolvemento económico-social da nosa Comunidade Autónoma dentro dunha contorna sostible, e tendo en conta o compromiso co cumprimento cos Obxectivos do Desenvolvemento Sostibles (ODS).

O monte en Galicia resulta un elemento fundamental para contar cunha política agraria e forestal axeitada, xa que os recursos forestais representan máis do 60 % da superficie total da nosa Comunidade Autónoma. Asemade, en Galicia temos unha estrutura de propiedade dos montes moi diferentes a outras CC. AA. que des debe aproveitar. En efecto, unha parte significativa destes espazos pertencen a comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común, unha figura contemplada no Dereito Civil de Galicia.

Finalmente, compre sinalar que a tenor dos datos expostos, aínda queda un importante traballo por realizar nos vindeiros anos se queremos que as CMVMC e MMVMC acaden o papel que lles corresponde na economía social de Galicia. Para iso é necesario un maior esforzo para mellorar a rendibilidade das explotacións forestais, o que terá non so beneficios económicos, senón tamén sociais e medioambientais. Sen dúbida, a nova Lei de MVMC de Galicia marcará un antes e un despois no tratamento deste recurso.

## 9.7. Bibliografía

- ASOCIACIÓN GALLEGA DE COOPERATIVAS ALIMENTARIAS, AGACA (2021). <http://agaca.coop/>
- BASTIDA, M. e VAQUERO, A. (2019). As comunidades e mancomunidades de montes man común, en CANCELO, M<sup>a</sup>. T e BOTANA, M.J. (Dir.) *Libro Branco da Economía Social en Galicia 2019*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudos Cooperativos, Santiago de Compostela.
- BASTIDA, M. e VAQUERO, A. (2020). As comunidades e mancomunidades de montes man común, en CANCELO, M<sup>a</sup>. T e BOTANA, M.J. (Dir.) *Libro Branco da Economía Social en Galicia 2020*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudos Cooperativos, Santiago de Compostela.
- BASTIDA, M. e VAQUERO, A. (2021). As comunidades e mancomunidades de montes man común, en CANCELO, M<sup>a</sup>. T e BOTANA, M.J. (Dir.) *Libro Branco da Economía Social en Galicia 2021*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudos Cooperativos, Santiago de Compostela.
- BASTIDA, M., VAQUERO, A. e CANCELO, M<sup>a</sup>. T. (2019). La Ley de Economía Social de Galicia en FAJARDO, G. E CHAVEZ, R. (Eds.) *La economía social en la Comunidad Valenciana: regulación y políticas públicas*, 43-52, CIRIEC-España.
- BASTIDA, M., VAQUERO, A. e CANCELO, M<sup>a</sup>. T. (2020). "La contribución de la ley de economía social al desarrollo territorial y a la mejora del empleo", *Revesco- Revista de estudios cooperativos*, 134, 1-20.
- BASTIDA, M., VAQUERO, A. e VÁZQUEZ, M.A. (2021). "A New Life for Forest Resources: The Commons as a Driver for Economic Sustainable Development—A Case Study from Galicia", *Land*, 10(2): 99,
- COMISIÓN EUROPEA (2019). El pacto verde europeo, [https://ec.europa.eu/info/strategy/priorities-2019-2024/european-green-deal\\_es](https://ec.europa.eu/info/strategy/priorities-2019-2024/european-green-deal_es), Bruselas.
- FORO ECONÓMICO DE GALICIA (2019). Xornada sobre o sector forestal, Ribadavia, 30 de maio de 2019.
- VAQUERO, A. e BASTIDA, M<sup>a</sup>. (2021). "A Economía Social como modelo de desenvolvemento para Galicia", *Documento 32 do Foro Económico de Galicia*, <https://foroeconomicodegalicia.es/documentos.html>
- VAQUERO, A. e LOSA, V. (2020). "Actuaciones desde la administración pública para evitar la despoblación del medio rural ¿Qué se puede hacer desde los ayuntamientos y diputaciones?", *Revista gallega de economía*, septiembre.
- VAQUERO, A. (2021). "Actuaciones presupuestarias y fiscales de las administraciones locales para evitar el despoblamiento del medio rural: situación actual y líneas de mejora", *Presupuesto y gasto público*, 102, pp. 151-166.
- XUNTA DE GALICIA (Varios anos). *Anuario de Estadística Forestal de Galicia*, Santiago de Compostela, [https://mediorural.xunta.gal/es/areas/forestal/ordenacion/estadistica\\_forestal\\_gallega/](https://mediorural.xunta.gal/es/areas/forestal/ordenacion/estadistica_forestal_gallega/).

### Normativa

- ESPAÑA. Lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social.
- ESPAÑA. Lei 55/1980, de 11 de novembro, de montes veciñais de man común.
- GALICIA. Decreto 260/1992, de 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989 de 10 de outubro, de montes veciñais de man común.

GALICIA. Decreto 32/2016, de 23 de marzo, polo que se modifica o Decreto 52/2014, de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.

GALICIA. Decreto 52/2014, de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.

GALICIA. Lei 13/1989 de 10 de outubro, de montes veciñais de man común.

GALICIA. Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

GALICIA. Lei 3/2018, de 28 de decembro de medidas fiscais e administrativas da Xunta de Galicia.

GALICIA. Lei 6/2016, do 4 de maio, de economía social de Galicia.

GALICIA. Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

GALICIA. Lei 11/2021, de 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

GALICIA. Lei 18/2021, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas da Xunta de Galicia

## **10. AS MUTUAS DE SEGUROS E MUTUALIDADES DE PREVISIÓN SOCIAL**

### **10.1. Principais datos agregados**

En 2021, teñen a súa sede en Galicia 4 mutuas e mutualidades de previsión social. A 31 de decembro, contaban con 6.834 mutualistas (acadaban 9.478 asegurados, tendo en conta a todos os beneficiarios), xeraron 13 empregos directos e tiveron un volume de negocio (primas devengadas) de 14.880 miles de euros.

### **10.2. Marco legal**

Entre os distintos tipos de entidades privadas que poden desenvolver a actividade aseguradora figuran as mutuas de seguros e as mutualidades de previsión social. As mutuas de seguros son sociedades mercantís sen ánimo de lucro, que teñen por obxecto a cobertura aos socios, sexan persoas físicas ou xurídicas, dos riscos asegurados mediante unha prima fixa pagadeira ao comezo do período do risco. O obxectivo da mutua é maximizar os beneficios que prestan aos seus mutualistas.

Pola súa parte, as mutualidades de previsión social son entidades aseguradoras privadas sen ánimo de lucro que exercen unha modalidade aseguradora de carácter voluntario complementaria ao sistema da Seguridade Social obrigatoria, mediante aportacións dos mutualistas, persoas físicas ou xurídicas, ou de outras entidades ou persoas protectoras. Non obstante, algunhas mutualidades, xa recoñecidas, poderán seguir funcionando como alternativas á Seguridade Social.

Segundo o art. 44 da Lei 20/2015, no referido á previsión de riscos sobre as persoas, as mutualidades de previsión social poderán realizar as seguintes operacións de seguro: a) cobertura das continxencias de morte, viuvez, orfandade, xubilación e dependencia, en forma de capital ou renda, así como o outorgamento de prestacións por razón de matrimonio, maternidade, fillos e defunción; b) cobertura das continxencias de accidentes e invalidez

para o traballo, enfermidade, defensa xurídica, e asistencia; e c) prestar axudas familiares para subvenir as necesidades motivadas polos feitos ou actos xurídicos que impidan temporalmente o exercicio da profesión.

En canto á previsión do risco sobre as cousas, poderán asegurarse danos sobre os seguintes bens: a) vivendas de protección oficial e outras de interese social sempre que estean habitadas polo propio mutualista e a súa familia; b) maquinaria, bens e instrumentos de traballo de mutualistas que sexan emprendedores e pequenos empresarios; e c) colleitas de fincas cultivadas persoalmente polo agricultor ou a súa familia, cando a súa cobertura non estea comprendida no plan anual de seguros agrarios combinados, así como os bosques, gandos, colmeas, viveiros piscícolas e granxas de cría de animais para consumo que estean integrados na unidade de explotación familiar.

As mutualidades de previsión social que cumpran determinados requisitos poderán tamén outorgar prestacións sociais vinculadas ás citadas operación de seguros.

Por outra banda, as mutualidades de previsión que obteñan a autorización administrativa correspondente poderán operar por ramos de seguro e non estarán suxeitas aos límites impostos no artigo 44.

A competencia sobre as Mutualidades de Previsión Social non integradas na Seguridade Social transfírese á Comunidade Autónoma de Galicia na Lei Orgánica 16/1995, de 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma.

A regulación autonómica na materia concrétese nas seguintes normas:

- Orde do 5 de maio de 1999 pola que se crea o Rexistro Autonómico de Mutualidades de Previsión Social Non Integradas na Seguridade Social.
- Decreto 277/1999, do 14 de outubro, polo que se regula a cualificación de xubilación mutual protexida.
- Dado o carácter en xeral básico da normativa estatal, rexen supletoriamente as seguintes disposicións
- Real Decreto 1430/2002, do 27 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de mutualidades de previsión social.
- Orde ECO/734/2004, do 11 de marzo, sobre os departamentos e servizos de atención ó cliente e o defensor do cliente das entidades financeiras.
- Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras
- Real Decreto Lexislativo 1060/2015, do 20 de novembro, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras

O réxime xurídico das mutualidades de previsión social é complexo como consecuencia da súa dobre natureza, como entidades aseguradoras e como entidades da economía social. Entre as características que permiten encadralas neste segundo grupo figuran (Montero, Reza e Pedrosa, 2016): a) os principios de participación democrática que rexen o seu goberno e xestión, de xeito que a distribución de beneficios e a participación na toma de decisións non están determinadas polas aportacións aos fondos da mutua; b) son entidades sen ánimo de lucro; c) a solidariedade que as caracteriza, de modo que, na meirande parte dos casos, as prestacións son as mesmas para todos os mutualistas independentemente da súa contribución; e d) a independencia dos poderes públicos.

### 10.3. Identificación do sector en Galicia

As mutuas de seguros poden ser de ámbito nacional, autonómico, provincial ou local. Segundo o rexistro público de entidades aseguradoras da Dirección General de Seguros<sup>1</sup>, en decembro de 2021 hai activas en España 26 mutuas de ámbito nacional. Delas, unha ten a súa sede en Galicia. Trátase da Sociedad de Seguros Mutuos Marítimos de Vigo, mutualidad de seguros y reaseguros a prima fija (cadro 10.1).

Con respecto ás mutualidades de previsión social, hai 3 de ámbito territorial no rexistro de Mutualidades de Previsión da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia<sup>2</sup> (cadro 10.1):

- Unión de Artesanos Mutualidad de Previsión Social a prima fija
- Mutualidad de Previsión Social del Noroeste a prima fija
- Mutualidad de Previsión Social a prima fija, Unión Protectora

**Cadro 10.1. Mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia. Ano 2021.**

Entidade	Tipo	Localidade
SOCIEDAD DE SEGUROS MUTUOS MARÍTIMOS DE VIGO, MUTUALIDAD DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA	Mutua de seguros	Vigo (Pontevedra)
UNIÓN DE ARTESANOS MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA	Mutualidade de previsión social	Santiago de Compostela (A Coruña)
MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL DEL NOROESTE A PRIMA FIJA	Mutualidade de previsión social	Ferrol (A Coruña)
MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA, UNIÓN PROTECTORA	Mutualidade de previsión social	Santiago de Compostela (A Coruña)

*Fonte: Rexistro da Dirección General de Seguros e Rexistro da Consellería de Facenda.*

Recollemos no cadro 10.2 o obxecto social das mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia.

Aínda que non son un número elevado, as mutuas de seguros e mutualidades de previsión social que están neste momento activas en Galicia teñen unha longa traxectoria. Atendendo á información dispoñible nas *webs* e informes das entidades, a Sociedad de Seguros Mutuos Marítimos de Vigo nace como compañía aseguradora de buques de pesca en 1896; a Unión de Artesanos ten a súa orixe en 1926; a Mutualidad de Previsión Social del Noroeste foi constituída en 1987 e emana do Fondo de previsión social de astilleros e

<sup>1</sup> <http://rrpp.dgsfp.mineco.es/>

<sup>2</sup> <https://www.conselleriadefacenda.gal/es/servizos-e-tramites/listaxe-servizos/mediadores-de-seguros/registro-de-mutualidades>



talleres del Noroeste, S.A. creada no 1962; e a Unión Protectora nace en 1892 en Santiago de Compostela.


**Cadro 10.2. Ámbito de cobertura das mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia. Ano 2021.**

Entidade	Ámbito de cobertura
SOCIEDAD DE SEGUROS MUTUOS MARÍTIMOS DE VIGO, MUTUALIDAD DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA	Vehículos marítimos, lacustres e fluviaais; mercancías transportadas; responsabilidade civil vehículos marítimos, lacustres e fluviaais; accidentes.
UNIÓN DE ARTESANOS MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA	Prestar asistencia médico-cirúrxica aos mutualistas ou aos seus beneficiarios.
MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL DEL NOROESTE A PRIMA FIJA	Ramo de vida. Previsión de riscos sobre as persoas, contra circunstancias ou acontecementos de carácter fortuito y previsible, cubrindo os riscos de morte, xubilación e a opción de rescatar o capital.
MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA, UNIÓN PROTECTORA	Cobertura do seguro de enfermidade na súa modalidade de prestación de servizos médico-hospitalarios.

*Fonte: Rexistro da Dirección General de Seguros e Estatutos das mutualidades.*

Todas as mutualidades de previsión social galegas considéranse de reducida dimensión, dado que os seus ingresos brutos anuais por primas devengadas non exceden os 5 millóns de euros. En consecuencia, non figura ningunha entre as 25 con maior volume de patrimonio recollidas no Listado de Empresas máis relevantes da Economía Social de CEPES de 2020-2021.

En 2021, as entidades consideradas acollen a 6.834 mutualistas (gráfico 10.1), unha cifra algo superior ao do ano anterior debido aos incrementos que se observan na Unión de Artesáns e na Sociedade de Seguros Mutuos Marítimos de Vigo. Agora ben, compre ter en conta que as cifras de asegurados son maiores dado que, ademais dos asinantes da póliza, deben incluírse outros beneficiarios das mesmas (cónxuxes, fillos menores...). Na Unión de Artesáns, o número de mutualistas a 31 de decembro era de 3.936, aos que hai que engadir outros 1.904 beneficiarios, o que fai un total de 5.840 asegurados. No caso da Unión Protectora, aos 1.449 mutualistas titulares súmanse outros 694 beneficiarios, acadando a cifra de 2.143 asegurados. Na Mutualidade de Previsión Social del Noroeste engadiríanse 46, sendo así 637 os asegurados. En suma, as mutualidades de previsión social cubrirían un total de 8.620 asegurados, aos que se engaden os 858 mutualistas da Sociedade de Seguros Mutuos Marítimos de Vigo, facendo un total de 9.478 asegurados.

**Gráfico 10.1. Número de mutualistas<sup>1</sup> nas mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia**

<sup>(1)</sup>Recóllese unicamente o número de mutualistas. O número de beneficiarios das pólizas e maior pois inclúe outros asegurados como cónxuxes e fillos menores.

Fonte: Informes da Situación Financeira e de Solvencia (ISFS) e información directa das empresas.


#### 10.4. Datos sociais e económicos das mutuas de seguros e mutualidades de previsión social de Galicia

##### 10.4.1. Persoas empregadas nas mutuas e mutualidades de previsión social

En total, no 2021 había 13 persoas empregadas nas mutuas e mutualidades de previsión (gráfico 10.2). Delas, 7 son mulleres e 6 homes (táboa 10.1). Isto supón unha persoa máis empregada (muller) con respecto ao ano anterior. Agora ben, hai moitos outros profesionais vinculados ás mutuas. Segundo información aportada directamente polas mutualidades, na Mutualidade de Previsión Social do Noroeste son 6 os profesionais independentes que colaboran coa entidade e na Unión Protectora son 150 os profesionais que perciben honorarios ou manteñen convenios coa entidade. Con respecto á Unión de Artesanos, 43 sociedades, limitadas na súa maioría, e 68 profesionais (médicos - persoas físicas) emitiron facturación á mesma. O número de profesionais médicos é, polo tanto, moi superior a eses 68, dado que unha boa parte dos que colaboran están integrados en ditas sociedades.

Os datos de persoas empregadas obtivéronse nalgúns casos dos Informes da Situación Financeira e de Solvencia (ISFS, en adiante) - publicados nas páxinas web das entidades - e da solicitude directa ás entidades noutros.

**Gráfico 10.2. Número de empregados directos nas mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia**



Fonte: Informes da Situación Financeira e de Solvencia (ISFS) e información directa das empresas.

**Táboa 10.1. Empregados directos (por sexo)**


	2017		2018		2019		2020		2021	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
SOCIEDAD DE SEGUROS MUTUOS MARITIMOS DE VIGO, MUTUALIDAD DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA	2	4	2	4	2	4	3	4	4	4
UNIÓN DE ARTESANOS MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA	2	1	2	1	2	1	2	1	2	1
MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL DEL NOROESTE A PRIMA FIJA	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA, UNIÓN PROTECTORA	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1
<b>TOTAL</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>7</b>	<b>6</b>

Fonte: Informes da Situación Financeira e de Solvencia (ISFS) e información directa das empresas.

#### 10.4.2. Ingresos por primas das mutuas e mutualidades de previsión social con sede en Galicia

En 2021, as primas devengadas polas mutuas e mutualidades de previsión social en Galicia acadaron os 14.880 miles de euros (gráfico 10.3), dos cales 14.750 corresponderon ao ramo non vida (táboa 10.2). Obsérvase, polo tanto, un incremento con respecto aos anos anteriores que se debe fundamentalmente ao aumento experimentado polas primas devengadas pola Sociedade de seguros mutuos marítimos de Vigo. Tamén aumentan as primas devengadas pola Unión de Artesáns, mentres que baixan nas restantes mutualidades.

Gráfico 10.3. Primas devengadas por mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia (miles de euros)



Fonte: Informes da Situación Financeira e de Solvencia (ISFS) das entidades.

Táboa 10.2. Primas devengadas por mutuas de seguros e mutualidades de previsión con sede en Galicia por ramo Vida/Non vida (miles de euros)

	Vida					Non vida				
	2017	2018	2019	2020	2021	2017	2018	2019	2020	2021
SOCIEDAD DE SEGUROS MUTUOS MARITIMOS DE VIGO, MUTUALIDAD DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA						5.543	6.878	7.997	10.211	11.638
UNIÓN DE ARTESANOS MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA						2.220	2.360	2.450	2.437	2.455
MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL DEL NOROESTE A PRIMA FIJA	249	211	202	154	130					
MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA, UNIÓN PROTECTORA						672	658	687	671	657
<b>TOTAL</b>	<b>249</b>	<b>211</b>	<b>202</b>	<b>154</b>	<b>130</b>	<b>8.435</b>	<b>9.896</b>	<b>11.134</b>	<b>13.319</b>	<b>14.750</b>

Fonte: Informes da Situación Financeira e de Solvencia (ISFS) das entidades.

Na base de datos da *Memoria estadística anual de empresas aseguradoras* do ano 2020<sup>3</sup>, no evolutivo das entidades atendendo ao volume de negocio directo (primas devengadas por seguro directo<sup>4</sup>), a Sociedade de Seguros Mutuos Marítimos de Vigo ocupa o sexto lugar dun total de 26 empresas no ramo “transportes cascos” e o décimo quinto posto de 27 empresas no ramo “transportes mercancías”. Na citada Memoria non se inclúen as mutualidades de previsión social de ámbito autonómico.

#### 10.4.3. 10.4.3. Solvencia actual e situación ante pandemia da COVID-19

O 2021 segue a estar marcado pola pandemia do COVID-19. Ata as 00:00 horas do día 9 de maio de 2021, mantívose en vigor o estado de alarma en virtude do Real Decreto 956/2020, de 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado no Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declarou o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Aínda que as limitacións á mobilidade e á actividade foron menores que as que se declararon no 2020, as empresas e os fogares seguiron moi condicionados pola evolución da pandemia. Neste contexto, nas mutuas e mutualidades mantivéronse activos os protocolos por si fora precisa algunha medida de adaptación, o que foi compatible co desenvolvemento da súa actividade e negocio e o cunha situación de solvencia satisfactoria.

A Sociedade de Seguros Mutuos Marítimos de Vigo, no seu Informe Anual 2021, indica que:

“La crisis del COVID-19 no ha tenido un impacto notable o significativo en los riesgos de negocio. El riesgo de prima se ha reducido a consecuencia del descenso de la frecuencia siniestral del seguro directo. A su vez, esta circunstancia coyuntural ha producido un descenso de la valoración de las inversiones y, adicionalmente, cierta volatilidad en los mercados financieros. Todo ello se ha mitigado a través de una prudente política de inversiones. Habida cuenta de todo lo anterior, no se han realizado escenarios de sensibilidad adicionales, puesto que los resultados del año se han mantenido en los niveles habituales previos a la crisis y no se espera un impacto disruptivo.” (p. 13)

Tamén sinala que “la Mutua no se ha visto afectada por la coyuntura económica y prosigue con la tendencia de los últimos años incrementado el número total de pólizas contratadas y sus primas emitidas netas por encima del sector (un 19,72% en el ramo de cascos y un 23,25% en mercancías)” (p. 44)

No caso da Unión Protectora, a principal diferenza no 2021 con respecto ao ano anterior foi o incremento da taxa de sinistralidade a cal, incluíndo os gasto imputables a sinistros, sitúase no 82%, cifra moi superior ao 58% do exercicio anterior. Este feito tivo un impacto importante nos resultados do exercicio. Tamén na Unión de Artesáns obsérvase un incremento da sinistralidade, neste caso dun 16,76%, como consecuencia dun maior uso dos servizos médicos concertados por parte dos asegurados, como xa se prevía no ISFS do 2020. Pola contra, na Mutualidade de Previsión Social del Noroeste obsérvase unha redución da sinistralidade do 29%, pero se produce un incremento do 15% das primas imputadas ao exercicio.

Aínda que non corresponde ao exercicio, resulta tamén de interese indicar que no seu ISFS do 2021, a Mutualidade de Previsión Social del Noroeste xa menciona a invasión de

3 Disponible na páxina web da Dirección General de Seguros y Fondos de Pensiones, <http://www.dgsfp.mineco.es/Publicaciones/Paginas/default.aspx>

4 Ficheiro SH 02.8 Cuota de mercado

Ucráina por parte de Rusia (iniciada en febreiro de 2022) e expresan inquedanza polo impacto que poida ter na caída das cotizacións dos produtos da súa carteira, entre os que se atopa un bono de unha empresa gasística rusa (p. 9).

Tamén a Sociedade de Seguros Mutuos Marítimos de Vigo, no seu Informe Anual 2021, fai referencia ao conflito bélico, pero, no seu caso, non esperan un impacto significativo do mesmo nin sobre a súa carteira de inversións nin noutras magnitudes do negocio (p. 36).

## 10.5. Conclusións

Entre os diferentes tipos de entidades privadas que poden desenvolver a actividade aseguradora figuran as mutuas de seguros e as mutualidades de previsión social. O seu réxime xurídico é complexo debido á súa dobre natureza, como entidades aseguradoras e como entidades da economía social.

En decembro de 2021, hai en Galicia unha mutua de ámbito nacional e tres mutualidades de previsión social de ámbito autonómico. Estas últimas son todas consideradas de dimensión reducida. Aínda que non son un número elevado, as mutuas de seguros e mutualidades de previsión social que están neste momento activas en Galicia teñen unha longa traxectoria.

Ao remate do 2021, as entidades consideradas acollen a 6.834 mutualistas. Non obstante, as cifras de asegurados son maiores dado que, ademais dos asinantes da póliza, deben incluírse outros beneficiarios das mesmas (cónxuxes, fillos menores...), chegando a cubrir un total de 9.478 asegurados.

Estas empresas contaban con 13 persoas empregadas no 2021, 7 eran mulleres (unha máis que o ano anterior) e 6 homes. Agora ben, debe terse en conta que hai moitos outros profesionais que traballan vinculados ás mutuas, como é o caso dos cadros médicos.

En 2021, as primas devengadas polas mutuas e mutualidades de previsión social en Galicia acadaron os 14.880 miles de euros, dos cales 14.750 corresponderon ao ramo non vida. Obsérvase, polo tanto, un incremento con respecto aos anos anteriores que se debe fundamentalmente ao aumento experimentado polas primas devengadas pola Sociedade de Seguros Mutuos Marítimos de Vigo. Tamén aumentan as primas devengadas pola Unión de Artesanos, mentres que baixan nas restantes mutualidades.

Con respecto ao impacto da pandemia da COVID-19, no 2021 as mutuas e mutualidades continuaron cos protocolos activados o que non impediu o desenvolvemento do seu negocio e actividade e o mantemento dos seus niveis de solvencia nunhas cifras satisfactorias. Como tamén sucedera no ano anterior, as contas anuais das mutualidades vinculadas aos servizos médicos e aos seguros de vida víronse afectadas polo incremento da sinistralidade e a redución das prestacións pagadas. Pola contra, a Sociedade de Seguros Mutuos Marítimos de Vigo non se veu afectada pola conxuntura económica, incrementado o número total de pólizas contratadas e as súas primas emitidas netas por enriba do sector.

## 10.6. Bibliografía

MONTERO VILAR, J.A., REZA CONDE, M.C. & PEDROSA LEIS, C. (2016): "Mutualidades de previsión social, economía social y mercado asegurador", *CIRIEC-España, Revista Jurídica de Economía Social y Cooperativa*, 29, 47-79.



## **11. APROXIMACIÓN AO IMPACTO SOCIOECONÓMICO DAS SOCIEDADES LABORAIS E COOPERATIVAS EN GALICIA**

### **11.1. Introducción**

Na medida en que as entidades da economía social constitúen unha alternativa innovadora e con vantaxes importantes para afrontar o desenvolvemento de actividades económicas nas sociedades actuais, cunha evolución e presenza significativa dentro do tecido económico galego, como se pon de manifesto nas análises individualizadas das diferentes tipoloxías realizadas nos capítulos anteriores, resulta importante intentar cuantificar a súa presenza en termos de impacto e peso relativo dentro da economía galega.

Esta tarefa non resulta doada na medida en que as entidades da economía social non sempre teñen a obriga de depositar en rexistros públicos as contas que reflicten a súa actividade económica. É por ilo que neste capítulo do informe nos centramos en tentar cuantificar o impacto socioeconómico de dúas das tipoloxías de entidades de ES, as sociedades laborais e as cooperativas con domicilio social en Galicia, para as que contamos con información económica e financeira obtida a través das súas contas anuais depositadas no Rexistro Mercantil, e dispoñibles publicamente a través da base de datos SABI (Sistema de Análisis de Balances Ibéricos).

Tendo en conta a información dispoñible, para as sociedades laborais procedemos a analizar: por unha banda, a súa evolución en termos socioeconómicos dende o ano 2010; e, por outra, comparamos a súa actividade económica dos anos 2019 e 2020 para avaliar o posible impacto derivado da crise económica asociada á pandemia do Covid-19 sobre a mesma.

A súa vez, polo que respecta ás cooperativas, e na medida en que non están obrigadas a depositar as súas contas anuais no Rexistro Mercantil, coa información dispoñible das entidades para as que contamos con información, tanto para o exercicio 2019 como para o 2020, tentamos facer a avaliación de como a crise económica do ano 2020, derivada da pandemia do Covid-19, impactou sobre a súa actividade.



Con todo o anterior pretendemos encetar unha liña de traballo que permita aproximarnos a unha cuantificación do impacto real e do peso relativo da economía social dentro da economía galega.

## 11.2. Sociedades Laborais

As sociedades laborais, xa sexan limitadas ou anónimas, teñen a obriga de depositar as súas contas anuais nos Rexistros Mercantís correspondentes, polo que a información derivada do SABI, que recolle os datos económico financeiros de todas as contas depositadas, si nos pode dar unha idea bastante aproximada da actividade económica xerada polas mesmas e o seu impacto e peso relativo dentro da economía galega.

Aínda que existen sociedades laborais con actividade económica que non depositan as súas contas anuais no Rexistro Mercantil, debemos de ter en conta que non cumprir con esta obriga ten repercusións importantes xa que, ademais de multas que poden oscilar entre os 1.200 e os 60.000 euros -chegando a 300.000 euros en casos extremos-, conleva outras penalizacións asociadas, como é a do peche provisional da folla rexistral ou a posible asunción de responsabilidades por parte dos administradores. Asemade, o non depósito das contas anuais pode condicionar o seu acceso ao crédito e, con elo, a súa propia actividade, ao ser utilizada a información depositada no Rexistro Mercantil como elemento de xuízo para avaliar a solvencia das empresas. Por todo isto, con carácter xeral, as entidades que contan con actividade significativa e normalizada si depositan as súas contas anuais no Rexistro Mercantil, constituíndo a información extraída das mesmas unha aproximación significativa á realidade da súa actividade económica.

### 11.2.1. Ámbito analizado


Recollemos no gráfico 11.1 a evolución, para os anos 2010 a 2020, do número total de sociedades laborais consideradas activas, por estar inscritas na Seguridade Social a 31 de decembro de cada ano, e o número de sociedades laborais para as que se conta con información no SABI á data de elaboración deste informe, xullo de 2022, por teren depositadas ás súas contas anuais no Rexistro Mercantil. O prazo para depositar as contas do ano 2020 remataba o 31 de xullo do ano 2021, polo que a información actual se pode considerar reflexo das entidades que realmente depositan contas.

O número de sociedades laborais activas ten diminuído significativamente durante o período analizado -un 47%-, evolución similar ao número destas entidades que teñen dispoñible a información no SABI. O número de entidades activas que compren coa súa obriga de depositar as contas no Rexistro Mercantil se sitúa no 75%, porcentaxe que se mantén relativamente estable ao longo do tempo.

O groso das sociedades laborais con contas depositadas son sociedades limitadas, que suman un total de 293 no ano 2020, fronte a tan so 17 entidades que adoptan a forma de sociedade anónima -ver gráfico 11.2-. Estas últimas son as que presentan unha maior redución durante o período analizado ao acadar a cifra de 49 no ano 2010.


Con todo, a porcentaxe de sociedades laborais para as que se conta con información no SABI pode considerarse suficiente para concluír sobre a achega real destas entidades á economía galega.

Gráfico 11.1. Sociedades Laborais activas e con información dispoñible no SABI



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social e SABI

Gráfico 11.2. Sociedades Laborais con información no SABI segundo tipo



Fonte: SABI


### 11.2.2. Principais magnitudes económicas e financeiras

Para determinar a actividade económica desenvolvida polas sociedades laborais recolleemos inicialmente a evolución de dúas magnitudes que podemos relacionar co seu *output*: os ingresos de explotación e o activo total. As cifras recollidas son o resultado da agregación dos datos correspondentes a todas as sociedades laborais para as que se conta con información en cada un dos exercicios, polo que na análise da súa evolución debe terse en conta a importante diminución do número de entidades, un 44% dende o ano 2010.

Os ingresos de explotación acadaron no ano 2020 os 109 millóns de euros, cifra inferior á do ano 2010, pero que pon de manifesto, tendo en conta a redución do número de entidades, un incremento da cifra de negocio das que se manteñen. Os ingresos totais das sociedades limitadas diminuíron durante os primeiros anos da década, para incrementarse de

forma constante dende o ano 2013 ata o ano 2019, sufrindo no ano 2020 as consecuencias da crise económica. No que atinxe as sociedades anónimas, a súa diminución é constante en liña coa importante redución do número destas entidades.


Gráfico 11.3. Ingresos de explotación (miles de €)



Fonte: SABI

O total de activo das sociedades laborais, que acada os 98 millóns de euros no ano 2020, presenta unha evolución moito máis favorable que a dos ingresos de explotación, sobre todo no caso das sociedades limitadas, que case manteñen a cifra do ano 2010, a pesares de ser moito menor o número de entidades. As sociedades anónimas reducen o seu activo á metade, se ben debe terse en conta que estas entidades tan so representan un terzo das existentes ao inicio da década.

Gráfico 11.4. Total Activo (miles de €)




Fonte: SABI

Polo que respecta a súa rendabilidade económica, no gráfico 11.5 recolleemos os resultados agregados por tipos de entidades. Partindo de resultados negativos nos primeiros anos da década do 2010, se constata unha entrada en beneficios a mediados da mesma

que se incrementan de forma constante ata acadar os 3,5 millóns de euros no ano 2019. Son as sociedades limitadas as que presentan unha mellor evolución das súas contas de resultados, fronte as sociedades anónimas que manteñen, salvo a excepción do ano 2015, as súas contas de explotación cuns saldos negativos pero próximos ao equilibrio.


Gráfico 11.5. Resultados (miles de €)



Fonte: SABI

As sociedades laborais declaran nas súas contas anuais un total de 1.219 empregados, cifra que tan so representa o 57,6% do emprego que xeraban no ano 2010. A diminución desta variable é case constante durante o período analizado, si ben se constata un descenso máis acusado nos primeiros anos da década, cun mantemento e lixeiro incremento entre os anos 2014 e 2019, para diminuír de forma importante no ano 2020.

Gráfico 11.6. Número de empregados




Fonte: SABI

A evolución dos ingresos de explotación e do número de empregados das sociedades laborais da como resultado, como se reflicte no gráfico 11.7, un incremento dos ingresos

por empregado a partir do 2013, acadando os 96 mil euros no ano 2019, para diminuír ata os 89 mil euros no ano 2020.


**Gráfico 11.7. Ingresos de explotación por empregado (miles de €)**



Fonte: SABI

Finalmente, os gastos de persoal por empregado, que nos dá unha medida da calidade do emprego creado por estas entidades en termos de remuneración, presenta en cifras agregadas un crecemento constante durante os anos analizados, pasando dos 22,6 mil euros no ano 2010 aos 24,9 mil euros no ano 2020, pese a forte redución do ano 2020.

**Gráfico 11.8. Gastos de persoal por empregado (miles de €)**



Fonte: SABI


### 11.2.3. Impacto da crise económica derivada da pandemia do Covid-19 nas Sociedades Laborais

Coa finalidade de analizar o impacto da crise económica derivada da pandemia do Covid-19 sobre a actividade das sociedades laborais, recollemos neste apartado as principais

variables económicas e financeiras daquelas entidades que teñen depositado as contas anuais tanto do exercicio 2019 como do 2020. No que respecta as sociedades limitadas, son 287 entidades -do total de 293 con contas depositadas no ano 2020-, para as que se conta tamén con información correspondente ao ano 2019. No que atinxe ás sociedades anónimas, as 17 con contas depositadas no ano 2020 tamén teñen as correspondentes ao exercicio 2019. Con este exercicio estamos a comparar as variables económicas das mesmas entidades, validando así as conclusións sobre o impacto que sobre as mesmas tivo a crise económica que vivimos no ano 2020.

A comparación dos ingresos de explotación das sociedades laborais do ano 2020 cos do 2019 pon de manifesto o forte impacto da crise económica derivada da pandemia do Covid-19 sobre a actividade destas entidades. Os seus ingresos agregados diminuíron un 12,4%, ata os 108 millóns de euros, producíndose este descenso tanto nas sociedades anónimas como nas limitadas.


Gráfico 11.9. Ingresos de explotación (miles de €)



Fonte: SABI

Non obstante, pese a forte redución dos ingresos de explotación, as sociedades laborais reforzaron os seus balances para facer fronte a situación derivada da crise económica, incrementando o seu activo ata os 98 millóns de euros, case un 10% máis que no ano 2019.


Gráfico 11.10. Total Activo (miles de €)



Fonte: SABI

Pese á importante redución dos ingresos de explotación, os resultados do exercicio seguiron sendo positivos para as sociedades limitadas, con 2,1 millóns euros de beneficios fronte aos 3,5 millóns do ano 2019, mentres que as sociedades anónimas entraron en perdas, aínda que nunha contía moi reducida de 9 mil euros.


Gráfico 11.11. Resultados (miles de €)



Fonte: SABI

O impacto da crise do ano 2020 sobre as contas das sociedades laborais ten tamén o seu reflexo no emprego xerado por estas. No ano 2020 o número de traballadores diminuíu un 4%, ata os 1.209. En todo caso, esta caída é significativamente menor á redución dos ingresos de explotación, pondo de manifesto a resiliencia destas entidades en termos de emprego.


Gráfico 11.12. Número de empregados



Fonte: SABI

A maior caída dos ingresos de explotación que do número de empregados ten como resultado a redución dos ingresos de explotación por empregado ata os 90 mil euros no ano 2020, un 9% menos que no 2019.

Gráfico 11.13. Ingresos de explotación por empregado (miles de €)




Fonte: SABI

Finalmente, parte dos axustes en materia de gastos levados a cabo polas sociedades laborais para facer fronte á crise do ano 2020 se centraron nos gastos de persoal, en parte asociados ás políticas públicas artelladas para o mantemento do emprego, como foi o caso dos Expedientes Temporais de Regulación de Emprego (ERTES). Isto supuxo unha redución dos gastos de persoal por empregado de case un 9% no ano 2020 respecto do 2019. Con todo, constátase unha diferenza importante entre os gastos de persoal por empregado das sociedades limitadas e das sociedades anónimas, sendo nestas últimas un 21,7% superiores os das primeiras.



Gráfico 11.14. Gastos de persoal por empregado (miles de €)



Fonte: SABI

### 11.3. Cooperativas

No caso das cooperativas o depósito das contas anuais no Rexistro Mercantil é voluntario, polo que a información contida no SABI para este tipo de entidades é parcial. Estas entidades si están obrigadas a depositar a súas contas anuais no Rexistro de Cooperativas de Galicia, en cumprimento do establecido no artigo 73 da Lei 5/1998, de 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia. Non obstante, dito rexistro non conta cun acceso electrónico directo á información depositada que permita un tratamento e análise adecuado da mesma. Ademais, esta obriga, cos requisitos e prazos establecidos na Lei de Cooperativas, tan so é cumprida por un terzo das cooperativas galegas, polo que o alcance da información depositada é, en todo caso, limitado.

Non obstante, na medida en que se conta con información para un número significativo de cooperativas, entre as que figuran as máis importantes dos diferentes sectores nos que estas desenvolven a súa actividade en Galicia, parécenos oportuno avaliar como lles afectou a crise económica derivada da pandemia do Covid-19, e como estas afrontaron dita situación segundo a información contida nas súas contas anuais.

#### 11.3.1. Ámbito analizado


Na medida en que non resulta obrigatorio para as cooperativas o depósito das súas contas anuais no Rexistro Mercantil, o número de entidades para as que se dispón de información no SABI resulta limitada e, se analizamos a súa evolución nos últimos anos, presenta variacións significativas duns exercicios a outros, sen unha tendencia clara. No Gráfico 11.15 recolleemos a evolución do número de cooperativas inscritas no Réxime Xeral da Seguridade Social e o número de cooperativas que teñen depositadas as súas contas no Rexistro Mercantil correspondente e, polo tanto, para as que se conta con información no SABI.

No ano 2020 había inscritas no Réxime Xeral da Seguridade Social 545 cooperativas e tiñan depositadas as súas contas no Rexistro Mercantil 231 cooperativas. Recordemos que no que respecta a Seguridade Social, non todas as cooperativas están rexistradas na

mesma, sexa no Réxime Xeral ou no de Autónomos, polo que existen cooperativas activas e con actividade que non figuran nos rexistros da Seguridade Social. En todo caso, toda cooperativa que conte dentro da súa plantilla con traballadores non socios debe estar inscrita no Réxime Xeral da Seguridade Social.

A súa vez, das 231 cooperativas para as que se conta con información do exercicio 2020 no SABI, 228 tamén tiñan depositadas as súas contas do ano 2019, polo que para estas si se pode comparar ambos exercicios coa finalidade de analizar como afrontaron a realidade económica do ano 2020. Aínda que este ámbito analizado de 228 cooperativas poida parecer que ten un alcance limitado, comparado coas 545 inscritas no Réxime Xeral da Seguridade Social, as 735 incluíndo as inscritas tamén no Réxime de Autónomos, ou as 1.452 inscritas no Rexistro Galego de Cooperativas, se analizamos nominativamente estas entidades que si teñen depositadas as súas contas comprobamos que están todas as importantes de cada un dos sectores de actividade, polo que a representatividade en termos de actividade das entidades para as que se conta con información multiplica con creces o peso relativo en termos de número de cooperativas.

**Gráfico 11.15. Cooperativas inscritas na Seguridade Social e con información dispoñible no SABI**



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social e SABI


### 11.3.2. Principais magnitudes económicas e financeiras. Impacto da crise económica asociada á pandemia do Covid-19

As cooperativas galegas para as que se conta con información das súas contas anuais correspondentes aos exercicios 2020 e 2019, afrontaron a crise económica do ano 2020 derivada da pandemia do Covid-19 cun resultado moi positivo, tal como se pon de manifesto nas diferentes variables económicas e financeiras que reflicten a súa actividade.

Así, polo que respecta os ingresos de explotación, a diferenza do que vimos anteriormente para as sociedades laborais, ou do acontecido para a conxunto de empresas, non solo non diminuíron senón que se incrementaron nun 2,4%, acadando os 1.360 millóns de euros no ano 2020.

Tamén o seu activo se incrementou no ano 2020, hasta os 944 millóns de euros, un 5,9% máis que no exercicio anterior, como resultado das políticas de reforzamento financeiro para facer fronte ás dificultades da situación económica.


**Gráfico 11.16. Ingresos de explotación e total activo (miles de €)**



Fonte: SABI

Polo que respecta aos resultados agregados das cooperativas analizadas, en contra da tendencia xeralizada do sector empresarial, estes medraron considerablemente no ano 2020, ata os 7,7 millóns de euros, o que supón un incremento de case o 120%.


**Gráfico 11.17. Resultados (miles de €)**



Fonte: SABI

Igual de sorprendente e positivo resulta a evolución do número de empregados que estas entidades declaran dentro das súas contas anuais. No ano 2020 incrementaron a cifra de empregados un 4,3%, ata os 3.584.


Gráfico 11.18. Número de empregados



Fonte: SABI

Finalmente, no que respecta aos ingresos de explotación por empregado, estes experimentaron unha lixeira diminución -do 1,8% ata os 379 mil euros-, ao ser máis intensa a creación de emprego que o incremento da súa cifra de negocio. A súa vez, estas entidades tamén reduciron o importe dos gastos de persoal por empregado, ao realizar axustes neste ámbito e como resultado tamén de acollerse ás medidas públicas artelladas para o mantemento do emprego. Con todo, e en comparación coas sociedades laborais, destaca a maior calidade do emprego en termos de remuneración que presentan as cooperativas galegas.

Gráfico 11.19. Ingresos de explotación e gastos de persoal por empregado (miles de €)



#### 11.4. Conclusións

A alternativa da economías social, a través das diferentes entidades que a configuran, constitúe, sen dúbida, unha das opcións prioritarias para afrontar a realización de actividades económicas polas vantaxes engadidas en termos sociais respecto do resto de entidades.

Neste senso, as Administracións Públicas teñen despregado importantes liñas de incentivo para a economía social, que van dende a creación dunha cultura emprendedora neste ámbito a axudas directas, diferenciais respecto do resto de entidades e as que se destinan recursos significativos.

Con todo, unha das tarefas pendentes dentro da economía social é a de avanzar na cuantificación da realidade da súa actividade en termos de impacto socioeconómico e de peso relativo dentro do conxunto da economía. As especiais características das entidades que a conforman, cunha regulación menos esixente en determinados ámbitos fai que, a diferenza do resto de entidades, non sempre teñan que facer públicas as súas contas en rexistros públicos que sexan accesibles á cidadanía ou aos estudosos da economía social en formatos manexables.

Neste senso deberán traballar as entidades da economía social, a través das organizacións que as representan, conxuntamente coas Administracións competentes para poder avanzar na publicidade e accesibilidade á información económico e financeira das mesmas coa finalidade de poder concluír, dunha forma rigorosa, sobre a súa importancia e peso relativo. Isto suporía unha maior lexitimación das demandas das entidades da economía social, permitindo asemade ás Administracións Públicas avaliar os resultados das súas políticas neste ámbito.

Con todo, a información dispoñible a través das contas anuais que estas entidades deben elaborar e a probar, e nalgúns casos facer públicas a través dos rexistros correspondentes, nos debe permitir chegar a estimacións fundadas sobre a súa importancia socioeconómica así como avaliar a súa evolución. Esta é a pretensión do traballo recollido neste capítulo que, con todas as salvedades derivadas das limitacións na información dispoñible, abre una liña de análise neste ámbito e permite avanzar conclusións significativas.

Así, no referente ás sociedades laborais con domicilio social en Galicia, se constata unha redución en termos de actividade e de emprego xerado polas mesmas durante o período analizado, que abrangue os anos 2010 ao 2020. A súa vez, estas entidades teñen sufrido as consecuencias económicas derivadas da pandemia do Covid-19, en liña co conxunto da economía, non constatándose unha resiliencia especial.

Pola contra, as cooperativas con domicilio social en Galicia, para as que non se pode facer un análise de evolución para o mesmo período pola limitación da información dispoñible, si presentan un comportamento anticíclico no ano 2020, ao incrementar a súa actividade e o emprego neste exercicio respecto do 2019. Corrobórase así a maior resistencia e o mellor comportamento destas entidades nos períodos de crise económica, especialmente en termos sociais.

**Alberto Vaquero García**

GEN-Universidade de Vigo

**María Bastida Domínguez**

CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

**Ana Olveira Blanco**

CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

## **12. POLÍTICAS PÚBLICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL E ASOCIACIONISMO**

### **12.1. Introducción**

As entidades que conforman a Economía Social (ES) presentan un conxunto de características que posibilitan que o seu funcionamento presente un modelo claramente diferenciado daquelas de natureza mercantil. Como xa indicamos en anteriores edicións deste Informe sobre a ES, estes modelos societarios presentan unha forma moi diferente de entender as estruturas empresariais tradicionais, xa que os seus obxectivos levan implícito un fin que transcende do mero beneficio individualizado para os seus partícipes. Fronte os obxectivos -e resultados- esperados nas estruturas produtivas tradicionais, hai outros que ponderan, en gran medida, a consecución do benestar colectivo para as entidades de ES.

En Galicia, preto de 14.000 persoas traballan nas máis de 3.000 entidades que operan neste segmento da economía, que ten cunha contribución estimada superior ao 7 % do PIB segundo a Xunta de Galicia. En 2021, e a pesar da situación de pandemia, Galicia foi quen de aumentar en 174 novas empresas de ES. Esta mellora do tecido empresarial vinculado á ES galega suxire a conveniencia de estudar polo miúdo o marco de actuación das Administracións Públicas (AA.PP.) a prol deste sector, que ven reforzándose ano tras ano. Asemade, compre recordar que tras a aprobación da Lei Española de Economía social en 2011, Galicia foi a primeira Comunidade Autónoma (CA) en adaptar esta lexislación as características económicas e sociais da súa contorna, en especial introducindo as particularidades do seu territorio (por exemplo, os montes de man común dentro das entidades que conforman a ES) ou creando categorías específicas para o fomento do cooperativismo da poboación máis nova (isto é, a figura da cooperativa xuvenil para a poboación entre 16 e 29 anos).

O obxectivo deste capítulo é sinalar a importancia das políticas públicas para o desenvolvemento da ES e o asociacionismo. Para iso, e tras esta introdución, o segundo apartado centrase en describir o marco europeo. O terceiro apartado realiza o mesmo exercicio dende

a óptica nacional. O cuarto apartado describe esta situación para Galicia. O quinto apartado sinala un conxunto de recomendacións. Finalmente recóllense as conclusións.

## 12.2. Marco europeo

O Consello da Unión Europea define á ES como un motor clave para o desenvolvemento económico e social europeo. A ES supón na UE 2,8 millóns de entidades, que dan traballo a 13,6 millóns de persoas, xerando o 8 % do PIB europeo<sup>1</sup> (Comité Económico y Social, 2017). Polo tanto, a ES sitúase coma unha ferramenta chave na xeración de emprego, tecido produtivo e cohesión social (Chaves, Savall e Monzón, 2016).

Entre 2014 e 2020 a Comisión Europea estima que se investiron preto de 2.500 millóns de euros para o apoio á ES, sendo na súa maioría actuacións encaixadas no marco dos fondos estruturais. Desde 2009, múltiples institucións na Unión Europea veñen reclamado e/o implantado políticas públicas de impulso de ES a nivel europeo, nacional e rexional<sup>2</sup>. Esta aposta refórzase tras a pandemia da COVID-19. Así, en decembro de 2020, a Comisión Europea adoptou o seu primeiro plan de acción: *Construír unha economía que funcione para as persoas: un plan de acción para a ES*. Tal e como sinala este organismo, a pandemia da COVID-19 provocou que os argumentos que se indicaron no Pacto Verde Europeo (2019) cobrarán máis forza, apostando máis decididamente por cambiar cara un modelo económico, xusto, sostible e resistente. En consecuencia, o Documento Estratexia Fondo Europeo Plus 2021-2027 configura o Fondo "como principal instrumento da Unión Europea para investir nas persoas e aplicar o pilar europeo de dereitos sociais, contribuíndo a unha Europa máis Social; a unha cohesión económica, social e territorial de conformidade co artigo 174 TFUE e á consecución dos obxectivos marcados na Axenda de Desenvolvemento Sostible 2030" (MTES, 2020<sup>3</sup>), fixando como prioritario a mellora no acceso ao emprego a través de entidades de ES.

Este novo plan de acción para a ES busca potenciar o investimento social e aumentar o apoio aos axentes da ES, xunto coas empresas sociais, para que melloren a creación e calidade do emprego. Para iso apostase por un conxunto de iniciativas a aplicar en tres eixos: creación das condicións axeitadas para que prosperen as iniciativas da ES; mellora das oportunidades e apoio ao desenvolvemento de capacidades, e aumento do recoñecemento da ES e o seu potencial.

Así, o novo plan de acción da ES sinala que a maior parte das entidades de ES son axentes que poden contribuír en gran maneira ao crecemento sostible e ao emprego. Asemade, sinala que a ES posibilita a transición ecolóxica desenvolvendo prácticas, bens e servizos sostibles para o desenvolvemento industrial, poñendo en valor a contribución da ES para o desenvolvemento da economía circular. O **Cadro 12.1** sinala os ámbitos de intervención e os principais contidos deste Plan.

1 The recent Evolutions of the Social Economy in the European Union. European Economic and Social Committee report (2017).

2 European Parliament (2015). Resolution on social entrepreneurship and social innovation in combating unemployment (2014/2236(INI)). European Parliamentary Research Service / EPRS (2017). EU support for social entrepreneurs, Briefing, March.

3 Ministerio de Trabajo e Economía Social (2020): Estratexia Fondo Europeo Plus 2021-2027, MTES, Madrid.

Cadro 12.1. Ámbitos de intervención da ES

Ámbito de intervención	Contidos
Creación de condicións favorables para que prospere a Economía Social	<p>Incide na necesidade de contar cun marco axeitado para que prospere a ES social. A dita contorna debe garantir unhas boas condicións fiscais, medidas para mellorar a contratación pública e subvencións públicas específicas para potenciar a ES.</p> <p>Para acadar estes obxectivos, dende a Comisión Europea remitírase ao Consello de Europa un documento marco sobre as condicións para un mellor desenvolvemento da ES para 2023. Asemade, a Comisión Europea publicará orientacións para os Estados membros de cara a desenvolver un marco fiscal axeitado no eido fiscal e as axudas públicas, así como a conveniencia de aplicar medidas concretas en relación coa contratación pública socialmente responsable e promoción da ES máis aló da UE</p>
Apertura de oportunidades para a posta en marcha e expansión das organizacións da Economía Social	<p>Están previstas axudas para potenciar o reciclaxe profesional e a melloras das capacidades das persoas traballadoras, así como actuacións para a promoción das entidades da ES. Concretamente, para o período 2021-2027 a previsión da Comisión Europea é destinar máis de 2.500 millóns de euros á ES.</p> <p>Entre as accións previstas está a creación dun novo portal europeo de ES, para garantir a máxima información centralizada sobre o financiamento, a formación e iniciativas nesta materia na UE. Asemade, cóntase coa previsión de lanzar novos produtos financeiros no marco do programa <i>InvestEU</i> en 2022 e mellorar o acceso á financiación. Finalmente, neste ano está prevista a creación dun Centro Europeo de Competencia para a Innovación Social</p>
Garantir o recoñecemento da Economía Social e o seu potencial	<p>Preténdese dar visibilidade á ES e, ao mesmo tempo, mellorar o recoñecemento do seu traballo e potencial. Dende a Comisión Europea está prevista a realización de actividades de comunicación que informen das accións e características da ES. Tamén está prevista a realización de traballos que posibiliten contar con estatísticas sobre a ES na UE. Finalmente, apóstase por organizar cursos de formación dirixidos ao funcionariado sobre ES, e fomentar a ES dende a óptica local e rexional, potenciando os intercambios entre países.</p>

Fonte: Comisión Europea (2021)

Segundo o Comisario de Emprego e Dereitos Sociais, Nicolas Schmit, a ES está chamada a realizar un papel fundamental no relativo á procura de solucións innovadoras en varios dos retos mundiais aos que se enfronta, como poden ser o cambio climático, a dixitalización e a exclusión social. Ademais, sinala que a ES traballa con e para as comunidades locais e ten un enorme potencial para a creación de emprego, de forma que este novo Plan de Acción para a ES poderá apoderar ás organizacións da ES para crecer, gañar recoñecemento e posibilitar un impacto aínda maior na sociedade. Nesa mesma liña, o Comisario do Mercado Interior, Thierry Breton ven de manifestar que a ES é unha ferramenta para a creación de emprego e posibilita xerar crecemento segundo as necesidades da cidadanía e



o seu contorno. Asemade, pon énfase no papel que tivo a ES na pandemia da COVID-19 e o seu labor facilitador para acadar unha economía máis inclusiva e sostible.

### 12.3. Marco estatal

O marco de axudas establecido a nivel estatal cara o apoio e fomento á ES segue unha tipoloxía básica, xa reflectida en informes anteriores e sintetizada no **cadro 12.2**. Ao longo de 2021 perdeu vixencia a Estratexia Española de Economía Social 2017-2020, comentada en informes previos deste Libro Branco da ES.

**Cadro 12.2. Clasificación de medidas de apoio á Economía Social**

CRITERIO	TIPOLOXÍA
Atención prestada ao sector da ES.	<p>Específicas: dirixidas exclusivamente ao sector da ES; por exemplo, a liña orzamentaria de "Desenvolvemento da Economía Social" do Ministerio de Traballo e Economía Social.</p> <p>Xerais: dirixidas a todo tipo de empresas; por exemplo, as políticas de desenvolvemento rexional a través dos institutos rexionais de apoio ás empresas.</p> <p>Excluíntes: dirixidas ao sector privado, non incluíndo de determina forma ás empresas de ES; por exemplo, impedindo que as cooperativas non poidan exercer como distribuidoras de enerxía eléctrica ou de carburantes.</p>
Segundo o ámbito de aplicación.	<p>Transversais, dirixidas a todo o sector da ES.</p> <p>Sectoriais: dirixidas unicamente a certas actividades da ES ; por exemplo, aquelas destinadas ás institucións sen fins de lucro ou empresas de traballo asociado.</p>
Segundo os instrumentos utilizados	<p>De oferta: dirixidas á estrutura das empresas da ES<sup>1</sup>. Á súa vez, diférencianse en dous subgrupos: i) de difusión, promoción, formación e investigación e ii) medidas financeiras (políticas orzamentarias) e políticas de apoio (información técnica, asesoramento, <i>networking</i>, etc.)</p> <p>De demanda: deseñadas para incidir no volume de actividade económica das empresas de ES promovendo a súa contratación; por exemplo, facilitando o acceso ás empresas de ES á condición de provedor do sector público<sup>2</sup>.</p>
Segundo a súa intensidade	<p>Políticas brandas ou <i>soft</i> (actuacións dirixidas a crear un ecosistema favorable ás empresas de ES para a súa creación, crecemento e desenvolvemento): instrumentadas a través de medidas institucionais, como o recoñecemento á súa capacidade para xestionar empresas<sup>3</sup>, ou medidas cognitivas<sup>4</sup>; por exemplo, para difundir o coñecemento da ES.</p> <p>Políticas duras ou <i>hard</i> (políticas económicas de fomento empresarial, para promover a creación de novas empresas da ES e o establecemento de sistemas de apoio para o desenvolvemento económico destas empresas): instrumentadas por medio de actuacións sobre a oferta (dirixidas a mellorar a competitividade empresarial) e/ou demanda (dirixidas ao nivel de actividade económica).</p>

*Notas: (1) Lotarías e xogos de azar como réxime financeiro (o caso do ONCE en España), fondos de emprendemento (réxime de capitalización por desemprego en España), Plataformas de ES a escala nacional (Confederación Empresarial Española de ES en España); (2) Contratos de subministracións ou reservados en España;(3) Programa operativo de ES, inclusión social e estratexia nacional en España; (4) Rede de investigación/mestrados universitarios en España sobre ES.*

*Fonte: Chaves (2007), Fajardo (2012), Comité Económico e Social (2018) e Bastida, Vaquero e Oliveira (2019, 2020, 2021).*

Ao longo do 2021, dende o Goberno de España comprobouse unha clara aposta por fomentar a ES. Dende o Ministerio de Trabajo e Economía Social deseñouse a nova Estratexia Española de Economía Social 2021-2027, tratando de adecuar o seu contido as repercusións económicas e sociais da COVID-19. Neste documento indícase que a ES non debe considerarse só como parte da solución para a recuperación económica e social desta pandemia, senón que o seu papel debe ir máis aló, configurándose coma un pilar da básico para a reconstrución europea e a mellora da innovación social. Este interese materialízase en distintas iniciativas, coma a inclusión da ES nos fondos *Next Generation UE*, a convocatoria do Consello de Fomento da ES, o aumento de 4 a 10 millóns de euros nas axudas para o financiamento das actividades de promoción da ES, e a ratificación da Declaración de Toledo en ES pola UE-19. Nomeadamente, a principios de decembro de 2020 dezaoto estados da UE asinaron a Declaración de Toledo pola ES na reunión de Alto Nivel sobre ES e Solidaria na Unión Europea “*ES para unha recuperación inclusiva, sostible e xusta*”. Con este documento, preténdese impulsar a ES coma factor crave na saída da crise provocada pola pandemia da COVID19, que se espera teña especial incidencia sobre os colectivos máis vulnerables.

Como feito salientable, en marzo de 2021, aprobouse a reactivación do Consello para o fomento da ES<sup>4</sup>. Coa modificación normativa, se desbloquea o funcionamento deste Consello, que levaba unha década inactivo. Este Consello é un dos órganos de diálogo coa Administración Xeral do Estado máis relevantes para a ES. Entre as súas funcións atópanse os labores de colaboración, coordinación e interlocución. Esta renovación resulta esencial para o deseño da Estratexia Española da Economía Social 2021-2027; no Plan de Impulso da Formación Profesional do Traballo Autónomo e a Economía Social; e na participación da ES no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e marco financeiro plurianual 2021-2027.

Paralelamente, aprobouse o Proxecto Estratéxico para a recuperación e transformación económica (PERTE) da Economía Social e dos Coidados<sup>5</sup>. Con esta iniciativa está previsto un investimento de máis de 800 millóns de euros<sup>6</sup> e que trata de responder as demandas indicadas no Plan de Acción Europeo para a Economía Social liderado por Nicolas Schmit, Comisario de Emprego e Dereitos Sociais da Comisión Europea. Este proxecto, creado por Real Decreto-lei 36/2020, terá como obxectivo principal impulsar a transformación das cadeas de valor estratéxicas do sector dos Coidados e da ES que se caracterizan pola transversabilidade ao longo de todo o tecido produtivo. Este PERTE ten como pilares principais dúas compoñentes do Plan “Nova economía dos coidados e políticas de emprego”:

- C22: Plan de choque para a economía dos coidados e reforzo das políticas de inclusión, que ten como obxectivo principal a modernización dos servizos sociais con especial atención no modelo de coidados de longa duración.
- C23: Novas políticas públicas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo que ten como obxectivo adecuar o mercado de traballo español á realidade e necesidades actuais.

4 Coa modificación do Real Decreto 219/2001, de 2 de marzo, sobre organización e funcionamento do Consello para o Fomento da Economía Social permitirá aumentar a súa representatividade e mellorar o cumprimento das súas funcións como órgano asesor e consultivo da Xunta de Galicia.

5 Memoria do PERTE: <https://www.lamoncloa.gob.es/consejodeministros/resumenes/Documents/2022/210622-perte-economia-social-y-de-los-cuidados-memoria-completa.pdf>

6 O PERTE da Economía Social e dos Coidados recolle un orzamento de 808 millóns de euros entre 2022 e 2026. A maior aportación corre a cargo do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 (552,3 millóns), Ministerio de Trabajo e Economía Social (100 millóns), Ministerio de Igualdade (53,6 millóns) e Ministerio de Educación e Formación Profesional (49,7 millóns).

Este PERTE configúrase en torno a dous obxectivos xerais e un estratéxico que a súa vez de desenvolven en nove liñas de acción tres con incidencia directa na ES e o primeiro obxectivo e as seis restantes enmarcadas no segundo obxectivo xeral que combina a ES e os coidados tal e como se recolle no **Cadro 12.3**.

**Cadro 12.3. Liñas de acción principais do PERTE da Economía Social e dos Coidados**

OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACC
OBXECTIVO XERAL 1: Impulso e desenvolvemento da Economía Social española e do seu potencial transformador	A.1. Transformacións Empresariais a modelos de ES para salvar empresas e empregos. A.2. Mellora da competitividade entre as PEMES de ES, para afrontar con máis garantía a transformación dixital e medioambiental. A.3. Impulsar o desenvolvemento de mecanismos avanzados de intercooperación en PEMES da para garantir a sostibilidade.
OBXECTIVO XERAL 2. Desenvolvemento e impulso duns servizos avanzados no ámbito dos coidados, accesibles e centrados nas persoas.	B.1. Profesionalización do sector dos coidados sanitarios e da dependencia. B.2. Medidas de apoio á loita fronte o Reto Demográfico. B.3. Educación, Cualificación e Recualificación dixital e sostible. B.4. Espazo de Datos para o ben común e a innovación social. B.5. Ferramenta dixital que facilite o contacto entre consumidores e produtores para a venda e distribución dos artigos agroalimentarios nos mercados locais. B.6. Medidas para a promoción e impulso da igualdade de xénero.
OBXECTIVO ESTRATÉXICO	Configurar un <i>Hub</i> de Vanguarda, referente en ES ao servizo da transferencia e intercambio de coñecemento coas entidades da ES ao servizo da cidadanía

*Fonte: Elaboración propia a partir da memoria do PERTE de ES e de Economía dos coidados.*

Tratase dun proxecto coordinado polo Ministerio de Traballo e Economía Social no que tamén participan 12 ministerios para impulsar nove liñas de actuación. O financiamento é con cargo aos fondos *Next Generation*<sup>7</sup>. Entre outras actuacións, destacan a necesidades de redimensionar o tamaño das empresas da ES, prestando unha especial atención ás cooperativas. Con isto se busca asegurar a súa viabilidade empresarial, mellorar a súa compatibilidades e manter o emprego, asemade de fomentar a súa internacionalización. Segundo estimacións da Confederación Empresarial Española para a ES, este PERTE permitirá un crecemento dun punto porcentual (ata o 11 %) do peso da ES no PIB en España.

Finalmente, compre indicar que asemade do PERTE, dende o Consello de Ministros xa se anunciou que se procederá a modificar a Lei de Economía Social, a Lei de Cooperativas e a Lei de Empresas de Inserción.

## 12.4. Marco autonómico

En Galicia estímase que hai 3.150 entidades de ES: 1.571 sociedades cooperativas, 1.448 sociedades laborais, 177 centros especiais de emprego e 14 empresas de inserción. A nosa

<sup>7</sup> O novo Plan de Acción de Economía Social da UE recolle que "O Fondo de Recuperación e Resiliencia ofrece aos Estados membros oportunidades significativas para aplicar reformas e investimentos para a través do emprendemento social e inclusivo".

Comunidade Autónoma conta cunha estratexia propia da ES. A primeira Estratexia Galega da ES (2019-2021) mobilizou máis de 89 millóns de euros. Dende a Xunta de Galicia estase a traballar nunha nova Estratexia, que partindo dos resultados acadados, ten como principal obxectivo o crecemento da ES na CA de Galicia.

Dende Galicia comprobouse unha forte aposta pola ES respaldada polo incremento do orzamento público destinado a este tipo entidades. En 2021 o incremento foi do 22 % respecto a 2020, ata acadar os 33 millóns de euros.<sup>8</sup> Neste orzamento pódese identificar as diferentes accións deseñadas pola administración autonómica galega para a dinamización da ES a través de tres liñas de acción: (i) O programa *Aprol-Economía Social*, (ii) *ES-Transforma* e (iii) *Bono Consolida*. (Cadro 12.4).

O programa *Aprol-Economía Social* busca fomentar a incorporación de persoas desempregadas e traballadoras temporais a cooperativas e sociedades laborais. Tamén establece a posibilidade de acceso ás axudas a cooperativas e sociedades laborais que teñan a súa orixe na reconversión ou transformación de empresas mercantís sempre e cando incorporen como social ás persoas traballadoras que tiñan unha relación laboral estable na empresa de orixe. Polo tanto é unha iniciativa que procura fomentar o emprendemento e o emprego en cooperativas e sociedades laborais e, ao mesmo tempo, dinamizar un sector que ven demostrando unha importante resistencia ante circunstancias económicas adversas, a última tras a pandemia. Asemade, grazas a este programa se contribúe a consolidación de fórmulas de emprego colectivo, avanzando na xeración de emprego, na mobilización de recursos, a corrección de desequilibrios territorios e na fixación de poboación, ao garantir un emprego estable e de calidade. Para acadar estes obxectivos, establécense dous programas de axudas:

- Programa I, destinado ao fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais a través de incentivos a estas entidades cando incorporen persoas socias traballadoras ou si se trata de empresas mercantís que se transformen en cooperativas ou sociedades laborais en Galicia.
- Programa II, para fomentar o acceso á condición de persoa socia. Poden acollerse a este programa aquelas persoas que accedan á condición de persoa socia traballadora o de traballo nunha cooperativa ou sociedade laboral con carácter indefinido, a través da financiación das súas aportacións económicas ao capital social, que desenvolvan a súa actividade nun centro de traballo situado en Galicia.

En 2021 a Xunta de Galicia destinou, entre os dous programas, máis de 4,6 millóns de euros ao aumentar o crédito inicial previsto de 3,3 millóns, a fomentar o emprendemento en cooperativas e sociedades laborais a través de 474 axudas neste programa. Polo que respecta ao Programa I o resultado foi un investimento de case 2,5 millóns de euros a través de 158 proxectos. En relación ao Programa II o importe superou os 2,1 millóns de euros con 316 axudas concedidas. As provincias máis beneficiadas por este programa foron Pontevedra e A Coruña.

<sup>8</sup> Entre outros indicadores, dende a Xunta de Galicia en 2021 se asesoraron 174 proxectos de negocio, titorizando a 278 persoas (58% foron mulleres), celebráronse 77 cursos cunha participación de 1.000 alumnos (68% foron mulleres). Asemade, preto de 1.300 persoas formaron parte de iniciativas para divulgar a ES. O importe global investido dende a Xunta de Galicia en actividades relacionadas coa ES foi de 30 millóns de euros. Asemade, dende maio de 2022 a instancias da Consellería de Emprego e Igualdade cóntanse co primeiro catálogo de entidades e empresas de ES de Galicia ([www.catalogoeconomiasocial.gal](http://www.catalogoeconomiasocial.gal)), o que permite centralizar toda a información que ata o momento estaba en múltiple rexistros administrativos. Sen dúbida o anterior permitirá coñecer moito mellor o impacto económico deste tipo de actividades, así como deseñar adecuadamente políticas para mellorar o seu funcionamento.

Para 2022 a axuda básica cífrase en 6.000 euros, que pode incrementarse nun 25 % se concorren certas circunstancias como dificultade de acceso ao mercado de traballo, para as mulleres, ser maior de 45 anos ou se se trata dun entorno rural

O *Bono Transforma Economía Social* cunha dotación de 2,5 millóns de euros en 2021, ten como obxectivo impulsar a recuperación de negocios en crises ou sen substitución xeracional mediante fórmulas de ES. Estas axudas se destinan ás persoas traballadoras que decidan crear unha cooperativa ou dunha sociedade laboral que posibilite o mantemento dos postos de traballo e a actividade económica. O financiamento máximo é de 50.000 euros por entidade beneficiaria, que se incrementan ata un 10 % se se trata de entidades que se vaian a transformar e estean nun proceso concursal ou se a entidade transformada estea emprazada nun concello rural ou cando sexan empresas orientadas á venda de produtos. Neste programa establécense catro liñas de financiamento:

- Para investimentos vinculados á adquisición de activos esenciais para o óptimo funcionamento da nova entidade (ata un máximo de 40.000 euros).
- Para os asesoramentos necesarios no cumprimento dos deberes legais e no proceso de planificación e valoración económica previa ao proceso de transformación (ata un máximo 10.000 euros).
- Para todas aquelas actividades que teñen como obxectivo o desenvolvemento de servizos de profesionalización, planificación e plans estratéxicos (ata un máximo 10.000 euros)
- Para financiar gastos correntes nos que incorra a entidade transformada nos doce meses seguintes a súa constitución (ata un máximo 10.000 euros).

Asemade, o *Bono Transforma Economía Social* tamén inclúe anticipos do 90 %, financiado como máximo o 80 % dos custes.

Finalmente, para O *Bono Consolida* dotáronse en 2021 case 2,9 millóns de euros destinados a afianzar entidades de ES mediante axudas que inciden na transformación dixital, para mellorar a súa competitividade. Con esta iniciativa preténdese beneficiar a cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción laboral ou centros especiais de emprego que operen en Galicia e contén cunha antigüidade mínima de 42 meses. Este programa inclúe tres liñas de apoio, cun límite de 20.000 euros por entidade beneficiaria:

- Para a transformación dixital da entidade, que financia plans de usos de novas tecnoloxías, equipos informáticos e adquisición e desenvolvemento de software e páxinas *web* (máximo 10.000 euros).
- Para a profesionalización e desenvolvemento estratéxico e para a mellora da competitividade empresarial a través de investimentos comúns, que pretende apoiar as investigacións de mercado e análise de potencial competitivo, os plans de marketing, comunicación ou de relanzamento comercial; os plans de futuro e de mellora do negocio, os plans de mellora de xestión financeira, os plans de integración empresarial, as análises de cumprimento normativo e riscos legais; a obtención de certificacións de calidade e a creación e desenvolvemento da imaxe corporativa da entidade (ata un máximo 5.000 euros).
- Para a adquisición de equipamento e reforma de locais e mobiliario (ata un máximo 5.000 euros).

Ademais, para 2022 a Xunta de Galicia ten previsto un aumento do 6,1 % do orzamento en ES en liñas de axudas e programas que impulsen este tipo de actividades. A dotación

global prevista, de 35 millóns de euros, segue unha tendencia crecente (2 millóns máis que en 2021).

Para 2022, a Xunta de Galicia prevé destinar máis de 3 millóns na convocatoria de bonos ES-Consolida e ES-Transforma. En concreto, para o primeiro dos programas a previsión é de 1,5 millóns, para dotar axudas de ata 20.000 euros destinadas a apoiar a transformación dixital e a mellora de eficiencia enerxética que posibilite un incremento da competitividade daquelas entidades de como mínimo 42 meses. Para o Bono ES-Transforma, a dotación máxima por entidade será de 74.000 euros, mantendo o obxectivo anterior de impulsar a recuperación de negocios en crise ou sen recambio xeneracional, incluíndo na convocatoria para 2022 o fomento da unión de persoas autónomas e a transformación de todo tipo de sociedades en cooperativas ou sociedades laborais.

Igualmente, para 2022 está previsto que desde a Consellería de Emprego e Igualdade se apliquen dúas novas iniciativas: o programa *ES-Próxima* e o *ES-Factory*. O primeiro supoñerá a creación dun selo de identidade da ES en Galicia, que poña en valor os beneficios que reporta á comunidade, demostrando, ademais, a calidade dos produtos e servizos ofertados. Dando así resposta a unha das demandas históricas do sector, concretamente do cooperativismo, e que xa aparece reflexada no libro brando editado no ano 2004 (Jordán, et al., 2004). O segundo, serán aceleradoras de emprendemento no campo de ES, que posibilitarán un programa de acompañamento a aquelas persoas que desexen crear unha entidade destas características.

Estas liñas de axuda supoñen unha aposta pola combinación entre as políticas de fomento brandas e duras, na clasificación tradicional de políticas públicas de fomento a ES (Chaves e Monzón, 2018; Chaves e Savall, 2013). As políticas brandas diríxense ao deseño dun ecosistema favorable para o desenvolvemento de empresas de ES, distinguíndose entre elas as políticas institucionais (por exemplo, o establecemento do marco legal de desenvolvemento destas entidades, a súa incorporación á actividade económica, o reforzo do seu rol interlocutor) e políticas cognitivas, deseñadas co obxectivo é aumentar o coñecemento, aprendizaxe e estudo de ES. As políticas duras son intervencións directamente orientadas ao desenvolvemento da actividade económica das entidades de ES. O **Gráfico 12.1** posibilita a comparativa deste conxunto de medidas.


Cadro 12.4. Accións principais en Galicia para a ES (2021)

Actuación	Contido	Contía (en euros)	Beneficiarios
<i>Aprol- Economía Social</i>	Dirixido a apoiar a xeración de emprego en cooperativas e sociedades laborais. Programa I: Destinado a fomentar a incorporación, como persoas socias traballadoras ou de traballo de cooperativas ou sociedades laborais, de persoas desempregadas, de persoas traballadoras con carácter temporal e de persoas socias a proba Programa II: Destinado a fomentar o acceso á condición de persoas socias traballadoras ou de traballo, de cooperativas ou de sociedades laborais, así como o fomento do acceso de persoas emprendedoras por conta propia á condición de socias de cooperativas, a través do financiamento das achegas económicas ao capital social.	Programa I: 1.824.000 Programa II: 1.492.330 <sup>9</sup>	Programa I: as cooperativas e sociedades laborais para o programa I. Programa II: as persoas desempregadas, socias ou traballadoras de cooperativas ou sociedades laborais ou doutras empresas que se transformen nestas.
<i>Economía Social -Transforma</i>	Recuperación de empresas con perspectiva de peche mediante a súa transformación en empresas de economía social	2.500.000	Negocios en crises ou sen opción de substitución xeracional.
<i>Bono consolida Economía Social</i>	Apoiar a consolidación das entidades da economía social de Galicia co fin de remediar a grave perturbación que na economía galega provocou o brote da COVID-19, facilitándolles acceso á liquidez e protección fronte a outros prexuízos económicos significativos que xurdisen por mor da COVID-19 mediante liñas de axudas que, con especial incidencia na transformación dixital, melloren a súa actividade económica, incrementen a súa competitividade e, en definitiva, manteñan empregos de calidade.	2.875.000	Sociedades cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción e centros especiais de emprego previstas no artigo 6 da Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia.

Fonte: Elaboración propia a partir dos Orzamentos da Xunta de Galicia (2021)

9 Cunha ampliación de crédito posterior a través da Orde de 10 de decembro de 2021 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde de 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (Programa APROL-Economía Social) e se convocan para o ano 2021 (DOG n° 239 de 15 de decembro de 2021). [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211215/AnuncioG0599-131221-0001\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211215/AnuncioG0599-131221-0001_es.html)

Figura 12.1. Medidas de apoio á ES en Galicia (2021)



Fonte: elaboración propia

Do estudo destas liñas de axuda revelase un cambio de rumbo nas políticas públicas de apoio a ES en Galicia (Bastida, Vaquero e Cancelo, 2019, 2020). Tradicionalmente, estas medidas poñían énfases en accións de deseño e reforzo do ecosistema galego de ES, impulsando a implantación da Lei Galega de Economía Social (2016) e a implantación e funcionamento dos órganos de consulta e interlocución incluídos nesta Lei, como o Consello Galego de ES (políticas brandas institucionais). De igual forma, viña desenvolvendo un amplo catálogo de accións formativas dirixidas á mellora do grao de coñecemento e difusión de ES en Galicia (brandas cognitivas). Un terceiro grupo de accións dirixido ao asesoramento, acompañamento e consolidación das entidades de ES (Bastida, Vaquero e Olveira, 2020, 2021), entrando no ámbito das políticas duras de fomento, pero unicamente na fase de deseño da actividade económica das entidades de ES. O grosor do financiamento dirixíase a accións formativas e de asesoramento, sen actuar directamente nas entidades de ES nin na súa actividade empresarial (Bastida, Vaquero e Olveira 2020, 2021).

En consecuencia, as medidas agora deseñadas, orientadas á etapa de recuperación da economía despois da crise sanitaria, revelan unha actitude máis proactiva por parte da administración galega, establecendo un conxunto de liñas de apoio directo destinadas a fomentar a creación, mellora das condicións e competitividade e incremento de tamaño das entidades de ES, así como o fomento do emprego nestas organizacións.

### 12.5. Recomendacións

Tal e como indicamos en anteriores edicións do Libro Branco da ES, é preciso establecer un conxunto de recomendacións. Compre seguir garantindo recursos para consolidar a aposta da Xunta de Galicia por actuacións públicas no campo da ES. Esta mesma recomendación debese aplicar á xestión a realizar polo Goberno de España.

É preciso contar con liñas de axuda específicas para fomentar a concentración de sociedades, nomeadamente, para a creación de cooperativas de segundo grao, unha das materias pendentes no campo da ES, sobre todo para poder mellorar a súa competitividade e favorecer a súa internacionalización.



Convén visibilizar o traballo das entidades que conforman a ES. O caso de Francia, que optou por un sistema de certificación para facilitar o acceso de certas entidades a un tratamento específico pode ser un bo exemplo.

Hai que contar cunha batería de boas prácticas ilustrativa das accións de ES. Asemade, sería moi interesante incorporar, no ámbito do Sistema Universitario de Galicia, as ensinanzas no campo da ES. O anterior é unha realidade en varias universidades, entre outras, Universidade do País Vasco-EHU (Mestrado en Economía Social e Solidaria), Universidade de Valencia (Mestrado Universitario en Economía Social) e a Universidade Autónoma de Barcelona (Posgrao en Economía Social e Solidaria: Desenvolvemento Local, Cooperativismo e Transformación Social).<sup>10</sup>

Debe procederse a unha correcta cuantificación e valorización da actividade das entidades de ES en Galicia, a partires de novos modelos de medición e indicadores, máis alo do tradicionais aplicados as empresas tradicionais.

É preciso avaliar o impacto das actuacións públicas en ES, un exercicio necesario para orientar axeitadamente as políticas públicas. Ao mesmo tempo, esta tarefa é imprescindible para xustificar as achegas que se realizan dende as diferentes administracións públicas. Só desta forma se xustificará axeitadamente o importante esforzo orzamentario que se ven realizando dende a Xunta de Galicia en ES.

Asemade, hai que mellorar o papel das entidades representativas do sector. O anterior permitiría incluír axeitadamente as particularidades da ES.

É preciso reforzar as actuacións dirixidas á incorporación de persoas socias traballadoras, para contrarrestar a tendencia á atomización da propiedade nas actividades cooperativas. A mesma recomendación sería aplicable ao resto de actividades da ES. Igualmente, tal e coma se suxeriu en informes precedentes, cómpre avanzar no deseño de procesos de inclusión de cláusulas sociais na contratación pública.

Resulta imprescindible mellorar o tratamento fiscal das entidades que conforman a ES, nomeadamente as cooperativas. As vantaxes tributarias inicialmente existentes para as entidades da ES téñense estendido a outras institucións, o que supuxo unha diminución clara nos beneficios fiscais de partida, o que pode frear o desenvolvemento destas entidades. Neste eido compre sinalar, tal e como figura no Plan de Acción para a ES da Comisión Europea que algúns países optaron por desenvolver un marco tributario específico para este sector, considerando entre outras medidas exención fiscais para certo tipo de beneficios, reducións nos tipos de IVE ou unha lexislación moito máis proclive cara as doazóns privadas para este tipo de entidades. Con todo, somos conscientes que esta vella demanda resulta moi complicada, posto que no recente documento aprobado pola Comisión Europea hai un claro interese por facilitar os investimentos en ES, pero non recolle ningunha proposta vinculante que busque homoxeneizar a lexislación ou contemple medidas de incentivos a nivel europeo.

<sup>10</sup> Outras iniciativas con contidos relacionadas coa ES son: Master en innovación social e economía solidaria (Universidade de Salamanca), Master Universitario en Xestión e Comunicación de Entidades Sociais e Solidarias (Universidade Abad Oliva CEU), Master en xestión económica e social para o desenvolvemento da Economía Solidaria (Universidade de Mondragón), Experto/a en xestión e promoción de empresas de economía social e solidaria (Universidade Complutense de Madrid), Experto en Economía Solidaria e emprendemento sociais (Universidade de Huelva), Programa de estudos propios en xestión do cooperativismo e da economía social e solidaria (Universidade Católica de Ávila), Curso de especialización en economía social e solidaria (Universidade de Lleida).

## 12.6. Conclusións

Nos derradeiros anos, a Comunidade Autónoma de Galicia ven reforzando o seu interese e implicación nas políticas públicas de apoio a ES. Na actualidade, a nosa Comunidade Autónoma dispón dun conxunto de instrumentos e mecanismos vivos e flexibles, que buscan garantir a mellor resposta ás necesidades da ES. O anterior é algo a ter moi en conta atendendo ás actuais circunstancias económicas que obrigan a repensar o modelo tradicional de empresa.

Debemos ser conscientes da importante contribución da ES á sociedade e da súa capacidade para contar cun modelo de desenvolvemento sostible e equilibrado. Neste senso, requírese un esforzo particularmente importante, dende as diferentes administracións públicas con competencia no eido da ES, en todos os asuntos relacionados co empoderamento de ES, a súa visibilidade para a sociedade e o recoñecemento das oportunidades de mellora, que están moi presentes en todas as actividades que desenvolve a ES.

## 12.7. Bibliografía.

- BASTIDA, M<sup>a</sup>., VAQUERO, A. e OLVEIRA, A. (2019). Políticas públicas para o desenvolvemento da Economía Social e o asociacionismo, en CANCELO, M. e BOTANA, M.J. (Dir.) *Libro Branco da Economía Social en Galicia 2018*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudios Cooperativos, Santiago de Compostela.
- BASTIDA, M<sup>a</sup>., VAQUERO, A. e OLVEIRA, A. (2020). Políticas públicas para o desenvolvemento da Economía Social e o asociacionismo, en CANCELO, M. e BOTANA, M.J. (Dir.) *Libro Branco da Economía Social en Galicia 2019*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudios Cooperativos, Santiago de Compostela.
- BASTIDA, M<sup>a</sup>., VAQUERO, A. e OLVEIRA, A. (2021). Políticas públicas para o desenvolvemento da Economía Social e o asociacionismo, en CANCELO, M. e BOTANA, M.J. (Dir.) *Libro Branco da Economía Social en Galicia 2020*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudios Cooperativos, Santiago de Compostela.
- BASTIDA, M., VAQUERO, A. e CANCELO, M. (2019). La Ley de Economía Social de Galicia en FAJARDO, G. E CHAVEZ, R. (Eds.) *La economía social en la Comunidad Valenciana: regulación y políticas públicas*, 43-52, CIRIEC-España.
- BASTIDA, M., VAQUERO, A. e CANCELO, M. (2020). "La contribución de la Ley de Economía Social al desarrollo territorial y a la mejora del empleo", *Revesco- Revista de estudios cooperativos*, 134, 1-20.
- CHAVES, R. (2007). *La economía social en las políticas públicas en España*. CIRIEC España. Disponible en [http://www. empleo. gob. es/es/sec\\_trabajo/autonomos/economia-soc/NoticiasDoc/NoticiasPortada/ES\\_politicas\\_publicas\\_2007. pdf](http://www. empleo. gob. es/es/sec_trabajo/autonomos/economia-soc/NoticiasDoc/NoticiasPortada/ES_politicas_publicas_2007. pdf).
- CHAVES, R. e MONZÓN, J.L. (2018). La economía social ante los paradigmas económicos emergentes: innovación social, economía colaborativa, economía circular, responsabilidad social empresarial, economía del bien común, empresa social y economía solidaria. CIRIEC- España, *Revista de economía pública y cooperativa*, 93, 5-50.
- CHAVES, R., e SAVALL, T. (2013). "La insuficiencia de las actuales políticas de fomento de cooperativas y sociedades laborales frente a la crisis en España", *REVESCO Revista de Estudios Cooperativos*, 113, 61-91.

- COMITÉ ECONÓMICO e SOCIAL (2017). *Evolución reciente de la Economía Social en Europa*. CIRIEC-International – Centre international de recherches et d'information sur l'économie publique, sociale et coopérative.
- COMITÉ ECONÓMICO e SOCIAL (2018). *Buenas prácticas en las políticas públicas relativas a la economía social europea tras la crisis económica. Síntesis*, CIRIEC internacional.
- COMISIÓN EUROPEA (2019). *Pacto Verde Europeo*, Un Pacto Verde Europeo | Comisión Europea (europa.eu)
- COMISIÓN EUROPEA (2021). Plan de acción para la Economía Social
- EUROPEAN ECONOMIC AND SOCIAL COMMITTEE (2017). *Recent evolutions of the Social Economy in the European Union Study*, Ciriec International.
- EUROPEAN PARLIAMENT (2015). *Resolution on social entrepreneurship and social innovation in combating unemployment*.
- FAJARDO, G. (2012). "El fomento de la Economía Social en la legislación española", *REVESCO-Revista de Estudios Cooperativos*, 107, 58-97.
- JORDÁN, M., COUTINHO, M., e MOUGÁN, H. (2004). *Libro Branco do cooperativismo en Galicia*. Xunta de Galicia.
- MINISTERIO DE TRABAJO e ECONOMÍA SOCIAL (2020). *Estratexia Fondo Europeo plus 2021-2027*, Ministerio de Trabajo e Economía Social.
- XUNTA DE GALICIA (Varios anos). *Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia*

### **Normativa**

- GALICIA. Orde do 29 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción e se convocan para o ano 2021.
- GALICIA. Real Decreto 219/2011, de 2 de marzo, sobre organización e funcionamento do Consello para o fomento da Economía Social.

## **13. O SECTOR FINANCEIRO COOPERATIVO EN GALICIA**

### **13.1. O contexto actual do financiamento da Economía Social**

A Economía Social está cada vez máis presente na realidade económica de Galicia e na práctica totalidade dos sectores económicos. Ademais de estar a crecer de forma continuada nos últimos anos, configúrase como unha verdadeira alternativa de traballo e consumo. O seu significativo grao de inserción en Galicia evidénciase cos datos ofrecidos neste informe, que mostra non só o peso cuantitativo que representa o sector na economía galega, senón tamén a súa forte capacidade para xerar emprego e un volume de negocio crecente que atopa con facilidade a colaboración do tecido empresarial.

Esta realidade levou ao goberno autónomo a lanzar, en decembro de 2018, a “Estratexia galega de Economía Social”, coa que se pretendía, entre outras medidas, incrementar o número de entidades, o emprego xerado, potenciar a presenza feminina e impulsar programas públicos de financiamento e procura de novos mecanismos financeiros para as entidades de Economía Social (en diante, EES).

En relación con este último aspecto, destácase que unha das principais singularidades na posta en marcha de iniciativas empresariais refírese aos problemas de acceso a financiamento destas entidades, pola dificultade de dar cumprimento aos requisitos esixidos polas entidades do sistema bancario convencional. Debido ao seu modelo de negocio, que prima o impacto social e ambiental sobre a maximización das ganancias, as EES adoitan ser financeiramente vulnerables e atópanse con frecuencia barreiras para acceder ao crédito e outros servizos financeiros adecuados ás súas necesidades.

Desde o punto de vista dos aforradores, isto significa que as entidades financeiras orientadas fundamentalmente ao rendemento económico non poden satisfacer as expectativas daqueles investidores interesados en valores relacionados co impacto social e ambiental da actividade económica, a solidariedade e a equidade, posto que as entidades bancarias atribúesen o poder de decisión sobre que proxectos financiar.

A crise económica e financeira desencadeada en 2008 non fixo máis que agravar esta situación, posto que tanto os criterios empresariais de eficiencia como a resposta regulatoria

en termos de capitalización e solvencia, levaron a unha maior concentración do sector financeiro e un maior poder de mercado por parte da banca convencional, o que derivou nunha maior restrición do crédito (Sanchís, 2016). Con todo, a crise tamén fixo patente o impacto que sobre a sociedade ten a actividade de intermediación financeira, aumentando a conciencia colectiva sobre o papel das finanzas á hora de influír nas dinámicas socioeconómicas e na capacidade de xerar un impacto social a través do uso do diñeiro.

Aínda saíndo desta crise, a pandemia do Covid-19 golpeou de novo o tecido empresarial. A crise sanitaria mundial provocou unha nova crise económica e social sen precedentes. Os graves problemas que afectaron a todo o sector empresarial logo do parón económico polo confinamento repercutiron de forma particular en PEMES e autónomos, que son o tipo de estruturas maioritarias nos principais sectores de actividade da Economía Social. Este maior impacto obsérvase en distintos indicadores, tal e como mostra o informe elaborado polo Observatorio de Emprendimiento de España<sup>1</sup>. En particular unha de cada tres empresas (concretamente, o 34,4%) viu afectado o seu acceso a financiamento; no caso das de menos de 10 empregados este cociente ascende ao 41%.

Ao mesmo tempo, a pandemia non fixo máis que reforzar as consciencias sobre o verdadeiro valor da actividade empresarial e financeira. As entidades financeiras multiplicaron os seus esforzos para presentarse como xeradoras netas de impacto social e ambiental positivo, e como garantes dun futuro sustentable e inclusivo. Ao mesmo tempo, desenvolveron ferramentas de medición que lles permiten recoller datos acerca do impacto dos seus préstamos e preséntano nas súas memorias de actividade para facer visible o impacto xerado.

Neste contexto, as entidades financeiras que basean a súa actividade nos principios e valores da Economía Social toman protagonismo e convértense nun aliado importante para a posta en marcha de proxectos e empresas do devandito sector, onde o impacto social, ambiental e a forma de goberno son parte do ADN dos seus modelos de negocio.

O sector financeiro cooperativo, ao que dedicamos este capítulo, mostrouse especialmente sensible á problemática específica das EES, dado que comparten con estas os principios e valores que rexen a súa actividade, así como o modelo de funcionamento e gobernanza.

A continuación, no apartado 2 analizamos o papel que xogan en España as entidades de base cooperativa que forman parte do sistema financeiro convencional, isto é, as cooperativas de crédito. Particularmente, analízase a evolución da súa actividade no ano 2020 e como evolucionou respecto ao ano anterior, de xeito que poidamos percibir o efecto que a pandemia provocou nas súas cifras. O apartado 3 centrámonos na actividade daquelas entidades con presenza en Galicia, ofrecendo unha aproximación ao seu papel no financiamento das EES. Este sector está conformado por dúas entidades; por unha banda, Caixa Rural de Galicia, única caixa de aforros de capital galego que procede do ámbito das extintas caixas de aforro, e, doutra banda, Cajamar, primeira cooperativa de crédito española e principal expoñente do Grupo Cooperativo Cajamar, de implantación máis recente na nosa comunidade.

Co mesmo modelo cooperativo, no apartado 4 centrámonos noutras entidades financeiras pertencentes ao denominado sistema de finanzas éticas e solidarias (en diante, FETS). Os principios e valores que rexen este modelo financeiro lévanlles a concentrar a súa actividade no financiamento de iniciativas e proxectos cunha clara dimensión social.

<sup>1</sup> O informe: "Situación del emprendimiento en España ante la crisis del COVID-19: Análisis y recomendaciones" foi elaborado a partir da información recollida en abril de 2020 dunha mostra de 4.314 empresas de todo o territorio nacional. [www.gem-spain.com](http://www.gem-spain.com).

Xa no apartado 5 centrámonos nas dúas entidades das FETS de base cooperativa con presenza en Galicia<sup>2</sup>, aínda que cunha actividade moito máis reducida que a das cooperativas de crédito: Fiare Banca Ética e Coop 57. Finalizamos o capítulo cunhas consideracións sobre o futuro deste sector para o financiamento da Economía Social.

### 13.2. As entidades de crédito cooperativo e o seu peso no sistema financeiro español


Como xa adiantamos no apartado anterior, o acceso a un financiamento adaptado ás súas necesidades particulares é unha das principais preocupacións das EES, independentemente do país, o tipo de lexislación e o sector no que desenvolven a súa actividade. En xeral, estas entidades atopan con frecuencia obstáculos para acceder ao financiamento externo. O propio sistema de gobernanza das cooperativas, por exemplo, lles impide o acceso ao financiamento do mercado de capitais. O préstamo bancario convencional impón fortes condicións en canto a garantías e avais que non sempre son fáciles de achegar por parte destas entidades, e a miúdo levan cargas adicionais importantes por prima de risco difíciles de soportar. Hai que ter en conta que o principal obxectivo das EES é xerar beneficios sociais e económicos, non maximizar os beneficios económicos, unha lóxica a miúdo allea aos prestamistas convencionais.

Isto leva a que moitas EES dependan exclusivamente dos recursos autoxerados coa súa actividade e das subvencións e programas de axudas do sector público, moitos dos cales non lles permiten xerar un superávit, que adoita ser necesario para crear niveis suficientes de capital circulante ou reservas financeiras. Ás características propias das entidades hai que engadir a súa localización xeográfica. O forte retroceso na actividade crediticia do sistema financeiro desde a crise financeira traduciuse, en moitos casos, nun risco crecente de exclusión financeira para aquelas empresas situadas en territorios en retroceso demográfico, isto é, áreas rurais.

Neste contexto, as características distintivas das entidades de crédito cooperativas (figura 13.1) móstranse especialmente relevantes, non só polos principios e valores que guían o seu funcionamento, senón pola súa vocación de banca de proximidade, tendo maior presenza nos territorios onde a poboación e o emprego son menores (Carchano Alcaraz et al, 2021). Isto pon de manifesto importantes diferenzas da banca cooperativa co resto de entidades bancarias.

2 Triodos Bank, entidade bancaria regulada e o banco ético máis importante a nivel mundial, tamén ten presenza en Galicia. Con todo, ao non ter base cooperativa, non se inclúe neste estudo.

Figura 13.1. Características distintivas do modelo de banca cooperativa



Fonte: EACB (2022)

Trátase de institucións privadas que conxugan unha dobre vertente: por unha banda, son entidades de crédito e, como tales, réxense pola normativa do Banco de España; pola outra, pola súa forma xurídica están sometidas á regulación das cooperativas. O seu obxecto social é servir ás necesidades financeiras dos seus socios -que son os seus propietarios e, á vez, os seus clientes- e de terceiros, mediante o exercicio propio das entidades de crédito. Este enfoque orientado ao cliente é unha das súas principais características distintivas, e é dificilmente replicable fóra do modelo cooperativo.

En comparación coa banca comercial, que prima a optimización do beneficio dos accionistas, a banca cooperativa busca maximizar o valor dos seus socios a longo prazo, ofrecéndolles produtos adaptados as súas necesidades, estabilidade dos beneficios, etc. A diferenza tamén dos bancos comerciais, os clientes e socios da banca cooperativa están representados nas estruturas de goberno e desempeñan un papel importante nos procesos de decisión. Neste modelo de goberno democrático (“unha persoa, un voto”), os clientes poden elixir aos dirixentes e opinar sobre decisións e políticas, garantindo que a atención aos intereses dos membros sexa o obxectivo principal destes bancos.

Outra característica distintiva da banca cooperativa é a súa forte implantación rexional, que evita o transvasamento de recursos financeiros cara a outras rexións, favorece a financiación da actividade local e reforza os mecanismos de desenvolvemento rexional (Ruiz Guerra, 2012). De forma particular, os bancos cooperativos son a miúdo o principal socio financeiro para os fogares e as empresas locais, incentivando os investimentos no ámbito rural e contribuíndo á creación de redes de cooperación para o desenvolvemento local endóxico. A reinversión en iniciativas económicas locais que benefician á comunidade local é unha práctica común para os bancos cooperativos. Debido a súa proximidade ás

necesidades das comunidades locais, os bancos cooperativos son fundamentais para axudar a que a economía sexa máis sustentable e socialmente responsable.

Así mesmo, pola súa orientación a longo prazo e maior aversión ao risco, manteñen maiores reservas de capital que a banca tradicional, o que lles leva a ser máis resilientes, anticipándose e adaptándose mellor ás circunstancias locais.

Por último, a banca cooperativa posúe un forte compromiso cos valores sociais e a solidariedade. Mantén o seu obxectivo orixinal de loitar contra a exclusión financeira e aliviar a difícil situación das poboacións rurais, polo que ofrecen servizos financeiros en zonas remotas, afastadas das grandes cidades, onde constitúen un elemento esencial da infraestructura local.

Tal e como mostra o informe anual da *European Association of Co-operative Banks* (EACB, 2022), a banca cooperativa é un actor importante na economía europea, onde representa ao redor do 20% do mercado de depósitos e préstamos bancarios da Unión Europea (UE). Os datos mostran a súa ampla presenza en Europa, con 2.700 bancos que operan localmente e 42.000 puntos de venda, que atenden 223 millóns de clientes, ao redor da metade da poboación da UE. Con 705.000 empregados na UE, os bancos cooperativos atópanse tamén entre os principais empregadores locais. Ademais, non só son os principais provedores de crédito aos cidadáns, en termos de hipotecas e préstamos ao consumo, senón que tamén son un dos maiores prestamistas da PEMES, e o que é máis importante, manteñen este compromiso mesmo nos malos tempos. Isto pode observarse na evolución, que veremos a continuación, dos indicadores económicos do ano 2020, onde o impacto da pandemia estendeuse por todo o sector empresarial e financeiro.

En España, froito do proceso de reestruturación financeira que tivo lugar tras a crise de 2008, o conxunto de entidades financeiras de base cooperativa sofre un proceso de concentración continuo e quedan agrupadas en dous grandes grupos financeiros: a Unión Nacional de Cooperativas de Crédito (UNACC) e o Banco de Crédito Cooperativo (BCC). Estas entidades forman parte do sistema bancario regulado español, pero manteñen no seu negocio as singularidades ás que nos referimos, como unha especial vinculación co territorio no que operan. A súa actividade financeira oríentase ao servizo de todos os sectores económicos e de poboación, atendendo as necesidades e demandas de financiamento, aforro e investimento dos socios e clientes das caixas rurais asociadas, no caso de UNACC, ou dos accionistas no caso do BCC.

A UNACC foi constituída en 1970 sobre a base da asociación libre das Sociedades Cooperativas de Crédito españolas. Estas entidades experimentaron intensos cambios estruturais que, nalgúns casos derivaron na creación de novas entidades por procesos de fusión, e noutros conformáronse como grupos cooperativos, unha figura particular deste modelo. A súa estrutura e funcionamento axústanse aos principios da Alianza Cooperativa Internacional<sup>3</sup>: 1) adhesión voluntaria e aberta, 2) xestión democrática por parte dos socios, 3) participación económica dos socios, 4) autonomía e independencia, 5) educación, formación e información, 6) cooperación entre cooperativas e 7) interese pola comunidade. Actualmente, as 42 entidades asociadas á UNACC manteñen unha cota de depósitos e préstamos sobre o mercado doméstico do 7% e o 6%, respectivamente.

<sup>3</sup> A ACI é unha das organizacións non gobernamentais máis antigas e unha das entidades máis grandes segundo o número de persoas representadas: 1.000 millóns de membros cooperativos en todo o mundo. Actualmente son membros máis de 300 organizacións cooperativas de 112 países. Ver: <https://www.ica.coop/es/cooperativas/identidad-alianza-cooperativa-internacional>



Pola súa banda, o BCC foi constituído en 2014 e actúa no mercado a través das 18 entidades<sup>4</sup> que configuran o Grupo Cooperativo Cajamar (entre as que se atopa a propia Cajamar, o seu principal accionista). En 2020 este grupo mantiña unha cota no total de depósitos do 2,4% e no de préstamos de case o 3%.

Na táboa 13.1 móstranse os datos da banca cooperativa española a final do ano 2020. O volume de activos das entidades financeiras cooperativas españolas era de máis de 177.000 millóns de euros, captaron máis de 132.000 millóns e concederon préstamos por algo máis de 100.000 millóns de euros. Estas cifras representan ao redor do 2% do sector de banca cooperativa en Europa. Por outra banda, as 60 entidades financeiras que integran estes dous grupos contan con 3 millóns de membros, 10,6 millóns de clientes, e empregan a 18.000 persoas en máis de 4.000 oficinas.

**Táboa 13.1. Indicadores principais das entidades bancarias de base cooperativa (31/12/2020)**

INDICADORES ECONÓMICOS (en millóns de euros)	UNACC	BCC	Total España	Var. total España 2020-19
Total de Activos	123.984	53.617	177.601	14,90%
Total Depósitos de clientes	95.065	37.136	132.201	12,67%
Cuota depósitos sobre total do mercado doméstico	6,90%	2,40%		
Total Préstamos a clientes	68.360	32.436	100.796	9,70%
Cuota préstamos sobre total do mercado doméstico	5,90%	2,90%		
Beneficio neto (tras impostos)	469	24	493	-27,39%
Capital	8.893	3.376	12.269	4,60%
<b>OUTROS INDICADORES</b>				
Número Traballadores	12.166	5.519	17.685	0,07%
Número de Socios	1.623.297	1.459.536	3.082.833	2,60%
Número Clientes	7.113.178	3.503.285	10.616.463	1,05%
Número Bancos independentes	42	18	60	0,00%
Número de oficinas	3.230	910	4.140	-1,17%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EACB (2021; 2022)

Máis aló destas cifras, cabe resaltar a evolución experimentada neste ano con respecto ao 2019, mostrando o efecto provocado pola pandemia. Como se observa na última columna da táboa, todos os indicadores económicos experimentaron un crecemento, máis ou menos intenso, excepto a cifra de beneficios, que tivo un retroceso do 27,4%. Isto dá mostra

<sup>4</sup> Actualmente, outras 13 entidades de Extremadura, Andalucía, Castela-A Mancha, Cataluña e a Comunidade Valenciana integráronse no BCC.

de como se comportou este modelo financeiro ante a crise do COVID-19, que afectou de forma especial ao perfil de socios e clientes das cooperativas, maioritariamente, familias e PEMES. Con todo, isto non significa que a súa actividade siga igual tendencia; ao contrario, a banca cooperativa aumentou a súa actividade, tanto en canto ao volume de depósitos captado como de préstamos concedidos.

Cabe resaltar que o emprego se mantivo en cifras similares a 2019, pero é interesante resaltar que neste ámbito a banca cooperativa segue a tendencia que mostran en xeral a EES: a práctica paridade de xénero que achega ao emprego. No caso do conxunto de entidades da UNACC, o peso do emprego feminino é 48,3%<sup>5</sup>. Outro aspecto que xa foi destacado e que diferencia a estas entidades do resto de bancos é que, mentres a banca convencional está a pór en marcha un proceso de redución de oficinas en poboacións pequenas, as entidades que conforman estes grupos cooperativos manteñen oficinas en poboacións con menos de 1.500 habitantes.

### 13.3. A actividade das cooperativas de crédito en Galicia

En Galicia operan dúas entidades pertencentes a estes grupos bancarios cooperativos: Caixa Rural Galega, integrada na UNACC, e Cajamar, principal entidade do BCC.


Caixa Rural Galega é unha Sociedade Cooperativa de Crédito Limitada creada en 1966 co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento económico e social da Comunidade Autónoma de Galicia. Actúa no ámbito rural e con especial atención ao sector primario. Esta entidade posúe uns activos totais de máis de 1.474 millóns de euros, e mantén 47 oficinas nas catro provincias galegas<sup>6</sup>. Do mesmo xeito que as súas homólogas, pola súa natureza cooperativa, busca a xeración recorrente de valor para socios, clientes e empregados, destinando todos os seus beneficios a incrementar a súa capacidade e seguir impulsando á economía local e colaborar con iniciativas que impulsen melloras económicas, sociais ou culturais da contorna.

No gráfico 13.1 obsérvase o continuo ritmo crecente da actividade desta entidade nos últimos cinco anos (2017-2021). Se observamos os dous últimos datos podemos concluír que a pandemia non só non impactou na actividade da entidade, senón que mesmo acelerou o ritmo de crecemento dos dous indicadores analizados.

Así, o volume de depósitos aumentou nestes cinco anos un 71%, pero o ritmo de crecemento ata 2019 roldaba o 9,5% anual, mentres que en 2020 crece un 18,7% e en 2021 un 19,8%. En canto ao volume de crédito achegado ao sistema aumentou neste cinco anos practicamente un 67%, pero aínda que o aumento anual no exercicio 2019 foi do 12,4%, en 2020 case se duplica (22%) e xa en 2021 parece atenuarse, ao incrementarse un 10,7%.


5 Tomando o dato de 31/03/2021. Fonte: [www.unacc.com](http://www.unacc.com)

6 Ver: <https://www.caixaruralgalega.gal/es/particulares/quienes-somos>

**Gráfico 13.1. Evolución da actividade de Caixa Rural Galega (2017-2021, millóns de euros)**

Fonte: elaboración propia a partir de datos fornecidos pola entidade.

Se profundamos neste dato, o gráfico 13.2 mostra como o investimento crediticio distribúese entre actividades produtivas e particulares (crédito ao consumo, vivenda, etc.). Como se pode observar, o maior volume de financiamento é dirixido ao sector produtivo (en 2021, un 57%), pero en ámbolos sectores o crédito achegado pola entidade foi crecendo de forma moi significativa, mostrando como a entidade seguiu mantendo o seu apoio á actividade produtiva tras os devastadores efectos da pandemia

**Gráfico 13.2. Distribución do investimento crediticio de Caixa Rural Galega (2017-2021; millóns de euros)**

Fonte: elaboración propia a partir de datos fornecidos pola entidade.

Nun intento de analizar canto representa esta actividade para as EES, os únicos datos dispoñibles permítennos aproximarnos ao peso das cooperativas e as sociedades agrarias de transformación (SAT) dentro do sector de clientes con personalidade xurídica (táboa 13.2). En 2021 dos 38.000 clientes da entidade, un 15,8% eran persoas xurídicas, e destas só un 4,1% eran EES. De forma similar, podemos ver que o peso da Economía Social nos depósitos totais de clientes con personalidade xurídica, foi do 3,8%, aínda que os préstamos concedidos a EES sobre o total dos concedidos a empresas alcanza un significativo 11%.

**Táboa 13.2. Peso da actividade de Caixa Rural Galega na Economía Social galega**


	Total	Persoas xurídicas	% sobre total	Economía Social*	% sobre persoas xurídicas
Número de clientes activos	38.057	6.020	15,80%	246	4,10%
Depósitos (millones de €)	1.534	306,4	20%	11,6	3,80%
Investimento crediticio bruto (millóns de €)	799	325,2	40,70%	35,9	11%

*\*Só inclúe cooperativas e SATs*

*Fonte: elaboración propia a partir de datos fornecidos pola entidade.*


Pola súa banda, Cajamar ten unha presenza aínda moi reducida en Galicia dada a súa recente implantación no ano 2011. Conta na actualidade con 6 oficinas na nosa comunidade. Pola súa natureza cooperativa, aplica un modelo de negocio baseado na proximidade para promover iniciativas económicas e sociais orientadas a crear valor e impulsar a actividade económica e a xeración de emprego, dedicando unha especial atención a empresas, industrias e servizos relacionados co sector agroalimentario, e particularmente o sector pesqueiro.

En canto á súa actividade en Galicia, máis alá dos valores absolutos dos indicadores, cabe destacar a súa evolución crecente no últimos cinco anos. No gráfico 13.3 obsérvase como en 2020 e 2021 creceu o volume de depósitos e préstamos de forma importante, de forma similar ao acontecido con Caixa Rural.

**Gráfico 13.3. Evolución da actividade de Cajamar (2017-2021, millóns de euros)**

Fonte: elaboración propia a partir de datos fornecidos pola entidade.

En canto á distribución do investimento crediticio entre empresas e particulares (gráfico 13.4), cabe destacar que ao redor do 90% do crédito en Galicia canalízase ao financiamento de actividades produtivas.

**Gráfico 13.4. Distribución do investimento crediticio de Cajamar (2017-2021; millóns de euros)**

Fonte: elaboración propia a partir de datos fornecidos pola entidade.

### 13.4. Entidades do sistema de finanzas éticas e solidarias

Ao analizar o sector financeiro cooperativo en Galicia non podemos deixar de mencionar outras entidades que, á marxe do sistema financeiro convencional, están a actuar baixo a forma xurídica cooperativa en Galicia, e pertencen ao denominado sistema de Finanzas Éticas e Solidarias (FETS). A pesar de que o seu peso cuantitativo en España e Galicia é case marxinal, trátase dun financiamento alternativo especialmente interesante no caso de

proxectos de pequena dimensión e con difícil acceso á banca convencional, polo que exercen un importante papel de cara a evitar a exclusión financeira.

A banca ética ten a súa orixe en Estados Unidos durante os anos sesenta, e esténdese por Europa durante a seguinte década (Sanchís, 2016). Xorde co obxectivo de proporcionar servizos bancarios a colectivos excluídos do sistema tradicional, atendendo aos principios da economía solidaria. Aínda que o termo adóitase restrinxir a aquelas entidades que operan con ficha bancaria e, por tanto, están sometidas á regulación que rexe para as entidades do sistema financeiro tradicional, existen moitas outras entidades que nacen con tal obxectivo, como cooperativas de servizos financeiros e, incluso, agrupacións de interese solidario de ámbito local.


As FETS inclúen, por tanto, un conxunto de entidades que incorporan os principios dun comportamento ético ao proceso de financiamento. Comparten coas cooperativas de crédito unha forma común de actuar e o obxectivo de contribuír á transformación social do territorio no que operan, pero as entidades do sistema de FETS fan unha aposta clara e única pola promoción de proxectos cun claro impacto positivo en materia social e ambiental, de respecto e cumprimento dos principios que as definen<sup>7</sup> e, ademais, están integradas nas diferentes redes locais, estatais ou internacionais de finanzas éticas.

Estas entidades non realizan investimentos especulativos e invisten exclusivamente en economía real e solidaria, isto é, proxectos que repercuten positivamente sobre a calidade de vida das persoas, achegan beneficios sociais e promoven o desenvolvemento sustentable. Para iso realizan unha avaliación ético-social dos proxectos e limitan as áreas dos que financian á economía social e solidaria, actividades culturais e artísticas, enerxías renovables, industria e tecnoloxía ambiental, agricultura ecolóxica, xestión de residuos, vivenda social e cooperativa, inserción socio laboral, emprendemento social cooperativo, saúde, desenvolvemento comunitario e local educativo, lecer, escolas cooperativas, cooperación internacional, comercio xusto e consumo responsable. Exclúen, por tanto, o investimento noutros aqueles ámbitos que vulneran os dereitos humanos e a xustiza social e ambiental.

Para estimar o impacto económico destas entidades en España, a asociación Fianzas Éticas y Solidarias publica un informe anual<sup>8</sup>, cos principais indicadores do catro principais entidades que operan en España: Triodos Bank, Fiare Banca Ética, Oikocredit e Coop 57 (estas dúas últimas entidades parabancarias). No gráfico 13.5 móstrase a evolución crecente das dúas principais magnitudes da súa actividade no período 2010 a 2020: o aforro captado do público e o volume de préstamos concedidos.

7 Principio de ética aplicada: aplicación de criterios non económicos nas decisións de aforro e investimento. Principio de participación: a toma de decisións efectúase de maneira democrática coa participación dos socios. Principio de coherencia: o destino dado ao diñeiro non debe entrar en contradición cos valores éticos. Principio de transparencia: ofrecer información regular e pública de todas as actividades e as súas consecuencias. Principio de implicación: os principios éticos teñen dimensión transversal na entidade, non tan só na súa actividade senón tamén na súa actitude e compromiso. <https://coop57.coop/é/informacion/principios-eticos>

8 *Barómetro das Finanzas Éticas*. Os datos extraéronse de varios informes, aínda que só se cita na bibliografía o último publicado, que é o de 2020.

**Gráfico 13.5. Evolución da actividade das entidades de FETS en España (en millóns de euros)**


Fonte: Elaboración propia a partir de Barómetro das Finanzas Éticas (varios anos)

Como pode observarse, ambas magnitudes mostran unha clara tendencia ascendente, aínda que cun ritmo máis atenuado nos dous anos anteriores á pandemia. Con todo, destaca significativamente o incremento do volume de actividade en 2020, cando o aforro captado aumenta un 9% e o financiamento concedido un 16%.

O aforro xestionado por estas entidades foi crecendo a pesar do continuado contexto de tipos de interese baixo e crise financeira. Ademais, fíxoo a un ritmo superior ao dos depósitos a prazo das entidades financeiras convencionais, que se reduciron, segundo datos do Banco de España. El volume de aforro multiplicouse desde 2010 por 6,5 e o de préstamos concedidos por 3,5, mentres que os créditos netos da banca convencional han ido diminuíndo nos últimos anos.

Cabe resaltar tamén que nas entidades do sistema de FETS a taxa de morosidade, un indicador que reflicte a complicada situación económica que aínda está a vivir unha grande parte da sociedade desde a crise financeira, mostra sempre valores máis baixos que na banca convencional (ver gráfico 13.6).

**Gráfico 13.6. Taxa de morosidade bancaria. Comparativa banca tradicional e Banca ética (2012-2020)**



Fonte: elaboración propia a partir de datos do Banco de España e do Barómetro das Finanzas Éticas (varios anos)

### 13.5. Finanzas éticas de base cooperativa en Galicia

En Galicia están presentes dúas entidades de FETS con base cooperativa. Por unha banda, Fiare Banca Ética, que está regulada polo organismo e a normativa do sistema bancario convencional, e por outra banda, Coop 57, entidade parabancaria, que ofrece servizos financeiros aos seus asociados.

Fiare Banca Ética é unha entidade de base cooperativista que presta financiamento tanto aos seus socios como a terceiros, exercendo todas as actividades propias das entidades de crédito. As orixes desta entidade remóntanse ao ano 2003, cando se constitúe a Fundación Fiare, un movemento de cidadanía activa que promove a actividade de intermediación financeira, tras a firma do contrato de axentes coa italiana Banca Popolare Ética. Fiare mantén un código ético que define o marco no que desenvolve a súa actividade e que se basea nos valores propios das finanzas éticas<sup>9</sup>: centralidade da persoa, igualdade na repartición da riqueza e os recursos, responsabilidade e atención constante ás repercusións sociais e ambiental da actividade de intermediación financeira e emprendedora; transparencia; cooperación; solidariedade; participación dos socios, colaboradores e aforradores na toma de decisións, eficiencia no uso óptimo dos recursos.

A entidade actúa en cada territorio a través dos denominados Grupos de Iniciativa Territorial (GIT), o vehículo a través do que promove a súa actividade, e que forman as persoas dedicadas a realizar as avaliacións de impacto das organizacións que solicitan crédito, verificando desta forma a súa coherencia cos valores da entidade. En Galicia está presente a través de dous GIT, o Norte e o Sur.


A actividade de Fiare nos últimos cinco anos foi crecente, tanto a nivel nacional como en Galicia, tal e como mostra o gráfico 13.7. Cabe destacar o crecemento experimentado na súa actividade de captación de aforro e financiamento concedido no ano 2020, ano da pandemia. O aforro captado en España foi de 189,2 millóns de euros, un 28,5% máis que no ano anterior, e este crecemento acélerase en 2021, aumentando un 37,7% este ano respecto ao anterior. De forma similar, o importe do financiamento outorgado alcanzou os 65,5 millóns

9 <https://www.fiarebancaetica.coop/sites/fiarebancaetica.com/files/documenti/codigo-etico.pdf>



de euros, un 55,7% máis que o ano anterior, e en 2021 mantense esta tendencia, aínda que de forma máis moderada, crescendo un 17,4%.

**Gráfico 13.7. Actividade de Fiare Banca Ética en España e Galicia (2017-2021; miles de euros)**



Fonte: elaboración propia a partir de datos fornecidos pola entidade.

En Galicia, cun nivel de actividade moi pequeno, chama a atención o forte incremento de aforro captado en 2021 con respecto ao ano anterior, máis dun 90%, aínda que a actividade crediticia é practicamente marxinal. En calquera caso, o seu obxectivo é claramente social e hai que resaltar a baixa taxa de morosidade destes préstamos: un 0,46% en 2019, fronte ao 4,8% da media da banca española ese mesmo ano.

Pola súa banda, Coop 57 é unha entidade parabancaria con forma xurídica de cooperativa de primeiro grao de servizos financeiros. Trátase dunha forma de organización empresarial caracterizada por unha xestión democrática e por dedicar a súa actividade primordialmente aos seus socios, onde os principios cooperativos aplícanse ao ámbito da prestación de servizos financeiros.


A entidade nace a partir da unión dos traballadores da Editorial Bruguera, que crearon un fondo colectivo coas indemnizacións que percibiron cando a empresa pechou en 1986. Nun principio, o seu desenvolvemento estivo moi vinculado ao cooperativismo de traballo asociado, pero progresivamente ampliou a súa base social a outro tipo de entidades de economía social e solidaria. Paralelamente, foi crescendo tamén a súa base de socios/as *colaboradores* e de socios *de servizos*, entidades que reciben financiamento.

De forma similar a Fiare, Coop 57 estrutúrase seguindo un modelo organizativo horizontal e en rede, baseado nos principios de participación, arraigamento territorial e descentralización. Así, a súa actividade organízase por seccións territoriais, cada unha das cales ten os seus propios órganos e estruturas de participación. En Galicia, concretamente, opera Coop 57-GZ.

En canto á súa actividade nos últimos cinco anos (gráfico 13.8), mantivo un ritmo contido de crecemento. Destaca en canto a aforro captado, no ano da pandemia a cifra crece un 12% a nivel estatal e un 37,6% en Galicia, e en 2021 continúa esta tendencia crecente, aínda que algo máis moderada: un 11,2% en España e un 31,5% en Galicia. En canto ao volume de financiamento, a evolución non segue un mesmo patrón; mentres que no caso de España

reduciuse o volume de préstamos concedidos en 2020 (aínda que crece en 2021 un 32,4%), en Galicia experimentou un crecemento en 2020 de case o 60%, aínda que a cifra reduciuse en 2021 algo máis dun 12%.

**Gráfico 13.8. Actividade de Coop 57 a nivel España e Galicia (2018-2021; miles de euros)**




		2017	2018	2019	2020	2021
Aforro captado	España	32.942,1	35.434,8	39.039,5	43.677,6	48.564,7
	Galicia	818,4	852,6	932,2	1.282,9	1.687,7
Préstamos concedidos	España	13.320,8	14.572,3	19.349,4	17.568,9	23.263,1
	Galicia	62,0	297,8	476,0	756,7	663,6

*Fonte: elaboración propia a partir de datos fornecidos pola entidade.*

En resumo, a actividade das entidades de FETS de base cooperativa en Galicia é reducida e apenas supón o 3% do volume de recursos captados e o 1% do de préstamos concedidos en España, onde en 2021 as dúas entidades analizadas suman máis de 309 e 100 millóns de euros, respectivamente, nestes indicadores (gráfico 13.9). Con todo, non se debe ignorar o valor destas entidades de financiamento alternativo para empresas de reducida dimensión (que superan o 99% do tecido empresarial en Galicia e en España), e particularmente, na Economía Social, xa que máis alá do valor económico, o financiamento ético pon o foco principalmente no valor social das iniciativas e empresas que financia.

Ao longo das sucesivas crises económicas que sufrimos na última década, os principios que guían a captación e asignación dos fluxos de fondos nas FETS convertéronse en eixos centrais do novo contexto das decisións de investimento e financiamento que se está a definir na actualidade, polo que cabe prever que a súa actividade se manteña nunha tendencia crecente.

**Gráfico 13.9. Peso da actividade FETS en Galicia (%) no contexto español (miles de euros)**

Fonte: elaboración propia a partir de datos fornecidos pola entidade.

### 13.6. Conclusións

Neste capítulo presentamos o conxunto de entidades financeiras que actúan en Galicia baixo o modelo cooperativo. Estas entidades, en xeral, nacen como resposta da sociedade civil fronte a un sistema financeiro dominado por criterios de rendibilidade económica, que non atende as súas necesidades nin responde os seus valores. Por iso, os principais elementos que caracterizan esta forma de facer banca son a vocación de inclusión financeira e o respecto por uns principios éticos e sociais.

Este modelo de negocio financeiro faillles particularmente próximos ás EES, con quen comparten principios e valores no desenvolvemento da súa actividade. Son por iso especialmente propensas a dirixir os fluxos de financiamento cara á Economía Social, e á vez que impactan no crecemento deste sector, o seu propio crecemento está, en gran parte, ligado ao mesmo.

Aínda que o peso destas entidades respecto ao resto de entidades bancarias é pequeno, os indicadores de actividade mostran o valor de estas entidades para o desenvolvemento do tecido empresarial de menor tamaño -micro e PEMES- e, en particular, de entidades que se rexen polos principios e valores democráticos que sitúan ás persoas no centro da súa estratexia, mantendo un arraigamento especial co territorio no que desenvolven a súa actividade.

O contexto económico derivado da crise financeira provocou na década do 2010-20 que estes valores se situasen no foco principal de atención nos procesos de asignación de capitais. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable establecidos na Axenda 2030 non fixeron máis que relanzar a importancia de considerar os factores de impacto social e ambiental nas decisións empresariais e dos axentes financiadores.

A década actual iníciase coa crise sanitaria da COVID-19 e a súas consecuencias a nivel económico e social, provocaron un escenario onde os principios e valores que conforma a esencia do modelo cooperativo mostráronse máis resilientes no novo escenario que trouxo consigo a pandemia. Isto veuse reflectido, por exemplo, en como as cooperativas de produtores e consumidores foron fundamentais para manter as cadeas de subministro de bens

e servizos esenciais, ao facer fincapé nas súas comunidades e realoizar as economías. Outro exemplo é o da banca cooperativa, para quen, tal e como queda patente nas súas cifras de actividade, a crise foi unha oportunidade para demostrar a súa capacidade de resistencia como provedores financeiros centrados nas persoas.

Nos próximos anos enfrontámonos a retos posiblemente inimaxinables hoxe en día. Aínda estamos inmersos na recuperación da crise derivada da pandemia, pero a emerxencia climática é cada vez máis patente á vista dos numerosos desastres naturais que se están producindo, e a orde económica mundial parece cambalearse coa deriva da guerra. Unido a estes fenómenos, a tecnoloxía está a crear mutacións radicais en practicamente todos os sectores de actividade produtiva e financeira.

Neste contexto os valores que caracterizan a nova Economía Social mostran un camiño de futuro polo que apostar no desenvolvemento da economía global desde a actividade local. Así o recoñecen as autoridades europeas. En palabras do Secretario Xeral de Nacións Unidas<sup>10</sup>: *“As cooperativas e outras empresas da economía social e solidaria poden marcar o camiño cara a unha maior resiliencia nestes tempos de crises”*. Por todo iso, entendemos que é primordial o estudo do papel que o sistema financeiro de base cooperativa pode xogar no desenvolvemento e crecemento das empresas de Economía Social.

### 13.7. Bibliografía

- BANCO DE ESPAÑA (2019). Boletín Estatístico. (02/2019). Recuperado de: [https://www.bde.es/f/webbde/ses/secciones/publicaciones/informesboletinesrevistas/boletinstadistico/19/fich/be\\_febrero2019\\_es.pdf](https://www.bde.es/f/webbde/ses/secciones/publicaciones/informesboletinesrevistas/boletinstadistico/19/fich/be_febrero2019_es.pdf)
- CARCHANO ALCARAZ, M.; CARRASCO MONTEAGUDO, I. y SOLER TORMO, F. (2021): “La contribución de las cooperativas de crédito para aliviar la exclusión financiera geográfica en los espacios menos poblados. El caso de España”, *CIRIEC-España, Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa*, 103, 197-224. DOI: 10.7203/CIRIEC-E.103.17509.
- COMISIÓN EUROPEA (2008): *Financial Services Provision and Prevention of Financial Exclusion*. Bruxelas: Dirección Xeral para o Emprego, Asuntos Sociais e Igualdade de Oportunidades.
- COOP57 (varios anos). *Coop57 en cifras*. Recuperado de: <https://coop57.coop/é/informacion/coop57-en-cifras>
- EACB-European Association of Co-operative Banks (2021). Annual Report 2020. Bruxelas. Recuperado de: <https://www.eacb.coop/en/about/annual-reports.html?p=1>
- EACB-EUROPEAN ASSOCIATION OF CO-OPERATIVE BANKS (2022). Annual Report 2021. Bruxelas. Recuperado de: <https://www.eacb.coop/en/about/annual-reports.html?p=1>
- FETS-FINANCIAMENTO ÉTICO E SOLIDARIO (2020). *Barómetro das finanzas éticas. Unha radiografía do sector no estado español*. Barcelona. Recuperado de <https://fets.org/é/barometro/>.
- OBSERVATORIO DO EMPRENDEMENTO DE ESPAÑA (2020): *Situación do emprendemento en España ante a crise do COVID-19: Análise e recomendacións*. Recuperado en: [www.gem-spain.es](http://www.gem-spain.es)
- RUIZ GUERRA, I. (2012): “Las entidades financieras de la economía social como herramienta para el desarrollo rural. Implicación de los recursos endógenos”. *Revista Cooperativismo & Desarrollo*, 20 (101).

<sup>10</sup> Palabras de Antonio Guterres en entrevista publicada na newsletter da ONU (4 xullo de 2020). Recuperado de: <https://news.un.org/é/story/2020/07/1476961>

SANCHÍS, J. R. (2016). A revolución das finanzas éticas e solidarias. *Oikonomics: revista de economía, empresa e sociedade*, (6), 28-34.

*Nota da autora: Queremos agradecer aos representantes das entidades financeiras analizadas a súa axuda para a recollida dos datos empregados neste traballo, en particular, a Antón Insua (Coop 57), Gonzalo Gesto (Fiare Banca Ética), José Manuel López Marcos (Caixa Rural Galega) e Javier Valcarce González (Cajamar).*

## 14. RESUMO EXECUTIVO

A Economía Social está adquirindo unha presenza cada vez máis consolidada no panorama económico e político europeo, español e galego. Máis aló das cifras ou conclusións que imos a resumir, son, as súas características as que permiten priorizar ás persoas sobre o capital, crear empregos de calidade, con fórmulas de goberno democráticas, e todos os demais principios que se recollen, tanto na Lei galega como a española, e que fan que sexan entidades de interese para toda a sociedade, xa que conforman un modelo de desenvolvemento económico e empresarial máis sostible e máis igualitario.

Como datos máis relevantes destacar as **1.145 cooperativas** e **656 sociedades laborais** inscritas no Rexistro da Xunta de Galicia a 31 de decembro de 2020, que son as que constatamos poden ter actividade segundo as distintas fontes consultadas. Despois da depuración feita, os datos seguen sen coinciden co número de sociedades inscritas na seguridade social, publicada polo Ministerio de Traballo e de Economía Social (o último de xuño de 2020), aínda que no caso das cooperativas, a explicación ven dada polo número de entidades formadas por autónomos e que, polo tanto, non se rexen por ese réxime.

Os **centros especiais de emprego** aumentan ata os **117** do ano 2021, mentres que **empresas de inserción**, mantense en **13** no último ano ao igual que as **confrarías**, **63**. As **Sociedades Agrarias de Transformación** baixan a **1.072**. Nese ano tamén tññamos **3.013 comunidades de montes veciñais en man común**, e, xunto coas **4 mutuas** completan o mapa das entidades de mercado da Economía Social en Galicia.

Unha recomendación xenérica, pero especialmente relevante para o caso das Sociedades Cooperativas e Laborais (e posiblemente nas SAT) e a posibilidade de establecer mecanismos que obriguen as entidades a darse de baixa nos rexistros, co fin de ter unha imaxe máis fiel das que realmente se atopan en situación de empresas activas. No caso das cooperativas, ademais, son necesarios procedementos que faciliten os procesos de liquidación, no caso das entidades que non teñen actividade.

Nesta sección, preséntanse as principais conclusións obtidas, polos autores de cada capítulo deste informe, referido a evolución no ano 2021 dos indicadores dispoñibles sobre as distintas familias que compoñen a Economía Social en Galicia, pero tamén na da explotación

de datos dispoñibles no SABI das Sociedade Laborais e Cooperativas, da análise do sector financeiro cooperativo e das políticas públicas en materia de Economía Social

### 14.1. Cooperativas

- A 31 de decembro de 2021 hai inscritas 1.565 cooperativas en Galicia das cales, despois de facer a correspondente depuración, atópanse activas 1.145. Isto supón que case o 27% das entidades inscritas non contan con actividade.
- En Galicia, no ano 2021, un total de 135 novas cooperativas o que supón a cifra máis alta de toda a serie histórica e un 138% máis ca no ano anterior.
- A distribución territorial das novas cooperativas persiste no devalar polarizado da actividade económica na comunidade galega. Así, sete de cada dez novas cooperativas localízanse nas provincias atlánticas.
- O 85 % das cooperativas galegas rexistradas en 2021 o fan baixo a figura de traballo asociado a que se consolida como una das fórmulas de autoemprego na comunidade.
- Mantéñese a necesidade de mellora na constitución e consolidación de cooperativas vinculadas a sectores estratéxicos da economía galega, como as cooperativas do mar, agrarias e de explotación en común da terra. Igualmente, Detéctase unha baixa incidencia dos procesos de consolidación de cooperativas, en concreto, a creación de cooperativas de segundo grao.
- No que se refire ao número de persoas socias, no ano 2021 as novas cooperativas gañan dimensión con respecto ao ano anterior. Isto ven impulsado, sobre todo, polo comportamento das cooperativas de vivendas. Deste xeito as novas cooperativas pasa a ten unha media que superan as 3 persoas socias no comezo da actividade. A análise dos datos nas cooperativas que presentan desagregación por sexo do número de socios revela que a presenza feminina segue en aumento alcanzando o 51 %.
- Maioritariamente as novas cooperativas sitúanse no sector servizos pero todos os sectores de actividade tiveron un aumento no número de cooperativas creadas agás no caso do sector secundario. Destaca a concentración de actividade das cooperativas en torno a cinco actividades: comercio, industria manufactureira, actividades profesionais, agricultura e educación.
- As cooperativas activas en Galicia sitúanse maioritariamente nas provincias de Coruña e Pontevedra atopándose os seus domicilios en territorios rurais fronte aos urbanos. Pola contra Vigo é concello que máis empresas deste tipo aporta ao conxunto albergando case o 13 % das cooperativas da comunidade.
- Por último, sería de interese establecer mecanismos que faciliten e/ou fomenten os procesos de liquidación de cooperativas co fin de instar a aquelas entidades que non teñan actividade a cursar a súa baixa no Rexistro

### 14.2. Sociedades Laborais

- No ano 2021 constituíronse 28 novas sociedades laborais en Galicia, 23 no sector servizos, 2 na industria e na construción e 1 na agricultura. Son 6 máis que no ano anterior, cunha variación do 27%, situándose por encima do crecemento medio español (20,4%).

- Por provincias, A maior creación prodúcese en Pontevedra, co 60,7% das sociedades constituídas seguida de A Coruña, que representa o 28,6%. Ourense diminúe a súa participación con relación ao ano anterior (7,1% fronte ao 8,7%) mentres que Lugo aumentaa (do 0% ao 3,6%).
- Por comunidades autónomas, hai tres que representan máis do 58% da constitución de sociedades laborais en España: Madrid (91 sociedades, o 36% do total), Murcia (29 sociedades, o 11,4%) e Galicia (28 novas, o 11%).
- A presenza das mulleres na estrutura destas sociedades acadou, no ano 2021, o 100% na categoría de socios iniciais capitalistas en Galicia, sendo a porcentaxe maior que na media española (38,6%). Con relación ao informe anterior, as galegas aumentan a súa presenza nesta categoría en 33,3 puntos, mentres que en España redúcese en 2,2 puntos.
- A partir da depuración da información do Rexistro de Sociedades Laborais da Xunta de Galicia, no ano 2021 habería 656 sociedades activas na nosa comunidade, atopándose a maioría as provincias de Pontevedra (274) e A Coruña (209). A maioría exercen a súa actividade nos servizos (71,3%), seguida pola industria (13,9%), construción (12,3%) e agricultura (2,4%). A súa antigüidade media é de 15 anos. As sociedades con máis idade as atopamos en Lugo, 17,6 anos, sobre todo na agricultura (22 anos) e na industria (20,4)
- A evolución destas sociedades, en Galicia e España, segundo os datos publicados polo ministerio, é decrecente no tempo. No último ano, a data de 30 de xuño do 2020, hai 417 sociedades galegas inscritas na Seguridade Social, sendo 439 menos que as que había no ano 2009, cunha caída media anual similar á media española (-6,3%).
- Nese ano, perdéronse 123 empregos nestas sociedades en Galicia, -5,4%, caída moi inferior á media española (-8,8%).
- A presenza das mulleres na estrutura destas sociedades en Galicia acadou o 66,7% no ano 2020 na categoría de socios capitalistas e o 33,3% nos traballadores, sendo ambas porcentaxes superiores ás da media española (40,8% e 31,1%). Con relación ao informe anterior, aumenta o peso feminino na categoría de socios capitalistas aínda que diminúe nos traballadores. No conxunto, as mulleres representan o 35,2% dos socios, reducindo a súa participación con relación ao ano anterior (42,9%).

### 14.3. Empresas de Inserción

- En decembro de 2021, había **13 empresas de inserción activas** e rexistradas na Xunta de Galicia, dado que houbo unha alta (no sector agrario) e unha baixa (no industrial).
- Por sectores: 9 delas clasifícanse nos servizos, 2 no sector primario, 1 na industria e 1 na construción. Por provincias, a maioría, 7, teñen a sede na provincia de A Coruña, 4 en Pontevedra e 2 en Lugo. Todas teñen a forma xurídica de sociedade limitada.
- No referente ao número de persoas contratadas e a facturación por traballador, o último datos dispoñible na base SABI é do ano 2020, e xa nos permiten coñecer o impacto da pandemia sobre estas variables.
- Así, a facturación neste ano reduciuse en 56.896 euros (-2,5%) con relación ao ano 2019 no que se produciu un aumento do 31%.
- No que se refire ao número de persoas empregadas, a crise non tivo impacto nesta variable, xa que o número de empregados (medio) aumenta en 10 persoas, chegando



a 84 no ano 2020, e mantendo a tendencia crecente do emprego nas EIL dende o ano 2015.

- En canto á facturación por traballador diminúe de 30.499 euros no 2019 a 26.191 euros no 2020, pero en este ano, temos información só de 11 das 12 EIL galegas, aumenta o número medio de empregos e, como se sinalou, descendeu a facturación por mor da crise da COVID-19.
- Por outra banda, se atendemos ás cifras proporcionadas por AEIGA sobre 8 das 9 empresas pertencentes á asociación, elevouse considerablemente o número de persoas contratadas: de 87 no 2019 a 182 no 2021, das cales 153 o estaban na modalidade de inserción. O incremento obsérvase especialmente no caso das mulleres en inserción: de 17 mulleres contratadas nesta modalidade no 2019 a 89 no 2021, pasando a superar o número de homes (64). Durante o ano 2021, 11 persoas puideron inserirse no mercado laboral ordinario.
- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (anteriormente Consellería de Economía, Emprego e Industria) convoca anualmente axudas para fomentar tanto a creación como o mantemento deste tipo de empresas. Estas permiten cubrir unha parte do custo salarial das persoas vulnerables e tamén do custo adicional que se deriva do emprego deste tipo de traballadores. As partidas orzamentarias dirixidas a estes programas de incentivos foron incrementándose considerablemente nos últimos anos, desde os 378.790 euros do ano 2018 ata o 1.000.000 euros aprobado para 2022.

#### 14.4. Centros Especiais de Emprego

- Os CEE poden ser de carácter público ou privado, con ou sen ánimo de lucro. Segundo os datos do Rexistro de CEE da Xunta de Galicia correspondentes ao ano 2021 existían un total de 117 CEE, 58 pertencentes á Economía Social e 59 pertencentes á economía capitalista. O número de CEE aumenta, xa que crearon 10 novos fronte a 4 baixas.
- En torno ao 81,2% dos CEE adoptan a forma xurídica e Sociedade Limitada (75,9% ES; 86,4% EC). Nos de ES o 15,5% proceden de asociacións.
- Por provincias, o 63,2% teñen a súa sede na provincia de A Coruña, o 24,8% en Pontevedra, o 7,7% en Lugo e o restante 4,3% en Ourense. Se analizamos os que son de ES o peso en Coruña elévase ao 69%, en Pontevedra baixan ao 19%, tamén descenden en Lugo ao 5,2% e en Ourense suben ao 6,9%.
- Case a metade dos CEE centran as súas actividades no sector servizos (46,2%), levando a cabo principalmente actividades de limpeza xeral de edificios e de xardinería.
- No ano 2020 case o 8% da forza de traballo de 16 a 64 anos está representada polo colectivo de persoas con discapacidade en Galicia. O 68,2% das discapacidades rexistradas son de tipo físico e predominan aquelas con porcentaxes comprendidas entre o 33% e o 44%.
- A menor presenza no mercado laboral reflexa unha taxa de actividade tan só dun 30,5%, o que supón 45,3 puntos por debaixo da do colectivo de persoas sen discapacidade. A taxa de emprego foi do 24,4%, a 42,4 puntos de distancia do grupo de persoas sen discapacidade. Por outra banda, o 20% da poboación activa con discapacidade atopábase en situación de *desemprego*, fronte a 11,9% para a poboación sen discapacidade. En relación ao ano 2019 todas as taxas experimentaron un aumento, excepto a de paro que diminúe.

- E nos tres casos a taxa feminina supera á masculina na poboación con discapacidade, mentres que no resto da poboación isto só ocorre no caso da taxa de paro.
- Mais da metade da poboación activa das PCD tiña un grao de discapacidade de entre o 33% e o 44%. As discapacidades sensorial e a física levan asociadas unha maior taxa de emprego. Pola contra as taxas de actividade cando as limitacións son intelectuais e mentais non se traducen en emprego.
- En Galicia no ano 2020, o 75,6% do total das axudas de apoio á creación de emprego foron destinadas á integración laboral das persoas con discapacidade. As provincias máis beneficiadas foron A Coruña con máis da metade (53,8%), seguida de Pontevedra (33,8%). Os CEE recibiron o 92% das axudas, destinadas principalmente ao mantemento de postos de traballo (91,5%).
- As cifras de contratación constatan a recuperación tras a crise sanitaria producida pola Covid-19 na contratación das PCD, e tanto en Galicia como en España. En Galicia no ano 2021 os contratos específicos a PCD experimentaron un crecemento do 31,4%, e de 30,6% no caso dos CEE

#### 14.5. Confrarías de pescadores

- No ano 2020 había 63 confrarías de pescadores, que representan o 31,8% do total das españolas (198), organizadas en 3 federacións e que conforman a Federación Galega de Confrarías de Pescadores. En Lugo atopamos 6 confrarías, 35 en A Coruña e 22 en Pontevedra.
- Das 11.494 afiliacións ás confrarías galegas, o 65,2 % son traballadores e traballadoras (7.493) e 4.001 corresponden a empresas
- Por federacións, Pontevedra representa a maior porcentaxe de afiliacións (o 50, 2%), seguida de A Coruña (44,5 %) e Lugo (5,3 %), manténdose esta representación tanto no caso de empresas como de traballadores/as, que supoñen o 65% das afiliacións galegas, é suben ao 79,7% en Lugo.
- No ano 2021 detéctase unha nova caída no número de afiliacións nas confrarías de pescadores (aínda que moi lixeira), tanto de empresas como de traballadores/as, agás na federación de A Coruña, onde hai 115 máis, das cales 86 son de empresas (cun aumento do 5%). As maiores caídas do número de afiliados prodúcense en Pontevedra (pola maior redución das persoas traballadoras, 106 menos, o que supón unha caída do 2,8%). En Lugo aumentan en 2 as empresas afiliadas (1,7%) pero hai unha lixeira caída do número de persoas traballadoras afiliadas (-7, un -1,4%).
- As mulleres teñen unha maior representación dentro do colectivo de persoas traballadoras, 2.860 (dúas máis que no ano anterior), o 38% do total e o 85% das afiliacións femininas. As afiliacións, no caso das empresarias, aumenta en 58 con relación ao 2020, son en total 495 e representan o 12,4% do total.
- Por sectores, a maior caída relativa das afiliacións a atopamos no sector de baixura (frota do cerco), -5% de variación, debido a caída na federación de A Coruña (-8,6%). Pola contra, o maior aumento relativo o atopamos no marisqueo desde embarcación (106 novas afiliacións, 7,3%).
- Por sector de actividade, nas provincias de A Coruña e Lugo as confrarías teñen a maior presenza no de pesca de baixura (frota de artes menores), co 41 e 41,7% das afiliacións, mentres que en Pontevedra, a maior porcentaxe a atopamos no marisqueo desde embarcación (40,9%).

- No ano 2021 en Galicia había un total de 3.676 permisos para o marisqueo, 48 menos que no ano anterior e 1502 menos que no 2015, polo que continua a tendencia de anos anteriores. Esta redución prodúcese fundamentalmente nos marisqueos asignados ás mulleres, que pasaron dos 2.980 no ano 2015 aos 2.731 no ano 2021, son, polo, tanto 249 permisos menos, aínda que a maior parte deste permisos, o 74% segue sendo para mariscadoras.
- A distribución de permisos, por xénero, indica que as mulleres mariscadoras teñen unha idade media máis elevada ca dos homes, aínda que para eles, parece que se está a elevar a idade media tamén, o que se terá que ir analizando nos próximos anos.
- O total de pesca desembarcada nos portos galegos no ano 2020 foi de 252.184 toneladas, o que supón un 1,86% máis que no ano anterior, e que representa o 48,5% da pescada desembarcada no conxunto de portos de España.
- En total, no ano 2021 vendéronse nas lonxas galegas 132.783 toneladas de produtos procedentes da pesca fresca, que xeraron un valor de 425 millóns de euros. A maior porcentaxe, en cantidade, vendeuse na “Lonja Coruña, S.A.” (o 21%), pero en valor, o maior o atopamos na de Vigo (o 20,7%).

#### 14.6. As Sociedades Agrarias de transformación

- En Galicia, en 2021, había 1.072 entidades baixo esta forma societaria, onde participan 10.193 socios, cun capital social de 59,3 millóns de euros. Unhas cifras que permiten situar a Galicia como a sexta Comunidade Autónoma por número de SAT e a oitava por número de socios e capital social. O peso do sector primario sobre os indicadores económicos e laborais en Galicia permiten xustificar esta conclusión, de forma parecida ao que sucede co resto de CCAA cun importante peso relativo do sector agrario, gandeiro e forestal, como sucede en Andalucía, Extremadura, Castela e León e Castela-A Mancha.
- Son as provincias da Coruña e Lugo as que teñen un maior número de SAT, algo similar obtense a partir do estudo do número de socios e o importe de capital social. Asemade, da análise efectuada pódese comprobar como Galicia presenta, en 2021, un reducido número medio de socios por SAT (9,5) en relación ao indicador a nivel nacional (24,9), aínda que a dotación media por socio en Galicia (5.828 euros) é superior ao resultado obtido a nivel nacional (3.398 euros).

#### 14.7. As Comunidades e Mancomunidades de Montes Veciñais en Man Común

- 97,3 % da superficie forestal en Galicia é privada -preto de 2 millóns de hectáreas- o que representa o 66 % do territorio galego, mentres unicamente un 2 % está xestionado pola Administración Pública. Preto de 700.000 hectáreas de territorio galego -case o 25 % do total- corresponde a MVMC.
- En 2021, hai 235 montes públicos, cunha superficie total de 53.636 hectáreas (ha). A meirande parte de propiedade é dos concellos e entidades locais menores (50,2 %). O 36,2 % son montes de utilidade pública, mentres que o 13,6 % restante pertence ao Estado ou a Comunidade Autónoma.
- Nese ano, Galicia rexistra 3.016 MVMC, cunha superficie de 662.512 has. O tamaño medio é de 220 ha.

- A distribución provincial dos MVMC destaca Ourense, que achega o 38,3 % destas entidades e o 41,9 % da súa superficie total. A continuación estaría a provincia de Lugo, con participacións do 27,5 % e o 30,4 % para o número de MVMC e superficie, respectivamente. A Coruña é a provincia con menor representación desta propiedade, con 48.074 ha (7,3 % da superficie total).
- En 2021 había 3.013 CMVMC. Ourense, con 1.153 agrupacións, é a provincia con maior presenza destas unidades (38,3 %), mentres que A Coruña presenta a menor achega ao total con 8,9 %.
- Co relación ao número de comuneiros había 119.309. A meirande parte están na provincia de Pontevedra (43,8 %), seguida de Ourense (26,8 %). Pola contra, menos dun 30 % dos comuneiros se atopan nas provincias de A Coruña e Lugo.

#### 14.8. As Mutuas de seguros e mutualidades de previsión social

- En decembro de 2020, hai en Galicia 1 mutua de ámbito nacional e 3 mutualidades de previsión social de ámbito autonómico. Estas últimas son todas consideradas de dimensión reducida. Aínda que non son un número elevado, as mutuas de seguros e mutualidades de previsión social que están neste momento activas en Galicia teñen unha longa traxectoria.
- Ao remate do 2021, as entidades consideradas acollen a 6.834 mutualistas. Non obstante, as cifras de asegurados son maiores dado que, ademais dos asinantes da póliza, deben incluírse outros beneficiarios das mesmas (cónxuxes, fillos menores...), chegando a cubrir un total de 9.478 asegurados.
- Estas empresas contaban con 13 persoas empregadas no 2021, 7 eran mulleres (unha máis que o ano anterior) e 6 homes. Agora ben, debe terse en conta que hai moitos outros profesionais que traballan vinculados ás mutuas, como é o caso dos cadros médicos.
- En 2021, as primas devengadas polas mutuas e mutualidades de previsión social en Galicia acadaron os 14.880 miles de euros, dos cales 14.750 corresponderon ao ramo non vida. Obsérvase, polo tanto, un incremento con respecto aos anos anteriores que se debe fundamentalmente ao aumento experimentado polas primas devengadas pola Sociedade de seguros mutuos marítimos de Vigo. Tamén aumentan as primas devengadas pola Unión de Artesanos, mentres que baixan nas restantes mutualidades.

#### 14.9. Aproximación ao impacto socioeconómico das Sociedades Laborais e Cooperativas en Galicia

Das 310 Sociedades Laborais con información dispoñible no SABI, pódense extraer as seguintes principais conclusións:

- Os ingresos de explotación do último ano do que se dispón de información, 2020, acadou un valor de 109 millóns de euros, -21,5 millóns menos que no ano da prepan-demia (-16,5%), e -28,7 millóns menos que no inicio da serie analizada (2010).
- Con relación ao número de persoas empregadas, no ano 2020 son 1.219, perdéndose 172 empregos con relación ao ano anterior (un -12,4%), e -894 con relación ao ano 2010.

- Se se analizan os ingresos de explotación por empregado), aínda que descende no ano 2020 (dos 94 miles por empregado do ano 2019 aos 89,6 do último ano), con relación ao ano 2010, aumenta en 24,3 miles de euros por empregado.

Das 231 Sociedades Cooperativas con información dispoñible no SABI, pódense extraer as seguintes principais conclusións:

- Os ingresos de explotación do último ano do que se dispón de información, 2020, acadou un valor de 892 mil euros, 436 mil menos que no ano da prepandemia (-32,8%).
- Con relación ao número de persoas empregadas, no ano 2020 son 3.584, aumentando en 149 empregos con relación ao ano anterior (un 4,3%), polo que se constata que o impacto da crise da COVID-19, tivo menos impacto no emprego das cooperativas que en outras fórmulas societarias.
- Se se analizan os ingresos de explotación por empregado), aínda que descende no ano 2020 (dos 386,6 miles por empregado do ano 2019 aos 379,5 do último ano), na comparativa coas sociedades laborais, pódese constatar uns mellores resultados.

#### **14.10. Políticas públicas para o desenvolvemento da Economía Social e o asociacionismo**

- Entre 2014 e 2020 a Comisión Europea estima que se investiron preto de 2.500 millóns de euros para o apoio á ES, sendo na súa maioría actuacións encaixadas no marco dos fondos estruturais.
- Tras a pandemia da COVID-19, a aposta da Comisión Europea de impulso as entidades da ES refórzase, adoitando, en decembro de 2020, o seu primeiro plan de acción (*Construír unha economía que funcione para as persoas: un plan de acción para a ES*) a partir do cal elabórase o Documento Estratexia Fondo Europeo Plus 2021-2027, que busca potenciar o investimento social e aumentar o apoio aos axentes da ES, xunto coas empresas sociais, para que melloren a creación e calidade do emprego.
- En clave estatal, ao longo do 2021, deseñouse a nova Estratexia Española de Economía Social 2021-2027, ademais de incluír a ES nos fondos *Next Generation UE* e o aumento de 4 a 10 millóns de euros nas axudas para o financiamento das actividades de promoción da ES
- En Galicia, o incremento do orzamento público destinado a este tipo entidades foi do 22 % respecto a 2020, ata acadar os 33 millóns de euros, establecendo tres liñas de acción: O programa Aprod-Economía Social, o ES-Transforma e o Bono Consolida.
- Así, en 2021 a Xunta de Galicia destinou, entre os dous programas, máis de 4,6 millóns de euros ao aumentar o crédito inicial previsto de 3,3 millóns, a fomentar o emprendemento en cooperativas e sociedades laborais a través de 474 axudas neste programa. Polo que respecta ao Programa I o resultado foi un investimento de case 2,5 millóns de euros a través de 158 proxectos. En relación ao Programa II o importe superou os 2,1 millóns de euros con 316 axudas concedidas

### 14.11. O sector financeiro cooperativo en Galicia

- En España, temos dous grandes grupos financeiros, a Unión de Cooperativas de Crédito (UNACC) e o Banco de Crédito Cooperativo (BCC), do que é o principal accionista, Cajamar. A súa actividade financeira oríentase ao servizo de todos os sectores económicos e de poboación, atendendo as necesidades e demandas de financiamento, aforro e investimento dos socios e clientes das caixas rurais asociadas, no caso de UNACC, ou dos accionistas no caso do BCC.
- Esta entidades tiñan, no 2020, un volume de activos de máis de 177.000 millóns de euros, captaron máis de 132.000 millóns e concederon préstamos por algo máis de 100.000 millóns de euros. Estas cifras representan ao redor do 2% do sector de banca cooperativa en Europa
- As 60 entidades financeiras que integran estes dous grupos contan con 3 millóns de membros, 10,6 millóns de clientes, e empregan a 18.000 persoas en máis de 4.000 oficinas.
- En Galicia operan dúas entidades pertencentes a estes grupos bancarios cooperativos: Caixa Rural Galega, integrada na UNACC, e Cajamar, principal entidade do BCC.
- Entre os anos 2017-2021, o volume de depósitos aumentou un 71%, pero o ritmo de crecemento ata 2019 roldaba o 9,5% anual, mentres que en 2020 crece un 18,7% e en 2021 un 19,8%. En canto ao volume de crédito achegado ao sistema aumentou neste cinco anos practicamente un 67%, pero aínda que o aumento anual no exercicio 2019 foi do 12,4%, en 2020 case se duplica (22%) e xa en 2021 parece atenuarse, ao incrementarse un 10,7%.
- Se analizamos as entidades de finanzas éticas de base cooperativa (FETS) en Galicia temos dúas: Fiare Banca Ética, que está regulada polo organismo e a normativa do sistema bancario convencional, e Coop 57, entidade parabancaria, que ofrece servizos financeiros aos seus asociados.
- A actividade de Fiare nos últimos cinco anos foi crecente, tanto a nivel nacional como en Galicia Cabe destacar o crecemento experimentado na súa actividade de captación de aforro e financiamento concedido no ano 2020, ano da pandemia. O aforro captado en España foi de 189,2 millóns de euros, un 28,5% máis que no ano anterior, e este crecemento acelérase en 2021, aumentando un 37,7% este ano respecto ao anterior. De forma similar, o importe do financiamento outorgado alcanzou os 65,5 millóns de euros, un 55,7% máis que o ano anterior, e en 2021 mantense esta tendencia, aínda que de forma máis moderada, crecendo un 17,4%.
- En canto á súa actividade de Coop 57 nos últimos cinco anos, mantivo un ritmo contido de crecemento. Destaca en canto a aforro captado, no ano da pandemia a cifra crece un 12% a nivel estatal e un 37,6% en Galicia, e en 2021 continúa esta tendencia crecente, aínda que algo máis moderada: un 11,2% en España e un 31,5% en Galicia. En canto ao volume de financiamento, a evolución non segue un mesmo patrón; mentres que no caso de España reduciuse o volume de préstamos concedidos en 2020 (aínda que crece en 2021 un 32,4%), en Galicia experimentou un crecemento en 2020 de case o 60%, aínda que a cifra reduciuse en 2021 algo máis dun 12%.

#### 14.12. Recomendacións xurídicas

- O aproveitamento das posibilidades ofrecidas por aquelas tecnoloxías capaces de congregar os participantes dunha xuntanza, con independencia da distancia que medie entre eles, presidiu boa parte das reformas acaecidas durante o ano 2021 en materia de economía social. A previsión legal da celebración a distancia das reunións dos órganos de goberno a administración das entidades pertencentes á economía social, sen que esta posibilidade fose contemplada nos seus estatutos, erixiuse na medida idónea encamiñada a garantir a continuidade da súa actividade económica, reducindo o contacto social en tempos de pandemia. Esta transición dixital abrupta dotounas de resiliencia perante a crise, por aquel entón, sanitaria. Adoptada con carácter temporal, semella aconsellable que esta medida deveña permanente, en previsión doutras crises, como a enerxética, derivada do actual contexto bélico internacional. Sobra engadir a súa virtualidade para afrontar a crise medioambiental, que obriga á evitación daqueles desprazamentos que impliquen a emisión de gases de efecto invernadoiro.
- A implantación estrutural das reunións a distancia cohónéstase cos principios cooperativos contemplados na Declaración sobre a identidade cooperativa, adoptada pola Asemblea Xeral da Alianza Cooperativa Internacional en 1995, e contidos na Recomendación nº 193 da OIT, sobre promoción das cooperativas, de 2002. En concreto, promove a xestión democrática destas entidades, ao favorecer a participación dos socios, removendo os obstáculos que impiden a súa asistencia presencial que obedezan, ben á necesidade de conciliar a súa vida persoal co exercicio dos dereitos derivados da súa condición, ben á conveniencia de prescindir de desprazamentos innecesarios. Contribúe, así mesmo, a favorecer o desenvolvemento sostible das comunidades habitadas por tales socios, na medida en que poderán botar raíces nelas pese a acharse distantes do domicilio social da entidade.
- A previsión legal da celebración de reunións e da adopción de acordos a distancia debe ir acompañada dunha regulación que ofrezca seguridade xurídica aos participantes. A identificación dos membros e a autenticación da súa identidade constitúen materias dignas de ser abordadas, así como o procedemento a seguir para a adopción dos acordos, tendo presente a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.
- Xunto coa regulación proposta, antóllase ineludible a previsión das medidas formativas necesarias para que os membros das entidades pertencentes á economía social sexan quen de exercer os seus dereitos, sen que o uso das novas tecnoloxías sirva para afondar a fenda dixital que hoxe en día exclúe a boa parte da poboación da participación de numerosas actividades e iniciativas. Só así se acadará unha transición dixital xuta e inclusiva na cal as entidades pertencentes á economía social estean chamadas a desempeñar un rol protagonista, tendo en conta os principios que presiden a súa actuación. Destaca, en concreto, a educación e formación que as cooperativas deben fornecer aos seus socios, representantes, directivos e empregados, de acordo co disposto na citada Declaración sobre a identidade cooperativa. Educación e formación que non poden quedar á marxe da adquisición das competencias dixitais precisas para desenvolverse ben entrada a IV Revolución Industrial.
- A irrupción das novas tecnoloxías da información e da comunicación non só debe ser obxecto de regulación en canto atinxen ao funcionamento interno das entidades pertencentes á economía social, senón tamén ás relacións establecidas entre as Administracións Públicas e os administrados. En aras da eficacia e da eficiencia que

preconiza a Exposición de Motivos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, convén introducir as reformas precisas para consolidar unha “Administración sen papel” que, ademais de aforrar custes, resulte máis accesible á cidadanía. Nese senso, interesa reparar na adopción de medidas tales como a legalización telemática dos libros obrigatorios das cooperativas. O anterior favorecería tamén a interconexión administrativa, desexable en prol da consecución dunha maior transparencia.

- Unha axeitada regulación das innovacións tecnolóxicas aplicables, tanto ao funcionamento das entidades pertencentes á economía social, como ás súas relacións coas Administracións Públicas, reconduciría ao terceiro sector iniciativas susceptibles de permanecer ocultas dentro do que se coñece como “economía informal”. Deste xeito, a construción dun marco legal axeitado para dar cabida ao cooperativismo de plataformas podería brindar unha alternativa socialmente responsable e sostible a unha economía de plataformas, escasamente compatible co respecto da normativa laboral, fiscal e administrativa vixente.
- No eido laboral, procede artellar procedementos que permitan detectar a constitución de “falsas cooperativas” baixo as cales se agochan actividades empresarias que pouco teñen que ver cos principios orientadores da economía social, en xeral, e polos principios cooperativos, en particular. A previsión dun réxime de encadramento no sistema de Seguridade Social “á carta”, en virtude do cal os estatutos dunha sociedade cooperativa poden decantarse, ben pola inclusión dos seus socios traballadores no Réxime xeral, ben pola súa incorporación ao Réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, non fai senón acentuar este risco. A loita contra estas “seudoidantidades”, na que fai fincapé a Resolución relativa ao traballo decente e á economía social e solidaria da OIT, debe constituír unha prioridade para os poderes públicos, coa fin de impedir, por unha banda, que a forma cooperativa encubra verdadeiro traballo asalariado, privando aos aparentes socios traballadores dos dereitos que lles corresponderían en tanto asalariados sometidos ao Estatuto dos Traballadores; e, por outra banda, que estas falsas cooperativas accedan ás axudas dispensadas ás entidades pertencentes á economía social.
- Afondando na problemática inherente ao estatuto xurídico dos socios traballadores das cooperativas de traballo asociado, cómpre reconsiderar o papel dos sindicatos na defensa dos seus dereitos. A Resolución relativa ao traballo decente e á economía social e solidaria da OIT pon o acento na necesidade de velar porque os seus traballadores gocen de liberdade sindical e teñan efectivamente recoñecido o dereito á negociación colectiva. Porén, a natureza societaria que o art. 80 da Lei 27/1999, de 16 de xullo, de cooperativas, atribúe á relación mantida entre os socios traballadores e as cooperativas de traballo asociado pon en dúbida o recoñecemento dun dereito que a Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical recoñece aos traballadores, por máis que o art. 28 da Constitución española aluda ao dereito de todos a sindicarse libremente, autorizando só a exclusión dos membros das Forzas e Institutos armados e dos restantes Corpos sometidos a disciplina militar. A sentenza do Tribunal Supremo de 8 de maio de 2019 considerou, non obstante, que a exclusión contemplada no art. 28 da Constitución merecen unha interpretación restritiva, tendente a dar cabida ao recoñecemento do dereito á liberdade sindical dos socios traballadores. Un nivel axeitado de seguridade xurídica aconsellaría contemplar o recoñecemento expreso do dereito á liberdade sindical dos socios traballadores, erixindo ao sindicato como interlocutor clave entre eles e unha cooperativa cuxos intereses non son sempre



concordantes cos dos seus membros. Así, poderían promover o exercicio dos dereitos dos traballadores asociados á cooperativa, como establece a Recomendación nº 193 da OIT, sobre promoción das cooperativas.

## 15. BIBLIOGRAFÍA

- ARROYO, A., BARRIO, A., BERCOVITZ, R. e BERCOVITZ, A. (2018): "Sociedades Agrarias de Transformación", en BERCOVITZ, A (Dir.), *Sociedades Mercantiles*, Aranzadi, 2ª edición, Navarra.
- ASOCIACIÓN GALLEGA DE COOPERATIVAS ALIMENTARIAS, AGACA (2021). <http://agaca.coop/>
- BANCO DE ESPAÑA (2019). Boletín Estadístico. (02/2019). Recuperado de: [https://www.bde.es/f/webbde/ses/secciones/publicaciones/informesboletinesrevistas/boletinestadistico/19/fich/be\\_febrero2019\\_es.pdf](https://www.bde.es/f/webbde/ses/secciones/publicaciones/informesboletinesrevistas/boletinestadistico/19/fich/be_febrero2019_es.pdf)
- BASTIDA, M. e VAQUERO, A. (2019). As comunidades e mancomunidades de montes man común, en CANCELO, Mª. T e BOTANA, M.J. (Dir.) *Libro Branco da Economía Social en Galicia 2019*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudos Cooperativos, Santiago de Compostela.
- BASTIDA, M. e VAQUERO, A. (2020). As comunidades e mancomunidades de montes man común, en CANCELO, Mª. T e BOTANA, M.J. (Dir.) *Libro Branco da Economía Social en Galicia 2020*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudos Cooperativos, Santiago de Compostela.
- BASTIDA, M. e VAQUERO, A. (2021). As comunidades e mancomunidades de montes man común, en CANCELO, Mª. T e BOTANA, M.J. (Dir.) *Libro Branco da Economía Social en Galicia 2021*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudos Cooperativos, Santiago de Compostela.
- BASTIDA, M., VAQUERO, A. e CANCELO, M. (2019). La Ley de Economía Social de Galicia en FAJARDO, G. E CHAVEZ, R. (Eds.) *La economía social en la Comunidad Valenciana: regulación y políticas públicas*, 43-52, CIRIEC-España.
- BASTIDA, M., VAQUERO, A. e CANCELO, M. (2020). "La contribución de la Ley de Economía Social al desarrollo territorial y a la mejora del empleo", *Revesco- Revista de estudos cooperativos*, 134, 1-20.
- BASTIDA, M., VAQUERO, A. e VÁZQUEZ, M.A. (2021). "A New Life for Forest Resources: The Commons as a Driver for Economic Sustainable Development—A Case Study from Galicia", *Land*, 10(2): 99,

- BASTIDA, M<sup>a</sup>., VAQUERO, A. e OLVEIRA, A. (2019). Políticas públicas para o desenvolvemento da Economía Social e o asociacionismo, en CANCELO, M. e BOTANA, M.J. (Dir.) *Libro Branco da Economía Social en Galicia 2018*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudos Cooperativos, Santiago de Compostela.
- BASTIDA, M<sup>a</sup>., VAQUERO, A. e OLVEIRA, A. (2020). Políticas públicas para o desenvolvemento da Economía Social e o asociacionismo, en CANCELO, M. e BOTANA, M.J. (Dir.) *Libro Branco da Economía Social en Galicia 2019*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudos Cooperativos, Santiago de Compostela.
- BASTIDA, M<sup>a</sup>., VAQUERO, A. e OLVEIRA, A. (2021). Políticas públicas para o desenvolvemento da Economía Social e o asociacionismo, en CANCELO, M. e BOTANA, M.J. (Dir.) *Libro Branco da Economía Social en Galicia 2020*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudos Cooperativos, Santiago de Compostela.
- BEL, P. (1995). Similitudes y diferencias entre las sociedades cooperativas agrarias y las sociedades agrarias de transformación a la luz de los principios cooperativos tras el Congreso de Manchester, *Revesco: revista de estudios cooperativos*, 61, 107-126.
- CANCELO, M. & VAQUERO, A. (2019). As sociedades agrarias de Transformación en CANCELO, M e BOTANA, M.J. (Dir.) *Libro Branco da Economía Social en Galicia 2019*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudos Cooperativos, Santiago de Compostela.
- CANCELO, M. & VAQUERO, A. (2020). As sociedades agrarias de Transformación en CANCELO, M. e BOTANA, M.J. (Dir.) *Libro Branco da Economía Social en Galicia 2019*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudos Cooperativos, Santiago de Compostela.
- CANCELO, M. & VAQUERO, A. (2021). As sociedades agrarias de Transformación en CANCELO, M. e BOTANA, M.J. (Dir.) *Libro Branco da Economía Social en Galicia 2019*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudos Cooperativos, Santiago de Compostela.
- CARCHANO ALCARAZ, M.; CARRASCO MONTEAGUDO, I. y SOLER TORMO, F. (2021): "La contribución de las cooperativas de crédito para aliviar la exclusión financiera geográfica en los espacios menos poblados. El caso de España", *CIRIEC-España, Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa*, 103, 197-224. DOI: 10.7203/CIRIEC-E.103.17509.
- CEGASAL (Asociación Galega de Centros Especiais de Emprego Sen Ánimo de Lucro). Os centros especiais de emprego en Galicia (2020). [http://www.eusumo.gal/sites/default/files/Informe%20CEE%20en%20Galicia\\_2020%20%281%29.pdf](http://www.eusumo.gal/sites/default/files/Informe%20CEE%20en%20Galicia_2020%20%281%29.pdf)
- CERMI (Comité Español de Representantes de Personas con Discapacidad). <https://www.cermi.es/>
- CHAVES ÁVILA, R. JULIÁ IGUAL, J.F. Y MONZÓN CAMPOS, J.L. Dirs. (2019). Libro Blanco del cooperativismo y la economía social valenciana. CIRIEC-España, Centro Internacional de Investigación e Información sobre la Economía Pública, Social y Cooperativa. ISBN-13: 978-8494948381.
- CHAVES, R. (2007). *La economía social en las políticas públicas en España*. CIRIEC España. Disponible en [http://www.empleo.gob.es/es/sec\\_trabajo/autonomos/economia-soc/NoticiasDoc/NoticiasPortada/ES\\_politicas\\_publicas\\_2007.pdf](http://www.empleo.gob.es/es/sec_trabajo/autonomos/economia-soc/NoticiasDoc/NoticiasPortada/ES_politicas_publicas_2007.pdf).
- CHAVES, R. e MONZÓN, J.L. (2018). La economía social ante los paradigmas económicos emergentes: innovación social, economía colaborativa, economía circular, responsabilidad social empresarial, economía del bien común, empresa social y economía solidaria. CIRIEC- España, *Revista de economía pública y cooperativa*, 93, 5-50.

- CHAVES, R., e SAVALL, T. (2013). "La insuficiencia de las actuales políticas de fomento de cooperativas y sociedades laborales frente a la crisis en España", *REVESCO Revista de Estudios Cooperativos*, 113, 61–91.
- COMISIÓN EUROPEA (2008): *Financial Services Provision and Prevention of Financial Exclusion*. Bruselas: Dirección Xeral para o Emprego, Asuntos Sociais e Igualdade de Oportunidades.
- COMISIÓN EUROPEA (2019). El pacto verde europeo, [https://ec.europa.eu/info/strategy/priorities-2019-2024/european-green-deal\\_es](https://ec.europa.eu/info/strategy/priorities-2019-2024/european-green-deal_es), Bruselas.
- COMISIÓN EUROPEA (2021). Plan de acción para la Economía Social
- COMITÉ ECONÓMICO e SOCIAL (2017). *Evolución reciente de la Economía Social en Europa*. CIRIEC-International – Centre international de recherches et d'information sur l'économie publique, sociale et coopérative.
- COMITÉ ECONÓMICO e SOCIAL (2018). *Buenas prácticas en las políticas públicas relativas a la economía social europea tras la crisis económica. Síntesis*, CIRIEC internacional.
- COOP 57 (varios años). *Coop57 en cifras*. Recuperado de: <https://coop57.coop/é/informacion/coop57-en-cifras>
- COOP 57 (varios años). *Coop57 en cifras*. Recuperado de: <https://coop57.coop/é/informacion/coop57-en-cifras>
- EACB-European Association of Co-operative Banks (2021). Annual Report 2020. Bruselas. Recuperado de: <https://www.eacb.coop/en/about/annual-reports.html?p=1>
- EACB-EUROPEAN ASSOCIATION OF CO-OPERATIVE BANKS (2022). Annual Report 2021. Bruselas. Recuperado de: <https://www.eacb.coop/en/about/annual-reports.html?p=1>
- EUROPEAN PARLIAMENT (2015). *Resolution on social entrepreneurship and social innovation in combating unemployment*.
- FAJARDO, G. (2012). "El fomento de la Economía Social en la legislación española", *REVESCO-Revista de Estudios Cooperativos*, 107, 58-97.
- FETS-FINANCIAMENTO ÉTICO E SOLIDARIO (2020). *Barómetro das finanzas éticas. Unha radiografía do sector no estado español*. Barcelona. Recuperado de <https://fets.org/é/barometro/>.
- FORO ECONÓMICO DE GALICIA (2019). Xornada sobre o sector forestal, Ribadavia, 30 de maio de 2019.
- GOBERNO DE ESPAÑA. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (Varios años): *Informe Anual de Sociedades Agrarias de Transformación*, <https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/industriaagroalimentaria/sociedades-agrarias-de-transformacion/>
- IGE. IGE - Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade
- INE. INEbase / Mercado laboral /Actividad, ocupación y paro /El empleo de las personas con discapacidad / Resultados
- INFORME ARDÁN (2021). *Informe ARDÁN Galicia 2021*, ARDÁN Información Empresarial | CZFV
- INFORME ARDÁN (2022). *Informe ARDÁN Galicia 2022*, ARDÁN Información Empresarial | CZFV
- JORDÁN, M., COUTINHO, M., e MOUGÁN, H. (2004). *Libro Branco do cooperativismo en Galicia*. Xunta de Galicia.
- JULIA, J.F. & SERVER, R.J. (2003). "Social Economy Companies in the Spanish Agricultural Sector: Delimitation and Situation in the Context of the European Union", *Annals of Public and Cooperative Economics*, 74 (3), pp. 465-488.

- LÓPEZ PENABAD, M. C., MASIDE SANFIZ, J. M., & TORRELLES MANENT, J. (2019). Análisis económico y social de los centros especiales de empleo: un estudio en Galicia. REVESCO. *Revista De Estudios Cooperativos*, 132, 169-194. <https://doi.org/10.5209/reve.64305>
- LÓPEZ, E. (2019). "El sector agrario y agroalimentario en Galicia; balance de las transformaciones desde la integración europea, 1986-2016, *Revista Galega de Economía*, 28(3), pp. 1-20.
- MAULEÓN, E. (2015). "La sociedad agraria de transformación a la luz de los principios cooperativos de la ACI y de la Ley de Economía Social", *CIRIEC España- Revista Jurídica*, 27, pp. 459-494.
- MAULEÓN, E. & GENOVART, J.I (2018). "La inclusión de la sociedad agraria de transformación en la Ley de Economía Social. Pretensión del legislador o realidad en la praxis empresarial", *CIRIEC-España.Revista Jurídica*, 29, pp. 1-38.
- MINISTERIO DE TRABAJO e ECONOMÍA SOCIAL (2020). *Estrategia Fondo Europeo plus 2021-2027*, Ministerio de Trabajo e Economía Social.
- MONTERO VILAR, J.A., REZA CONDE, M.C. & PEDROSA LEIS, C. (2016): "Mutualidades de previsión social, economía social y mercado asegurador", *CIRIEC-España, Revista Jurídica de Economía Social y Cooperativa*, 29, 47-79.
- MONZÓN, J.L., ANTUÑANO, I. & MURGUI, S. (2014): Informe sobre el impacto económico y social de los Centros Especiales de Empleo en España, Resumen ejecutivo, Fundación ONCE.
- MONZÓN, J.L.; CUÑAT, R.J. Y HERRERO, M. (2019). Las empresas sociales en la Comunitat Valenciana: tipología, perfiles e impacto. CIRIEC España.
- MONZÓN-CAMPOS, J. L. Y HERRERO-MONTAGUD, M. (2016) Identificación y análisis de las características identitarias de la empresa social europea: aplicación a la realidad de los Centros Especiales de Empleo de la economía española. CIRIEC-España, *Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa*, N° 87, pp. 295-326.
- OBSERVATORIO DO EMPRENDIMENTO DE ESPAÑA (2020): Situación do emprendemento en España ante a crise do COVID-19: Análise e recomendacións. Recuperado en: [www.gem-spain.es](http://www.gem-spain.es)
- ODISMET (Observatorio sobre discapacidad y mercado de trabajo en España). <https://www.odismet.es/> ; <https://www.odismet.es/banco-de-datos/1integracion-laboral-y-tendencias-del-mercado-de-trabajo>
- ODISMET. ESTUDIO EFECTOS Y CONSECUENCIAS DE LA CRISIS DE LA COVID-19 ENTRE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDAD. [https://www.odismet.es/sites/default/files/2020-07/Informe\\_EstudioCOVID\\_19\\_v3\\_0.pdf](https://www.odismet.es/sites/default/files/2020-07/Informe_EstudioCOVID_19_v3_0.pdf)
- ODISMET. INFORME 6 DEL OBSERVATORIO SOBRE DISCAPACIDAD Y MERCADO DE TRABAJO DE LA FUNDACIÓN ONCE. [https://www.odismet.es/sites/default/files/2021-04/INFORME%206%20ODISMET\\_0.pdf](https://www.odismet.es/sites/default/files/2021-04/INFORME%206%20ODISMET_0.pdf)
- OMS (Organización Mundial de la Salud). <https://www.who.int/es/>; <https://www.who.int/topics/disabilities/es/>
- ONU 2006. Convention on the Rights of Persons with Disabilities. New York. <https://www.un.org/disabilities/documents/convention/convoptprot-e.pdf>
- ROMÁN, C. (2008). "Las Sociedades Agrarias de Transformación en España: un análisis histórico", *Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa*, 63, pp. 65-87.
- ROMÁN, C., GUZMÁN, B., MENDOZA, J. & PÉREZ, Mª. V. (2020). "La sostenibilidad social de las SATs. Una propuesta de indicadores para su evaluación, *Revesco- Revista de Estudios Cooperativos*, 133, pp. 71-80.

- RUIZ GUERRA, I. (2012): "Las entidades financieras de la economía social como herramienta para el desarrollo rural. Implicación de los recursos endógenos". *Revista Cooperativismo & Desarrollo*, 20 (101).
- SEPE. <https://www.sepe.es/HomeSepe/que-es-el-sepe/estadisticas/empleo.html>
- SERVER IZQUIERDO, R.J. & MARÍN, M. (2004). "Fiscalidad de las empresas de economía social", *Mediterráneo Económico*, Editorial Cajamar Caja Rural de crédito, núm. 6, pp. 223-237.
- TORRES MARTÍNEZ, J. (2018). "La contribución de la economía social a la inserción"; en Fajardo García, G. (coord.) La promoción del emprendimiento y la inserción social desde la economía social. Centro Internacional de Investigación e Información sobre la Economía Pública, Social y Cooperativa, *CIRIEC-España*. ISBN: 9788494948312
- VAQUERO, A. & LOSA, V. (2020). "Actuaciones desde la administración pública para evitar la despoblación del medio rural ¿Qué se puede hacer desde los ayuntamientos y diputaciones?" *Revista Gallega de Economía*, 29 (2).
- VAQUERO, A. (2021). Actuaciones presupuestarias y fiscales de las administraciones locales para evitar el despoblamiento del medio rural: situación actual y líneas de mejora, *Presupuesto y gasto público*, 102, pp. 151-166.
- VAQUERO, A. e BASTIDA, Mª. (2021). "A Economía Social como modelo de desenvolvemento para Galicia", *Documento 32 do Foro Económico de Galicia*, <https://foreconomicodegalicia.es/documentos.html>
- VAQUERO, A. e LOSA, V. (2020). "Actuaciones desde la administración pública para evitar la despoblación del medio rural ¿Qué se puede hacer desde los ayuntamientos y diputaciones?", *Revista gallega de economía*, septiembre.
- VARGAS, C. (2010). "Las sociedades agrarias de transformación. Aproximación crítica a su régimen legal", *Revista de derecho de sociedades*, 35, pp.159-180.
- VARGAS, C. (2012). *Las sociedades agrarias de transformación*. Editorial Dykinson.
- VIDAL, F., SEGURA, B. & RAYOS, J.A. (2001). "Situación económico-financiera de las Sociedades Agrarias de Transformación (SAT) de comercialización hortofrutícola de la provincia de Alicante", *Investigación Agraria, Producción y Protección Vegetales*, 16(1), pp.71-86.
- WORLD BANK. <https://www.bancomundial.org/es/topic/disability>
- XUNTA DE GALICIA (2022a). Oficina virtual do Medio Rural. Rexistro de Sociedades Agrarias de Transformación, <https://ovmediorural.xunta.gal/gl/tramites/sats>
- XUNTA DE GALICIA (2022b). Programa de desenvolvemento rural 2014-2020 de Galicia, <https://pdr-mediatorural.xunta.gal/es/pdr/el-programa>
- XUNTA DE GALICIA (Varios anos). *Anuario de Estatística Forestal de Galicia*, Santiago de Compostela, [https://mediorural.xunta.gal/es/areas/forestal/ordenacion/estadistica\\_forestal\\_gallega/](https://mediorural.xunta.gal/es/areas/forestal/ordenacion/estadistica_forestal_gallega/).
- XUNTA DE GALICIA (Varios anos). *Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia*

## TEXTOS NORMATIVOS

- GALICIA. Orde do 29 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción e se convocan para o ano 2021.
- GALICIA. Real Decreto 219/2011, de 2 de marzo, sobre organización e funcionamento do Consello para o fomento da Economía Social.

- ESPAÑA. Lei 55/1980, de 11 de novembro, de montes veciñais de man común.
- ESPAÑA. Real Decreto 1776/1981, de 3 de agosto, que regula as Sociedades Agrarias de Transformación.
- ESPAÑA. Lei 13/1982, de 7 de abril, de integración social de los minusválidos.
- ESPAÑA. Orde de 14 de setembro de 1982 que desenvolve o el Real Decreto 1776/1981, de 3 de agosto, que regula as Sociedades Agrarias de Transformación.
- ESPAÑA. Real Decreto 1044/1985, de 19 de xuño, polo que se regula o abono da prestación por desemprego na súa modalidade de pago único polo valor actual do seu importe, como medida de fomento do emprego.
- ESPAÑA. Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas (Disposición adicional primeira).
- ESPAÑA. Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.
- ESPAÑA. Lei 19/1995, de 4 de xullo, de Modernización de Explotacións Agrarias.
- ESPAÑA. Real Decreto 1776/1981, de 3 de agosto, que regula as Sociedades Agrarias de Transformación.
- ESPAÑA. Orde de 14 de setembro de 1982 que desenvolve o el Real Decreto 1776/1981, de 3 de agosto, que regula as Sociedades Agrarias de Transformación.
- ESPAÑA. Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas (Disposición adicional primeira).
- ESPAÑA. Lei 19/1995, de 4 de xullo, de Modernización de Explotacións Agrarias.
- ESPAÑA. Real Decreto 1056/2021, do 30 de novembro, polo que se modifican o Real Decreto 1009/2015, do 6 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas ao fomento da integración de entidades asociativas agroalimentarias de ámbito supraautonómico,
- ESPAÑA. Real Decreto 1010/2015, do 6 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas a investimentos materiais ou inmateriais en transformación, comercialización e desenvolvemento de produtos agrarios no marco do Programa Nacional de Desenvolvemento Rural 2014-2020 para o fomento da integración de entidades asociativas agroalimentarias de carácter supraautonómico.
- GALICIA. Lei de 6/2016, de 4 de maio, de economía social de Galicia.
- GALICIA. Real Decreto 795/1985, de 30 de abril, sobre traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Sociedades Agrarias de Transformación.
- GALICIA. Orde do 3 de setembro de 2021, pola que establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo en Galicia, financiadas co instrumento de recuperación da Unión Europea (EUR1) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PD) de Galicia 2014-2020 e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento MR351A).
- ESPAÑA. Lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social.
- ESPAÑA. Resolución do 15 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Emprego, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 29 de decembro de 2017, polo que aprobase a Estratexia Española de Economía Social 2017-2020
- ESPAÑA. Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley General de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social.
- ESPAÑA. Real Decreto 236/2018, de 27 de abril, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión das axudas para o fomento da creación de organizacións

- de produtores e asociacións de organizacións de produtores de carácter supra autonómico no sector agrario.
- GALICIA. Real Decreto 795/1985, de 30 de abril, sobre traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Sociedades Agrarias de Transformación.
- GALICIA. Lei 13/1989 de 10 de outubro, de montes veciñais de man común.
- GALICIA. Decreto 260/1992, de 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989 de 10 de outubro, de montes veciñais de man común.
- GALICIA. Lei 5/1998, do 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia.
- ESPAÑA. Lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social.
- ESPAÑA. Lei 55/1980, de 11 de novembro, de montes veciñais de man común.
- GALICIA. Decreto 260/1992, de 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989 de 10 de outubro, de montes veciñais de man común.
- GALICIA. Decreto 32/2016, de 23 de marzo, polo que se modifica o Decreto 52/2014, de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.
- GALICIA. Decreto 52/2014, de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.
- GALICIA. Lei 13/1989 de 10 de outubro, de montes veciñais de man común.
- GALICIA. Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.
- GALICIA. Lei 3/2018, de 28 de decembro de medidas fiscais e administrativas da Xunta de Galicia.
- GALICIA. Lei 6/2016, do 4 de maio, de economía social de Galicia.
- GALICIA. Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
- GALICIA. Lei 11/2021, de 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
- GALICIA. Lei 18/2021, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas da Xunta de Galicia
- GALICIA. Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, polo que se regula a organización e funcionamento do Consello Galego de Cooperativas.
- GALICIA. Decreto 430/2001, de 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia.
- GALICIA. Decreto 248/2004, do 14 de outubro, polo que se regulan os procedementos de conciliación e arbitraje cooperativa.
- GALICIA. Decreto 200/2005, de 7 de julio, por el que se regula la autorización administrativa y la inscripción en el Registro administrativo de Centros Especiales de Empleo de Galicia, y su organización y funcionamiento.
- GALICIA. Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.
- GALICIA. Decreto 45/2011, de 10 de marzo, polo que se regula o fomento das agrupacións de propietarios forestais, os requisitos e cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do se rexistro.
- GALICIA. Decreto Legislativo 1/2011, do 28 de xuño, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de tributos cedidos polo Estado.
- GALICIA. Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
- GALICIA. Decreto 225/2012, do 15 de novembro, de creación da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e a regulación do seu funcionamento
- GALICIA. Decreto 52/2014, de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.



- GALICIA. Decreto 32/2016, de 23 de marzo, polo que se modifica o Decreto 52/2014, de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.
- GALICIA. Lei de 6/2016, de 4 de maio, de economía social de Galicia.
- GALICIA. Lei 3/2018, de 28 de decembro de medidas fiscais e administrativas da Xunta de Galicia.
- GALICIA. Orde do 20 de decembro de 2019 pola que establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo en Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020.
- GALICIA. Orde do 29 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción e se convocan para o ano 2021.
- GALICIA. Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
- GOBERNO DE ESPAÑA. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (Varios anos): *Informe Anual de Sociedades Agrarias de Transformación*, <https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/industriaagroalimentaria/sociedades-agrarias-de-transformacion/>
- XUNTA DE GALICIA (2020). *Anuario de Estatística Forestal de Galicia*, Santiago de Compostela, [https://mediorural.xunta.gal/es/areas/forestal/ordenacion/estadistica\\_forestal\\_gallega/](https://mediorural.xunta.gal/es/areas/forestal/ordenacion/estadistica_forestal_gallega/).
- XUNTA DE GALICIA (2021): Oficina virtual do Medio Rural. Rexistro de Sociedades Agrarias de Transformación, <https://ovmediorural.xunta.gal/gl/tramites/sats>
- XUNTA DE GALICIA (Varios anos). *Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia*
- GALICIA. Decreto 52/2014, de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.
- GALICIA. Decreto 32/2016, de 23 de marzo, polo que se modifica o Decreto 52/2014, de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.
- GALICIA. Lei de 6/2016, de 4 de maio, de economía social de Galicia.
- GALICIA. Lei 3/2018, de 28 de decembro de medidas fiscais e administrativas da Xunta de Galicia.
- GALICIA. Orde do 20 de decembro de 2019 pola que establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo en Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020.
- GALICIA. Orde do 29 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción e se convocan para o ano 2021.
- GALICIA. Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
- GOBERNO DE ESPAÑA. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (Varios anos): *Informe Anual de Sociedades Agrarias de Transformación*, <https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/industriaagroalimentaria/sociedades-agrarias-de-transformacion/>

- XUNTA DE GALICIA (2020). *Anuario de Estadística Forestal de Galicia*, Santiago de Compostela, [https://mediorural.xunta.gal/es/areas/forestal/ordenacion/estadistica\\_forestal\\_gallega/](https://mediorural.xunta.gal/es/areas/forestal/ordenacion/estadistica_forestal_gallega/).
- XUNTA DE GALICIA (2021): Oficina virtual do Medio Rural. Rexistro de Sociedades Agrarias de Transformación, <https://ovmediorural.xunta.gal/gl/tramites/sats>
- XUNTA DE GALICIA (Varios anos). *Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia*



## 16. ÍNDICE DE CADROS, GRÁFICOS E TÁBOAS

### Cadros

Cadro 2.1. Escenarios xurídicos das empresas e entidades da Economía Social.....	20
Cadro 3.1. Tipos de Cooperativas en Galicia. ....	34
Cadro 5.1. EIL en Galicia 2021. Ano de rexistro e forma xurídica.....	73
Cadro 5.2. EIL en Galicia 2021. Actividade por código CNAE-2009.....	75
Cadro 6.1. Tipoloxía dos CEE en función das súas características socioeconómicas..	84
Cadro 9.1. Mancomunidades rexistradas en Galicia, 2021 .....	158
Cadro 10.1. Mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia. Ano 2021.....	167
Cadro 10.2. Ámbito de cobertura das mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia. Ano 2021.....	168
Cadro 12.1. Ámbitos de intervención da ES.....	191
Cadro 12.2. Clasificación de medidas de apoio á Economía Social.....	192
Cadro 12.3. Liñas de acción principais do PERTE da Economía Social e dos Coidados .....	194
Cadro 12.4. Accións principais en Galicia para a ES (2021).....	198

## Figuras

Figura 12.1. Medidas de apoio á ES en Galicia (2021).....	199
Figura 13.1. Características distintivas do modelo de banca cooperativa .....	206

## Gráficos

Gráfico 3.1. Cooperativas constituídas en Galicia (1990-2021).....	37
Gráfico 3.2. Variación no número de Sociedades constituídas Galicia-España (2009-2021).....	38
Gráfico 3.3. Distribución das novas cooperativas por provincias (2021) .....	38
Gráfico 3.4. Distribución das novas cooperativas por tipo de cooperativa (2021).....	39
Gráfico 3.5. Participación de persoas socias das novas cooperativas galegas por tipo de cooperativa (2021).....	41
Gráfico 3.6. Cooperativas por sector de actividade (2021) .....	43
Gráfico 3.7. Creación de cooperativas por sector de actividade. Evolución (2009-2020).....	43
Gráfico 3.8. Distribución (%) das cooperativas por provincias (2021).....	48
Gráfico 3.9. Distribución territorial das cooperativas galegas. Medio urbano e rural (2021) .....	49
Gráfico 4.1. Sociedades Laborais constituídas no ano 2021 nas CC.AA. ....	54
Gráfico 4.2. Socios iniciais nas Sociedades Laborais constituídas no ano 2021 por CC.AA.....	54
Gráfico 4.3. Sociedades laborais constituídas nas provincias galegas: acumulado 2016-21 .....	57
Gráfico 4.4. Antigüidade media das Sociedades Laborais nas provincias galegas, segundo a súa forma xurídica. 2021 .....	61
Gráfico 4.5. Antigüidade das Sociedades Laborais dadas de baixa no ano 2021 en Galicia, por grandes sectores de actividade.....	64
Gráfico 4.6. Evolución número de sociedades Galicia y España 2009-2020.....	66
Gráfico 4.7. Evolución número de traballadores nas Sociedades Laborais en Galicia e España 2009-2020 .....	67
Gráfico 4.8. Número de Sociedades laborais inscritas na Seguridade Social por CC.AA. 2020.....	67
Gráfico 4.9. Número empregos nas Sociedades laborais inscritas na Seguridade Social por CC.AA. 2020 .....	68
Gráfico 5.1. Evolución do número de EIL en Galicia (2008-2021).....	73
Gráfico 5.2. EIL en Galicia 2021. Distribución por provincias .....	74
Gráfico 5.3. EIL en Galicia 2021. Distribución por sectores.....	74
Gráfico 5.4. Persoas contratadas en inserción nas EIL de AEIGA por sexo. ....	77
Gráfico 6.1. Número de CEE (ES, EC) por forma xurídica. Galicia. 2021.....	86
Gráfico 6.2. Distribución provincial CEE (%), Galicia, Ano 2021.....	87

Gráfico 6.3. CEE por tipoloxía (ES, EC) e sectores de actividade, Galicia, 2021 (%).....	88
Gráfico 6.4. Porcentaxe de persoas con discapacidade segundo a relación coa actividade. 2014-2020.....	91
Gráfico 6.5. Persoas Con Discapacidade segundo actividade e sexo. Galicia. 2020 (%).....	91
Gráfico 6.6. Taxas de actividade, emprego e paro da poboación con e sen discapacidade, e sexo. Galicia. Ano 2020, (%).....	93
Gráfico 6.7 . Evolución da taxa de emprego e de paro das persoas con discapacidade. Galicia. 2014-2020 (%) .....	93
Gráfico 6.8. Taxas de actividade e emprego das PCD segundo o tipo de discapacidade. Galicia. 2020 (%).....	94
Gráfico 6.9. .Distribución dos fogares (persoas 16-64 anos) con discapacidade en relación coa actividade. Galicia, 2020 (%) .....	95
Gráfico 6.10. Poboación con discapacidade segundo nivel de estudos e sexo Galicia, 2014-2020 (%).....	96
Gráfico 6.11 . Contratos Específicos a PCD, Galicia, 2006-2021 (Miles). .....	98
Gráfico 6.12. Contratos Específicos A PCD, España, 2006-2021 (Miles) .....	98
Gráfico 6.13. Contratos Específicos a PCD en CEE, Galicia (% do total), 2006-2021...99	
Gráfico 6.14. Contratos Específicos a PCD en CEE, España (% do total), 2006-2021 .99	
Gráfico 6.15 Patrimonio dos CEE de Galicia por tipoloxía de Centro 2020 (%) .....	103
Gráfico 6.16. Estrutura de ingresos CEE Galicia por tipoloxía de Centro 2020 (%) ....	104
Gráfico 7.1. Número de confrarías por CC.AA.....	108
Gráfico 7.2. Distribución provincial do total de afiliados/as nas confrarías galegas.2021 .....	110
Gráfico 7.3. Peso dos traballadores/as afiliados nas confrarías galegas. 2021 .....	110
Gráfico 7.4. Peso das empresas afiliadas nas confrarías galegas segundo a súa forma xurídica. 2021 .....	111
Gráfico 7.5. Peso das persoas físicas e xurídicas afiliadas nas confrarías galegas por provincias no ano 2021 .....	112
Gráfico 7.6. Peso das persoas físicas e xurídicas afiliadas nas confrarías galegas por provincias no ano 2021 .....	112
Gráfico 7.7. Peso das confrarías galegas por sectores de produción no ano 2021..	114
Gráfico 9.1. Superficie media dos montes veciñais de man común por provincia, 2021 .....	152
Gráfico 9.2. Número de CMVMC por provincia, 2021 .....	152
Gráfico 9.3. Número medio de comuneiros por provincia, 2021 .....	154
Gráfico 9.4. CMVMC e comuneiros, 2021 (%).....	154
Gráfico 9.5. Ingresos e investimentos medios das CMVMC por provincia (2015-2021).....	157
Gráfico 9.6. Relación Ingresos/Investimentos medios das CMVMC (2015-2021)...	158

Gráfico 9.7. Mancomunidades de MVMC por provincia, 2021 .....	160
Gráfico 10.1. Número de mutualistas <sup>1</sup> nas mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia .....	169
Gráfico 10.2. Número de empregados directos nas mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia .....	170
Gráfico 10.3. Primas devengadas por mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia (miles de euros) .....	171
Gráfico 11.1. Sociedades Laborais activas e con información dispoñible no SABI ...	177
Gráfico 11.2. Sociedades Laborais con información no SABI segundo tipo .....	177
Gráfico 11.3. Ingresos de explotación (miles de €) .....	178
Gráfico 11.4. Total Activo (miles de €) .....	178
Gráfico 11.5. Resultados (miles de €) .....	179
Gráfico 11.6. Número de empregados .....	179
Gráfico 11.7. Ingresos de explotación por empregado (miles de €).....	180
Gráfico 11.8. Gastos de persoal por empregado (miles de €).....	180
Gráfico 11.9. Ingresos de explotación (miles de €) .....	181
Gráfico 11.10. Total Activo (miles de €).....	182
Gráfico 11.11. Resultados (miles de €).....	182
Gráfico 11.12. Número de empregados.....	183
Gráfico 11.13. Ingresos de explotación por empregado (miles de €).....	183
Gráfico 11.14. Gastos de persoal por empregado (miles de €).....	184
Gráfico 11.15. Cooperativas inscritas na Seguridade Social e con información dispoñible no SABI .....	185
Gráfico 11.16. Ingresos de explotación e total activo (miles de €).....	186
Gráfico 11.17. Resultados (miles de €).....	186
Gráfico 11.18. Número de empregados.....	187
Gráfico 11.19. Ingresos de explotación e gastos de persoal por empregado (miles de €).....	187
Gráfico 13.1. Evolución da actividade de Caixa Rural Galega (2017-2021, millóns de euros) .....	210
Gráfico 13.2. Distribución do investimento crediticio de Caixa Rural Galega (2017-2021; millóns de euros).....	210
Gráfico 13.3. Evolución da actividade de Cajamar (2017-2021, millóns de euros) ..	212
Gráfico 13.4. Distribución do investimento crediticio de Cajamar (2017-2021; millóns de euros).....	212
Gráfico 13.5. Evolución da actividade das entidades de FETS en España (en millóns de euros) .....	214
Gráfico 13.6. Taxa de morosidade bancaria. Comparativa banca tradicional e Banca ética (2012-2020).....	215

Gráfico 13.7. Actividade de Fiare Banca Ética en España e Galicia (2017-2021; miles de euros).....	216
Gráfico 13.8. Actividade de Coop 57 a nivel España e Galicia (2018-2021; miles de euros).....	217
Gráfico 13.9. Peso da actividade FETS en Galicia (%) no contexto español (miles de euros).....	218

## Táboas

Táboa 3.1. Cooperativas creadas por tipo de cooperativa (2008-2021).....	40
Táboa 3.2. Número de socios fundadores por tipo de cooperativa (2021).....	41
Táboa 3.3. Número de socios fundadores por tipo de cooperativa. Desagregación por sexo (2021).....	42
Táboa 3.4. Capital social medio por tipo de cooperativa (2020 - 2021).....	42
Táboa 3.5. Cooperativas activas por tipo de cooperativa (2021).....	45
Táboa 3.6. Cooperativas activas e rexistradas por tipo (2021).....	46
Táboa 3.7. Distribución de cooperativas activas por actividade económica principal (2021).....	47
Táboa 3.8. Sociedades Cooperativas activas en Galicia (Distribución territorial, 31.12.2020).....	48
Táboa 3.9. Distribución territorial das cooperativas por áreas urbanas e rurais (2020).....	49
Táboa 4.1. Sociedades Laborais constituídas anualmente e socios iniciais en Galicia e España. 2009-2021.....	53
Táboa 4.2. Sociedades Laborais constituídas segundo sector en Galicia e España 2009-2021.....	55
Táboa 4.3. Tipoloxía dos socios e socias en Galicia e España 2020 e 2021.....	56
Táboa 4.4. Sociedades Laborais constituídas en Galicia e as súas provincias no período 2016-2021.....	57
Táboa 4.5. Sociedades Laborais constituídas en Galicia no período 2016-2021, segundo forma xurídica, media de socios e de capital social.....	58
Táboa 4.6. Número de Sociedades Laborais en Galicia e provincias segundo a súa forma xurídica. 2021.....	59
Táboa 4.7. Número de Sociedades Laborais en Galicia e provincias por grandes sectores. 2021.....	59
Táboa 4.8. Número de Sociedades Laborais en Galicia e provincias: desagregación do sector servizos. 2021.....	60
Táboa 4.9. Antigüidade media das Sociedades Laborais en Galicia e as súas provincias por grandes sectores de actividade. 2021.....	62
Táboa 4.10. Sociedades Laborais dadas de baixa no ano 2021 en Galicia e as súas provincias, segundo a súa forma xurídica.....	62



Táboa 4.11. Sociedades Laborais dadas de baixa no ano 2021 en Galicia e as súas provincias, por grandes sectores de actividade.....	63
Táboa 4.12. Antigüidade das Sociedades Laborais dadas de baixa no ano 2021 en Galicia e as súas provincias, segundo a súa forma xurídica.....	63
Táboa 4.13. Creación neta de Sociedades Laborais en Galicia e España. 2009-2020	65
Táboa 4.14. Sociedades Laborais inscritas na Seguridade Social en 2020 por CC.AA.: porcentaxe sobre o total de España no número de sociedades e empregos e media do emprego.....	68
Táboa 4.15. Distribución sectorial por Centros de Cotización en Galicia e España. 2020 .....	69
Táboa 5.1. Facturación (importe neto cifra de ventas*) das EIL** en Galicia 2012-2020 .....	76
Táboa 5.2. Nº empregados e facturación por traballador (euros) nas EIL* en Galicia 2012-2020.....	76
Táboa 5.3. Persoas contratadas nas EIL de AEIGA total e por sexo, 2019-2021 .....	77
Táboa 5.4. Contía das subvencións da Xunta de Galicia (Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade*) ás EIL en Galicia 2017-2021 (euros) .....	78
Táboa 6.1. CEE por tipoloxía de Centro.....	85
Táboa 6.2. Porcentaxes de CEE (ES, EC) segundo forma xurídica. Galicia, 2021(%) .....	85
Táboa 6.3. Número de CEE a nivel provincial. Ano 2021.....	86
Táboa 6.4. CEE por tipoloxía e sector de actividade, Galicia, ano 2021 .....	87
Táboa 6.5 Actividades dos CEE no sector servizos, Galicia, 2021.....	88
Táboa 6.6 Distribución do número de traballadores nos CEE, Galicia, 2021 .....	89
Táboa 6.7. Persoas con certificado de discapacidade. Galicia, 2014-2020 (miles).....	90
Táboa 6.8. O emprego das persoas con e sen discapacidade, Galicia e España. 2020.Miles .....	90
Táboa 6.9. Taxas de actividade, emprego e paro da poboación con e sen discapacidade, e sexo. Galicia e España. Ano 2020, (%).....	92
Táboa 6.10. Fogares con algunha persoa entre os 16 e 64 anos con discapacidade, e relación coa actividade. Galicia. Miles.....	94
Táboa 6.11. Porcentaxe de poboación con discapacidade segundo nivel de estudos e sexo. Galicia, 2020 (%) .....	95
Táboa 6.12. Axudas para a integración laboral de persoas con discapacidade. Galicia e España. Ano 2020. Euros.....	97
Táboa 6.13. Contratos específicos realizados a PCD en Galicia en función do tipo de contrato (%), 2006-2021 .....	100
Táboa 6.14. Contratos específicos realizados a PCD en España en función do tipo de contrato (%), 2006-2021 .....	100
Táboa 6.15 Recursos financeiros dos CEE 2020 (miles de euros) .....	101

Táboa 6.16 Estrutura financeira CEE de Galicia por tipoloxía de centro (%) Anos 2013, 2017, 2019 e 2020 .....	102
Táboa 6.17 . Estrutura de ingresos CEE Galicia por tipoloxía de Centro (%).....	104
Táboa 7.1. Afiliados nas confrarías de Galicia por provincia. ....	109
Táboa 7.2. Distribución das empresas afiliadas nas confrarías galegas segundo a súa forma xurídica. ....	111
Táboa 7.3. Distribución por sexo dos empresarios/as e dos traballadores/as. ....	113
Táboa 7.4. Datos de afiliación nas confrarías galegas por federacións segundo sector de produción .....	114
Táboa 7.5. Variacións nas afiliacións segundo o sector de produción 2021/2020...	115
Táboa 7.6. Número de buques pesqueiros, arqueo (GT), antigüidade e eslora media da flota por C. A. do porto base. 2021 .....	116
Táboa 7.7. Flota pesqueira nas confrarías galegas.....	117
Táboa 7.8. Buques pesqueiros en Galicia: 2015-2021.....	118
Táboa 7.9. Permisos de marisqueo a pé en Galicia 2015-2021 .....	119
Táboa 7.10. Permisos de marisqueo segundo idade e sexo, 2015 e 2021 .....	120
Táboa 7.11. Variación dos permisos de marisqueo 2015-2021 por tramos de idade e sexo .....	121
Táboa 7.12. Distribución dos permisos de marisqueo entre homes e mulleres, 2015 e 2021 .....	121
Táboa 7.13. Permisos de marisqueo a pé por confrarías ou agrupacións de mariscadores (número) 2015, 2021.....	122
Táboa 7.14. Variación nos permisos de marisqueo 2015-21, peso das confrarías e outras organizacións, e peso da muller .....	124
Táboa 7.15. Pesca capturada nos portos de titularidade estatal e das comunidades autónomas .....	126
Táboa 7.16. Venda de produtos pesqueiros nas lonxas galegas segundo lonxa. Cantidade (toneladas) e valor (miles de euros).....	128
Táboa 7.17. Venda de produtos pesqueiros nas lonxas galegas segundo especie. Cantidade (toneladas) e valor (miles de euros).....	129
Táboa 8.1. Características básicas das SAT.....	135
Táboa 8.2. SAT inscritas segundo domicilio social, incluídas as de ámbito supra autonómico (2016-2021) (a 31 de decembro de cada ano) .....	138
Táboa 8.3. SAT inscritas por CC. AA. segundo domicilio social, incluídas as de ámbito supra autonómico (a 31 de decembro de 2021) .....	138
Táboa 8.4. SAT inscritas por CC. AA. segundo domicilio social, incluídas as de ámbito supra autonómico, en porcentaxe (a 31 de decembro de 2021) .....	139
Táboa 8.5. Número medio de socios por SAT e capital social por socio por SAT (a 31 de decembro de 2021) .....	140

Táboa 8.6. SAT inscritas en Galicia segundo domicilio social, incluídas as de ámbito supra autonómico (a 31 de decembro de 2021).....	141
Táboa 8.7: SAT inscritas en Galicia segundo domicilio social, incluídas as de ámbito supra autonómico, en porcentaxe (a 31 de decembro de 2021) .....	141
Táboa 9.1. Número e superficie segundo o tipo de montes públicos, por distrito, 2021 .....	149
Táboa 9.2 Número e superficie segundo o tipo de montes públicos, por provincia en porcentaxe, 2021 .....	150
Táboa 9.3. Número e superficie dos montes veciñais en man común por distrito, 2021 .....	150
Táboa 9.4. Número e superficie dos montes veciñais en man común por provincia, 2021 .....	151
Táboa 9.5. Número de comunidades de montes veciñais en man común e comuneiros por distrito, 2021.....	153
Táboa 9.6. Comunidades de montes veciñais en man común segundo a súa situación administrativa, 2021 .....	155
Táboa 9.7. CMVMC segundo a súa situación administrativa por provincias, 2021 .	156
Táboa 9.8. Ingresos e investimentos medios das CMCMC (€), 2015-2021.....	156
Táboa 10.1. Empregados directos (por sexo) .....	170
Táboa 10.2. Primas devengadas por mutuas de seguros e mutualidades de previsión con sede en Galicia por ramo Vida/Non vida (miles de euros).....	171
Táboa 13.1. Indicadores principais das entidades bancarias de base cooperativa (31/12/2020) .....	208
Táboa 13.2. Peso da actividade de Caixa Rural Galega na Economía Social galega .	211





